CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 23

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 23

XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez
Coordinador científico do CIRP
Manuel González González
Directora Técnica de Lingüística
María Sol López Martínez

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 881996152 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.gal
http://www.cirp.gal

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela, 2022
Autor Varios
Título *Cadernos de Fraseoloxía Galega 23*
Periodicidade: Anual
ISSN: 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega) (versión en papel)
eISSN: 2605-4507 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)
ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
https://doi.org/10.52740/cfg.22.23.00026

Maquetación:
Grafisant, S.L.

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: ANVUR, BASE, CARHUS, CIRBIC, CIRC, COPAC, CROSSREF, DIALNET, DICE, DOAJ, DULCINEA, ERIH PLUS, GOOGLE SCHOLAR, I2OR, ISOC, JISC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, OCLC WORLDCAT, REBIUN, REDIB, RESH, SHERPA-ROMEO e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista Proverbium (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de http://www.cirp.es, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (http://www.letrasgalegas.org/) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas Normas (páxs. 326-373).

Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional. Esta licenza obriga a especificar a autoría e o nome da publicación en caso de copia, distribución ou comunicación pública e impide tanto o uso deste material para propósitos comerciais como a distribución de obras derivadas.

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
23

XUNTA
DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Secretaria: Vanessa Fernández Pampín (IES de Valga, España)

CONSELLO CIENTÍFICO
Luis Alfaro Echevarría (Universidad Central "Marta Abreu" de Las Villas, Cuba)
Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña, España)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo, España)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca, España)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València, España)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga, España)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg, Alemaña)
Andrea Expósito Loureiro (IES Pedro Floriani de Redondela, España)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, España)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona, España)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo, España)
Luis González García (Universidade da Coruña, España)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans, Francia)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz, Austria)
Marie-Évelyne Le Poder (Universidad de Granada, España)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Ottavio Lurati (Universität Basel, Suíza)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans, España)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Wolfgang Mieder (University of Vermont, Estados Unidos)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet, Rusia)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest, Hungría)
António Nogueira Santos (Portugal)
Beatriz Pérez Traseira (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid, España)
Monika Sułkowska (Uniwersytet Śląski , Polonia)
Sara Villar Aira (Colexio Compañía de María, España)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig, Alemaña)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen, Alemaña)

CONSELLO DE REDACCIÓN
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Vanessa Fernández Pampín (IES de Valga, España)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, España)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña, España)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo, España)
Alba Quintairos Soliño (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, España)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña, España)

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Ata o número 17, a súa versión en papel difundíase en Europa, América e África e recibíana todas as universidades de España e Portugal, mentres que a versión en liña se publicaba na web da revista [http://www.cirp.gal/cfg] seis meses despois de xeito gratuíto. Desde o número 18 está dispoñible unicamente en formato dixital. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, pois a revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal e, asemade, forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia (Santiago de Compostela). Ademais, recibe o xeneroso apoio dos máis de 223 fraseológos e fraseólogas de 27 países que xa publicaron nela.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseológica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Hasta el número 17, su versión en papel se difundía en Europa, América y África y la recibían todas las universidades de España y Portugal, mientras que la versión online se publicaba en la web de la revista [http://www.cirp.gal/cfg] seis meses después de forma gratuita. Desde el número 18 está disponible únicamente en formato digital. Se admiten originales en ocho lenguas europeas, aunque la publicación final se hace solo en gallego, pues la revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal y, a su vez, forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de la Xunta de Galicia (Santiago de Compostela). Asimismo, recibe el generoso apoyo de los más de 223 fraseológos y fraseólogas de 27 países que ya han publicado en ella.

Cadernos de Fraseoloxía Galega is an international journal of phraseological research. Its aim is to study phraseology and paremiology in any language and with any approach (i.e.: structural, phraseographical, translational, comparative or didactic). Until issue 17, printed copies were distributed across Europe, America and Africa, and all the Spanish and Portuguese universities received them, too. Six months after having released the hardcopies, the online version was made available for free at the website [http://www.cirp.gal/cfg]. From issue 18 onwards, the journal is just published on line. Contributions are accepted in eight European languages, despite the final version being only in Galician. This is due to the journal's aim to promote the compilation and study of phraseology in Galicia (Spain), and also because the journal belongs to the project of linguistic ecology developed by Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia; Santiago de Compostela, Spain). Moreover, Cadernos de Fraseoloxía Galega is kindly supported by more than 223 phraseologists from 27 countries that have already contributed to it with their invaluable research.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les

approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative ou didactique. Jusqu'au numéro 17, elle était diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique, et envoyée à toutes les universités d'Espagne et du Portugal; six mois après la parution de ses numéros, elle était en accès libre sur le lien [http://www.cirp.gal/cfg]. À partir du numéro 18, elle n'est publiée qu'en ligne. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 223 phraséologues de 27 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

Cadernos de Fraseoloxía Galega ist eine internationale Zeitschrift, die sich mit der Phraseologie und Parömiologie aller Sprachen der Welt aus verschiedenen Perspektiven wie Lexikografie, Translatologie, Komparatistik und Didaktik beschäftigt. Die Zeitschrift ist in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und wurde bis vor Kurzem an alle spanischen und portugiesischen Universitäten per Post geliefert. Zur Zeit ist die Zeitschrift Cadernos de Fraseoloxía – seit der Nummer 18 – nur über das Internet unter <http://www.cirp.gal/cfg> zugänglich. Für die Publikation werden ausschließlich Originalbeiträge in einer der acht europäischen Großsprachen angenommen. Veröffentlicht werden die Arbeiten jedoch nur auf Galicisch, denn ein Hauptziel der Zeitschrift besteht darin, das Galicische als Forschungssprache zu fördern bzw. die galicische Phraseologie und Parömiologie auf internationaler Ebene bekannt zu geben. Die Zeitschrift wird vom Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades mit Sitz in Santiago de Compostela unterstützt und bis dato haben 223 Phraseologen aus 27 verschiedenen Ländern darin mitgewirkt.

Cadernos de Fraseoloxía Galega («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке. Номер 17 есть во всех университетах Испании и Португалии. Спустя шесть месяцев после выхода, данный выпуск был выложен в свободный доступ. Начиная с 18-го номера, журнал издается исключительно в электронном виде [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 223 фразеологов из 27 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

Índice

ESTUDOS / PAPERS 21

ALBANO, Mariangela e ALKAYA, Emine: *A aprendizaxe do italiano L4 a partir do francés L2 para estudantes adultos de fala turca: o caso das colocacións «fare + substantivo» e «fare + determinante + substantivo» / Italian L4 by French L2 learning for Turkish-speaking adult students: the case of the collocations "fare + noun" and "fare + determiner + noun"* 23

GIOVANNI, Cosimo de: *A fraseoloxía colocacional no* Dictionnaire françois *de César-Pierre Richelet (1680) / Collocational phraseology in the* Dictionnaire françois *of César-Pierre Richelet (1680)* 39

GONZÁLEZ PEREIRA, Andrea: *Moito sabe o rato, pero máis sabe o gato. A linguaxe figurada felina en lingua galega / The mouse knows a lot, but the cat knows more. The feline figurative language in Galician language* 53

LABRADA HERNÁNDEZ, Geisy; BIDOT MARTÍNEZ, Irina e PÉREZ MARQUÉS, Celia María: *De zoónimos e zoomorfismos no discurso carcerario da novela* Hombres sin mujer *de Carlos Montenegro / Zoonyms and zoomorphisms in the prision discourse of the novel* Hombres sin mujer *by Carlos Montenegro* 81

LAPEDOTA, Domenico Daniele: *Locucións verbais, adverbiais e adxectivas no I acto de* Voluntad *de Benito Pérez Galdós / Verbal, adverbial and adjective phrases in the first act of Benito Pérez Galdós'* Voluntad 97

SIDOTI, Rossana: *Variantes paremiográficas: procedementos para a súa sistematización / Paremiographic variants: procedures for their systematization* 117

RECADÁDIVAS / COMPILATIONS 139

ANTA FERNÁNDEZ, Alicia: *O Robledo é capital e o demais son conquistas: fraseoloxía de Robledo de Domiz / O Robledo é capital e o demais son conquistas: phraseology from Robledo de Domiz* 141

RECENSIÓNS / REVIEWS 159

CHARTERIS-BLACK, Jonathan (2019): *Metaphors of Brexit. No Cherries on the Cake?* Por / By Xosé María Gómez Clemente 161

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto e ALESSANDRO, Arianna (2019): *Innovación en fraseodidáctica. Tendencias, enfoques y perspectivas*. Por / By Vanessa Fernández Pampín 167

DAL MASO, Elena (2020): *De aquí a Lima. Estudios fraseológicos del español de España e Hispanoamérica*. Por / By Luis González García 177

GONZÁLEZ-REY, María Isabel (2021): *La nouvelle phraséologie du français*. Por / By Aira Rego Rodríguez 189

IGLESIAS GONZÁLEZ, Xaime (2019): *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas*. Por / By Carmen Losada Aldrey 197

LÓPEZ TABOADA, Carmen e SOTO ARIAS, Mª Rosario (2020): *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán, castelán-galego*. Por / By Xesús Ferro Ruibal 201

MAKINO, Seiichi e OKA, Mayumi (2017): 日英共通メタファー辞典 — *A Bilingual Dictionary of English and Japanese Metaphors*. Por / By Alba Quintairos-Soliño 243

MARTINS, Vicente de Paula da Silva (2020): *Guia teórico para o estudo da fraseologia portuguesa*. Por / By Andrea de Araújo Rubert 251

MAURICE, Ker Kauffer e KEROMNES, Yvon (2018): *VERBUM [Tome XL]. Phraséologie et pragmatique, n.º 1*. Por / By Mª Carmen Parra Simón 259

MELLADO BLANCO, Carmen; HOLZINGER, Herbert; IGLESIAS IGLESIAS, Nely & MANSILLA PÉREZ, Ana (2020): *Muster in der Phraseologie. Monolingual und kontrastiv*. Por / By Elena Sánchez-López.... 269

MENA MARTÍNEZ, Flor e STROHSCHEN, Carola (2020): *Teaching and Learning Phraseology in the XXI Century*. Por / By Irina Parina 273

PLA COLOMER, Francisco Pedro e VICENTE LLAVATA, Santiago (2020): *La materia de Troya en la Edad Media hispánica. Historia textual y codificación fraseológica*. Por / By Nuria García García 279

NOVAS / NEWS 285

1. Libros, revistas ou artigos / *Books, Journals and Papers* 287

1.1. Actas /*Proceedings* 300

1.2. Comunicacións e conferencias / *Communications and Conferences* 300

1.3. Contidos dos Coloquios de Tavira / *Contents of Tavira Colloquia* 312

1.4. Recensións / *Reviews* 312

1.5. Recensionantes / *Reviewers* 312

1.6. Teses / *Thesis* 313

1.7. Traballos de Fin de Mestrado / *Master's Thesis* 313

1.8. Traballos de Fin de Grao / *Final Degree Projects* 314

2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / *Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences* 315

2.1. Congresos EUROPHRAS 315

2.1.1. Congreso EUROPHRAS 2021. En liña 315

2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2021 315

2.2.1. *15th Interdisciplinary Colloquium on Proverbs / 2nd Interdisciplinary Colloquium on Proverbs – Online* 315

2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2021 / *Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2021* 315

2.3.1. VIIe Congrès international de phraséologie et parémiologie Phraséologie, parémiologie et terminologie. Padua 315

2.3.2. Congreso *Electronic lexicography in the 21st century (eLEX21): post-editing lexicography*. En liña 315

2.3.3. The Łódź-ZHAW Duo Colloquium on Translation and Meaning. Winterthur 316

2.3.4. Colloque "Le savoir au prisme du langage - Acquisition, transmission, manifestations" (ICODOC 2021). Lyon 316
2.3.5. Conferencia Clavier 2021 "Exploring Words in the Digital Transformation. Tools and Approaches for the Study of Lexis and Phraseology in Evolving Discourse Domains". En liña 316
2.3.6. XII Conferencia Internacional Lingüística. La Habana 317
3. Recursos / *Resources* 317
3.1. *Vox Populi: Proverbs and Sayings* 317
3.2. *Les nostres comparances. Recull de modismes comparatius valencians a cura d'Eugeni S. Reig* 317
3.3. *Lenguaje figurado y Asperger. Colección de expresiones* 317
4. Fraseografía espontánea / *Spontaneous. Phraseography* 317
4.1. *Kahoot! "Fraseoloxía galega"* 317
4.2. *Zarampagalegando: Dicionario fraseolóxico visual* 318
4.3. *Noticias de Barro* 318
BALANCE / OUTCOME 319
1. Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega* 321
1.1. Índices alfabéticos de artigos / *Alphabethical index of papers* 321
1.2. Índice da sección de Recadádivas / *Index of Compilations section* 326
1.3. Índice alfabético de recensións / *Alphabethical index of reviews* 328
1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / *Alphabethical index of reviews by authors* 328
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / *Alphabethical index of reviews by reviewers* 335
1.4. Índice da sección de Novas / *Index of News section* 340
1.5. Publicacións recibidas na redacción / *Publications received in the editorial department* 344
2. Índice temático dos vinte e un números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Subject index of the twenty-one issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega* 345
2.1. Índice dos artigos / *Index of the papers* 345
2.2. Fraseoloxía bilingüe / *Bilingual Phraseology* 353
2.3. Función e índice da sección de Recadádivas / *Function and index of the Recadádivas section* 353
3. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Origin of the authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega* 357
PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓN DE COLABORACIÓN / AUTHOR GUIDELINES 363

Presentación

Cadernos de Fraseoloxía Galega estrea un novo número, o 23, correspondente ao 2021. Neste ano caracterizado pola paulatina volta á normalidade tras o máis duro da pandemia da COVID-19, a revista logrou un novo fito ao ser aceptada para a súa indexación na prestixiosa base de datos REDIB. Así mesmo, por vez primeira na historia de Cadernos de Fraseoloxía Galega, difundiuse a nivel internacional unha convocatoria para o envío de contribucións —ou *Call for Papers*— para seguir fomentando a internacionalización da revista, algo que se pode apreciar na variedade das contribucións publicadas neste novo volume. Así mesmo, queremos salientar a diversidade de linguas de traballo incluídas neste volume, pois contamos con estudos e recensións que xiran arredor do galego, o español, o francés, o italiano, o portugués, o alemán, o xaponés, e, como novidade en Cadernos de Fraseoloxía Galega, o turco.

A sección de ESTUDOS ofrece seis traballos que abordan cuestións relacionadas coas distintas áreas da fraseoloxía e da paremioloxía, teóricas e aplicadas. O traballo de Mariangela Albano e Emine Alkaya (*A aprendizaxe do italiano L4 a partir do francés L2 para estudantes adultos de fala turca: o caso das colocacións «fare + determinante + substantivo»*) céntrase na influencia do francés L2 na aprendizaxe de italiano L4 por parte de estudantes de fala turca a través do estudo de 13 colocacións italianas co verbo *fare*. Pola súa parte, Cosimo de Giovanni presenta en *A fraseoloxía colocacional no* Dictionnaire français *de César-Pierre de Richelet (1680)* a historia do dicionario de Richelet e o estado da fraseoloxía colocacional recollida nel, o que lle permitiu detectar os tres tipos principais de colocacións propostos por Tutin e Grossmann (2002). En *Moito sabe o rato, pero máis sabe o gato. A linguaxe figurada felina en lingua galega* afondamos en 90 fraseoloxismos galegos relacionados con este animal da man de Andrea González Pereira, quen se propón descubrir a percepción que a sociedade galega ten do gato a través do seu estudo. Así mesmo, Geisy Labrada Hernández, Irina Bidot Martínez e Celia María Pérez Marqués ofrecen en *De zoónimos e zoomorfismos no discurso carcerario da novela* Hombres sin mujer *de Carlos Montenegro* un panorama do uso, función e achegas dos zoomorfismos na obra máis coñecida do autor cubano de orixe galego Carlos Montenegro. En *Locucións verbais, adverbiais e adxectivas no I acto de* Voluntad *de Benito Pérez Galdós,* a partir da afirmación de que o enriquecemento con fraseoloxismos das versións posteriores de *Voluntad* por parte do propio autor foi totalmente consciente e meditado, Domenico Daniele Lampedota extrae as locucións presentes no primeiro acto da obra co fin de sistematizalas e estudalas, o cal mesmo lle permite establecer que personaxes fan unha maior achega fraseolóxica. Finalmente, partindo dun traballo de campo realizado entre 2018 e 2019 en Messina (Italia), en *Variantes paremiográficas: procedementos para a súa sistematización,* Rossana

Sidoti propón establecer un procedemento para a sistematización de variantes paremiográficas a partir do estudo de enunciados fraseolóxicos sicilianos.

A sección de RECADÁDIVAS ofrece unha nova escolma de fraseoloxía e paremioloxía galegas, esta vez do Robledo de Domiz (O Barco de Valdeorras), a través do traballo de Alicia Anta Fernández *O Robledo é capital e o demais son conquistas: fraseoloxía de Robledo de Domiz*. Con esta escolma acádanse 164 expresións que se suman ao Tesouro Fraseolóxico Galego (véxanse as cifras na páxina 357).

A sección de RECENSIÓNS valora doce obras. Jonathan Charteris-Black analiza en *Metaphors of Brexit. No Cherries on the Cake?* o uso da fraseoloxía durante a campaña do Brexit e as súas consecuencias. Ademais, Carlos Alberto Crida Álvarez e Arianna Alessandro presentan unha escolma de innovacións en fraseodidáctica na obra *Innovación en fraseodidáctica. Tendencias, enfoques y perspectivas*. A seguir, Elena Dal Maso é a editora da obra *De aquí a Lima. Estudios fraseológicos del español de España e Hispanoamérica*. María Isabel González-Rey achega un volume, revisado e aumentado, dedicado á fraseoloxía francesa, *La nouvelle phraséologie du français*. Poñendo o foco na ensinanza da paremioloxía, Xaime Iglesias González presenta *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas*. Do mesmo xeito, Carmen López Taboada e M.ª Rosario Soto Arias ofrecen un novidoso dicionario bilingüe de fraseoloxía, o *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán castelán-galego*. Pola súa parte, Mayumi Oka e Seiichi Makino tamén presentan un dicionario bilingüe, 日英共通メタファー辞典 — *A Bilingual Dictionary of English and Japanese Metaphors,* esta vez centrado nos fraseoloxismos «metafóricos» compartidos polas linguas xaponesa e inglesa. Vicente de Paula da Silva Martins introduce a súa *Guia teórico para o estudo da fraseologia portuguesa* e o tándem composto por Ker Kauffer Maurice e Yvon Keromnes editan *VERBUM [Tome XL]. Phraséologie et pragmatique, n.º 1*. Por outra parte, Carmen Mellado Blanco, Herbert Holzinger, Nely Iglesias Iglesias e Ana Mansilla Pérez coeditan o volume *Muster in der Phraseologie. Monolingual und kontrastiv*. Pechamos a sección con dúas obras publicadas en 2020: *Teaching and Learning Phraseology in the XXI Century,* de Flor Mena Martínez e Carola Strohschen, e *La materia de Troya en la Edad Media hispánica. Historia textual y codificación fraseológica,* de Francisco Pedro Pla Colomer e Santiago Vicente Llavata.

As referencias bibliográficas da sección de NOVAS seguen a visualizar a vitalidade da investigación fraseolóxica no mundo, xa que para este ano 2021 reunimos 344 libros, artigos, comunicacións ou recensións. A todo isto hai que sumar as 19 unidades (6 artigos, 1 recadádiva e 12 recensións) propias deste número. A seguir, dáse conta das actas dos Congresos, Seminarios e Xornadas que se celebraron en 2021 e dos recursos máis recentes. Tamén se informa de novas achegas ao que chamamos «Fraseografía espontánea».

A sección BALANCE ofrece a referencia completa do que 223 investigadores de 27 países deron á luz nos 23 números de Cadernos de Fraseoloxía Galega nestes seus 21 anos de existencia. O índice ofrécese por orde alfabética de autores, por temática dos traballos e por procedencia dos autores. Esta revista quere agradecer a acollida internacional cumprindo todos os parámetros de calidade e ofrecendo ata o número 17 unha difusión internacional tanto no seu formato en papel como actualmente en Internet (https://www.cirp.gal/ms/cfg/).

Coma sempre, a revista remata coas normas de admisión e de valoración de orixinais.

O Consello de Redacción

Preface

Cadernos de Fraseoloxía Galega publishes its new issue, n. 23, whose contributions correspond to 2021. This year has been characterized by a gradual return to normality after the hardest times of the COVID-19 pandemic. However, for our journal, it has also been marked by a new milestone, since Cadernos de Fraseoloxía Galega has been indexed in the prestigious database REDIB. Moreover, for the first time in our journal's history, a Call for Papers was issued to encourage the internationalization of our periodic publication. The diversity of this issue's contributions proves it. In this regard, the variety of working languages must also be highlighted, since this year's articles and reviews deal with phraseological research in Galician, Spanish, French, Italian, Portuguese, German, Japanese and —for the first time— Turkish.

The ESTUDOS ("Papers") section offers six articles about different matters related to diverse areas of theoretical and applied Phraseology and Paremiology. Mariangela Albano and Emine Alkaya's work (*Italian L4 by French L2 learning for Turkish-speaking adult students: the case of the collocations "fare + noun" and "fare + determiner + noun"*) is focused on the influence that French L2 has in Turkish-speaking students that learn Italian L4 through the analysis of 13 Italian collocations with the verb *fare*. On another note, Cosimo de Giovanni introduces the history of Richelet's dictionary and the characteristics of its compiled collocational phraseology in *Collocational phraseology in the* Dictionnaire françois *of César-Pierre Richelet (1680),* which allowed De Giovanni to detect Tutin and Grossmann (2002)'s three main types of collocations. In *The mouse knows a lot, but the cat knows more. The feline figurative language in Galician language,* 90 Galician phraseological units related to cats are explored at the hands of Andrea González Pereira, who aims to determine what perception of said animal the Galician society has. Furthermore, Geisy Labrada Hernández, Irina Bidot Martínez and Celia María Pérez Marqués' *Zoonyms and zoomorphisms in the prison discourse of the novel* Hombres sin mujer *by Carlos Montenegro* presents an overview of the use, function and contribution of zoomorphisms in the most well-known work of the Cuban writer of Galician origins Carlos Montenegro. Drawing from the claim that the enrichment with phraseological units of later versions of *Voluntad* was totally meditated by its author, in *Verbal, adverbial and adjective phrases in the first act of Benito Pérez Galdós' Voluntad* Domenico Daniele Lampedota has detected the locutions included in the play's first act to systematize and analyse them. This has also led Lampedota to establish which characters contribute with more phraseological units to the work. Last but not least, on the basis of a fieldwork that took place in Messina (Italy) during 2018 and 2019, in *Paremiographic variants: procedures for their systematization* Rossan Sidoti suggests a systematization procedure to classify paremiographic variants through the analysis of Sicilian phraseology.

In RECADÁDIVAS ("Compilations"), a new selection of Galician phraseological and paremiological units is offered. In this issue, Alicia Anta Fernández introduces us to the phraseology of Robledo de Domiz (O Barco de Valdeorras, Ourense) in *O Robledo é capital e o demais son conquistas: phraseology from Robledo de Domiz*. It includes 164 phraseological units that are added to the Galician Phraseological Thesaurus (see data in page 357).

The RECENSIÓNS ("Reviews") section assesses 12 works. Jonathan Charteris-Black analyses the use of phraseology in the Brexit campaign and its consequences in *Metaphors of Brexit. No Cherries on the Cake?* Moreover, Carlos Alberto Crida Álvarez and Arianna Alessandro present *Innovación en fraseodidáctica. Tendencias, enfoques y perspectivas,* where they compile diverse research focused on innovations in Phraseodidactics. Elena Dal Maso is the editor of *De aquí a Lima. Estudios fraseológicos del español de España e Hispanoamérica,* whereas María Isabel González-Rey offers a revised and updated edition of *La nouvelle phraséologie du français,* centered in French phraseology. Highlighting the didactics of paremiology, Xaime Iglesias González introduces *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas.* Carmen López Taboada and M.ª Rosario Soto Arias contribute to the field with an immense work, the bilingual dictionary *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán castelán-galego.* Likewise, Mayumi Oka and Seiichi Makino also author a bilingual dictionary, but focused on "metaphorical" phraseological units shared by Japanese and English: 日英共通メタファー辞典 — *A Bilingual Dictionary of English and Japanese Metaphors.* Consecutively, Vicente de Paula da Silva Martins presents *Guia teórico para o estudo da fraseologia portuguesa* and the duo formed by Ker Kauffer Maurice and Yvon Keromnes edit *VERBUM [Tome XL]. Phraséologie et pragmatique, n.º 1*. The following review is about the volume *Muster in der Phraseologie. Monolingual und kontrastiv,* co-edited by Carmen Mellado Blanco, Herbert Holzinger, Nely Iglesias Iglesias and Ana Mansilla Pérez. Two works published in 2020 close this section out: *Teaching and Learning Phraseology in the XXI Century,* by Flor Mena Martínez and Carola Strohschen, and *La materia de Troya en la Edad Media hispánica. Historia textual y codificación fraseológica,* by Francisco Pedro Pla Colomer and Santiago Vicente Llavata.

The bibliographical references included in the section NOVAS ("News") show the dynamism phraseological research has all around the world: this 2021, 344 books, articles, communications or reviews have been compiled, along with the 19 contributions (6 articles, 1 compilation and 12 reviews) included in this issue. As usual, conferences, seminars and congresses celebrated during 2021, the most recent phraseological resources and what we call "Spontaneous Phraseography" can also be found in this section.

The BALANCE ("Outcome") is a complete reference to what 223 researchers from 27 countries have contributed to the 23 issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega in its 21 years of existence. The index of authors is alphabetical, but there is also an index arranged according to the articles' topics and a table showing each author's institution. We would like to express our gratitude for our journal's international reception and support, which acknowledges our commitment to comply with the quality parameters, offering —up until issue 17— an international distribution both in paper and online formats (https://www.cirp.gal/ms/cfg/en/).

As usual, the Author Guidelines are included at the end of the issue.

The Editorial

Estudos
Papers

A aprendizaxe do italiano L4 a partir do francés L2 para estudantes adultos de fala turca: o caso das colocacións «fare + substantivo» e «fare + determinante + substantivo»[1]

Italian L4 by French L2 learning for Turkish-speaking adult students: the case of the collocations "fare + noun" and "fare + determiner + noun"

Mariangela Albano
Université de Cagliari[2]
https://orcid.org/0000–0001–7157–1482
mariangela.albano@unica.it

Emine Alkaya
Institut français d'Ankara (Turquie)
https://orcid.org/0000–0002–5338–5819
emi-nealkaya@hotmail.com

Resumo: Este estudo describe a influencia que exerce o francés L2 na aprendizaxe de italiano L4 por parte de estudantes adultos de fala turca nun contexto universitario. O noso estudo céntrase, concretamente, na interpretación e tradución de trece colocacións italianas do tipo «fare + substantivo» e «fare + determinante + substantivo». Describimos e analizamos as decisións tradutolóxicas destas colocacións baseándonos na lingüística analóxica (Hofstadter 1995; Gentner et al., 2001; Monneret, 2011 e 2018) e na semántica cognitiva (Lakoff e Johnson, 1980 e 1999). O noso propósito é destacar a importancia de empregar unha lingua franca, coma o francés, para fomentar a aprendizaxe das construcións fraseolóxicas italianas ante un público de fala turca.[3]

---

[1] Data de recepción: 28.02.22. Data de aceptación: 05.08.22.
Tradución do texto orixinal en francés realizada por Alba Giráldez Otero.

[2] Laboratoire HTL (Histoire des Théories Linguistiques - UMR 7597); Laboratoire DILTEC (Didactique des langues, des textes et des cultures - EA 2288).

[3] Mariangela Albano escribiu: 1. Introdución, 2. O entrecruzamento das colocacións coa fraseoloxía, a categorización e a didáctica; 2.1. Colocacións e fraseoloxía; 2.2. Colocacións, categorización e didáctica; 3.3. A descrición dos datos; 4. Conclusión. Emine Alkaya escribiu: 3. Unha experiencia plurilingüe en clase de FLE; 3.1. A elaboración dos exercicios; 3.2. A selección das expresións; 3.3. A descrición dos datos; 4 Conclusión.

Palabras clave: colocacións, analoxía, semántica cognitiva, francés, italiano, turco, tradución, aprendizaxe.

Abstract: This study describes the influence of French L2 on the learning of Italian L4 by adult Turkish-speaking learners in a university context. More specifically, our study focuses on the interpretation and translation of thirteen Italian collocations —of the type "fare + noun" and "fare + determiner + noun"—. We describe and analyze the translatological choices of collocations in the light of analogical linguistics (Hofstadter, 1995; Gentner et al., 2001; Monneret, 2011 et 2018) and cognitive semantics (Lakoff and Johnson, 1980 and 1999). We propose to emphasize the importance of using a vehicular language —such as French— to promote the learning of Italian phraseological constructions to a Turkish-speaking public.

Keywords: collocations, analogy, cognitive semantics, French, Italian, Turkish, translation, learning.

1. Introdución

O noso estudo ten como obxectivo describir e analizar o procesamento, a interpretación e a tradución de trece colocacións italianas, do tipo «fare + substantivo» e «fare + determinante + substantivo», por parte de quince persoas adultas de fala turca estudantes de francés como lingua estranxeira, de aquí en adiante L2 (nivel avanzado, B2), e de italiano L4 (nivel básico, A1) no contexto universitario. Comparamos este grupo experimental cun grupo de control composto por dez persoas adultas de fala turca estudantes de italiano como lingua estranxeira (nivel A1) que non posúen coñecementos de francés.

Para analizar as decisións tradutolóxicas postas en práctica polo alumnado, enfocámolo desde unha perspectiva tanto analóxica (Hofstadter, 1995; Gentner *et al*., 2001; Monneret, 2011 e 2018; González Rey, 2016) como cognitiva (Lakoff e Johnson, 1980 e 1999; Gibbs, 1992; Kövecses, 2005).

Os datos que manexamos proceden de tres exercicios de resposta múltiple nos que o alumnado ten que marcar unha definición-tradución en francés (para o grupo experimental) ou en turco (para o grupo de control) para explicar a colocación italiana. Os dous primeiros exercicios refírense a unha tradución lematizada sen contexto, mentres que o terceiro implica unha tradución da colocación en contexto.

Abordamos a análise da tradución de colocacións por dúas razóns: en primeiro lugar, pretendemos investigar se o francés, ao ser unha lingua románica, propicia a aprendizaxe das colocacións italianas por parte dos estudantes de fala turca. E, en segundo lugar, estudamos as interferencias lingüísticas desde un punto de vista semántico.

A pesar de que o número de exemplos é limitado, intentamos propoñer aquí un estudo preliminar das hipóteses para didactizar as colocacións dunha lingua románica por medio doutra lingua románica.

O noso artigo consta de dúas partes. Unha primeira parte na que se describen as teorías relativas ás colocacións, a aprendizaxe e a didáctica das colocacións; e unha segunda parte na que se examina o método de investigación e a análise de datos do corpus de estudantes: 1) o establecemento da mostra; 2) a selección das colocacións; 3) a realización dos exercicios; 4) a análise dos datos.

2. O entrecruzamento das colocacións coa fraseoloxía, a categorización e a didáctica

2.1. Colocacións e fraseoloxía

A presenza de colocacións, preparadas xa para ser empregadas na fala ou «prêt-à-parler» (González Rey, 2008, p. 7) e cuxo uso se xeneralizou e se difundiu no léxico dunha lingua en todos os niveis e rexistros (Hausmann, 1989; Heid, 1994; Mel'čuk, 1998 e 2007; Lewis, 2000; Bartsch, 2004; Siepmann, 2006; González Rey, 2002 e 2007; Tutin, 2013)[4], levou a reflexionar sobre a súa descrición e didactización.

Para a maioría dos fraseológos, trátase dunha secuencia de palabras que amosa unha marcada sintaxe, é dicir, unha forte atracción entre os elementos léxicos da cadea sintagmática (Mejri, 2006, pp. 146–147; Burger *et al*., 2007, p. 15).

A tradición francesa describiu a colocación coma unha expresión binaria e «esta propiedade abarca en realidade dous aspectos: por unha banda, unha binaridade categórica que asocia dous tipos de constituíntes, xeralmente unidades léxicas; e, por outra banda, unha binaridade funcional que indica un funcionamento disimétrico, antagónico, entre os dous elementos» (Tutin, 2013, p. 49)[5]. Mejri engade que «as colocacións só son combinacións libres adecuadas. Fórmanse tanto na combinación máis libre coma na máis restrinxida, proporcionándolle á lingua material sintagmático que pode ser fixado» (Mejri, 2008, p. 202)[6]. Isto significa que as colocacións presentan varios graos de fixación. Segundo Cowie (1986), existen tres tipos de colocacións: 1) as colocacións abertas ou libres, p. ex. en inglés *eat rice*, en francés *manger du riz* ('comer arroz'); *devour rice*, en francés *dévorer le riz* ('devorar o arroz'), 2) as colocacións restrinxidas ou semirrestrinxidas, p. ex. en inglés *blow a trumpet*, en francés *jouer de la trompette* ('tocar a trompeta'), 3) o grupo de colocacións que están situadas a medio camiño entre as colocacións e os *idioms*, p. ex. en inglés *extinguish fire*, en francés literalmente *anéantir le feu,* e en inglés *quench fire*, en francés literalmente *étancher le feu*, ambas co significado de «apagar o lume».

Para a escola alemá, as colocacións sitúanse dentro dos «frasemas referenciais»[7] relativos a obxectos, procesos ou circunstancias dunha realidade extralingüística (real ou ficticia) (Burger *et al*., 2007, p. 36). Trátase, en concreto, de elementos non idiomáticos como: 1) as colocacións restrinxidas e as colocacións soltas, por exemplo, *aller en classe* ('ir a clase'), *aller en vacances* ('ir de vacacións'), *le soleil se couche* ('ponse o sol'); 2) os verbos sintagmáticos coma *prendre part* ('participar'), *faire suite* ('seguir'), *faire part* ('anunciar'). Burger engade a esta categoría os frasemas

[4] Grazas á súa reproducibilidade (Corpas Pastor, 2001, p. 92), as colocacións convertéronse en obxecto de estudo para os traballos sobre linguas especializadas (Tutin e Grossmann, 2013; Silva *et al*., 2004; Tutin, 2007; Cavalla, 2008).

[5] N. da T.: tradución ao galego feita pola tradutora a partir da cita orixinal en francés.

[6] N. da T.: tradución ao galego feita pola tradutora a partir da cita orixinal en francés.

[7] A noción de «frasema» debe entenderse como unha secuencia fixa formada, polo menos, por dúas unidades léxicas completas e que é semanticamente compositiva.

referenciais idiomáticos coma os verbos sintagmáticos idiomáticos, por exemplo, *plier bagage* ('facer as maletas'), *prendre corps* ('tomar corpo'), *passer l'éponge* ('pasar páxina') (Burger *et al*., 2007, p. 36).

Existe tamén unha diferenza entre as colocacións gramaticais e léxicas (Benson, 1985; Svensson, 2004). O primeiro tipo é o resultado da interacción entre unha palabra léxica e unha palabra gramatical e representa unha construción apoiada no verbo (Vivès, 1984; G. Gross, 1996; Mejri, 2008 e 2011). Neste sentido, Svensson (2004) ofrece os seguintes exemplos: «VERBO + PREPOSICIÓN: *accuser de* ('acusar de'); SUBSTANTIVO + PREPOSICIÓN: *accès à* ('acceso a') e ADXECTIVO + PREPOSICIÓN: *fâché de* ('enfadado por'), *fâché avec* ('enfadado con')» (Svensson 2004: 22). Por outra banda, as colocacións léxicas xorden da unión entre elementos léxicos do mesmo tipo (Benson, 1985, p. 61). Trátase, por exemplo, de asociacións léxicas privilexiadas e semanticamente compositivas, coma *tristesse infinie* ('tristeza infinita'), *pertes abyssales* ('perdas abismais'), *jouer un rôle* ('desempeñar un papel') etc. (Tutin, 2013, p. 47), que presentan unha estrutura «ADXECTIVO + SUBSTANTIVO: *célibataire endurci* ('solteiro empedernido'); SUBSTANTIVO + VERBO: *le sang circule* ('o sangue flúe') e VERBO + SUBSTANTIVO: *faire une conférence* ('dar unha conferencia')» (Svensson, 2004, p. 23).

Estas características típicas das colocacións, como veremos no seguinte apartado, teñen consecuencias para as estratexias didácticas que se deben aplicar nunha clase de idiomas.

2.2. Colocacións, categorización e didáctica

A necesidade de entender o procesamento das colocacións por parte dos alumnos falantes de turco da Universidade Dokuz Eylül levounos a reflexionar, ademais de sobre a súa estrutura e a súa descrición, tamén sobre as estratexias adquisitivas e didácticas desenvoltas no marco da semántica cognitiva, o enfoque léxico de Lewis e o enfoque fraseodidáctico de González Rey.

En primeiro lugar, cómpre salientar que a partir das investigacións en semántica funcional e cognitiva, considérase que a adquisición dunha lingua é un proceso que comeza co uso concreto da linguaxe e remata coas súas regras (Tomasello, 2006). Segundo Tomasello (1999, pp. 133–134), a fraseoloxía xorde e toma forma a partir da aparición das primeiras construcións lingüísticas e a unidade primaria de adquisición da linguaxe parecer ser un enunciado que pode modificarse en función das esixencias comunicativas e que pode fixarse cada vez máis.

Os estudos dispoñibles sobre a aprendizaxe das secuencias fixadas nunha lingua estranxeira destacaron varias características: 1) unha competencia lingüística similar á da lingua materna, o que permite evitar cometer erros de produción (Wray, 2002, p. 146); 2) unha forma de imitación dos falantes nativos (Bygate, 1988); 3) unha forma de fusión entre os coñecementos gramaticais e o conxunto de elementos memorizados polo estudante (Peters, 1983; Lennon, 1998; Howarth, 1998). Outros estudos demostraron que o uso de expresións fixas por parte dos estudantes dunha lingua estranxeira depende da frecuencia de aparición destas expresións en varios contextos (Schmidt, 1983; Howarth,

1998) e da súa semellanza coa expresión da lingua materna (Jaworski, 1990; Granger e Meunier, 2008; Granger *et al*., 2013).[8]

Ademais, a adquisición de novos significados por parte dunha expresión fixa non é totalmente arbitraria (Cacciari, 1998; Lakoff e Johnson, 1980 e 1999).[9] Existen dúas formas de entender o mecanismo da polisemia: 1) sobre a base dunha extensión metafórica motivada polas correspondencias conceptuais ou *mapping* (Lakoff, 1987);[10] 2) sobre a base dun mecanismo de inclusión de tipo categórico e de xeneralización (Cacciari, 2001, p. 300). Así, o verbo *saisir* ('coller, apoderarse de algo') convértese nunha etiqueta xeral que fai referencia a todas as accións de *saisie* ('apoderamento'), sexa este apoderamento concreto ou abstracto, ou o substantivo *prison* ('cárcere') préstase a varios significados que representan contextos de reclusión mental ou física.

A partir destes estudos, podemos supoñer que un proceso mental de natureza analóxica desencadea a interpretación dunha expresión fixa. Máis concretamente, a analoxía ten unha función regularizadora ou de aliñación, é dicir:

O seu obxectivo é permitir a interpretación de estruturas sobre o modelo doutras estruturas ('estruturas fonte') e permitir a produción de novas estruturas sobre o modelo de estruturas coñecidas, dispoñibles e existentes. Aplícase sistematicamente, no sentido dunha forte tendencia cognitiva, antes de ser finalmente cuestionada polo contexto. Por tanto, pode implicar que un falante de francés principiante interprete *casser sa pipe* ('estirar a pata') seguindo o modelo de *casser sa montre* ('romper o reloxo'), pero a inadecuación desta interpretación levarao a abandonar esta analoxía e a buscar outra solución (Monneret, 2018, p. 17).[11]

A aprendizaxe configúrase así como unha actividade global na que asistimos á activación de varios procesos conceptuais de carácter analóxico.

As implicacións didácticas deste enfoque da fraseoloxía levaron a crear estratexias didácticas adecuadas que lles permiten aos estudantes facilitar a comprensión das colocacións, ademais de equilibrar gradualmente o traballo cognitivo entre a forma e o significado dunha expresión fixa. A este respecto, Boers e Demecheleer (1998), no seu estudo sobre a aprendizaxe das colocacións verbais en inglés por parte dos estudantes francófonos, demostraron que os estudantes iniciados nunha análise da motivación e de factores coma o *trajector* e o *landmark* eran capaces de interpretar correctamente o significado figurado da preposición *beyond*, en francés *derrière* ('detrás de'), en

[8] Granger (1998, p. 151), nun estudo sobre as colocacións, afirma que os falantes de L1 as interpretan coma unha soa palabra, a diferenza dos estudantes de linguas estranxeiras que as ven máis ben «coma bloques de construción».

[9] Cando falamos de categorización, hai que aceptar primeiro «a idea de que as palabras representan códigos para acceder a sistemas de coñecemento de diferentes tipos, [polo que] resulta fundamental preguntarse como se aprenden, é dicir, como os individuos descompoñen a experiencia cotiá en unidades separadas e lles dan un nome» (Cacciari, 2001, p. 178) [tradución propia a partir da cita orixinal].

[10] Segundo Lakoff (1987), o *mapping* representa o sistema de correspondencias epistémicas que revelan a topoloxía cognitiva ou a estrutura dos esquemas-imaxes desde un dominio conceptual inicial ata un dominio conceptual final.

[11] N. da T.: tradución ao galego feita pola tradutora a partir da cita orixinal en francés.

moitas colocacións. Do mesmo modo, Boers (2000) obtivo resultados no procesamento e aprendizaxe de colocacións verbais en inglés por parte dos estudantes francófonos. Salienta a importancia de ensinar metáforas conceptuais coma *visible is out*, literalmente *ce qui est visible est dehors* ('o que é visible está fóra'): *find out*, fr. *découvrir, démasquer* ('descubrir'); *turn out*, fr. *éteindre, couper, expulser, vider* ('apagar, cortar, vaciar') e *visible is up*, literalmente *ce qui est visible est en haut* ('o que é visible está arriba'): *look it up*, fr. *lever les yeux, s'améliorer, chercher* ('levantar a vista, mellorar, buscar'); *show up*, fr. *ressortir, parvenir à, arriver à*, *faire ressortir, humilier* ('sacar á luz, conseguir, humillar') para facilitar a comprensión das colocacións.

Á súa vez, Lewis amosa que as colocacións requiren un tratamento pedagóxico especial: por unha banda, non se pode seguir unha orde lineal ou alfabética para tratalas, senón que hai que pensar en táboas de colocacións, mapas conceptuais ou «árbores de palabras» para consolidar a súa memorización (Lewis, 1993, p. 195). Por outra banda, débense empregar dicionarios e materiais auténticos para mellorar a comprensión da gramática e o significado das palabras (Lewis, 1993, p. 186). Lewis suxire traballar e centrarse no «poder da colocación», é dicir, no contido semántico de cada palabra, polo que os profesores deberían limitar a aprendizaxe de novas palabras e centrarse en explicar as redes semánticas das palabras xa coñecidas polos estudantes (Lewis, 1993, pp. 193–194).

Os beneficios desta forma de descrición das colocacións foron ben recibidos por parte de González Rey, que salienta que «unha preparación sobre a temática xeral […] permite captar unha boa disposición no estudante para adquirilas» (González Rey, 2007, p. 25)[12]. Ademais, González Rey engade que «no proceso de ensinanza, os compoñentes socioculturais e pragmáticos das expresións deben introducirse incluso antes có compoñente lingüístico, xa que o seu valor social e cultural prevalece sobre o seu valor como unidades lexicalizadas» (González Rey, 2007, p. 25)[13].

A preocupación didáctica de González Rey polas colocacións enmárcase nunha reflexión desde a intralingüística á interlingüística mediante a analoxía (González Rey, 2016) e diferentes exercicios: 1) exercicios contextuais; 2) exercicios estruturais; 3) exercicios sobre o xogo de sons e rimas; 4) reutilización de palabras para a codificación e decodificación; 5) agrupación por conceptos; 6) exercicios sobre o cambio paradigmático (substitución ou transformación); 7) exercicios sobre hipónimos e hiperónimos (González Rey, 2007, pp. 30– 31).

Grazas a estes enfoques, que parecen ser válidos nun contexto plurilingüe como o da Universidade Dokuz Eylül, puidemos formular unha investigación sobre o procesamento e a tradución das colocacións.

[12] N. da T.: tradución ao galego feita pola tradutora a partir da cita orixinal en francés.
[13] N. da T.: tradución ao galego feita pola tradutora a partir da cita orixinal en francés.

3. Unha experiencia plurilingüe en clase de FLE

Este estudo é o resultado dunha enquisa piloto nacida como unha labor de investigación da Sra. Emine Alkaya como parte dun curso de Lingüística Adquisitiva impartido pola Sra. Mariangela Albano. A investigación levouse a cabo entre 2019 e 2020 con dous grupos de estudantes adultos de italiano (A1) cuxa lingua materna é o turco.

A nosa mostra consiste nun grupo experimental de quince alumnos que estudan italiano e francés no Grao en Didáctica do Francés como Lingua Estranxeira na Universidade Dokuz Eylül de Izmir. Estes estudantes están no 2.º, 3.º e 4.º ano da súa carreira e estudan varios idiomas: francés como L2 (aproximadamente 4 anos de aprendizaxe), alemán como L3 (aproximadamente 2 anos) e italiano como L4 (un semestre). Tamén teñen algúns coñecementos de inglés (polo menos oito anos de aprendizaxe). O italiano L4 é unha materia optativa e os estudantes non participaron en proxectos Erasmus en Italia.

En canto á didáctica do italiano, os alumnos apréndeno a través do francés, xa que a profesora é de orixe italiana, non domina o turco e ensina lingua e lingüística francesa na universidade. Ademais, a profesora introduciu aos alumnos na fraseoloxía mediante a ensinanza explícita da lingüística francesa.

Para o grupo de control, escollemos investigar a dez adultos falantes de turco que aprendían italiano como lingua estranxeira (nivel A1) sen coñecementos de francés e con coñecementos de inglés (nivel B1). Estes alumnos asisten a clases de italiano impartidas por un profesor nativo no centro de lingua italiana de Izmir. O profesor non domina o turco e ensina italiano sen empregar a lingua turca. Os alumnos asisten ás clases de italiano A1 por motivos persoais (traballo, ocio) e nunca estiveron en Italia. A elección deste tipo de mostra débese á falta de clases de italiano A1 nos demais departamentos da Universidade Dokuz Eylül.

3.1. A elaboración dos exercicios

O enfoque adoptado para comprobar a nosa hipótese de traballo consistiu en presentar un cuestionario nas clases de italiano. Demos instrucións básicas en turco e limitamos o tempo de resposta a unha hora.

A proba que presentamos divídese en dúas partes. Na primeira parte, formulamos preguntas persoais ao alumnado (idade, sexo, nivel de estudos, número de linguas estranxeiras aprendidas, anos de aprendizaxe etc.) para describir a nosa mostra.

Na segunda parte preséntanse tres exercicios de múltiple escolla sobre expresións italianas co verbo «fare», en francés «faire» (‘facer’). Propuxémoslles tres posibles traducións (unha delas, correcta) en francés (para o grupo experimental) e en turco (para o grupo de control) e pedímoslles que escollesen unha tradución e que explicasen á súa elección.

O cuestionario divídese en tres exercicios, cada un cun obxectivo diferente: o primeiro, unha tradución lematizada do verbo «fare» + substantivo; o segundo, una tradución lematizada do verbo «fare» + determinante + substantivo; e o terceiro, una tradución do verbo «fare» en contexto. Estes exercicios van dirixidos á decodificación interlingüística (procedemento

de tradución) de L4>L2 e presentan tres fases: lematización, contextualización e motivación semántica (Albano, 2020).

3.2. A selección das expresións

O primeiro criterio de selección foi escoller as expresións que conteñen o verbo italiano «fare», dado que se trata dun verbo moi empregado polos falantes de italiano (De Mauro, 2022). De feito, a construción na que se utiliza *fare* como auxiliar dun substantivo (La Fauci e Mirto, 2010 [2003], p. 8) resulta ser moi produtiva para crear colocacións (Nikodinovska, 2011; Squillante, 2016).

O segundo criterio consiste en seleccionar as expresións italianas estudadas desde o nivel A1 ata o nivel B2 da lingua italiana. Deste modo, os estudantes poden, por un lado, atoparse con expresións estudadas durante o curso de nivel A1; e, por outro lado, atopar palabras que non coñecen e que os levan a activar múltiples coñecementos.

Ademais, o verbo *fare* crea colocacións máis ou menos equivalentes ás do francés, como é o caso de *prendre* + *determinante* + *substantivo* ou *prendre* + *substantivo*. Detectámolo, por exemplo, nos seguintes exemplos: it. *fare il bagno*, fr. *prendre un bain* ('bañarse'); it. *fare la doccia*, fr. *prendre une douche* ('ducharse'); it. *fare una foto*, fr. *prendre une photo* ('sacar unha foto').

Este tipo de colocacións representan para os estudantes adultos falantes de turco do grupo experimental un medio para reflexionar de forma contrastiva sobre as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas románicas. En efecto, os estudantes veranse obrigados a buscar unha regra que aplicar para discriminar os obxectos xunto ao verbo *fare* e poder traducilo ao francés.

Máis concretamente, as expresións italianas seleccionadas son as seguintes: 1) *fare scuola*, fr. *enseigner* ('ensinar'); 2) *fare teatro*, fr. *faire du théâtre*/*interpréter un rôle* ('facer teatro/interpretar un papel'); 3) *fare fatica*, fr. *avoir du mal à faire quelque chose* ('ter dificultades para facer algo'); 4) *fare sapere*, fr. *faire savoir* ('facer saber'); 5) *fare colazione*, fr. *prendre le petit-déjeuner* ('almorzar'); 6) *fare la doccia*, fr. *prendre une douche* ('ducharse'); 7) *fare il bagno*, fr. *prendre un bain* ('bañarse'); 8) *fare il malato*, fr. *faire semblant d'être malade* ('finxir estar enfermo'); 9) *fare l'indifferente*, fr. *faire l'indifférent* ('ser indiferente'); 10) *fare la bella vita*, fr. *mener une vie agréable/ avoir la belle vie* ('levar unha boa vida'); 11) *fare la festa a qualcuno*, fr. *tuer, voler, virer, faire une mauvaise surprise* ('asasinar, roubar, dar unha sorpresa desagradable'); 12) *fare le ore piccole*, fr. *faire nuit blanche* ('non durmir en toda a noite'); 13) *fare la morale*, fr. *faire la morale* ('botar un sermón').

Para seleccionar as traducións ao francés do grupo experimental, propuxemos tres expresións, das cales só unha é a correcta. Para seleccionar as traducións incorrectas, escollemos traducións literais e elementos de distracción. Estes últimos son expresións entre as cales existe unha gran semellanza e transparencia entre o italiano e o francés, xa que queremos comprobar como van traducir e interpretar os estudantes as colocacións. Tamén seleccionamos colocacións en francés que xa coñecían previamente.

Do mesmo xeito, para o grupo de control, escollemos as mesmas expresións italianas traducidas ao turco.[14]

3.3. A descrición dos datos

Para describir os datos, empregamos os estudos de Lakoff e Johnson (1980 e 1999) sobre o tipo de razoamento utilizado polo estudante, que pode ser metafórico, analóxico ou metonímico. Tamén tivemos en conta as aportacións da lingüística adquisitiva para o concepto de interferencia coa L1 e/ou con outras linguas (Lüdeling *et al*., 2005; Granger e Meunier, 2008).

3.3.1. Análise dos datos: exercicios 1 e 2

A análise dos datos relativos aos exercicios 1 e 2 revela que os estudantes do grupo de control mostran varias dificultades, especialmente coas expresións italianas máis figuradas e pertencentes a un nivel de lingua máis alto. En primeiro lugar, o número de omisións en comparación co grupo experimental é maior (70 %). En segundo lugar, as respostas correctas só se refiren ás expresións habituais que se estudan nun curso de italiano A1. É o caso, por exemplo, de *fare colazione*, en francés *prendre le petit-déjeuner* ('almorzar') (30 %), *fare la doccia*, fr. *prendre une douche* ('ducharse') (30 %); *fare il bagno*, fr. *prendre un bain* ('bañarse') (20 %); *fare teatro*, fr. *faire du théâtre* ('facer teatro') (10 %).

En canto ás traducións incorrectas, observamos que os estudantes intentan dar unha resposta parafraseada. É o caso de *fare scuola*, fr. *enseigner* ('ensinar'), onde a resposta en turco *okul açmak*, fr. *faire une école* ('facer unha escola/abrir unha escola') (20 %) permite entender o tipo de razoamento utilizado polos estudantes. Do mesmo xeito, a expresión italiana *fare l'indifferente* tradúcese en turco por *fark yaratmak*, fr. *faire la différence* ('facer a diferenza') no canto de *faire l'indifférent* ('ser indiferente').

En cambio, os estudantes do grupo experimental non teñen dificultades para atopar a tradución lematizada. Non detectamos moitos casos de omisións (20 %), xa que a maioría dos estudantes parecen estar incentivados a escoller unha tradución ao francés. A única excepción é a expresión italiana *fare il malato*, fr. *faire semblant d'être malade* ('finxir estar enfermo') na que observamos un 6 % de omisións. Isto pode deberse á dificultade de representar a complexidade semántica na lingua de destino.

En canto ás traducións correctas, podemos observar que os mellores resultados se observan no caso das seguintes colocacións: *fare scuola*, fr. *enseigner* ('ensinar') (53 % dos

[14] A continuación preséntanse as expresións italianas xunto coas traducións non literais ao turco: 1) *fare scuola*, tr. *öğretmek,* fr. *enseigner*; 2) *fare teatro*, tr. *tiyatro yapmak*, fr. *faire du théâtre*/*interpréter un rôle*; 3) *fare fatica*, tr. *zorlanmak*, fr. *avoir du mal à faire quelque chose*; 4) *fare sapere*, tr. *haber vermek*, fr. *faire savoir*; 5) *fare colazione*, tr. *kahvaltı yapmak*, fr. *prendre le petit-déjeuner*; 6) *fare la doccia*, tr. *duş almak*, fr. *prendre une douche*; 7) *fare il bagno*, tr. *banyo yapmak*, fr. *prendre un bain*; 8) *fare il malato*, tr. *hastalık uydurmak,* fr. *faire semblant d'être malade*; *fare l'indifferente*, tr. *ilgisiz gibi görünmek*, fr. *faire l'indifférent*; 9) *fare la bella vita*, tr. *iyi bir hayat yaşamak*, fr. *mener une vie agréable / avoir la belle vie*; 11) *fare la festa a qualcuno*, tr. *öldürmek*, *çalmak*, *kovmak*, *birine gününü göstermek*, fr. *tuer, voler, virer, faire une mauvaise surprise*; 12) *fare le ore piccole*, tr. *gece uyumamak*, *sabahlamak*, fr. *faire nuit blanche*; 13) *fare la morale*, tr. *ahlak dersi vermek*, fr. *faire la morale*.

estudantes); *fare teatro*, fr. *faire du théâtre* ('facer teatro') (73 %); *fare sapere*, fr. *faire savoir* ('facer saber') (40 %); *fare colazione*, fr. *prendre le petit-déjeuner* ('almorzar') (47 %); *fare la doccia*, fr. *prendre une douche* ('ducharse') (73 %); *fare il bagno*, fr. *prendre un bain* ('bañarse') (100 %); *fare la bella vita*, fr. *mener une vie agréable/ avoir la belle vie* ('levar unha boa vida') (93 %).

Observamos que, cando os estudantes xa coñecen a colocación en francés, responden correctamente, pero cando non a coñecen, déixanse influír pola súa lingua materna ou polas outras linguas que estudaron e empregan a transparencia das palabras coma no caso de *bagno* en italiano, *banyo* en turco e *bain* en francés.

Decatámonos de que os estudantes escollen estas traducións por varias razóns: ás veces trátase dunha analoxía entre a lingua francesa, a italiana e a turca. É o caso das paráfrases da expresión italiana pola influencia da lingua ou a cultura francesas. De feito, o coñecemento dalgunhas palabras francesas como *bain*, *douche*, *savoir, belle vie* así como as semellanzas fonolóxicas ou léxicas entre as palabras italianas e francesas permítenlles aos estudantes atopar a resposta correcta.

Noutras ocasións, coma no caso da expresión *fare scuola*, fr. *enseigner* ('ensinar'), para a que propuxemos dúas distraccións *aller à l'école* ('ir á escola') e *faire une école* ('facer unha escola'), observamos que os estudantes pasaron polos seguintes pasos cognitivos: 1) coñecemento da palabra *scuola* en italiano, 2) tradución mental por *école*, 3) metonimia conceptual «o edificio é o lugar onde se ensina», 4) analoxía conceptual entre o comportamento sintáctico do verbo *fare* e *faire*; 5) observación das diferenzas semánticas entre os dous verbos.

En canto ás traducións incorrectas, podemos observar, en xeral, que a maioría dos estudantes escolleron traducións caracterizadas por unha analoxía formal. Observamos paráfrases falsas nos seguintes casos: *fare scuola* (*enseigner*; 'ensinar') traducida por *faire une école* ('facer unha escola') (40 %); *fare l'indifferente* (*faire l'indifférent*; ser indiferente) traducida por *faire la différence* ('facer a diferenza') (53 %) ou *fare sapere* (*faire savoir*; 'facer saber') traducida por *faire de la soupe* ('facer sopa') (13 %).

Outros exemplos que revelan un descubrimento de semellanzas formais por parte dos estudantes son, por exemplo, *fare la bella vita* (*mener une vie agréable*; 'levar unha boa vida') traducida por *se faire belle rapidement* ('poñerse guapa rapidamente') (6 %), onde é evidente que existe unha confusión entre *vita* en italiano ('vida') e *vite* en francés ('rapidamente'). O mesmo ocorre con *fare colazione* (*prendre le petit-déjeuner*; 'almorzar') traducida por *collectionner* ('coleccionar') (30 %) e por *faire une collation* ('tomar un refrixerio') (33 %). As dúas traducións seleccionadas amosan as semellanzas fonéticas onde prevalece o instinto regulador da analoxía. Un problema similar aparece, por exemplo, no caso de *fare la doccia* (*prendre une douche*; 'ducharse') traducida por *préparer un dossier* ('preparar un arquivo') (27 %). A diferenza das outras traducións, neste exemplo os estudantes están influenciados pola súa lingua materna e crean unha confusión fonética entre o italiano e o francés: a palabra italiana *doccia* ('ducha') lese en turco *doggia* e ten a oclusiva velar sonora, pero os estudantes len esta palabra en

francés *dossia*, empregando a fricativa alveolar sonora, e despois asocian esta palabra coa palabra turca *dosya* que significa «arquivo».

Tamén observamos traducións que amosan a influencia do cotexto[15] coma no caso de *fare il malato* (*faire semblant d'être malade*; 'finxir estar enfermo') traducida por *être malade* ('estar enfermo') (66 %) e no caso de *fare fatica* (*avoir du mal à faire quelque chose*; 'ter dificultades para facer algo') traducida por *fatiguer quelqu'un* ('cansar a alguén') (74 %). En ambos casos, as palabras clave *malato* e *fatica* inflúen na tradución.

Porén, non só observamos paráfrases ou semellanzas, senón tamén traducións cun cambio semántico. É o caso, por exemplo, de *fare il malato* ('finxir estar enfermo') traducida por *faire le fou* ('actuar coma un tolo') (15 %), que pode explicarse pola analoxía entre o concepto de enfermidade física e o de enfermidade mental. De aí, por exemplo, a frase en francés coloquial *T'es malade ou quoi ?* ou en turco *Hasta mısın ?* para facer referencia a *tu es fou* ('estás tolo') (TLFi, 2022). Unha tradución que modifica o sentido da expresión orixinal é *fare sapere* (*faire savoir*; 'facer saber') traducida por *savoir faire* ('saber facer') (27 %), onde observamos un quiasmo mental.

3.3.2. Análise dos datos: exercicio 3

Como demostramos na sección anterior, o razoamento analóxico pode inducir a erro aos estudantes. Estes erros son máis evidentes no terceiro exercicio, no que a expresión se utiliza en contexto e cun sentido máis figurado.

En primeiro lugar, cómpre salientar o maior número de omisións no grupo de control (80 %). Só dous estudantes conseguiron traducir algunhas frases.

A seguinte frase «Michele sta per essere licenziato dal lavoro. Stanno cercando *di fargli la festa*», en francés «Michel est sur le point d'être viré de son travail. Ils essaient de l'éliminer/virer» mostra a expresión italiana *fare la festa a qualcuno*, en francés *tuer, voler, faire une mauvaise surprise* ('asasinar, roubar, dar unha sorpresa desagradable') que se traduciu en turco por *ona bir parti düzenliyoruz*, en francés *organiser une fête pour lui* ('organizarlle unha festa') (10 %). Trátase dunha tradución-paráfrase que non ten en conta o contexto da frase.

A segunda tradución proposta polo grupo de control fai referencia á terceira frase «Quando Giulia offende il suo compagno di classe, sua mamma le fa la morale», en francés «Quand Giulia offense son camarade, sa mère lui fait la morale» na que aparece a expresión italiana *fare la morale*, en francés *faire la morale* ('botar un sermón'), que só un estudante traduciu correctamente. Observamos unha segunda tradución en turco *morali yok*, en francés *avoir le moral à zéro* ('ter os ánimos polo chan') (10 %), na que atopamos unha tradución que revela unha analoxía conceptual entre as palabras *offenser* ('ofender') e *moral à zéro* ('os ánimos polo chan') onde unha é consecuencia da outra.

A diferenza do grupo de control, o grupo experimental mostra unha maior competencia metalingüística. A primeira frase, «Michele sta per essere licenziato dal lavoro. Stanno

[15] É o contexto lingüístico inmediato dun texto ou dunha oración escrita ou oral (Portine, 2017).

cercando *di fargli la festa*», en francés «Michel est sur le point d'être viré de son travail. Ils essaient de l'éliminer/virer», foi traducida pola maioría dos estudantes como *organiser une fête pour lui* ('organizarlle unha festa') (53 %) e por *de lui faire une fête chez quelqu'un* ('organizarlle unha festa en casa de alguén') (40 %). Ninguén escolleu a tradución *de le virer* ('despedilo') (0 %) e o 7 % dos estudantes abstívose de responder a esta pregunta.

As respostas dadas mostran que o contexto da frase inflúe na tradución a través dos seguintes pasos: 1) coñecemento previo da palabra *lavoro* (*travail;* 'traballo') por parte dos estudantes; 2) activación dunha analoxía fonética entre *festa* e *fête* ('festa'); 3) creación dunha ponte conceptual entre os conceptos de *lavoro* ('traballo') e de *festa* ('festa'); 4) suposición da seguinte idea «débese festexar o feito de que unha persoa faga algo ben no traballo».

Con respecto á segunda frase, «Ieri Anna e Lucia sono andate in discoteca. In questo periodo, loro fanno le ore piccole», en francés «Hier, Anna et Lucia sont allées à la discothèque. Pendant ce temps, elles font nuit blanche», a expresión italiana *fare le ore piccole*, en francés *faire nuit blanche* ('non durmir en toda a noite') foi traducida pola maioría dos estudantes como *avoir beaucoup bu* ('beber moito') (53 %). Esta tradución explícase pola contigüidade conceptual entre ir á discoteca e as súas consecuencias «bailar, divertirse e beber». Os estudantes tamén deron como explicación o feito de que as palabras italianas *discoteca* (*discothèque*) e *piccole* (*petites*) teñen unha gran semellanza coas palabras *discothèque* ('discoteca') e *picoler* ('emborracharse'), polo que isto lles induciu a erro. Pensaron que, ao ir á discoteca, ían beber moito.

En canto ao resto de respostas, só o 27 % contestou correctamente e o 13 % se abstivo. Por outro lado, o 6 % dos estudantes contestou *se lever tôt* ('levantarse cedo') porque fixeron unha analoxía conceptual entre as palabras *tôt* ('cedo') e *ore piccole* (*petites heures*; 'a primeira hora da mañá'), de modo que relacionaron as dúas dimensións: a temporal e a espacial (Lakoff e Johnson, 1980, pp. 15–18).

Na terceira frase «Quando Giulia offende il suo compagno di classe, sua mamma le fa la morale», en francés «Quand Giulia offense son camarade, sa mère lui fait la morale» atopámonos coa expresión italiana *fare la morale*, en francés *faire la morale* ('botar un sermón'), que traduciron correctamente o 47 % dos estudantes.

Con respecto ás traducións incorrectas, observamos que os estudantes traduciron a expresión por *lui remonter le moral* ('animalo') (47 %) e por *avoir le moral à zéro* ('ter os ánimos polo chan') (6 %).

No caso da primeira tradución, observamos que os estudantes se viron influídos, en primeiro lugar, pola transparencia da palabra italiana *morale* (*la morale*, *le moral*; 'a moral' ou 'os ánimos' en galego) e polo coñecemento previo da palabra *mamma* (*mère*; 'nai'). En segundo lugar, estableceron unha conexión conceptual entre a palabra *mamma* (a figura da nai representa o consolo) e a palabra *moral* (cuxo significado tanto en francés como en turco é «estado de ánimo»). Supuxeron que o rapaz estaba triste e que a súa nai o estaba animando.

En canto á segunda tradución, os estudantes crearon a mesma analoxía conceptual có grupo de control.

4. Conclusión

A pesar de que o repertorio contemplado non abonda para mostrar a complexidade da problemática que se aborda, podemos afirmar que a lingua francesa favorece a aprendizaxe das colocacións italianas por parte dun público adulto de fala turca. De feito, o grupo de control mostra varias dificultades á hora de interpretar e traducir as colocacións italianas porque, por unha banda, non teñen coñecementos dunha lingua románica que actúe a modo de ponte; e, por outra banda, non están afeitos á ensinanza explícita da lingüística, a diferenza do grupo experimental, ao que se introduciu previamente en conceptos de lingüística e didáctica das linguas.

Os estudantes do grupo experimental traduciron correctamente a maioría das colocacións empregando un proceso analóxico que establece similitudes formais (fonolóxicas, morfolóxicas, léxicas) ou conceptuais entre a lingua italiana e a francesa. Como xa comprobamos, os exercicios de tradución lematizada sen contexto mostran unha maior autonomía por parte do alumnado.

Observamos que xorden dificultades de tradución nas expresións contextualizadas, nas que a estrutura frasal é menos descodificable e conduce a crear falsas analoxías entre as dúas linguas. Ademais, a produción de traducións incorrectas tamén depende da influencia da lingua materna. Porén, cómpre salientar que as traducións incorrectas amósannos como funcionan e operan as analoxías e as relacións conceptuais nas dinámicas imaxinativas e isto pode ser un punto de partida para introducir aos falantes dunha lingua non flexiva no pensamento metalingüístico que lles permite procesar e interpretar expresións fixas.

5. Referencias bibliográficas

Albano, M. (2020). *Les expressions figées en didactique du Français Langue Étrangère* [tese de doutoramento]. Université Sorbonne Nouvelle.

Bartsch, S. (2004). *Structural and Functional Properties of Collocations in English. A Corpus Study of Lexical and Pragmatic Constraints on Lexical Co-occurrence*. Narr Verlag.

Benson, M. (1985). Collocations and idioms. En R. F. Ilson (ed.), *Dictionaries, Lexicography and Language Learning* (pp. 61–68). Pergamon, VIII.

Bygate, M. (1988). Units of Oral Expression and Language Learning. *Applied Linguistics*, *9,* 59–82.

Boers, F. (2000). Metaphor Awareness and Vocabulary Retention. *Applied Linguistics, 21*, 553–571.

Boers, F. e Demecheleer, M. (1998). A Cognitive Semantic Approach to Teaching Prepositions. *English Language Teaching Journal, 53*, 197–204.

Burger, H.; Dobrovol'skij, D.; Kűhn, P. e Norrick, N. R. (2007). *Phraseologie. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung*. Walter de Gruyter.

Cacciari, C. (1998). Why Do We Speak Metaphorically? Reflections on the Functions of Metaphor in Discourse and Reasoning (pp. 119–157). En A. Katz, C. Cacciari, R. J. Gibbs e M. Turner (eds.), *Figurative Language and Thought*. Oxford University Press.

Cacciari, C. (2001). *Psicologia del linguaggio*. Il Mulino.

Cavalla, C. (2008). Les collocations dans les écrits universitaires: un français spécifique pour les apprenants étrangers (pp. 93–104). En O. Bertrand e I. Schaffner (eds.), *Apprendre une langue de spécialité: enjeux culturels et linguistiques*. Éditions de l'École Polytechnique.

Corpas Pastor, G. (2001). Entorno al concepto de colocación. *Euskera*, *XLVI* (1), 89–108.

Cowie, A. P. (1986). Collocational Dictionaries – A comparative view (pp. 61–69). En *Fourth Joint Anglo-Soviet Seminar*. British Council.

Gentner, D.; Holyoak, K. J. e Kokinov, B. N. (2001). *The Analogical Mind. Perspectives from Cognitive Science.* MIT Press.

Gibbs, R. W. J. (1992). Categorization and Metaphor Comprehension. *Psychological Review, 99*, 572–577.

González Rey, M. I. (2002). *La phraséologie du français*. Presses Universitaires du Mirail.

González Rey, M. I. (2007) (ed.). *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. E.M.E.

González Rey, M. I. (2008). *A Multilingual Focus on Contrastive Phraseology and Techniques for Translation*. Kovač.

González Rey, M. I. (2016). Une approche analogique à la compétence phraséologique: une double compétence, intégrale et intégrée. *Language Design: Journal of Theoretical and Experimental Linguistics*, n.º extra *18*, 165–188.

Granger, S. e Meunier, F. (2008). *Phraseology: an Interdisciplinary Perspective*. John Benjamins.

Granger, S.; Gilquin, G. e Meunier, F. (2013). *Twenty Years of Learner Corpus Research. Looking Back, Moving Ahead, Proceedings of the First Learner Corpus Research Conference (LCR 2011)*. Presses Universitaires de Louvain.

Gross, G. (1996). *Les expressions figées en français; noms composés et autres locutions*. Éditions Ophrys.

Hausmann, F. J. (1989). Le dictionnaire de collocations (1010–1019). En F. J. Hausmann, O. Reichmann, H. E. Wiegand e L. Zgusta (eds.), *Wörterbücher: ein internationales Handbuch zur Lexicographie. Dictionaries. Dictionnaires.* De Gruyter.

Heid, U. (1994). On Ways Words Work Together - Topics in Lexical Combinatorics. En *EURALEX'94 Proceedings*, 226–257.

Hofstader, D. (1995). *Fluid Concepts and Creative Analogies*. C*omputer Models of the Fundamental Mechanisms of Thought*. Basic Books.

Howartg, P. (1998). Phraseology and Second Language Proficiency. *Applied Linguistics*, *19* (1), 24–44.

Jaworski, A. (1990). The Acquisition & Perception of Formulaic Language & Foreign Language Teaching. *Multilingua*, *9*(4), 397–411.

Kövecses, Z. (2005). *Metaphor in Culture*. *Universality and Variation.* Cambridge University Press.

La Fauci, N. e Mirto, I. M. (2010 [2003]). *Fare. Elementi di sintassi*. Edizioni ETS.

Lakoff, G. (1987). *Women, Fire and Dangerous Things: What Categories Reveal about the Mind*. Chicago University Press.

Lakoff, G. e Johnson, M. (1980). *Metaphors we live by*. The University of Chicago Press.

Lakoff, G. e Johnson, M. (1999). *Philosophy in the flesh – The Embodied Mind and its Challenge to Western Thought*. Basic Books.

Lennon, P. (1998). Approaches to the Teaching of Idiomatic Language. *International Review of Applied Linguistics in Language Teaching*, *36* (1), 11–30.

Lewis, M. (1993). *The Lexical Approach: The State of ELT and the Way forward.* Language Teaching Publications.

Lewis, M. (2000): *Teaching Collocation: Further Developments in the Lexical Approach*. Language Teaching Publications.

Lüdeling, A.; Maik, W.; Kroymann, E. e Adolphs, P. (2005). Multi-level error annotation in learner corpora. En *Proceedings of Corpus Linguistics Conference Series*, *1* (1), 105–115.

Mejri, S. (2006). Polylexicalité, monolexicalité et double articulation : la problématique du mot. *Cahiers de lexicologie*, *89* (2), 209–221.

Mejri, S. (2008). La traduction des jeux de mots. En S. Mejri (éd.), *Jeux de mots et traduction. Équivalences*, *35,* 41–84.

Mejri, S. (2011). Figement, collocation et combinatoire libre (pp. 63–78). En J. C. Anscombre, e S. Mejri (eds.), *Le figement linguistique : la parole entravée*. Honoré Champion.

Mel'čuk, I. (1998). Collocations and Lexical Functions (pp. 23–53). En A. P. Cowie (ed.), *Phraseology. Theory, Analysis and Applications*. Oxford University Press.

Mel'čuk, I. (2007). *Lexique actif du français. L'apprentissage du vocabulaire fondé sur 20.000 dérivations sémantiques et collocations du français*. De Boeck.

Monneret, P. (2011). Motivation et analogie. Enjeux de la similarité en sciences du langage. *Philologia*, *56*, 27–38.

Monneret, P. (2018). Phraséologie et analogie (pp. 15–32). En O. Soutet, S. Mejri e I. Sfar (eds.), *La phraséologie : théories et applications*. Honoré Champion Éditeur.

Nikodinovska, R. (2011). Il verbo fare nelle espressioni fraseologiche del GDU (pp. 125–145). En R. Nikodinovska (ed.), *Lingua, letteratura e cultura italiana*. Facoltà di filologia "Blaže Koneski".

Peters, A. M. (1983). *The units of language*. Cambridge University Press.

Portine, H. (2017). Du contexte à la situation au cotexte et à l'intertexte. *Essais*, *12,* 17–32, http://journals.openedition.org/essais/2603.

Schmidt, R. R.W (1983). Interaction, Acculturation, and the Acquisition of Communicative Competence: a Case Study of an Adult (pp. 137–174). En N. Wolfson e E. Judd (eds.), *Sociolinguistics and Language Acquisition*. New-bury House.

Siepmann, D. (2006). Collocations et dictionnaires d'apprentissage onomasiologiques bilingues: questions aux théoriciens et pistes pour l'avenir. *Langue Française 107,* 99–118.

Silva, R.; Costa, R. e Ferreira, F. (2004). Entre langue générale et langue de spécialité une question de collocations. *Éla. Études de linguistique appliquée 2004/3, 135*, 347–359.

Squillante, L. (2016). *Polirematiche e collocazioni dell'italiano. Uno studio linguistico e computazionale*. Universitätsverlag Hildesheim.

Svensson, M. H. (2004). *Critères de figement. L'identification des expressions figées en français contemporain*. Tommy Sund.

Tomasello, M. (1999). *The cultural origins of human cognition*. Harvard University Press.

Tomasello, M. (2006). Acquiring Linguistic Constructions (pp. 255–298). En S. R. S. Damon, R. M. Lerner, D. Kuhn e R. S. Siegler (eds.), *Handbook of Child Psychology: Cognitive, Perception, and Language*. John Wiley & Sons Inc.

Tutin, A. (2007). Collocations du lexique transdisciplinaire des écrits scientifiques: annotation et extraction des propriétés linguistiques dans la perspective d'une application didactique. *Cahiers de l'Institut de linguistique de Louvain*, *31*, *2*(4), 247–262.

Tutin, A. (2013). Les collocations lexicales: une relation essentiellement binaire définie par la relation prédicat-argument. *Langages*, *1*(189), 47–63.

Tutin, A. e Grossmann, F. (2013). *L'écrit scientifique: du lexique au discours*. Presses universitaires de Rennes.

Vivès, R. (1984). L'aspect dans les constructions nominales prédicatives : avoir, prendre, verbe support et extension aspectuelle. *Linguisticae Investigationes*, *8,* 149–174.

Wray, A. (2002). *Formulaic language and the lexicon*. Cambridge University Press.

Dicionarios

De Mauro, T. (2022). *Il Nuovo vocabolario di base della lingua italiana*, en liña. Recuperado en 2022 de https://www.internazionale.it/opinione/tullio-de-mauro/2016/12/23/il-nuovo-vocabolario-di-base-della-lingua-italiana.

TLFi (2022): *Le trésor de la langue française informatisé*, en liña. Recuperado en 2022 de http://atilf.atilf.fr/.

A fraseoloxía colocacional no *Dictionnaire françois* de César-Pierre Richelet (1680)[1]

Collocational phraseology in the Dictionnaire françois of César-Pierre Richelet (1680)

Cosimo De Giovanni
Université de Cagliari
https://orcid.org/0000-0003-1976-3166
cdegiovanni@unica.it

Resumo: Este artigo, como indica o seu título, ten por fin presentar o estado da fraseoloxía colocacional no *Dictionnaire françois* de César-Pierre Richelet (1680). Despois de facer unha breve introdución ó nacemento do primeiro dicionario monolingüe francés e á terminoloxía fraseolóxica presente na súa estrutura, analizaremos o tratamento das informacións colocacionais tomando en conta a súa modalidade de inserción na microestrutura, as formas baixo as cales aparecen e o acceso á información colocacional a partir dun dos dous elementos que a compoñen. Ó aplicar unha análise formal e semántica ás estruturas colocacionais da nosa mostra (as entradas da letra A), constatamos a presenza dos tres tipos principais de colocacións propostos por Tutin e Grossmann (2002). Ademais, dada a natureza enciclopédica do dicionario, unha parte da análise dedicouse especificamente ás colocacións especializadas, que aparecen no *Richelet* de xeito abundante.

Palabras clave: fraseoloxía, lexicografía, fraseografía histórica, colocación, César-Pierre Richelet, Dictionnaire françois.

Abstract: This article, as its title already indicates, aims to present the status of collocational phraseology in the Dictionnaire françois of César-Pierre Richelet (1680). After a brief introduction to the genesis of the first French monolingual dictionary and to the phraseological terminology present in its structure, we analyze the processing of collocational information, taking into account the way in which it is inserted into the microstructure, the forms in which collocations appear and access to collocational information from one of the two elements that compose it. By applying a formal and semantic analysis to the collocational structures of our sample (the entries of the letter A), we found the presence of the three main types of collocation proposed by Tutin and Grossmann

[1] Data de recepción: 28.02.22. Data de aceptación: 20.04.22.
Tradución feita por Leire Area Balado.

(2002). In addition, given the encyclopedic nature of the dictionary, we have devoted part of the analysis to the specialized collocations with which the Richelet abounds.

Keywords: phraseology, lexicography, historical phraseography, collocation, César-Pierre Richelet, Dictionnaire françois.

1. Introdución

Na Francia do século XVIII a fraseoloxía aínda non era unha disciplina de estudo e o termo non aparecía en dicionarios monolingües nin bilingües. Non obstante, este termo víase a miúdo asociado a antigas recompilacións, chamadas *phrasaires,*[2] que se utilizaban principalmente con fins didácticos e que contiñan frases, expresións e citas de autores. Aparece tamén nos títulos de repertorios bilingües e plurilingües.[3]

Porén, se ben locucións, proverbios, máximas e outras formas de expresión foron obxecto de estudo dos dicionarios bilingües francés-latín durante todo o século XVI, non conquistarían un espazo propio nos primeiros repertorios monolingües ata o seguinte século (cf. Bárdosi, 2017).

Entre os primeiros dicionarios monolingües que dedicaron unha parte importante á fraseoloxía está, sen dúbida, o *Dictionnaire françois* de César-Pierre Richelet, publicado en Xenebra no 1689 e que, xunto a outro dicionario de iniciativa privada, o *Dictionnaire universel* de Furetière de 1690, adiantaríase case quince anos á publicación do da Academia francesa (1694).

Despois de dous séculos de lexicografía francesa bilingüe,[4] o *Richelet* é o primeiro dicionario que non menciona a lingua latina, á que o francés, ó igual que outras linguas, lle debe moito (cf. Pruvost, 2000). Coma ben podemos ler no seu título completo, non se trata só dun dicionario que contén «des mots et des choses» senón tamén «les termes les plus connus des Arts & des Sciences»: máis que dun dicionario, tratase dunha verdadeira enciclopedia da lingua francesa. A nomenclatura escollida para a obra salvaráa de ataques por parte da Academia francesa por violar o privilexio que esta última obtivera en 1674, polo cal tiña o monopolio da produción lexicográfica francesa. Deste xeito, Richelet veuse obrigado a publicar a súa obra en Xenebra co impresor Jean Herman Widerhold.[5]

---

[2] O termo vai aparecer por primeira vez no *Grand dictionnaire universel du XIXe siècle* de Pierre Larousse (1886-1876), vol. 12, e despois no *Littré* coma «terme de grammaire» e coa definición dada: «Se dit quelquefois d'un petit livre qui contient des phrases très courtes, pour apprendre à lire aux enfants» (Littré, 1863, p. 1101).

[3] Entre os repertorios bilingües, mencionamos o *Vocabulaire françois avec une phraséologie convenable à tous ses mots* (1687) do «Maistre de la Langue Françoise» Louis-Charles Du Cloux, no que as oracións francesas se traducen a un alemán «composé en faveur & pour l'usage de la Ieunesse de Strasbourg» (Quemada, 1967, p. 364). Por outra banda, entre os repertorios plurilingues temos o *Octoglotton ou Phraséologie en huict langues sçavoir en françois, latin, espagnol, portugais, italien, alemand, flamend & anglois* (1684) de Barthélemy Piélat. Con todo, coincidimos con Bárdosi (2017, p. 57) en colocar os inicios da fraseoloxía francesa no século XIII.

[4] Remontamos o nacemento da lexicografía bilingüe francesa a 1539, data de publicación do *Dictionnaire françois-latin* de Robert Estienne. Trátase do primeiro dicionario bilingüe no que o francés figura primeiro na súa nomenclatura. A *Ordonnance de Villers-Cotterêts* tamén está datada neste ano.

[5] Non obstante, estes ataques non detiveron nin a Antoine Furetière nin o seu *Dictionnaire universel* (cf. Ost, 2008; Rey, 2006; Gégou, 1962)

O obxectivo do dicionario é describir o «uso» da lingua e ilustralo mediante o emprego dos «bons auteurs». O que distingue este dicionario dos outros dous repertorios do tríptico fundador da lexicografía francesa é a enorme riqueza das súas citas (cf. Bray, 1985). Richelet, de certo, débelle moito ó avogado e académico Olivier Patru, quen, decepcionado pola lentitude coa que progresaba o traballo de elaboración do dicionario da Academia, acolleu con entusiasmo o proxecto do seu lector e reuniu ó seu redor un grupo de traballo composto por Richelet, o seu secretario François Cassandre, o abade François Maucroix, os xesuítas René Rapin e Dominique Bouhours e outras tantas persoas (cf. Petrequin, 2009). O obxectivo do grupo de traballo é consultar as obras literarias e extraer citas de autores falecidos, coma Nicolas Perrot d'Ablancourt, Jean-Louis Guez de Balzac e tantos outros, así como vivos, entre os que se atopan cinco ou seis autores chamados por Richelet «qui, pour avoir le plaisir et l'honneur d'être cités eux-mêmes, fourniront d'autres extraits par-dessus le marché ; et chacun gardera le silence pour mettre sa petite vanité à l'abri, comme de raison» (carta de Patru a Maucroix, 1677, en Lehmann, 1995, p. 38).

Non obstante, estes feitos destacan numerosos e diversos aspectos do *Dictionnaire de Richelet* dos que enumeramos algúns a continuación. Se consideramos a carta que Patru lle enviou á Maucroix, a obra tivo que ser redactada a principios do ano 1677 de forma paralela ó dicionario da Academia (Petrequin, 2007, p. 6). Non hai dúbida de que o *Dictionnaire françois* ten que considerarse como unha obra escrita a varias mans, na que Richelet[6] tivo o papel principal. Podemos daquela convir con Rey (2011, p. 118) en que a obra de Richelet foi o «résultat d'une fronde lexicographique émanant du cœur même de l'Académie» e que foi urdida polo propio Patru sen o coñecemento dos seus compañeiros académicos.[7]

Imos engadir unhas últimas verbas sobre a importancia que Richelet lle confire ás «plusieurs nouvelles remarques sur la langue françoise». Isto convirte ó lexicógrafo nun continuador dos «remarqueurs», ou observadores, do século XVII a través da implantación, na escrita do dicionario, dun marco discursivo máis próximo ó xénero das observacións e en particular ás de Vaugelas (cf. Petrequin, 2007, 2004; Siouffi, 2007).

O título da obra menciona o termo «expressions», o cal vai acompañado de tres adxectivos coma son «Propres, Figurées & Burleſques». O dicionario define este termo tanto coma unha «diction» coma unha «Représentation de nos penſées par parole». A «diction» defínese a súa vez coma «mot» e como «Manière dont on s'exprime». Parece, por tanto, que o termo *expresión* se utiliza como un vocábulo xenérico no que teñen cabida diversas unidades lingüísticas. Na «explication des marques qu'on a miſes aux Mots, & les accens dont les a marquez» atopamos, a carón do termo «mot», dous novos termos, «phraſe» e «façon de parler»:

> L'Étoile * qu'on met à côté d'un mot, ou d'une phraſe montre que le mot, ou la phraſe ſont au figuré, & lorſqu'il n'y a nule marque au côté du mot, ou de la phraſe, c'est à dire

[6] Resulta pouco probable que Richelet puidera ter sido un home de palla, como se cría hai uns anos.

[7] Algúns anos despois haberá unha segunda revolta lexicográfica doutro académico, Antoine Furetière.

> que le mot, ou la phraſe ſont dans le sens propre. La croix † qui est vis à vis du mot, ou de la façon de parler veut dire que le mot ou la façon de parler n'ont proprement leur uſage que dans le ſtile ſimple, dans le comique, le burleſque, ou le ſatirique. Mais lors qu'on trouve à côté du mot, ou de la phraſe une étoile & une croix, ou une croix & une étoile, * †, ou † *, cela signifie que le mot ou la façon de parler ſe prennent figurément, mais qu'ils n'ont cours que dans le ſtile le plusſimple, comme dans les vaudevilles, les rondeaux, les épigrammes, & les ouvrages comiques.

No texto os dous termos empréganse coma sinónimos. Non sen razón, esta relación de sinonimia confírmase na definición da entrada PHRASE: «Mot qui vient du Grec & qui veut dire façon de parler».[8] Ademais, se obsevamos polo miúdo os artigos lexicográficos, percibiremos que os termos *phrase* e *façon de parler* que usa Richelet engloban toda forma de ordenación ou asociación léxica, incluíndo a colocación.[9] Pese a isto, a terminoloxía fraseolóxica no *Richelet* demostra ser flutuante e incerta, coma continuará a selo ata finais do século XIX (cf. Bárdosi, 1990).

Neste artigo fixámonos o obxectivo de avaliar en que medida a colocación está presente na estrutura do *Richelet* e que tratamento se lle reservou. O noso estudo céntrase esencialmente en tres puntos: a inserción da colocación na microestrutura, a forma da colocación e o acceso á información colocacional (en diante, 'IC'), prestando atención tamén ás colocacións especializadas, dado o carácter enciclopédico da obra.

Dende o punto de vista teórico, este estudo inscríbese na liña do enfoque lexicográfico da colocación (Haussmann, 1989; Heid, 1994; Tutin e Grossmann, 2002), que salienta o carácter habitual da colocación e, sobre todo, da súa estrutura binaria, na que a base é o elemento autónomo que mantén o seu sentido inicial, mentres que o colocativo expresa o seu sentido en función da base.[10] Segundo o grado de transparencia e previsibilidade do colocativo, identificaranse diferentes categorías de colocacións; nós optamos polas categorías de colocación propostas por Tutin e Grossmann (2002).

2. O tratamento lexicográfico da colocación

Como xa vimos, o *Richelet* recurre habitualmente a citas nas que, segundo o noso criterio, hai presenza de colocacións (cf. Lehmann, 1995). Para a nosa análise fixemos unha sondaxe da letra A, o que aportou 764 entradas principais tipografadas en versaliñas redondas (non consideramos as sub-entradas marcadas en minúscula cursiva), dispostas en dobre columna a través de 57 páxinas. Só para a letra A, contamos de media unhas 18 IC por páxina, ata un total de mil unidades colocacionais.

---

[8] Esta relación de sinonimia ten valor tamén para o termo *locution,* o cal, según Richelet, «[il] fignifie façon de parler, expreffion» (cf. Leroy-Turcan, 1997).

[9] Sinalemos o emprego dos dous termos *phrase* e *façon de parler* coma elementos metalingüísticos na estrutura do dicionario.

[10] Esta concepción restrinxida da colocación oponse a unha concepción ampla desenvolvida e compartida por investigadores que se encadran na liña da escola contextualista inglesa. Para máis detalles, ver González Rey (2015), Bolly (2011), Dubreil (2008) e Williams (2003).

Para os obxectivos da análise, decidimos reproducir os textos de forma íntegra na súa versión orixinal. Pola contra, e por comodidade, adoptamos a grafía moderna para os encabezados mencionados no texto deste artigo.

2.1 A inserción da colocación na microestrutura

A IC ocupa sempre o último lugar da entrada lexicográfica, ó lado do exemplo en forma de cita de autor, do exemplo creado para o dicionario, da locución e do proverbo. Está tipografado en minúscula redonda e inserido entre corchetes xunto ós outros elementos fraseolóxicos, agás excepcións:

> Ataque, *ſ.f.* Action d'ataquer. [Ataque ſanglante, fauſſe, ou vraie, commencer, entreprendre, donner, ſoutenir une ataque *Abl.*].
>
> Atendre, *v.a.* Demeurer dans un lieu juſques à ce qu'une choſe, ou une perſonne arrive. Etre dans l'atente de quelque choſe. [Atendre une maitreſſe. Il crut que ce ſeroit une folie d'atendre à les ataquer que leur cavalerie fût de retour. *Abl. Ceſ.*].
>
> Atiser, *v.a.* Mettre des tiſons les uns contre les autres pour les faire alumer. [Atiſer le feu.].

O uso dos corchetes é único dentro da historia da lexicografía francesa, xa que a partir de Furetière e da Academia francesa vanse usar outros elementos tipográficos para sinalar a presenza de informacións sintácticas e fraseolóxicas. En calquera caso, esta elección suxire que Richelet quixo evitar o uso dunha metalinguaxe articulada, o que lle permitiu gañar tempo e diñeiro para a redacción e a impresión da obra.

2.2. A forma da colocación

No interior do dicionario podemos atopar dous tipos de IC:

(1) informacións colocacionais explícitas (ICE);

(2) informacións colocacionais implícitas (ICI).

Son explícitas aquelas colocacións que se presentan baixo a súa forma canónica neutralizada ou convencional, a partir da cal a súa estrutura matricial, de carácter binario, resulta evidente:

> Abaisser, *v. a.* prononcez abêſſé. Mettre plus-bas une choſe qui étoit plus-haut. [Abaiſſer un pont-levis. *Abl.*].
>
> *Abaiſſe, ſ.f.* Terme de patiſſier. Pâte qui fait le fait le deſſous de la piece de patiſſerie. [Faire une abaiſſe.].
>
> *Abandonné, abandonnée, adj.* Terme de patiſſier. Quité, laiſſé à l'abandon. [Païs abandonné, vile abandonnée. *Abl.* Perſonne n'eſt aſſez abandonnée de Dieu pour cela. *Paſ.l.6*].

Os IC desta categoría poden ser atribuídos ou non. No primeiro caso, trátase de colocacións extraídas de textos literarios seguidas por referencias en minúscula cursiva:[11]

[11] As referencias preséntanse baixo os seguintes nomes: Nome do autor; Nome do autor e do texto, Nome do autor e do lugar; Nome de autor, do texto e do lugar (Lehmann, 1995, p. 40).

> ABOUTIR, *v.m.* Toucher d'un bout d'une choſe, s'y aller rendre. [Aboutir au rivage. *Abl.* Les principales arteres aboutiſſent à la baſe du cœur.].
>
> *Aboutir,* Finir, ſe terminer. [Aboutir en pointe. *Vau.Quin. l.7.c.3*.].
>
> *Acomodant, acomodante adj.* Qui s'acommode, qui s'acorde. [Eſprit acommodant. *Abl.* Conduite obligeante, & acommodante. *Paf. l.5.*].
>
> ACRE, *adj.* Qui a de l'acrimonie. [Urine acre, & mordante. Chaleur acre, & piquante. *La Cham.*].

Atopamos a mesma clase de IC nas entradas seguintes: *AMBROSIE, AMOUREUX, AMOUREUSEMENT, ANCIEN, ANATOMIQUE, ANGUILLADE, ANIMER, APPESANTIR, APPLAUDISSEMENT, S'APPLIQUER* e varias outras.

Pola contra, as IC non atribuídas caracterízanse pola ausencia de referencias literarias, o que as sitúa na categoría de oracións-exemplo creadas polo lexicógrafo:

> AMBITIEUX, AMBITIEUSE, *adj.* Qui a de l'ambition [Eſprit ambitieux.].
>
> AMBLE, *ſ.m.* Pas de haquenée [Aler l'amble.].
>
> *Ambition, ſ.f.* Déſir d'avoir quelque choſe de grand, & de conſidérable. [Ambition grande, violente. Arréter, régler, fixer, moderer, borner ſon ambition. Aſouvir, ſatisfaire ſon ambition.].

As colocacións explícitas non atribuídas atopanse tamén noutras entradas: *ACTUEL, ADHÉRANT, ADOPTIF, ADVERBIAL, AFFAMER, AFFAMÉ, AFFINER, AFFIRMATIF, AFFÛTÉ, AIGRE, AIGU, AIRE, ALLIÉ, AMATIR, AMBASSADEUR, ÂME, AMENUISER, AMER, AMIRAL, AMORCER, AMPHITHÉÂTRE, AMOUR, AMPOULÉ, APAISER, APPÉTIT, APHORISME* etc.

Hai que ter en conta que tanto as ICE atribuídas coma as non atribuídas preséntanse en gran parte baixo a súa forma neutralizada, separada do seu elemento lexical de orixe. Por exemplo, baixo a entrada ACCOMODANT, a estrutura colocacional *Conduite obligeante, & accomodante* extraéuse da Carta V de *Les Provinciales de Pascal:* «C'est par cette conduite obligeante & accomodante comme l'appelle le P. Petau qu'ils [les casuistes] tendent le bras à tout le monde». Baixo a entrada *ABOUTIR,* o lexicógrafo propón a colocación *aboutir en pointe* obtida a partires da neutralización da estrutura extraída do *Quinte-Curce* traducido por Vaugelas: «Cette pyramide aboutit en pointe».[12]

A neutralización aplícase ós dous tipos de colocacións máis frecuentes na mostra analizada: as colocacións verbo-nominais (V+N) e as colocacións nomino-adxectivais (N+Adx). Algúns exemplos son os seguintes:

> **Aſſoupir.* Apaiſer. [Aſſoupir[13] une querelle, ſes ennuis, une mauvaiſe afaire. *Abl.*].
>
> *S'aſſurer, v.r.* Se rendre ſeur d'une choſe. [S'aſſurer la couronne. *Vau.Quin.l.10.*].
>
> *S'atacher.* Demeurer ferme à quelque choſſe, n'en pas démordre. [S'atacher à l'Evangile. *Paf.l.7.* S'atacher à une opinion. *Paf.l.5.*].

[12] Este exemplo aparece citado en todos os dicionarios monolingües ata o século XIX.

[13] Falta ortográfica presente no texto orixinal.

A neutralización implica rexistrar os verbos na súa forma de infinitivo e os substantivos e adxectivos coa súa forma singular. Por exemplo, a colocación *science abstraite* baixo a entrada ABSTRAIT é o resultado do redeseño total dun extracto sacado das *Pensées de Pascal:* «J'avois paſſé beaucoup de temps dans l'eſtude des ſciences abſtraittes : mais le peu de gens avec qui on en peut communiquer m'en avait dégoſté» (Pascal, 1670). O mesmo ocorre na entrada seguinte:

> ASSEMBLAGE, *ſ.m.* Deux, ou plusieurs choſes ensemble. [Faire un heureux aſſemblage de ſiences & de vertus. *Maucroix*].

Aquí, o redeseño do extracto «S'ils n'ont fait un heureux assemblage de sciences et de vertus, vous ne les admettez pas dans le sanctuaire», extraído dunha carta de Maucroix a «Monseigneur Charles-Maurice Le Tellier, Archevêque de Reims, et Grand-Maitre de la Chapelle du Roy» (1675), incluíu a neutralización do verbo e a eliminación do final da cita. Un caso particular é o da entrada *AUSTERE*:

> AUSTERE, *adj.* Rude, ſevere. [Directeur auſtere. Vie auſtere. *Paſ.Lett.*].

Se a primeira colocación é o resultado dunha neutralización sacada da Carta V de *Les Provinciales de Pascal:* «ils produisent incontinent au public leurs directeurs austères, avec quelques livres qu'ils ont faits de la rigueur de la loi chrétienne», a segunda, pola contra, deriva dunha reconstrución da matriz colocacional a partir do texto extraído da carta XI, da que presentamos a continuación o fragmento do noso interese:

> Et parle-t-il avec discrétion, quand il déchire l'innocence de ces filles, dont la vie est si pure et si austère, quand il les appelle des Filles impénitentes, asacramentaires, incommuniantes, des vierges folles, fantastiques, Calaganes, désespérées, et tout ce qu'il vous plaira, et qu'il les noircit par tant d'autres médisances, qui ont mérité la censure de feu M. l'archevêque de Paris ?

A construción da IC implicou a separación das partes centrais do texto delimitadas, nun e noutro sentido, polos dous elementos da matriz que subliñamos para facelos visibles.

As IC contidas nos exemplos lexicográficos son implícitas. Este tipo de IC caracterízase a través do seu ámbito léxico e sintáctico e resulta indispensable deconstruír o texto para descubrir a colocación oculta. As IC desta categoría divídense tamén entre atribuídas e non atribuídas.

Mesmo se o dicionario naceu sobre a base dun corpus literario, como xa vimos anteriormente, tamén podemos atopar en menor medida exemplos creados polo lexicógrafo a partir dos cales se pode revelar a IC. Vexamos algúns exemplos:

> ABCES, *ſ.m.* Tumeur où il y a des humeurs enflées, ou ſupurées. [Un dangereux abcés].
>
> **Abſinte,* Déplaiſir [Cela adoucit toute l'abſinte de mon coeur].
>
> *ACULER, v.a.* Faire ranger dans un coin, pouſſer & ſerrer dans un coin. [Dogues qui ont acculé un taureau].

Como podemos observar, os exemplos sinalados teñen extensións variables, pero todos eles ocultan algunha IC. Detectamos casos coma estes en diferentes entradas, das que sinalamos algunhas: *ABJECTION, ABSOLUMENT, ABSOLUTION, ACHEVÉ, ACCUEILLIR, AFFLIGEANT, ALMANACH,*

AMBIGUÏTÉ, AMIE, AMOUREUX, ANALOGIQUE, ÂNERIE, ÂNESSE, ANGLICAN, ANALISTE, ANNATE, APPORTER, ARABE, ARBUSTE, ARCADE, ARCHITECTE, ARMÉE, ARMOIRIE, ARRIÈRE-BOUTIQUE, ATTEINDRE, ATHLÈTE etc.

Os exemplos que conteñen citas de autores a partir das cales é posible revelar as IC son máis frecuentes. Velaquí algúns exemplos:

> *Abimer, v.a.* [P]récipiter dans des abîmes, dans des goufres profonds, comme dans les enfers, faire périr. [Abîmer les coupables, les uns par des tremblemens de terre, les autres par des déluges. *Abl.Luc.* Il ne faut qu'un moment pour abîmer vos richeſſes. *Maucroix. Homelie, 2*.].
>
> *Acoſtable, adj.* Qui reçoit avec civilité ceux qui l'approchent. [Ce ſont des gens peu acoſtable. *Voi. Let. 40*].
>
> *Acte. Action.* [Repenſez mûrement à vos actes tragiques. *God. Poe.* Les actes merveilleux des Saints. *Maucroix, Homelie, 1*].

Este tipo de inserción das IC na microestrutura do dicionario atópase noutras entradas coma: *ACCUSER, ACCUSÉ (NOME COMÚN), AFFECTÉ, AFFERMIR, AFFLICTION, AFFAIBLIR, AIMABLE, ALCOVE, ALLÉGER, ALLÈGREMENT, ALLIAGE, ALLIER, ALTÉRÉ, ALLUMER, AMAS, AMBIGUMENT, AMOINDRIR, ANCRE, APPLICATION, APOCALYPSE, ARCHEVÊCHÉ, ARDEUR, ARROGANCE, ATTIÉDIR, ATTIRANT, AVANCER, AUVERGNAT* etcétera.

Debemos sinalar que a distribución das IC non é homoxénea, é dicir, pódense atopar distintos tipos de IC no apartado fraseolóxico dunha mesma entrada.

Vexamos dúas entradas nas que aparecen xuntas informacións atribuídas implícitas e explícitas:

> † **Affaſſin, aſſaſſine, adj.* Si beau qu'il fait languir, ſoupirer, & mourir amoureuſement [Viſage aſſaſſin. *Voi.Poe.* Beaux yeux aſſaſſins, ſoyez plus doux, ou bien nargue de vous. *Sca.Poe.* Que dit-elle de moi, cette gente aſſaſſine. *Mol.*].
>
> *Auſtérité. ſ.f.* Ce qui et opposé à la manière douce et aisée. [Auſtérité pénible. *Paſ.l.4*. Les auſtéritez de la vie religieuſe. *Arn*. Faire des auſtéritez. *Arn*. Renoncer aux auſtéritez. *Maucroix. Homelies*].

Outro tipo de inserción é o presente na entrada ALIÉNATION, na cal o exemplo creado, que contén unha ICI: «La fureur eſt une forte & véhémente aliénation d'eſprit sans fiévre», vai seguido dunha cita de Molière: «J'ai vu en elle de l'aliénation d'eſprit», que oculta outra IC.

3. As colocacións especializadas

A descrición de termos unida a palabras da lingua común converte o *Richelet* no precursor do xénero dos dicionarios enciclopédicos (cf. Quemada, 1967), adiantándose ata dez anos á obra de Furetière. En última instancia, o que diferenza os dous repertorios lexicográficos é o papel que lle asignan ás palabras da lingua común e tamén o diferente punto de partida dende o cal se deseñaron ambos os dous proxectos lexicográficos (cf. Rey, 2006).

No *Richelet*, as entradas dedicadas a termos tamén conteñen IC de diferente orde. Os termos identifícanse mediante o emprego do sintagma metalingüístico *Terme de...* seguido da denominación do dominio ou profesión,[14] que xeralmente, e con raras excepcións, se coloca inmediatamente despois do encabezamento.[15] As colocacións rexistradas nestas entradas deben considerarse unidades especializadas e propias dun dominio concreto. Por outra parte, os ICE non atribuídos están moi estendidos:

> *Addition.* Terme d'Aritmétique. Art d'aſſembler pluſieurs ſommes, ou pluſieurs nombres, pour trouver la ſomme totale. [Faire une addition.].
>
> *Augment, ſ.m.* Terme de Grammaire Grecque. Augmentation de quantité, ou de lettres qui ſe fait au commencement du verbe en certains tems. [Augment ſillabique, augment temporel.].

O repertorio rexistra igualmente IC especializadas con forma explícita atribuída:

> Auriculaire, *adj*. Terme d'Egliſe. Qui regarde l'oreille, qui ſe dit à l'oreille. [Confeſſion auriculaire. *Maucroix*.]
>
> Abroger, *v.a.* Terme de palais. Détruire, caſſer, anuler. [Abroger un édit. *Le Mai*. Abroger la puiſſance du Pape. *Maucroix*.]

Non faltan ICI, ben sexan provenientes de citas ou ben sexan creadas para a obra:

> *Apoſtrophe.* Terme de Rétorique. Figure par laquelle on s'adreſſe à quelqu'un. [Une apoſtrophe fort touchante].
>
> **Abreuver.* Terme de verniſſeur. [F]aire boire. [La prémiere couche de vernis n'eſt que pour abreuver le bois].
>
> Adminiſtrer, *v.a.* Ce mot ſe dit des finances, & des revenus, & veut dire gouverner. [Adminiſtrer les finances. *Le Mai*. Les revenus de la République étoient ſagement adminiſtrés. *Abl. Tac. An. l. 4. c. 14.*].

Na maior parte dos casos, as ICI atribuídas aparecen xunto a outros tipos de IC (v. *Administrer*).

4. O acceso á colocación

Como xa mencionamos máis arriba, e agás escasas excepcións,[16] do mesmo xeito que o exemplo atribuído (a cita), o exemplo creado para o dicionario, a locución e o proverbio,

---

[14] Neste último caso atopamos: *Terme de…metteur en œuvre, vernisseur, tripot, maçon, cartonnier, orfelier, meunier, joueur d'instruments de musique, faiseur de lustres* etc. Existen casos nos que a denominación do dominio é substituída por outro termo; por exemplo, para o dominio da teoloxía, márcanse os termos co sintagma metalingüístico *Terme consacré* (v. azime). Outro sintagma presente na microestrutura é o de *Terme de Religieux Bernardin* (v. *bâaillon*).

[15] Tómese por caso a entrada aduste : *Aduſte. adi.* Brûlé. [Un ſang aduſte. *Terme de Medecine*]. Este e outros exemplos mostran que certas eivas, olvidos e falta de homoxeneidade na distribución dos elementos metalingüísticos se deben, en parte, á rapidez coa que se compilou este dicionario.

[16] A rapidez coa que se elaborou o dicionario deixou rastros non só a nivel de faltas de ortografía, senón tamén nas tentativas de formular un protocolo editorial definitivo para o repertorio. Atopamos este tipo de rastros en entradas coma *ambition* e *armes*, por exemplo. A partir da lectura da letra B, podemos notar a presencia de novos elementos, sexa debido a aplicación dun protocolo editorial ou a vacilacións no dicionario, sobre

no *Richelet* a colocación sinálase co uso de corchetes ó final de cada artigo, os cales identifican o apartado fraseolóxico. O único que falta é saber como acceder ás IC. Cal é o elemento da colocación a partir do cal se accede á información, á base ou ó colocativo?

No *Richelet*, o acceso á IC pode facerse partindo tanto da base como do colocativo. Accédese a través da base se a entrada é un nome común:

> Aliance, *ſ.ſ.* Sorte de parenté, d'amitié, & de liaiſon. Union de peuples pour leurs interêts particuliers. Convention qui ſe fait à l'amiable. Union entre des perſonnes. [Aliance ſainte & ſacrée. Faire aliance, jurer aliance avec quelqu'un. *Abl.* Accepter l'aliance de quelqu'un. *Abl. Ret.* Recevoir en ſon aliance. *Abl. Ar.* Rompre l'aliance, quiter l'aliance de quelqu'un. *Arn*.]

Pola contra, se se trata dun adxectivo, accédese a través do colocativo, tal e como sucede nas entradas que seguen:

> Accessible, *adj.* Qu'on peut aprocher. [Lieu acceſſible].
>
> **Ardent, ardente*. Vif, paſſionné, véhément. [Eſprit ardent, paſſion ardente].

O mesmo ocorre cando hai presenza de colocativos verbais:

> Achever, *v.a.* Finir, terminer. [Achever un palais. (…)]
>
> *Acommoder*. Aſſaiſonner. [Acommoder des œufs, du poiſſon, &c.].

Tamén se garante o acceso a partir do colocativo se este é un adverbio:

> *Activement, adv.* Dans un ſens actif. [Verbe pris activement].
>
> **Ardemment, adv.* Avec ardeur, avec feu, avec paſſion. [Diſputer ardemment, aimer ardemment. *Abl*.].

As colocacións especializadas garanten os mesmos tipos de acesos a partir da base ou do colocativo, como podemos ver nas entradas seguintes:

> *Action, v.r.* Terme de palais. Droit de pourſuivre quelqu'un en juſtice. [Action réelle, perſonnelle ou criminelle. Avoir action, intenter action contre quelqu'un. *Le Mai*.]
>
> Amarrer, *v.a.* Terme de mer. Lier. [Amarrer un vaiſſeau.]

A información semántica dun dos elementos da asociación aseguran o acceso á IC. O resultado deste percorrido orientado é a adquisición dunha información formal e semántica do conxunto da asociación.

A través deste sistema orientado de seguimento e lectura das IC, pódense identificar no *Richelet* as tres categorías de colocacións propostas por Tutin e Grossmann (2002):

(1) colocacións opacas: o colocativo, que cambia o seu sentido en función da base, é impredicible e a asociación é difícil de descodificar (ver ardent e ardemment). Ademais, as entradas nas que aparecen estas informacións

todo na sección dedicada ós exemplos e á fraseoloxía. Por exemplo, a certas colocacións acompáñanas informacións semánticas (ver battre). Mais tamén se observan vacilacións entre marcar en redonda ou en cursiva as informacións colocacionais.

márcanse cun asterisco que indica, segundo a *Explication des marques* (ver o parágrafo introdutorio desde estudo), que a palabra ou frase aparecen cun sentido figurado;[17]

(2) colocacións transparentes: forman parte desta tipoloxía aquelas colocacións nas que o colocativo é facilmente interpretable, pero continúa a ser impredicible dende o punto de vista semántico e/ou sintáctico (ver ACCESSIBLE e ACHEVER);

(3) colocacións regulares: a asociación resultante é transparente e motivada. O colocativo asóciase a un paradigma amplo de palabras ás que está ligado por afinidades semánticas nas colocacións coma *amarrer un vaisseau* (AMARRER), *accommoder des œufs, accomoder du poisson* (ACCOMMODER), pero tamén noutras coma *action réelle, action personnelle* e *action criminelle* (ACTION).

A análise do acceso á colocación permite tamén medir o grado de redundancia das IC no dicionario. A redundancia lexicográfica consiste no rexistro dunha mesma colocación tanto na entrada da base como na do colocativo. Na nosa mostra atopamos casos de redundancia, sobre todo no caso de colocacións especializadas. Por exemplo a colocación *ablatif absolut* está rexistrada baixo a entrada da base (ABLATIF) e baixo a entrada do colocativo (ABSOLU), ambas as dúas marcadas coma termos gramaticais. Atopamos a mesma situación para a colocación *battre l'assemblée*, que tamén está presente na entrada da base ASSEMBLÉE (marcada coma un termo relacionado coa guerra) e na do colocativo BATTRE (marcado como un termo relativo ós tambores). Este último caso sería unha redundancia parcial, xa que a colocación se toma de distinta forma dende o punto de vista semántico segundo o dominio de cada entrada.

Pola contra, a colocación *assortir un chapeau* rexístrase soamente baixo a entrada do seu colocativo (ASSORTIR), coa definición «mettre la forme dans un chapeau en blanc», e non aparece baixo a entrada da súa base (CHAPEAU). Esta elección podería derivar de que só o primeiro elemento se considera coma un termo do dominio dos sombreireiros.

Enténdese daquela que recorrer á redundancia das IC non é asistemático. Ó contrario, podería formar parte dun proxecto lexicográfico no tratamento das colocacións. Será necesario realizar análises máis profundas para confirmar un tratamento sistemático das colocacións, especialmente no plano semántico.

5. Conclusións

Despois deste estudo parcial, baseado nunha mostra limitada, podemos afirmar que o *Richelet* é o primeiro dicionario francés que trata as colocacións, tanto da lingua común coma da linguaxe especializada. Puidemos constatar a maneira na cal se tratan as IC na microestrutura do repertorio e, especialmente, baixo que forma. En relación a este último aspecto, constatamos tamén que as IC poden presentarse de xeito convencional ou en

[17] Ver tamén as colocacións *amour aveugle, colère aveugle, paffion aveugle* na sub-entrada AVEUGLE, na que o encabezamento se ve precedido por un asterisco.

forma de oración-exemplo, particularmente no caso das citas de autores. No segundo caso, o tratamento da colocación está ligado de xeito indiscutible á presenza de exemplos, ben sexan creados para o dicionario ou ben sexan citas atribuídas (cf. Lehmann, 1995). Así mesmo, na microestrutura do dicionario non faltan colocacións especializadas que reciben un tratamento distinto do dado ás da lingua común, principalmente dende o punto de vista semántico e, en particular, na utilización do sistema de redundancia lexicográfica.

Para rematar, dedicamos a última parte da análise ás modalidades de acceso ás IC, unha operación que pode realizarse partindo tanto da base coma dos colocativos. O acceso ó compoñente formal e semántico da asociación pasa polo compoñente semántico dun dos dous elementos. Isto permítenos identificar as tres categorías de colocacións propostas por Tutin e Grossmann (2002).

Engadimos un último dato sobre o carácter probablemente idiosincrático das colocacións que se atopan no *Richelet*. A cuestión da idiosincrasia é moito máis complexa do que pensamos e non concirne só o léxico, senón tamén ó dicionario como obxecto, que «in the vast majority of its realizations is composed by (fallible) human beings» (Wooldridge, 2004). A elección que fixo o lexicógrafo de utilizar citas de autores para a construción das entradas é en si mesma idiosincrática, pero ninguén pode afirmar que o léxico, as colocacións e as demais unidades lingüísticas ou fraseolóxicas que contén teñan un carácter idiosincrático. Incluso unha análise comparada entre as unidades colocacionais do *Richelet* e as contidas noutro dicionario, coma o *Furetière*, non poderían establecer con precisión o seu grao de idiosincrasia, xa que se trataría de dúas obras idiosincráticas. O importante é deterse na obra, particularmente no que esta ofrece e, a través da análise das unidades lingüísticas que describe, coma as colocacións, identificar o concepto da lingua subxacente e o proxecto lexicográfico ideado polo lexicógrafo. É isto o que nós tratamos de facer, na medida do posible, co dicionario de Richelet.

6. Referencias bibliográficas

Bárdosi, V. (1990). Contribution à l'histoire de la phraséologie française des origines jusqu'à Michel Bréal. *Acta Romanica*, *14*, 61–132.

Bárdosi, V. (2017). *Du phrasème au dictionnaire. Études de phraséographie franco-hongroise*. Eötvös Kiadó.

Bolly, C. (2011). *Phraséologie et collocations. Approche sur corpus en français L1 et L2*. Peter Lang.

Bray, L. (1985). Notes sur la réception du *Dictionnaire françois* (1680) de Pierre Richelet. *Lexicographica*, *1*, 243–251.

Dubreil, E. (2008). Collocations : définitions et problématiques. *Texto !*, *13*. http://www.revue-texto.net/docannexe/file/126/dubreil_collocations.pdf.

Du Cloux, L.-Ch. (1674). *Vocabulaire françois avec une phraseologie convenable a tous ses mots*. Schmuck.

Gégou, F. (1962). *Antoine Furetiére abbé de Chalivoy ou la chute d'un immortel*. Nizet.

González Rey, I. (2015). *La phraséologie du français*. Presses universitaires du Midi.

Hausmann, F.-J. (1989). Le dictionnaire de collocations. En F.-J. Hausmann, O. Reichmann, H.E. Wiegand & L. Zgusta (eds.), *Wörterbücher : ein internationales Handbuch zur Lexicographie. Dictionaries. Dictionnaires* (pp. 1010–1019). De Gruyter.

Heid, U. (1994). On ways Words Work Together. Topics in Lexical Combinatorics. En M. Willy (ed.), *Proceedings of the VIth Euralex International Congress* (pp. 226–257). Vrije Universiteit.

Larousse, P. (1866–1876). *Grand dictionnaire universel du XIXe siècle*. Administration du Grand dictionnaire universel.

Lehmann, A. (1995). La citation d'auteurs dans les dictionnaires de la fin du XVIIe siècle (Richelet et Furetière). *Langue française*, *106*, 35–54. https://www.jstor.org/stable/41558721.

Leroy-Turcan, I. (1997). Façons de parler, locutions et collocations au 17e siècle : Gilles Ménage (1613–1692). En P. Fiala, P. Lafon & M.-F. Piguet (eds.), *La locution : entre lexique, syntaxe et pragmatique. Identification en corpus, traitement, apprentissage* (pp. 255–270). Klincksieck.

Littré, É. (1863-1869). *Le dictionnaire de la langue française*. Hachette.

Ost, F. (2008). *Furetière. La démocratisation de la langue*. Michalon.

Petrequin, G. (2009). *Le «Dictionnaire françois» de P. Richelet (Genève, 1679/1680). Étude de métalexicographie historique*. Peeters.

Petrequin, G. (2007). Le dictionnaire françois de Richelet : un « aventurier » de la lexicographie. *L'information grammaticale*, *114*, 5-6. https://doi.org/10.3406/igram.2007.4442.

Petrequin, G. (2004). Remarqueurs et remarqueuses anonymes dans le Dictionnaire de Richelet (1680) : la présence d'une oralité cachée dans le discours lexicographique. En Ph. Caron (ed.), *Les Remarqueurs sur la langue française du XVIe siècle à nos jours* (pp. 263–286). Presses Universitaires de Rennes.

Piélat, B. (1684). *Octoglotton ou phraseologie en huict langues sçavoir en francois, latin, espagnol, portugais, italien, alemand, flamand & Anglois*. Iacob Velsen.

Pruvost, J. (2000). *Les dictionnaires français : outils d'une langue et d'une culture*. Ophrys.

Quemada, B. (1967). *Les Dictionnaires du français moderne : 1539–1863*. Didier.

Rey, A. (2006). *Antoine Furetière. Un précurseur des Lumières sous Louis XIV*. Fayard.

Rey, C. (2021). *Dictionnaire et société*. Champion.

Richelet, C.-P. (1680). *Dictionnaire françois : contenant les mots et les choses, plusieurs nouvelles remarques sur la langue françoise, ses expressions propres, figurées et burlesques, la prononciation des mots les plus difficiles, le genre des noms, le régime des verbes*. J.-H. Widerhold.

Siouffi, G. (2007). Le dictionnaire françois face à la compétence des locuteurs. *L'information grammaticale*, *114*, 11–19. https://doi.org/10.3406/igram.2007.4444.

Tutin, A. & Grossmann, F. (2002). Collocations régulières et irrégulières : esquisse de typologie du phénomène collocatif. *Revue française de linguistique appliquée*, *7*, 7–25. https://doi.org/10.3917/rfla.071.0007.

Williams, G. (2003). Les collocations et l'école contextualiste britannique. En A. Tutin & F. Grossmann (eds.), *Les collocations analyse et traitement* (pp. 33-44). Éditions de Werelt.

Wooldridge, R. (2004). Lexicography. En S. Schreibman, R. Siemens & J. Unsworth (eds.), *A Companion to Digital Humanities*. Blackwell Publishing. http://www.digitalhumanities.org/companion/.

Moito sabe o rato, pero máis sabe o gato. A linguaxe figurada felina en lingua galega[1]

The mouse knows a lot, but the cat knows more. *The feline figurative language in Galician language*

Andrea González Pereira
Universidade de Vigo
https://orcid.org/0000-0001-6183-0428
andreagonzalezp@uvigo.es

Resumo: O presente estudo, que forma parte dunha investigación fraseolóxica máis ampla constituída por 1317 expresións figuradas con referentes animais, é unha análise de 90 desas expresións construídas co referente de 'gato/gata'. As persoas adoitamos conceptualizar moitas situacións da nosa vida diaria, sobre todo aquelas que nos resultan abstractas ou de difícil comprensión, a través da linguaxe figurada. Os referentes do mundo animal ocupan un lugar importante na creación de expresións figuradas nas que o ser humano adoita verse animalizado para, dese xeito, comprender e expresar mellor determinadas realidades. A través da análise destas expresións, extraídas tanto de obras lexicográficas xerais e especializadas galegas coma da lingua oral, pretendemos coñecer a valoración que a sociedade galega fai do gato, centrada en tres ámbitos temáticos: a caracterización do animal (tanto física coma moral), as relacións deste con outros animais e co ser humano e súa valoración histórica na sociedade galega.

Palabras chave: expresión figurada, conceptualización, animalización, gato.

Abstract: This study, which is part of a larger phraseological investigation of 1,317 figurative expressions with animal referents, is an analysis of 90 Galician figurative expressions constructed with the animal referent of 'cat'. Humans conceptualise many situations of their daily life —especially those abstract or difficult to understand— through figurative language. Referents from the animal world play an important role in the creation of figurative expressions in which human beings undergo a process of animalization so they can understand and better express certain realities. Through the analysis of these expressions —extracted from Galician general and specialized lexicographical works as well as from oral language—, we aim to know how cats are considered by Galician people regarding three thematic fields: the characterization of the animal

[1] Data de recepción: 27.02.22. Data de aceptación: 01.07.22.

(physically and morally), its relation with other animals as well as with humans, and its historical assessment within the Galician society.

Keywords: figurative expression, conceptualization, animalization, cat.

1. Introdución

Calquera lingua do mundo conta cunha gran variedade terminolóxica referida a ámbitos temáticos particulares; así e todo as persoas non atopamos, ás veces, as palabras axeitadas para nomear unha realidade concreta, sobre todo se esa realidade é complexa ou abstracta (sentimentos ou emocións). Nestes casos adoitamos usar a linguaxe figurada en xeral, e a metáfora en particular, non só para comunicármonos diariamente, senón tamén para comprender certo tipo de realidades.

Os lingüistas Lakoff e Johnson (1980, p. 115) estudaron o uso de expresións figuradas na vida cotiá das persoas como un mecanismo de comprensión propio do sistema conceptual humano, pois permiten representar unha idea en termos doutra. Así, os autores interpretan a linguaxe figurada como un utensilio que axuda a ensamblar na nosa mente os conceptos, que quedan interiorizados en clave doutros a través dun proceso de conceptualización; un razoamento ó que chamaron *teoría conceptual da metáfora*. Deste xeito, cando as persoas precisamos entender e expresar mellor determinados conceptos, que normalmente son abstractos, botamos man daquelas realidades próximas e ben coñecidas, de imaxes concretas e facilmente recoñecibles para crear expresións:

> Metaphor is the main mechanism through which we comprehend abstract concepts and perform abstract reasoning. Much subject matter, from the most mundane to the most abstruse scientific theories, can only be comprehended via metaphor. Metaphor is fundamentally conceptual, no linguistic, in nature. Metaphorical language is a surface manifestation of conceptual metaphor. Though much of our conceptual system is metaphorical, a significant part of it is nonmetaphorical. Metaphorical understanding is grounded in nonmetaphorical understanding. Metaphorical allows us to understand a relatively abstract or inherently unstructured subject matter in terms of a more concrete, or at least more highly structured subject matter (Lakoff, 1993, p. 244).

Dentro da fraseoloxía, o ámbito temático animal supón unha fonte case inesgotable de creación de expresións figuradas, amplamente recollidas noutras culturas (*vid*. Cazal, 1997; Ferreira Guerra, 2011; Mãças, 1950; Brumme, 2006, entre outros). A partir da interpretación do comportamento dos animais, sobre todo daqueles que conviven máis estreitamente co ser humano, podemos establecer vínculos semánticos que nos permiten entender e nomear todo tipo de realidades.

Neste estudo centrarémonos naquelas expresións figuradas galegas que se forman tomando o gato como referente e que lles serven ás persoas para manifestar determinados sentimentos ou estados humanos a través da imaxe deste animal. Posto que o gato é un dos animais máis próximos ás persoas e un dos que máis participa, xunto co can, da vida doméstica diaria, o noso obxectivo é saber cal é a visión ou concepto que ten a sociedade galega del a través da análise das expresións figuradas galegas nas que aparece recollido. Ademais, pretendemos ofrecer, tamén, un repertorio galego de expresións figuradas con

este referente animal, no que indicamos o significado figurado de cada unha delas, a fonte da que foron extraídas e a característica que se resalta del para formar cada expresión.

2. O gato tal e como o coñecemos

O noso gato doméstico, coñecido tamén como *gato caseiro* ou *caseño,*[2] procede da especie *Felis silvestris* (gato montés), que se escindiu en distintas razas hai milleiros de anos. Segundo explica Perozo Ruíz (1999, p. 496), os primeiros indicios da súa domesticación atoparíanse hai aproximadamente 4000 anos en Exipto.[3] Crese que os traballadores agrícolas exipcios o acolleron como un eficaz cazador de roedores que protexía as súas colleitas de gran, polo que lle acabaron dando acubillo e protección nas súas vivendas (Mariño Ferro, 1996, p. 170). Na medida en que os exipcios descubrían as habilidades e a beleza do gato, foi medrando un fondo respecto cara a el que se transformou en veneración,[4] de maneira que era momificado, ó igual que se facía coas persoas, co obxectivo de que o seu espírito chegase intacto á outra vida (Kemp, 2008, en liña).

A domesticación do gato viuse motivada, xa que logo, pola súa destreza na caza e polo servizo que esta capacidade lle proporcionaba ó ser humano. Así, en plena romanización, o gato estaba xa completamente establecido como un animal doméstico (Macdonald, 2001, p. 38). Sábese que na Idade Media os primeiros exploradores levaban gatos nas súas embarcacións para mantelas limpas de roedores que puidesen arruinar as súas provisións. Desta maneira, a medida en que se colonizaban novos mundos, os felinos chegaban cada vez a máis lugares (Kemp, 2008, en liña).

A valoración positiva do animal polos seus dotes cazadores estendeuse dende Exipto a outras partes do mundo, pero non así a súa veneración. En Europa o gato conta cunha historia un tanto escura procedente das crenzas que se estenderon na Idade Media e que o vinculaban co mundo das tebras, probablemente polos seus hábitos nocturnos e a imaxe dos seus ollos brillantes na escuridade (Mariño Ferro, 1996, p. 171). Existía, entón, unha superstición que identificaba os gatos negros co demo e os relacionaba coas bruxas como seguidoras deste. Segundo explica Ferreira Guerra (2011, p. 486), na cultura occidental crese que os gatos son animais estimados polas bruxas e dise, tamén, que estas os usaban para zugarlles a alma ós bebés acabados de nacer.[5] De feito, na antigüidade, adoitaba atribuírselles ós gatos a morte misteriosa dos bebés (hoxe en día ben coñecida

[2] Rodríguez González (1958-1961, en liña) defíneo como «gato que se aficiona a la casa en que vive y que por lo general no sale de ella, aunque tenga ocasión para hacerlo».

[3] A doutora Leslie Lyons levou a cabo unha investigación xenética dos gatos na Escola universitaria da Universidade de Davis (California) co obxectivo de descubrir en que lugar do mundo se comezaron a domesticar. Despois de recoller mostras xenéticas de exemplares felinos de todo o mundo, puido determinar que todos os gatos analizados descenden dun reducido grupo de antepasados situados en Exipto, posto que a variedade xenética dos gatos exipcios se atopa en cada un dos gatos analizados do resto dos países (Kemp, 2008, en liña).

[4] Suárez Cuadros (2006, p. 165) engade que a sociedade exipcia sentía un profundo respecto por estes animais, pois consideraban que eran os bos espíritos do fogar, de maneira que lles construían templos e regalaban as súas imaxes bañadas en ouro e prata.

[5] Mariño Ferro (1996, p. 171) explica que en Portugal existe a crenza de que as bruxas, como seguidoras de Satán, se encarnaban en gatos para levar a cabo as súas vilanías. Miañaban nos tellados das casas en que había nenos pequenos ós que zugarlles as almas.

como a morte súbita infantil) e críase que acumulaban as vidas que roubaban. Cóntase, ademais, que cando condenaban as persoas acusadas de herexía á forca mataban tamén os seus gatos, por consideralos demoníacos (Kemp, 2008, en liña).

Co paso do tempo, as supersticións e crenzas asociadas ó gato foron mudando en cada cultura a medida en que mudaba tamén a mentalidade da poboación. Así e todo, o gato non deixou de ser un animal ó que se lle atribúen capacidades sensoriais un tanto especiais. En Galicia asóciase coas predicións meteorolóxicas e con certas enfermidades:

> En la Galicia campesina tiénese al gato por animal meteorológico; y debido a esta común creencia se considera que muchos de sus actos en algunos días indican el estado del tiempo con más seguridad que un buen barómetro. Así cuando corre mucho por la casa es señal de viento; y cuando se lava la cara es anuncio de visita o de lluvia próxima. Suponen los supersticiosos que tragando un pelo de gato se produce la epilepsia, y que si se come algo que el gato hubiera probado, se adquiere el asma o alguna enfermedad de las llamadas gafentas, y hay también quienes creen que un gato completamente negro[6] da buena suerte en una casa (Rodríguez González, 1958-1961, en liña).

En Galicia crese que o gato é, tamén, responsable de certas doenzas infantís, contraídas polas/os nenas/os a través do seu alento (Mariño Ferro, 1996, p. 172). Mais, a pesar disto, este animal é apreciado dende antigo pola súa utilidade para a caza de roedores, causantes de grandes danos materiais nas casas galegas (Valladares Núñez, 1884, en liña).

Por outro lado, o gato adoita aparecer en fábulas e contos infantís (*vid*. La Fontaine, 1966 ou Seoane, 1999) representado como un ser malvado e infame que se vale da súa aparencia mansa (por estar dotado dun manto suave e aveludado que o fai parecer un ser inofensivo) para enganar hipocritamente os outros animais.

3. Metodoloxía

3.1. Expresións seleccionadas

Para a creación deste corpus de traballo seleccionamos expresións figuradas construídas tomando o gato como referente, xa sexa mediante unha alusión explícita en que se empregue o seu nome (*gata polbeira*), por alusións ós ruídos que emite (*miar/miañar*) ou a accións concretas realizadas polo animal (*rabuñar coma un gato*).

Canto á morfoloxía, entendemos por unidade fraseolóxica, seguindo a clasificación feita por Álvarez de la Granja (2003, p. 11), toda combinación de dúas ou máis palabras que presenta fixación dos seus compoñentes, que non segue un proceso de formación regular e produtivo, que posúe unidade conceptual e/ou funcional e que se vincula cunha situación dada. As expresións figuradas que aquí recollemos son de tipo variado en tanto que poden ser unidades monoverbais, constituídas por unha soa palabra (*gatada*), ou entidades fraseolóxicas pluriverbais, constituídas por dúas ou máis palabras (*catro gatos*

[6] Fraguas Fraguas (1965, p. 243) explica, tamén, que en Galicia trae boa sorte ter un gato negro na casa, aínda que tamén existe a crenza de que se un tropeza cun gato negro fóra da casa terá mala sorte en asuntos económicos ou monetarios.

/ *facerse a gata morta* / *bos días! Díxolle o gato ás sardiñas* / *ter sete vidas coma un gato* / *cando o gato non está, os ratos bailan*).

Dentro das unidades fraseolóxicas pluriverbais, e continuando coa clasificación feita por Álvarez de la Granja (2003, pp. 20–24), forman parte do noso corpus as locucións e os enunciados fraseolóxicos. As primeiras son elementos oracionais que non constitúen actos de fala de seu, senón que se insiren noutros actos de fala e que se clasifican tendo en conta o seu funcionamento no discurso. As segundas, en cambio, si constitúen actos de fala de seu e non necesitan combinarse con ningún elemento do discurso (*vid*. Zuluaga, 1980). No noso corpus rexistramos os seguintes tipos de locucións cun significado figurado: substantivas (*gato escaldado*), adverbiais (*a fu de gato*) e verbais (*facer a gata*). Entre as locucións, cómpre mencionar ademais a existencia de numerosas expresións de carácter comparativo ([lavarse] *coma (os) gatos*, [correr] *coma o gato polas brasas*, [áxil] *coma un gato*...).

Canto ós enunciados fraseolóxicos, un dos tipos que recollemos é o refrán, un enunciado fraseolóxico lexicalizado que encerra un valor de verdade xeral válida en calquera tempo, que goza de autonomía sintáctica e textual e adoita ser de autoría anónima (Arnaud, 1991, p. 12) (*máis vale ser cabeza de rato que rabo de gato*).

Outros enunciados fraseolóxicos que analizamos aquí son as fórmulas, enunciados que non presentan valor de verdade xeral, pero si teñen un significado pragmático e situacional (Zuluaga, 1980, p. 207) (*perdón polo gato ladrón/lambón*) e os dialoxismos, constituídos por unha frase impersoal seguida dun comentario xeralmente irónico (Casares, 1992 [1950], p. 195) que se interpretan como un único enunciado (aínda que se perciben trazos de diálogo) (*bos días! Díxolle o gato ás sardiñas*).

As expresións sobre as que traballaremos refírense a aspectos do comportamento animal, o que as persoas interpretamos como carácter ou condición deste, á relación que existe entre as persoas e este animal e a aspectos que dan indicios da valoración que se fai gato. Optamos por omitir, nesta análise, as expresións nas que se fai referencia á súa morte, a aspectos biolóxicos ou a enfermidades comúns nel.

A gran maioría das expresións figuradas que aquí recollemos caracterízase, ademais, por implicar a animalización ou zoomorfización do ser humano nun gato, isto é, establécese nelas unha relación entre a aparencia, as actitudes e o comportamento do animal e as persoas. Nestas unidades, chamadas zoomorfismos, dáse un proceso de metaforización ó aplicarlle as calidades propias dun animal a un ser humano (Cruz Cabanillas e Tejedor Martínez, 1998, p. 383). Estes zoomorfismos distínguense, xa que logo, por empregar o nome dun animal en sentido figurado para caracterizar unha persoa a través da metáfora conceptual AS PERSOAS SON ANIMAIS.

3.2. Fontes

A recolleita das expresións figuradas levámola a cabo a partir do baleirado de refraneiros e dicionarios especializados en fraseoloxía galega, para despois completar a información cos dicionarios de carácter xeral. Os primeiros foron o *Refraneiro galego básico* (Ferro

Ruibal, 1995) (RGB), o *Refraneiro galego máis frecuente* (Ferro Ruibal, 2002) (RGMF), o *Dicionario fraseolóxico galego* (Martínez Seixo, 2000) (DFXG); o *Dicionario fraseolóxico do mar* (Rivas López, 2005) (DFXM), o *Dicionario de fraseoloxía galega* (López Taboada e Soto Arias, 2008) (DFG) e a achega feita por Ferro Ruibal (2006), en forma de artigo, de 9713 "Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas" (LFCEG), extraídas do *Tesouro Fraseolóxico Galego* (TFG).

O baleirado de dicionarios xerais permitiunos localizar expresións monoverbais que, en principio, non adoitan aparecer en dicionarios fraseolóxicos, así como completar o repertorio fraseolóxico extraído dos dicionarios especializados. Para esta busca escollemos o *Gran dicionario Xerais da lingua* (Carballeira Anllo, 2009) (GDXL) e o *Dicionario da Real Academia Galega* (González González, 2012) (DRAG), nos que tamén buscamos voces creadas a partir da raíz do nome do animal e que posúen un sentido figurado (*gatada*).

Coa intención de atopar outras construcións figuradas que fixesen referencia de maneira indirecta ó gato, consultamos o *Dicionario conceptual galego* (Quintáns Suárez, 1997) (DCG), no que puidemos atopar outros usos figurados con este referente animal mediante unha nova busca nos refraneiros e dicionarios antes citados e completar as expresións extraídas de fontes escritas (por exemplo, con expresións como *miañar* para referirse a accións que realiza o ser humano).

Ademais de empregar estas obras como fonte de información para a extracción das expresións, utilizamos tamén outras para contrastar e interpretar aquelas que en principio nos resultaron dubidosas. Buscamos estas construcións en refraneiros como o *Refraneiro galego e outros materiais da tradición oral* (Vázquez Saco, 2003), o *Refraneiro galego* (Taboada Chivite, 2000) e nos dicionarios de carácter xeral que se recollen no *Dicionario de dicionarios*[7] (Santamarina Fernández, 2003).

Xa que a oralidade é o contexto principal de uso da linguaxe figurada, elaboramos unha enquisa fraseolóxica[8] que nos permitiu recoller expresións novas co referente animal *gato* ou variantes daquelas que xa posuïamos mediante o baleirado dos dicionarios anteriormente citados. Realizamos en total 300 enquisas, das que 250 foron de carácter electrónico[9] (mediante unha plataforma web e pensadas, sobre todo, para informantes de mediana idade ou menos) e 50 de carácter oral (a través do contacto persoal con informantes de máis avanzada idade).

---

[7] Para coñecer máis sobre estas obras poden verse os prólogos respectivos incluídos neste dicionario en http://sli.uvigo.gal/DdD/documentos/ddd_prologos.pdf

[8] Posto que este traballo forma parte dunha investigación maior, na enquisa recolleuse tamén información de moitos outros animais para completar un repertorio fraseolóxico animal máis amplo. Pode consultarse esta enquisa no apéndice.

[9] Accesible no enderezo: https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLScyxxxDKdL7oD1ysm-c40HsFssqH8Y8RMqhk7q0CDwRMzirnQ/viewform?c=0&w=1

3.3. Criterios para a presentación das expresións

O número total de expresións recollidas co referente de *gato* foi de 90 (3 expresións monoverbais; 9 locucións non comparativas; 47 locucións comparativas; 29 refráns; 1 fórmula e 1 dialoxismo).

Presentamos estas expresións desagregadas en tres ámbitos temáticos xerais que representan a opinión que ten a sociedade galega do animal: aspectos referidos á súa caracterización (que aluden tanto á súa conduta coma a aspectos físicos), ás relacións que se dan entre o gato e o ser humano ou entre o gato e outros animais e aspectos que teñen que ver cunha valoración positiva ou negativa deste animal. Dentro de cada un destes tres ámbitos temáticos xerais, existen outros subámbitos que concretan tematicamente cada expresión.

O significado que ofrecemos en cada unha das expresións é o figurado, aquel que empregamos frecuentemente para extraer o ámbito temático en que situamos a unidade. Para conseguir o significado figurado idóneo en cada caso, adoitamos transcribir aquel que achega a obra da que foi tirada a expresión. Cando unha mesma expresión se rexistra en máis dunha fonte, escollemos o significado que cremos que achega unha información máis completa e clara. Nestes casos, as siglas da obra da que foi tirada a definición márcanse en letra grosa. Para aqueles casos nos que non atopamos ningunha definición axeitada da expresión —etiquetas xenéricas nas obras consultadas ou imprecisión de significado nas enquisas— buscamos noutras fontes que non fosen consultadas previamente (refraneiros e dicionarios galegos ou doutras linguas próximas, artigos, blogs...) e que nos puidesen achegar unha definición adecuada para a expresión; indicamos a fonte orixinal cunha nota ó rodapé. No caso de non atopar ningunha definición adecuada mediante esta busca, facemos unha paráfrase do seu significado baseada nas nosas lecturas e no noso coñecemento cultural. Especificamos que o significado que ofrecemos é noso mediante un asterisco (*) ó comezo da definición.

A seguir presentamos as expresións recollidas, xunto co seu significado figurado e a obra ou obras das que foron tiradas. No caso de que se extraeran dunha enquisa electrónica (EE) ou oral (EO), tamén se especifica.

4. Retrato do gato a través das expresións figuradas galegas

O gato é o segundo animal que máis veces se rexistra no noso corpus. Despois do can, que se rexistra 161 veces, o gato funciona como referente de 90 expresións figuradas.

Nos seguintes apartados desagregamos os ámbitos temáticos asignados ás expresións figuradas galegas que teñen o gato como referente e tentamos dar un perfil completo da valoración que a sociedade galega fai del.

4.1. Caracterización

4.1.1 Carácter/condición

A **gula** é a primeira característica que as/os galegas/os destacan do gato. Como explican Iñesta Mena e Pamies Bertrán (2002, p. 166), os animais son frecuentemente utilizados como referentes de expresións figuradas que conceptualizan a gula a través dunha metáfora conceptual do tipo O QUE COME MOITO É UN ANIMAL. A partir desta créase outra metáfora conceptual máis concreta en que o ser humano se ve animalizado nun gato: O QUE COME MOITO É UN GATO. Así, en galego temos expresións como:

- [larpeiro] *coma un gato*: * 'moi larpeiro' (EE)
- [gordo] *coma o gato dun abade*: 'gordura' (LFCEG)

A imaxe que se agocha detrás da primeira expresión é a dun gato que está sempre a comer, mentres que na segunda é a dun gato gordo despois de moita comida. Deste xeito, o gato funciona nesta segunda expresión como referente de dous valores da gordura (*vid*. 4.1.2.) e, de forma máis indirecta, da gula. En Galicia os abades, e os cargos da Igrexa en xeral, foron persoas moi poderosas que se enriqueceron pola conta do campesiñado (tanto polos aforamentos das terras coma polas doazóns que a sociedade cristiá lle facía ás igrexas e mosteiros) (Fraguas Fraguas, 1980, pp. 168–170; Risco, 1971, pp. 103–104 e Villares, 1995, pp. 77–80). Por este motivo nunca lles faltaba a comida[10] e a abundancia era tanta que mesmo o seu animal de compañía se alimentaba moi ben.

Outras expresións nas que o gato funciona como referente da gula créanse mediante a imaxe do animal que observa a comida e que, probablemente, espera un descoido do amo para botarlle o dente. As seguintes expresións figuradas xéranse a partir da metáfora conceptual O QUE DEVECE POR ALGO/ALGUÉN É UN GATO, en que o ser humano se ve animalizado neste animal:

- [devecer] *coma gato pola manteiga*: 'desexo' (LFCEG)
- [mirar] *coma o gato ás sardiñas*: 'desexo' (LFCEG)

Noutros casos non existe unha referencia directa ó gusto pola comida ou ás súas consecuencias, pero séguese identificando o animal coa gula, posto que as imaxes sobre as que se crean as expresións retratan a fugacidade da comida nas poutas do gato, os gustos do animal ou a dificultade de atopar comida intacta cerca del:

- [durar tanto] *coma a manteiga no fociño do gato*: 'durar pouco' (LFCEG)
- [fuxir de alguén] *coma o gato da sardiña*: * 'non ter ningún medo' (LFCEG)
- [ser] *coma quen busca a manteiga no fociño do gato*: 'dificultade' (LFCEG)

Por outra parte, os galegos fíxanse no hábito que ten o gato de comer continuamente e válense desa imaxe para crear a expresión:

[10] En galego rexistramos tamén a expresión [beber/comer/vivir] *coma un abade* ('ben e abundantemente; estupendamente, de marabilla', DFG: *s. v. abade*).

- *comerlle a lingua o gato* [a alguén]: 'expresión irónica para se referir a alguén que garda un silencio prolongado ou se nega a falar' (**DFG**, DFXM, EE)

Segundo explica Cazal (1997, p. 43), nunha recompilación e clasificación que fai dos refráns de Correas relacionados co gato doméstico, a característica de «lambón» é a máis destacada no refraneiro español. O autor achega varios exemplos a través dos que mostra que o gato adoita ser caracterizado polo seu gusto pola comida (*Bien se lava el gato después de harto*; *Dijo el gato al unto*: *«Bien te lo barrunto»; Olla sin sal no es manjar; al gato se puede dar*; *Muera gata y muera harta* etc.).

Por último, o gato é tamén referente da gula polo hábito de roubar comida nas casas. Nas seguintes expresións establécese a relación entre a gula do gato e a convivencia coas persoas:

- *ás veces a carne está no prato por falta de gato / non está a carne no garabato por falta de gato / anque a sardiña está no prato, non é por falta de gato*: * 'indica que algo deixa de producirse non por méritos da persoa, senón por falta de oportunidades' (RGB)
- *ó gato por ser lambón non o botes da túa mansión*: * 'recomenda non precipitarse nas decisións' (EE)
- *perdón polo gato ladrón/lambón*: 'dise para desculparse, mais dun xeito humorístico. Tamén o pode dicir a persoa á que se lle piden desculpas para tirarlle importancia ós feitos' (DFXG)
- *polo rabo da culler vai/sube o gato á ola/ó pote*: 'fai referencia ás persoas que non deixan escapar unha oportunidade para medrar ou obter algún beneficio' (RGB)
- *sardiña/carne que leva o gato tarde ou nunca volve ó prato / sardiña que o gato leva, perdida está/ gandida vai*: * 'refírese a unha situación que xa non ten remedio' (RGMF, RGB)
- *un ollo ó prato e outro ó/no gato*: * 'estar atento a dúas cousas ó mesmo tempo' (RGB)

Cazal (1997, pp. 43–44) explica que o carácter **ladrón** do gato está moi representado no refraneiro español, mesmo facendo unha comparativa do animal con outros grupos de persoas ás que tamén se caracteriza como ladroas (*Venteros y gatos, todos son latros*). Engade que o gato rouba polos descoidos do ser humano (*Lo mal guardado lleva el gato*; *Come el gato lo que halla a mal recaudo*) (*polo rabo da culler vai/sube o gato á ola/ó pote*) e por iso os refráns recomendan estar á espreita (*Un ojo al plato y otro al gato*) (*un ollo ó prato e outro ó/no gato*), pero sen precipitarse (*Al gato por ser ladrón no lo eches de tu mansión*) (*ó gato por ser lambón non o botes da túa mansión*) xa que, como veremos no apartado dedicado ás relacións entre o gato e o ser humano, este animal sérvelles ás persoas para manter a casa limpa de roedores.

Noutras ocasións, os refráns refírense indirectamente ó roubo mediante a imaxe do que podería ocorrer de estar presente un gato: *ás veces a carne está no prato por falta de gato*; *non está a carne no garabato por falta de gato* / *anque a sardiña está no prato, non é por falta de gato*. As equivalencias castelás destas expresións galegas preséntaas Cazal (1997,

p. 44): *«A las veces está la carne en el plato por falta de gato / Por falta de gato está la carne en el garabato / Estáse la asadura en la clavera, porque el gato no va a ella»*. Precisamente a imaxe do animal roubando comida é a que se atopa detrás das expresións *perdón polo gato ladrón* (que tamén funciona como referente da gula na variante *perdón polo gato lambón*) e [roubar/ladrón] *coma un/os gato/s* ('ladrón', LFCEG), que animaliza o ser humano nun gato a través da metáfora conceptual A PERSOA QUE ROUBA É UN GATO. Estas construcións figuradas representan o roubo no carácter ou condición do animal. Así mesmo, o carácter **atrevido** que se lle atribúe ó gato a través da expresión *gato* ('persoa atrevida e desvergonzada', GDXL) (A PERSOA ATREVIDA OU DESVERGONZADA É UN GATO) podería estar relacionado con este costume de roubar a comida dos donos.

O gato funciona, tamén, como referente de **falsidade**. En ocasións este significado aparece asociado a comportamentos falsamente devotos:[11]

- *cara de beato e unllas de gato/ unllas de gato e cara de beato*: * 'refírese a unha persoa hipócrita, que non mostra as súas verdadeiras intencións cara ós demais' (RGMF, RGB)

Outra mostra do trazo da falsidade atribuída ó gato encontrámola no seguinte dialoxismo, en que se escolle a figura do gato e mais da sardiña para mostrar unha relación de falsa amizade:

- *bos días! díxolle o gato ás sardiñas*: * 'adoita dicirse cando unha persoa mostra un comportamento hipócrita cara a outra' (EE)

Cazal (1997, p. 44) apunta que moitas das expresións relacionadas coa hipocrisía ou a falsidade do animal en castelán empregan preferentemente a gata[12] como referente. En galego non rexistramos tal preferencia polo animal femia, pero si existen expresións en que é a gata o referente da falsidade:

- *facer a gata*: 'aparentar que se fai' (DFG)
- *facerse a gata morta*: 'actuar con finximento e malicia' (DFG)

Outros exemplos en que se escolle o comportamento do animal, mais sen implicacións de sexo, para caracterizalo como falso son:

- *gárdate do gato que non miaña!*: 'aparencia de bondade', 'hipocrisía' (RGB)
- *gatada*: 'acción feita con astucia e disimulo para enganar a alguén' (DRAG, GDXL)

[11] Cazal (1997, p. 44) mostra os seguintes exemplos do refraneiro de Correas, que gardan relación (algúns máis directa ca outros) coa expresión galega que rexistramos (*cara de beato e unllas de gato / unllas de gato e cara de beato*): *Gato segoviano, colmillos agudos y fíngese santo*; *Palabras de santo y uñas de gato*; *Deciros he palabras de santo y echaros he las uñas como gato*; *De hombre que anda manso como gato, y de viento que entra por horado, Dios te guarde*.

[12] Ofrece exemplos como: *La gata de Juan Ramos, cierra los ojos y abre las manos*; *La gata de Mari ramos que se hacía mortecina para cazar los ratos*; *La gata de Mari Ramos, que está muerta y caza los ratos*; *La gata de Mari Ramos que se tapaba los ojos por no ver los ratos*.

- *o gato acariña co rabo e rabuña coas unllas*: 'refrán que critica as persoas que se comportan de xeito hipócrita, afagando por diante e atacando por detrás' (RGB)

Segundo explica Mariño Ferro (1996, p. 172) o feito de que se lle atribúa un carácter falso ó gato garda relación coas crenzas propias da cultura occidental que o vinculan co demo, polo que o comportamento do animal se identifica directamente cos enganos daquel.

Con relación ó valor da falsidade do gato rexistramos a característica da **ingratitude**, que se lle atribúe a través de expresións en que o ser humano se ve animalizado nun gato (A PERSOA INGRATA É UN GATO):

- *a amistade do gato boa é, se non rabuña / bo amigo é o gato, se non rabuñara*: * 'fai referencia á ingratitude de alguén' (RGB)
- *facerlle festas á gata e saltarvos á cara / facerlle festas ó gato e rabuñaravos*: * 'retrata a ingratitude dunha persoa ante outra que realizou unha boa acción cara a ela' (RGB)

As características da **maldade** e da **ruindade** relaciónanse directamente coas anteriores. Para a poboación galega o gato é un animal que actúa levado por malas intencións e así o reflicten as expresións figuradas que crean. Na seguinte expresión o ser humano animalízase nun gato mediante a metáfora conceptual A PERSOA MALVADA/RUÍN É UN GATO:

- [ser] *coma un gato con borralla*: 'ruindade' (LFCEG)

A imaxe que comporta esta expresión é a dun gato emborrallado, isto é, sucio e escuro pola propia borralla que leva enriba. Como vimos no apartado dedicado á descrición do gato, este é un animal relacionado dende a Idade Media co demo[13] (a encarnación do mal) e como tal, atrae a mala sorte (Mariño Ferro, 1996, p. 172). En Galicia son os gatos negros os que traen esa mala sorte ou mal agoiro, por ser tamén negra a cor do demo. Así, o gato será portador de mala sorte para unha persoa que o atope fóra da súa casa. Pero se ademais de atopar un gato negro tamén se lle dá morte, reflectirá nesa persoa o agoiro da morte (Reigosa *et al*., 2000, p. 131). Relacionado con isto, Suárez Cuadros (2006, p. 166) explica que na maioría dos países de Europa, Asia e América, os gatos de cor escura, principalmente negra, tamén son considerados malignos. Apunta que existen infinidade de supersticións relacionadas con eles, así como lendas e contos de tradición oral en que os seres malvados se transforman en gatos negros.

Por outra parte, cada cultura asocia diferentes valores con distintas cores. Tal e como explica Luque Nadal (2012, p. 131), na cultura occidental a cor negra é símbolo de loito, morte, angustia, desesperación, mal humor, pesimismo, maldade, mala sorte, do macabro, do demoníaco etc., todas elas asociacións negativas. Dobrovol'skij e Piirainen (2000, p. 37) apuntan que a cor negra é o símbolo do mal en diversos códigos culturais

[13] Torres Queiruga e Rivas García (2008, p. 334) explican que son moitas as crenzas que contan que Satanás se transforma en animais como a cobra, a serpe, o gato, o castrón etc. En calquera caso, nun animal que, coma el, sexa negro, nocturno, peludo, traidor ou cheirento. Por outra parte, en Fisterra (A Coruña) existe a crenza de que aquel que ve un gato negro nunha encrucillada á media noite, o que en realidade está a ver é o demo transformado en gato que se dispón a esconder un tesouro (Mariño Ferro, 1996, p. 171).

e que, por tal motivo, moitas crenzas populares identifican os animais negros (poñen como exemplo o gato e a serpe) como portadores do mal agoiro.

Na nosa opinión, o feito de que se lle atribúa a maldade a un gato con borralla (de cor escura) pode gardar relación con este tipo de crenzas. Ademais de relacionar a maldade do animal coa cor negra, os galegos tamén a vinculan coa cor roxa:

- *gata roxa, tal as fai tal as coida / gata vermella, tal as fai tal as pensa*: * 'recomenda andar con conta con determinadas persoas de dubidosa bondade' (RGMF, RGB)

A explicación que ofrece Cazal (1997, p. 42) sobre o odio ou rexeitamento cara ós de cabelo roxo está relacionada co mundo relixioso, posto que Xudas, o apóstolo que traizoou a Xesús segundo conta a Biblia, tiña o cabelo desa cor, de maneira que esta connotación se estendeu, tamén, ós animais domésticos. Por outra parte, como comprobamos na descrición do gato, este é un animal que se relacionou coas bruxas dende a Idade Media. Algúns libros antigos, que se servían de crenzas populares para contrastar a súa información, identificaban as bruxas con aquelas mulleres que posuían o cabelo vermello e os ollos verdes.[14] É probable que os gatos de cor rubia se identifiquen tamén coas bruxas, pois, do mesmo xeito que se cre que o demo se transforma en gato, tamén as bruxas o fan para levar a cabo as súas vilanías (Mariño Ferro, 1996, p. 171). Xa que logo, todas as crenzas e ideas negativas da sociedade relacionadas coas bruxas revértense tamén nos gatos de cor rubia.

A característica da **astucia** coa que se adoita caracterizar o gato garda relación coa maldade ou a perversidade, posto que as persoas asocian frecuentemente os actos malvados cunha mente astuta para levalos a cabo. Así, crean expresións como:

- *gatada*: 'acción feita con astucia e disimulo para enganar a alguén' (DRAG, GDXL)

Noutras ocasións a astucia do gato destaca por riba da doutros animais que acostuman presentarse como os seus inimigos:

- *moito sabe o rato, pero máis sabe o gato*: 'picardía' (RGMF, RGB)

A astucia está directamente ligada coa intelixencia e esta garda relación coa característica física da velocidade (característica que, como comprobaremos cando tratemos os aspectos físicos do gato, os galegos tamén lle atribúen). Para o ser humano as persoas intelixentes son aquelas que máis rápido comprenden as cousas. Por iso, a rapidez mental se asocia coa rapidez física, de maneira que os animais máis veloces son considerados intelixentes a ollos das persoas (Álvarez de la Granja, 2011, p. 387).

[14] É o caso do libro *Malleus Maleficarum* (*O Martelo das Bruxas*) publicado en 1486 por Henrich Kramer e Jakob Sprenger, un libro que foi considerado durante séculos a biblia da caza de bruxas. Pode verse máis información ó respecto no documental *Malleus Maleficarum* de National Geographic: https://www.youtube.com/watch?v=Bt1NddkM_UE

A **precaución** e a **prudencia** son outras das características que destacan os galegos neste animal. Nas seguintes expresións dáse un proceso de animalización do ser humano nun gato a través da metáfora conceptual A PERSOA PRECAVIDA/PRUDENTE É UN GATO:

- [andar/ir/correr/erguerse/ser] *coma o gato polas brasas/ascuas*: 'andar/ir con precaución' (DFXG, LFCEG, GDXL)
- *gato escaldado*: 'ser persoa avisada, escarmentada' (DFG, EE)
- *gato escaldado á auga fría ten medo / gato escaldado da auga fría foxe / ó gato escaldado a auga fría faille dano / ó gato escaldado a auga fría lle fai mal / gato escaldado foxe da auga*: * 'fai referencia á persoa que sufriu unha humillación ou suceso similar e queda, por iso, escarmentada para sempre' (RGMF, RGB, EE, EO)

Esta prudencia coa que se caracteriza o gato está vinculada, probablemente, coa relación de maltrato que sempre sufriu por parte do ser humano. Tal e como explica Cazal (1997, pp. 45–46), o gato adoitaba concentrar todas as culpabilidades do universo doméstico. Deste xeito, as malas experiencias sufridas polo animal serían o motivo da súa precaución.

Relacionada coas técnicas de caza do gato está a característica da **paciencia**. A imaxe deste animal agardando pacientemente (a ollos do ser humano) a súa presa é a fonte de creación da seguinte expresión figurada que animaliza o ser humano nun gato mediante a metáfora conceptual A PERSOA QUE ESPERA PACIENTEMENTE É UN GATO:

- [agardar] *coma o gato ó rato*: 'espreita' (LFCEG)

O gato é, ademais, un referente de **fortuna**, característica que podemos apreciar en expresións como:

- [ter sete vidas] *coma un gato*: 'saír ileso de situacións graves' (DFXM)
- [ter máis vida/s] *ca un gato* / [ter sete vidas/folgos] *coma un/o/os gato/micho/s (asañados)*: 'durar moito unha persoa' (DFXM, RGB, LFCEG, EE)
- *caer de pé coma o/s/un gato/s*: 'fortuna' (LFCEG, EO)
- *nacer de pé coma o(s) gato(s)*: 'dise de quen ten moita sorte' (DFXG, LFCEG)
- *sete vidas ten o gato*: * 'dise de alguén que ten boa sorte na vida, concretamente, cando se libra de situacións difíciles' (EE)

Nestas expresións dáse a animalización do ser humano nun gato a través da metáfora conceptual A PERSOA AFORTUNADA É UN GATO. É sabido que o gato é un animal que parece ter moita sorte por saír ileso de certas situacións perigosas, tanto provocadas polo ser humano como por outros animais (Cazal, 1997, p. 42). Poida que a explicación de lle atribuír varias vidas ó gato estea, en parte, nas crenzas que o retratan como o ladrón de almas infantís. Deste xeito, as vidas que acumula o animal serían as que lles roubou previamente ás/ós cativas/os (*vid*. Ferreira Guerra, 2011, p. 486 e Mariño Ferro, 1996, p. 171).

Por outra parte, nas expresións en que se fai referencia ás vidas que ten o gato destaca o número sete. Este representa a perfección en varias culturas, pois é o número de días que ten a semana (símbolo da totalidade do espazo e do tempo), as cores que se poden ver no arco da vella, os planetas coñecidos e outros datos interesantes:

> Sete eram as maravilhas do mundo, os mares conhecidos, os pecados capitais, e também o número de esferas celestes – o sétimo Céu era o Paraíso propriamente dito. Deus criou o mundo em seis dias e buscou repouso no sétimo dia, daí os sete dias da semana e o shabat dos judeus (Ferreira Guerra, 2011, p. 486).

Chevalier (1988, pp. 941–947) explica que na Biblia o número sete é moi representativo e repítese frecuentemente (só no Antigo Testamento se repite 77 veces). Por iso, en culturas de relixión católica, como é o caso da galega, escóllese o número sete como representación da perfección.

Nogueira Santos (2006, p. 166) indica que tanto os portugueses coma os ingleses conciben o gato como un animal dotado dunha extraordinaria capacidade de sobrevivir ás vicisitudes e de escapar dos perigos, e engade que «aqueles atribúenlle *sete vidas* ou *sete fôlegos*, mentres que para estes *the cat has nine lives*». Esta desvantaxe de dous anos do gato portugués poderá deberse máis ó sentido cabalístico do número sete ca á xenerosidade do inglés para co gato. Piñel López (1997, p. 266) explica que tanto no castelán coma no alemán se resalta o afortunado que é este animal, polo que se usa como referente en expresións que denotan a boa sorte das persoas que saen «airosas e indemnes de trances peligrosos»; a única diferenza é que en castelán se emprega a expresión *tener siete vidas como los gatos*, tal e como acontece en galego e portugués, mentres que en alemán son nove as vidas que se lle atribúen.

Outras expresións en que o gato funciona como referente da fortuna constrúense a partir da imaxe do animal caendo sempre de pé. Este feito débese ás súas magníficas características físicas, pois a súa biodinámica adáptase perfectamente ó medio e fai del un supervivente a ollos do ser humano. Cando un gato cae ó baleiro, o cerebro transmítelle instantaneamente ó seu corpo a orde de relaxarse e virarse para caer sobre as patas (Kemp, 2008, en liña), algo que o ser humano valora por ser unha característica única do gato entre os demais animais domésticos que coñece. Probablemente a conxunción do carácter máxico atribuído ó gato con estas características físicas, que garanten a súa supervivencia en situacións en que os seres humanos ou outros animais morrerían, explica que se converta nun referente da fortuna tanto na sociedade galega coma noutras culturas.

A **preguiza** é outra das características do gato na que se fixan os galegos. Cualifícano como un animal preguiceiro e ocioso probablemente porque ten o costume de estar deitado ó sol ou ó carón do lume e porque, ó contrario do que acontece con outros animais propios da casa galega (o burro, a vaca, o boi, a galiña...), non ten unha «función doméstica» determinada (aínda que se presupoña nel a función de erradicar os roedores da casa). As expresións que denotan esta característica son as seguintes:

- [andar/estar folgado /preguiceiro] *coma un gato*: 'preguiza' (LFCEG, EE)
- [estar] *coma o gato borrallento / micho esborrallado*:[15] 'comodidade' (LFCEG)

[15] En Valladares Núñez (1884: *s.v. borralleiro*) observamos que esta palabra se adoita aplicar á persoa, can ou gato que esta continuamente xunto ó lume ou á cinza e que anda continuamente entre as olas. Do mesmo xeito, Rodríguez González (1958-1961: *s.v. borralleiro*) caracteriza con esta palabra a persoa que non sae do lume e que lle gusta quentarse canda el.

- [estar] *coma o gato panza arriba*: * 'estar sen facer nada' (EE)
- [mornear ó sol] *coma un gato*: * 'deitarse ó sol' (LFCEG)
- *facer a gata/gatada*: 'faltar á escola' (DFG, DFXG)

Estas expresións constrúense a través da metáfora conceptual A PERSOA PREGUICEIRA É UN GATO.

A **fogosidade** é outra das características do gato destacadas nas expresións analizadas. Tal e como explica Valladares Núñez (1884, en liña) os gatos «son muy dados al amor y, en él, las hembras quienes provocan a los machos con gritos desentonados», o que explicaría que a figura da gata se faga explícita en varias das expresións que denotan fogosidade. O comportamento da gata, que morde ó macho na noca ou no ventre como xogo de excitación, tamén pode xustificar a aparición do animal femia como referente.

Así, nas seguintes construcións figuradas vemos como o ser humano aparece animalizado nun gato a través da metáfora conceptual A PERSOA FOGOSA É UN GATO:

- [andar (ás celeiras)] *coma as gatas (xaneiras)*: * 'andar na procura de parella amorosa' (LFCEG)
- [andar á xaneira] *coma os gatos* / [andar] *coma os gatos á xaneira/en xaneiro* / [andar] *coma gatos cando andan á xaneira/os gatos en xaneiro*/[andar tan rabichado] *coma o gato no xaneiro*: * 'andar na procura de parella amorosa' (LFCEG)
- *gata polbeira*: 'muller que non se atén, no plano sexual, ós usos morais ou sociais establecidos'[16] (EE)

Por outra parte, as galegas e galegos ven o gato como un ser **agresivo** e crean expresións nas que o ser humano se animaliza neste animal a través da metáfora conceptual A PERSOA AGRESIVA É UN GATO, que á súa vez provén doutras como A PERSOA IRADA É UN ANIMAL ou A CONDUTA FURIOSA É A CONDUTA DUN ANIMAL AGRESIVO:[17]

- [fero] *coma gato de sobrado*:[18] * 'moi fero' (LFCEG)

Esta fereza do gato agóchase, tamén, detrás da expresión:

- [acedo] *coma o rabo de / dun gato*: 'moi acedo [referido ós alimentos que xa non serven para comer, que están derramados porque están acedos]' (DFXG, LFCEG)

O feito de que se caracterice o rabo do gato como "acedo" fai que ese mesmo significado se traslade de xeito metafórico ós alimentos.[19]

---

[16] Definición tirada de Castro Otero *et al.* (2013).

[17] *Vid.* Kövecses 2000.

[18] Cazal (1997, p. 45) caracteriza o gato como un animal arisco, áspero e mal tratable a partir da expresión castelá *ser como gato de desván.*

[19] Neste caso concreto podería pensarse que a expresión provén da planta medicinal que recibe o nome de *rabo de gato* e que ten numerosas propiedades terapéuticas (Lorenzo Fernández, 1962, p. 164), mais o feito de que a expresión figurada se forme empregando un indefinido ([acedo] *coma o rabo* ***dun*** *gato*) identifica o animal como referente da expresión e non a planta. Este é o motivo polo que cremos que é o comportamento do animal e non o sabor acedo da planta o referente desta expresión, aínda que non descartamos o feito de que a expresión figurada se puidese formar, primixeniamente, a partir do nome da planta e, co paso do tempo, os galegos pasasen a identificar o animal na expresión.

Recollemos, tamén, certas expresións que mostran o comportamento do gato con outras persoas ou con outros animais e que translocen agresividade:

- [agadañar/rabuñar] *coma un/o micho/gato*: * 'mostrarse agresivo con alguén' (LFCEG)
- [agarrarse] *coma dous gatos*: 'liorta' (LFCEG)
- [defenderse] *coma un gato boca arriba*:[20] *'defenderse contra un ataque' (LFCEG)
- *tarde se arrepinte o rato, cando xa está na boca do gato*: 'remedio serodio' (RGB)

Noutros casos é a gata a que se emprega concretamente como referente da fereza ou da agresividade:

- [fera/alporizada/pórse/botarse] *coma unha gata* [contra alguén]: 'agresividade', 'fero', 'ira' (LFCEG, EO)
- *amor das gatas entra e sae a rabuñadas / os amores dos gatos comezan maiando e acaban rabuñando*: * 'fai referencia ás relacións amorosas difíciles' (RGB)

Os ruídos que emite o gato son tamén evocadores da súa agresividade, de maneira que se constrúen expresións en que se animaliza o ser humano nun gato mediante o referente do ruído do animal e que serven para mostrar o enfado dunha persoa:

- [bufar] *coma un gato*: *'mostrar alguén o seu enfado' (LFCEG)
- [facer fu] *coma o gato*: 'ira' /(LFCEG)

Outro elemento que evoca a agresividade do animal son as súas uñas (Cazal, 1997, p. 41). Estas destacan por ser grandes, curvas e retráctiles, ideais para capturar presas e para que o gato se poida defender (Burnie, 2002, p. 208). Os galegos reparan nesta parte do corpo do animal para construíren expresións en que se animaliza o ser humano nun gato, mediante a imaxe do animal en actitude defensiva: *o gato saca as unllas, cando llas buscan/cando llas ha mester* ('indica que hai que defenderse cando é necesario', RGB).

Mais, a pesar de ser o gato un referente de agresividade tamén o é de **ledicia** e de **inxenuidade,** concretamente cando este aínda é cachorro:

- [contento] *coma micho con axóuxere*: 'ledicia' (LFCEG)
- [ser á boa fe /abofé] *coma os gatos pequenos*: 'inxenuidade' (LFCEG)

Deste xeito, o ser humano vese animalizado nun gato a través das metáforas conceptuais A PERSOA CONTENTA É UN GATO PEQUENO e A PERSOA INXENUA É UN GATO PEQUENO, respectivamente.

Outra característica correspondente ó carácter ou condición do gato é a de **soidade,** ligada á súa **independencia**. Tal e como explica Sanz Martín (2012, p. 33) o gato, en contraste co can, que adoita ser un animal dependente do seu amo, asóciase frecuentemente coa independencia. Esta é unha idea que se relaciona directamente co desapego felino cara

[20] Sanz Martín (2012, p. 130) explica que a locución *como gato boca arriba* ten a súa motivación no enfurecemento que experimentan os gatos ó seren colocados boca arriba.

ó amo, algo que, segundo di a autora, «genera la situación conceptualizada en la que el animal suele salir del ámbito doméstico». As/os falantes son conscientes deste carácter independente do gato e dos seus costumes solitarios (Perozo, 1999, p. 496) e así o reflicten na expresión:

- *gato celeiro non quere compañeiro*: * 'indica a soidade de alguén' (EO)

Esta expresión revela, tamén, de xeito indirecto, os costumes solitarios de caza do animal. O gato celeiro é aquel que caza precisamente no celeiro, lugar onde se gardan as colleitas[21] nas casas galegas e, polo tanto, onde entran os ratos.

Outra característica do gato destacada polos galegos, e que garda certa relación coa da independencia, é a de **noctambulismo**. A idea conceptualizada de que os gatos, por seren independentes, adoitan saír máis ca outros animais do ámbito doméstico está asociada ó nocturno e á escuridade (Sanz Martín, 2012, p. 134). Deste xeito, o gato é seleccionado antes ca calquera outro animal doméstico para facer referencia á noite e á confusión que produce a súa escuridade:

- *de noite todos os gatos son pardos*: 'expresión que indica que na escuridade todo se confunde' (RGMF, RGB, GDXL, EE)

Mariño Ferro (1996, p. 170) explica que o gato demostra un apego especial cara á casa dos amos e non adoita abandonala, cando menos non durante moito tempo, sen ningún motivo aparente. Sinala que na cultura occidental se cre que o feito de que o gato abandone o fogar por un grande espazo de tempo, ou de xeito definitivo, é preludio da morte de alguén dos que viven nesa casa. Así e todo, o autor aclara que o gato, aínda que caseiro, non soporta o feito de vivir pechado, pois é un animal independente que ama a liberdade e adoita saír polas noites; de aí a relación do animal co noctambulismo.

Por último, destaca a condición de **insignificancia** mediante a expresión:

- *catro gatos*: 'moi pouca xente' (DFG, DRAG, GDXL, EE)

Neste caso prodúcese unha animalización do ser humano a través da metáfora conceptual A PERSOA INSIGNIFICANTE É UN GATO (Brumme, 2006, p. 11). A motivación da expresión podería atoparse no comportamento independente do gato, tal e como defende Sanz Martín (2012, p. 33), posto que ó ser este un animal que abandona frecuentemente o fogar, con máis asiduidade ca outros animais domésticos, o ser humano identificao con alguén que pode aparecer en calquera sitio. Por outra parte, esta caracterización do animal está ligada coa 'valoración negativa' que a sociedade galega fai del e que veremos máis adiante.

4.1.2. Características físicas

Este animal caracterízase, en primeiro lugar, por ser veloz, xa que está dotado dunhas potentes patas que o propulsan a unha velocidade aproximada de 48,28 quilómetros por hora (Kemp, 2008, en liña). Por iso, se constrúen expresións figuradas en que o

[21] DRAG, 2012: *s. v. celeiro*.

gato funciona como referente da **velocidade** de maneira que, en moitas ocasións, unha persoa que foxe, ou que simplemente camiña apurada, se animaliza nun gato a través da metáfora conceptual A PERSOA RÁPIDA É UN GATO (proveniente da metáfora conceptual superior A PERSOA RÁPIDA É UN ANIMAL[22]):

- [(andar) apurado/á presa] *coma un gato (con sete*[23] *liviáns)*: * 'levar moita présa' (LFCEG)
- [escapar/fuxir/ir/ter medo] *coma gato escaldado (polas/por/sobre brasas)*: 'facelo ás présas, xeralmente para evitar un risco' (DFG, LFCEG, GDXL)
- [saír facendo fu] *coma o gato*: 'fuxida' (LFCEG)
- [saltar] *coma un gato*: 'rápido' (EE)
- *a fu de gato*: * 'fai referencia a quen vai a toda velocidade' (EE, EO)

Outra das características físicas do gato destacadas nas expresións figuradas galegas é a súa **axilidade**. Nestas expresións o ser humano animalízase nun gato mediante a metáfora conceptual A PERSOA ÁXIL É UN GATO:

- [áxil] *coma un gato*: * 'moi áxil' (EO)
- [agatuñar/subir] *coma un/os gato/s (de pena en pena)*: * 'agatuñar ou subir con grande axilidade' (LFCEG)
- [poñerse de pé] *coma os gatos*: 'flexibilidade' (LFCEG)
- [saltar] *coma un gato*: 'rápido' (EE)

Unha calidade física do animal, que ademais está intimamente relacionada co ámbito temático da fortuna, é a da **resistencia**. Deste xeito, polo mesmo motivo que as persoas consideramos afortunado o gato, tamén o consideramos resistente, posto que sae ileso das situacións máis perigosas. Así, en galego créanse expresións figuradas en que se destaca a resistencia do gato e se animaliza o ser humano a través da metáfora conceptual A PERSOA RESISTENTE É UN GATO:

- [ter sete vidas] *coma un gato*: 'saír ileso de situacións graves' (DFXM)
- [ter máis vida/s] *ca un gato* / [ter sete vidas/folgos] *coma un/o/os gato/micho/s (asañados)*: 'durar moito unha persoa' (DFXM, RGB, LFCEG, EE)
- *sete vidas ten o gato*: * 'dise de alguén que ten boa sorte na vida, concretamente, cando se libra de situacións difíciles' (EE)

Esta calidade parece ser o resultado da conxunción das súas magníficas características físicas (equilibrio, axilidade, velocidade, ouvido, visón nocturna, destreza para a caza), que o converten nun animal realmente resistente, unha característica que o aparta, con diferenza, doutros animais domésticos da casa galega.

A **sucidade** é outra das características que se adoita destacar del, posto que, nas expresións figuradas galegas analizadas, o gato funciona como referente da sucidade a partir da

[22] *Vid*. Iñesta e Pamies, 2002, p. 201.

[23] De novo, volve ser o número sete, número da perfección na cultura occidental, o escollido (neste caso para contabilizar o número de liviáns que ten o gato).

imaxe do animal emborrallado por andar continuamente xunto ó lume da lareira e as cinzas desta, buscando a calor:[24] [estar] *coma o gato borrallento / micho esborrallado* ('sucidade', LFCEG). Nesta expresión prodúcese a animalización do ser humano a través da metáfora conceptual A PERSOA SUCIA/EMBORRALLADA É UN GATO. Mais a sucidade do gato tamén se ve representada nas expresións figuradas galegas a través dos seus hábitos de limpeza.[25] A imaxe do gato que lambe as partes do seu corpo para asearse é interpretada polas/os galegas/os como unha limpeza insuficiente, de xeito que crean expresións en que o ser humano se ve animalizado nun gato (A PERSOA QUE SE LAVA MAL É UN GATO) cando a súa limpeza se considera, tamén, insuficiente:

- [lavarse] *coma (os) gatos*: 'lavarse á présa e só superficialmente' (DFG, LFCEG)
- *a limpeza do gato*: 'dise cando un se lava mal ou cando a limpeza é insuficiente' (DFG)

Por outra parte, o gato é para as/os galegas/os un referente da **gordura**, algo que se relaciona estreitamente co seu carácter lambón. Mais, neste caso concreto, o que determina ou non a gordura do animal son os coidados e atencións que lle poida proporcionar o ser humano. Como comentamos no apartado dedicado á gula, antigamente as persoas con máis poder económico nunha aldea ou vila eran os abades, polo que había nas súas vivendas fartura dabondo como para alimentar ben os animais domésticos. Así cobra sentido a expresión [gordo] *coma o gato dun abade* ('gordura', LFCEG). Nela, o ser humano vese animalizado nun gato a partir da metáfora conceptual A PERSOA GORDA É UN GATO.

Para rematar este apartado sobre as características físicas, destacamos dúas expresións figuradas galegas que se forman tomando como referentes os **ruídos** do gato, concretamente 'bufar' e 'miar/miañar'. Os sons que emiten os animais son moi produtivos na creación de expresións figuradas, de maneira que se lle atribúe un son concreto a unha faceta característica do animal; esta serve despois para caracterizar o ser humano a través dunha expresión figurada. Neste caso concreto, destácase a característica de 'enfado' e de 'queixa':

- [bufar] *coma un gato*: * 'refírese ó estado de enfado de alguén' (LFCEG)
- *miar/miañar*: 'laiarse unha persoa, miañar' (GDXL)

[24] *Vid*. Rodríguez González, 1958-1961: *s.v. borralleiro*.

[25] Mariño Ferro (1996, p. 172) sinala que en Cantabria se interpreta o aseo do gato como preludio da chuvia, mentres que noutros lugares da xeografía española, como Galicia, Salamanca, Estremadura ou Aragón, anuncia, ademais, unha visita na casa. Esta interpretación concorda coa dos nosos veciños portugueses. Mãças (1950, p. 315) explica que, na cultura portuguesa, se o gato se lava coa pata por diante das orellas anuncia unha «visita sem cerimónia», mentres que se o fai coa pata por detrás das orellas será unha «visita de cerimónia»; explica, tamén, que, se este se lava empregando a pata dereita, a visita na casa será dun home.

4.2. Relacións

4.2.1. Ser humano-animal

Entre as expresións que retratan unha relación entre o ser humano e o animal destaca a **utilidade** que as/os galegas/os ven no gato, a pesar de non ser concibido como un animal moi traballador, posto que, como vimos, tamén é referente da preguiza. Pero o certo é que o gato lle é útil ó ser humano, como xa comentamos, para desfacerse de roedores. Tal e como explica Rodríguez González (1958-1961, en liña), «el gato se encuentra en la compañía del hombre porque éste lo necesita para oponerlo a otro enemigo doméstico más incómodo, cual es el ratón, difícil de ahuyentar o extirpar». Cazal (1997, p. 49) indica que hai séculos, en España, a relación do gato co home se podía reducir só á súa utilidade, pois considerábao unha «máquina de cazar ratos».[26] Fraguas (1965, p. 243) caracteriza o gato como o "gardián dos fogares" e destaca precisamente nel esa función de cazar ratos.

Certas características físicas que posúe o gato, como a velocidade, a axilidade, a visión nocturna e unha excelente audición[27] fan del un magnífico e eficaz cazador (Kemp, 2008, en liña). Tal e como explica Burnie (2002, p. 208), o gato ten diferentes técnicas de caza moi desenvolvidas, pois tanto pode perseguir activamente a súa presa como esconderse e esperar a que a vítima veña ó seu encontro; incluso pode combinar os dous métodos. Ademais, o seu pelo sérvelle de camuflaxe para non ser visto pola súa presa.

Nas expresións figuradas que rexistramos en galego co referente da utilidade do gato prodúcese unha animalización do ser humano nun gato a través das metáforas conceptuais A PERSOA QUE VIXÍA CON ATENCIÓN É UN GATO e A PERSOA QUE USA MEDIOS IMPROPIOS É UN GATO CON BOTAS/LUVAS, respectivamente:

- [gardar a casa] *coma un gato*: 'vixiar' (LFCEG)
- *gato con botas/guantes/luvas non caza (rato/s)*: 'refírese a que para cada tarefa hai que contar cos medios necesarios e non pretender refinamentos impropios e inútiles, máis aínda cando non se está acostumado a eles'[28] (EE, EO)

Aínda dentro deste ámbito temático da utilidade, rexistramos algunhas expresións figuradas que se forman tomando como referente a inutilidade do animal, precisamente cando se ven minguadas as súas destrezas cazadoras:

---

[26] Cazal (1997, p. 49) engade que o gato tiña, xa no século XVII, o defecto de ser ladrón e explica que a cantidade de refráns que existen en castelán nos que se evidencia o gato como ladrón parecen indicar que o ser humano non o alimentaba precisamente para estimular as súas dotes de cazador, polo que a súa utilidade aumentaba.

[27] Os gatos son capaces de ouvir frecuencias máis altas incluso que os cans, o que lles permite detectar os sons ultrasónicos emitidos polos roedores e outras presas pequenas. Por outra parte, os reflectores dos seus ollos aumentan a cantidade de luz que lles traspasa a retina, o que permite que teñan unha capacidade de visión nocturna excelente para localizar as presas (Kemp, 2008, en liña).

[28] Mariño Ferro (1996, p. 173) sinala que «En Galicia y en Francia se dice que el gato sin bigotes no caza ratones» e argumenta que a explicación que dá sentido a esta expresión está en que o bigote lles serve para orientarse na escuridade e así poder cazar mellor. Nas expresións que rexistramos no noso corpus faise referencia ás botas ou ás luvas do animal, mais non ós seus bigotes. Deste xeito, nelas tómase como referente o carácter cazador do gato comportado a través das súas garras e non do seu olfacto.

- *gato que moito miaña nunca moito caza/poucos ratos caza / gato maiador, nunca foi rateador/nunca bo cazador / gato maiador non é bo cazador*: * 'expresión de crítica a quen fala moito pero despois non leva a cabo os seus plans' (RGB)

Unhas e outras expresións (utilidade/inutilidade) están relacionadas coa súa destreza para a caza, de xeito que o gato será útil para o ser humano se caza de maneira efectiva, pero será inútil se non desenvolve ese labor.

Outra das relacións que se establece entre o ser humano e o gato é a do **control**, unha vinculación entre ambos os dous, en que o ser humano representa a superioridade e/ou autoridade sobre o gato. A partir desta relación os galegos conceptualizan unha situación en que se dá unha xerarquía similar:

- *eu mando ó meu gato e o meu gato manda ó seu rabo*: 'autoridade' (RGB)

4.2.2. Animal-animal

Entre as expresións figuradas nas que se mostra a relación do gato con outro animal destaca, principalmente, a **inimizade**. A súa relación co can é o exemplo prototípico de inimizade, posto que o feito de que sexan os mellores representantes da categoría de animais domésticos (Sanz Martín, 2012, p. 130), e de que con frecuencia mostren agresividade mutua, fai que sexan escollidos para crear expresións que denotan algún tipo de animadversión entre persoas. As expresións galegas que teñen como referente a inimizade do can e mais o gato créanse mediante a imaxe destes animais pelexando. Nelas dáse a animalización do ser humano a través da metáfora conceptual AS PERSOAS QUE SE LEVAN MAL SON ANIMAIS e, máis concretamente, AS PERSOAS QUE SE LEVAN MAL SON CANS E GATOS:

- [de acordo] *coma can e gato*: 'aplícase ós que se levan mal' (LFCEG, DRAG)
- [ser/estar/andar/levarse/vivir] *coma cans e gatos / coma o can e o/mailo gato*: 'levarse mal entre eles, pelexar continuamente' (DFG, DFXG, DFXM, LFCEG, DRAG, GDXL, EE, EO)
- *amigos coma o can e o gato, que comen no mesmo prato*: 'amizade perigosa' (RGB)
- *sogra e nora e can e gato non comen ben nun mesmo prato / o can e o gato non os poñas no mesmo prato*: 'inimizade' (RGB, EE)

Este tipo de expresións que reflicten a inimizade xorden, tamén, da imaxe do gato co rato, por ser o primeiro o depredador natural do segundo (Cazal, 1997, p. 47). Así, en galego atopamos expresións en que os seres humanos se animalizan en gatos e ratos a través da metáfora conceptual AS PERSOAS QUE SE LEVAN MAL SON GATOS E RATOS:

- *o rato e o gato non comen no mesmo prato*: 'inimizade' (RGB)

Noutros casos, créanse expresións figuradas co referente do gato e mais do rato a partir da imaxe da liberación que sente o segundo cando o primeiro falta da casa:

- *cando o gato non está, os ratos bailan / na casa que non hai gatos, campan os ratos/non faltan ratos*: * 'fai referencia á ausencia dunha autoridade, ó arriscado que resulta, ás veces, desatender unha responsabilidade ou simplemente baixar a garda' (EE)

Todas estas expresións figuradas teñen en común unha situación conceptualizada en que existe unha relación antagónica entre dous animais (Sanz Martín, 2012, p. 130) que ademais son comúns na casa galega, xa sexa entre o can e o gato ou entre o gato e o rato. Porén, rexistramos, tamén, un caso en que a inimizade se ve representada a través de dous animais iguais e en que o ser humano se ve animalizado nun gato a través da metáfora conceptual AS PERSOAS QUE SE LEVAN MAL SON GATOS:

- [agarrarse] *coma dous gatos*: 'liorta' (LFCEG)

Ó igual que acontece nas relacións de inimizade que se dan entre cans ([levarse/discutir/reñer] *coma cans*) é frecuente que o ser humano presencie pelexas entre dous gatos, xa sexa pola comida ou polo cortexo dunha femia, e a partir desa imaxe cree expresións figuradas que retratan unha situación de inimizade entre persoas.

Un ámbito temático que garda relación coa inimizade é o da **rivalidade**. A rivalidade, entendida como unha 'relación de competencia existente entre rivais' (RAG, 2012: *s. v. rivalidade*), adoita darse entre seres que, en principio, teñen as mesmas posibilidades de saíren gañadores nunha situación dada. Neste sentido, enmarcamos aquí a expresión *calquera gato sente que outro o rabuñe* ('molestia', LFCEG), en que se animaliza o ser humano nun gato a partir da metáfora conceptual AS PERSOAS RIVAIS SON GATOS.

4.3. Valoración

Por último, a poboación galega crea expresións figuradas en que se percibe tanto a **valoración positiva** coma a **negativa** do gato, aínda que en ambos os dous casos por contraste con outros seres. O primeiro valor achégase a través da expresión figurada *máis vale ser cabeza de rato ca rabo de gato* ('superioridade xerárquica', RGB). A expresión significa 'máis vale ser o primeiro dos últimos que o último dos primeiros', o que implica unha valoración positiva do gato fronte ó rato. Pero cando o gato se contrapón ó home, neste caso a través da expresión *un home é un home e un gato é un bicho* (* 'fai referencia a unha persoa valente', RGMF, EE), o gato, evidentemente, sae perdendo.

5. Conclusión

As imaxes do gato sobre as que se asentan as expresións figuradas analizadas extráense de escenarios rurais do pasado, en que o gato era un cazador de ratos con hábitos de vida en boa medida diferentes dos actuais. Hoxe en día, o mesmo que sucede co can, o gato é esencialmente unha mascota, un animal de compañía, de maneira que convive co seu amo dun xeito máis estreito ca en tempos pasados (especialmente, aínda que non só, na sociedade urbana). Por tal motivo adquiren sentido valores como o de 'compañeirismo' fronte ó da 'independencia', o de 'cariño/tenrura' e 'mansedume/docilidade' fronte a

‘agresividade/fereza’ ou o de ‘fidelidade’ fronte a ‘falsidade’, valores, estes, extraídos das enquisas e que non se reflicten nas expresións figuradas analizadas. Así e todo, existen, aínda, coincidencias abondas entre as características asignadas ó gato nas enquisas e as tiradas das expresións figuradas, que nos permiten afirmar que a valoración que se fai en Galicia do gato non mudou excesivamente; aínda que xa se poden apreciar certos cambios.

Polo demais, certos valores extraídos das expresións figuradas galegas que acabamos de analizar, podemos atopalos, tamén, noutras linguas. Nogueira Santos (2006, pp. 166–167) explica que da fraseoloxía inglesa e portuguesa se extraen os valores de ‘arteiro’, ‘mañoso’ e que ‘fai cousas ás agachadas con moita axilidade’. Ademais, o autor compara o comportamento do gato co do can e explica a grande diferenza que existe entre ambos os dous animais domésticos:

> Reticente a someterse ó exhibicionismo do home, o gato non se presta a tales manifestacións de servil obediencia –a súa independencia e dignidade repudian, con olímpica indiferenza, os aplausos, as louvanzas, as recompensas que estes espectáculos prometen. Este contraste entre a obediencia do can e a rebeldía do gato está captado con palabras sinxelas na *nursery rhyme* que comeza con estes dous versos: The Dog will come when he is called / The Cat will walk away... (Nogueira Santos, 2006, p. 175).

Para o caso do castelán, Cazal (1997, p. 43) mostra, a partir da análise de refráns españois, que o gato se caracteriza, tamén, como ‘lambón’, ‘ladrón’, ‘hipócrita’, ‘traizoeiro’, ‘perigoso’, ‘sucio’, ‘parvo’[29] e ‘arisco’. En menor medida aparecen outros valores como o de ‘limpo’,[30] ‘hábil’ e ‘prudente’. Sanz Martín (2012, p. 128) concorda co anterior, pois na súa análise das unidades léxicas do castelán *perro* e *gato*, asígnalle ó gato os valores de ‘ladrón’ e ‘hipócrita’, e acrecenta, ademais, o valor de ‘astucia’. Ó igual que Nogueira Santos (2006), a autora ofrece unha pequena comparativa entre os valores que se asocian ó can e ó gato e sinala cales son os máis frecuentes para cada un deles:

> De acuerdo con nuestros informantes, el perro se asocia principalmente con la fidelidad (43 %), el juego (36,63 %), la compañía (26,67 %) y la amistad (23 %). Por otro lado, el gato es vinculado en primer lugar con el desapego o independencia (23,33 %); en segundo lugar, con el carácter juguetón (20 %); y en tercer lugar, con la agilidad, la indiferencia y el temperamento huraño (16,6 %) (Sanz Martín, 2012, p. 129).

Estes datos mostran que a interpretación que fan as/os galegas/os do comportamento do gato é similar á que se fai noutras linguas próximas, coma o castelán e o portugués. Ademais, certos valores coinciden, tamén, con linguas máis afastadas do galego como son o inglés e o alemán, tal e como tivemos ocasión de comprobar.

Apéndice

Neste apéndice mostramos o modelo de enquisa fraseolóxica realizada a 300 informantes:

[29] Este valor dáse, segundo explica o autor, no caso de ser femia o animal.

[30] Novamente se se trata do animal femia.

Data: _____

I. Datos persoais:
   - Idade:_____
   - Sexo: ☐ home / ☐ muller
   - Procedencia: ☐ nativo de Galicia / ☐ non nativo de Galicia
     No caso de **ser nativo** de Galicia, estivo fóra algún tempo de xeito continuado?
     ☐ Si. Onde?_____ / Canto tempo?_____
     ☐ Non
     No caso de **non ser nativo** de Galicia, canto tempo leva nesta comunidade?_____
   - Con que hábitat se identifica máis? ☐ rural / ☐ urbano
   - Concello:_____

II. Nomee un ou varios animais que respondan ás seguintes características. Pode ser calquera tipo de animal e pode repetir o mesmo animal cando o considere oportuno:
   1. Animais agresivos:
   2. Animais intelixentes:
   3. Animais parvos, pouco intelixentes:
   4. Animais arrogantes/fachendosos/chulos:
   5. Animais preguiceiros:
   6. Animais falsos, que dan que desconfiar:
   7. Animais covardes/medorentos:
   8. Animais fieis:
   9. Animais que levan a peor vida:
   10. Animais que levan a mellor vida:

III. Complete as seguintes expresións empregando un ou varios nomes de animais:
   1. *Gordo coma* _____
   2. *Ter sete vidas coma* _____
   3. *Puta coma* _____
   4. *Manso coma*_____
   5. *Sucio coma* _____
   6. *Pasar máis fame ca* _____
   7. *Forte coma* _____
   8. *Feo coma*_____
   9. *Correr coma* _____
   10. *Caer de pé coma*_____

IV. Oíu algunha vez as seguintes expresións ou algunha variante próxima? Se é así pode explicar brevemente o seu significado ou apuntar en que contexto se din?

Expresión	**Oíu a expresión algunha vez?**	**Podería explicar o seu significado ou o contexto no que se di? Se é así, escríbao a continuación de forma breve.**
1. *Ser un can sen dono*	☐ Si ☐ Non	□ Si: _____/ ☐ Non
2. *Caer da burra*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
3. *Ser un can vello*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
4. *Chámalle burro ó cabalo!*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
5. *Palabra! Díxolle o lobo á cabra*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
6. *Outra vaca no millo!*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
7. *Muda o lobo os dentes mais non as mentes*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
8. *Botar o carro diante dos bois*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
9. *Acabárselle a vaca leiteira a alguén*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non
10. *Na terra dos lobos, hai que ouvear coma todos*	☐ Si ☐ Non	☐ Si: _____/ ☐ Non

V. Escriba algunha expresión ou refrán, que non saíra na enquisa, que se relacione con can, burro, boi, touro, gato, lobo, galiña, ovella, cabalo, raposo, cobra/serpe, formiga, cabra... coas súas parellas ou con outros animais.

VI. Nomee un ou varios adxectivos que, na súa opinión, reflictan as características máis destacables dos animais das seguintes parellas:
- Can / cadela:
- Burro / burra:
- Boi / vaca:
- Gato / gata:
- Lobo / loba:

VII. Por último, complete os seguintes datos:
- Lingua coa que aprendeu a falar:_____
- Lingua que fala habitualmente: _____
- Nivel de estudos:

☐ non foi á escola / ☐ nivel básico / ☐ ESO-BUP / ☐ Bacharelato-COU / ☐ estudos universitarios / ☐ outras situacións (especifique cal):

_____

Grazas polo seu tempo!

6. Referencias bibliográficas

6.1. Fontes de extracción das expresións figuradas

Carballeira Anllo, X. M. (coord.). (2009). *Gran dicionario Xerais da lingua*, 2 vols. Xerais.

Ferro Ruibal, X. (1995). *Refraneiro galego básico.* Galaxia.

(2002). *Refraneiro galego máis frecuente.* La Voz de Galicia.

(2006). Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas. *Cadernos de fraseoloxía galega, 8,* 179–265.

González González, M. (2012). *Dicionario da Real Academia Galega* [en liña]. Recuperado o 1 de marzo de 2013 de http://www.realacademiagalega.org/.

López Taboada, M. C. & Soto Arias, M. R. (2008). *Dicionario de fraseoloxía galega.* Xerais.

Martínez Seixo, R. A. (dir.). (2000). *Dicionario fraseolóxico galego.* A Nosa Terra.

Rivas, F. (2005). *Dicionario fraseolóxico do mar: así falan os mariñaos.* A Nosa Terra.

6.2. Outras fontes de consulta

Álvarez de la Granja, M. (2011). *Agudo coma un allo* o *burro cego*. La conceptualización de la inteligencia y de la estulticia a través del lenguaje figurado gallego. En S. Kaldieva-Zaharieva & R. Zaharieva (eds.), *Linguistic studies in honour of Prof. Siyka Spasova-Mihaylova* (pp. 377– 413). Bulgarian Academy of Sciences / Institute for Bulgarian Language. http://hdl.handle.net/10347/12179.

Álvarez de la Granja, M. (2003). As locucións verbais galegas. *Verba,* anexo 52. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

Arnaud, P. (1991). Réflexions sur le proverbe. *Cahiers de lexicologie, 51,* 6–27.

Brumme, J. (2006). Las expresiones fijas con animales. El valor simbólico a través de las lenguas. *7è Congrés de Lingüística General* (pp. 1–19). *Departament de Lingüística General, Universitat de Barcelona, Publicacions i edicións.*

Burnie, D. (ed.). (2002). *Grande enciclopédia animal.* Civilização.

Busquets i Molas, E. (1987). *Els animals segons el poble.* Editorial Millà.

Castro Otero, S.; Durán Paredes, L.; González Barreiro, X. M.; Harguindey Banet, H.; Martínez García, X. & Rocamonde, R. (2013). Outros lances nos laños do Morrazo. Novas recollida de unidades fraseolóxicas. *Cadernos de Fraseoloxía Galega, 14,* 273–286.

Cazal, F. (1997). Gatos y gatas en el Vocabulario de refranes y frases proverbiales de Gonzalo de Correas (1627). *Criticón, 70,* 32–52.

Chevalier, J. (dir.). (1988). *Diccionario de los símbolos* (M. Silvar & A. Rodríguez, Trads.). Herder.

Correas, G. (2000). *Vocabulario de refranes y frases proverbiales.* Castalia.

Cruz Cabanillas, I. & Tejedor Martínez, C. (1998). La metaforización de algunas denominaciones genéricas de animales. En J. L. Cifuentes Honrubia (ed.), *Estudios de Lingüística Cognitiva I* (pp. 381–388). Universidad de Alicante.

Dobrovol'skij, D. & Piirainen, E. (2000). Sobre los símbolos: aspectos cognitivos y culturales del lenguaje figurativo (E. M. Iñesta Mena, Trad.). En A. Pamies Bertrán & J. D. Luque Durán (eds.), *Trabajos de lexicografía y fraseología contrastivas* (pp. 29–53). Método.

Ferreira Guerra, R. (2011). Os animais na fraseologia brasileira. *Revista de Ciências Humanas Florianópolis, 45*(2), 461–515. Recuperado de https://doi.org/10.5007/2178-4582.2011v45n2p461.

Ferro Ruibal, X. (2008). A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística. En M. Álvarez de la Granja (ed.), *Lenguaje figurado y motivación: una perspectiva desde la fraseología* (pp. 129–189). Peter Lang.

Fraguas Fraguas, A. (1965). Algunos dichos y creencias acerca de los animales. *Actas do Congreso Internacional de Etnografía.* Juntas de Investigações, 231–253.
(1980). *Historia de Galicia.* Cupsa / Editorial Planeta.

Iñesta Mena, E. M. & Pamies Bertrán, A. (2002). *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos.* Granada Lingüística.

Kemp, D. (dir.). (2008). *Science of cats.* Recuperado o 28 de setembro de 2021 de http://natgeotv.nationalgeographic.es/es.

Kövecses, Z. (2000). *Metaphor and emotion: language, culture, and body in human feeling.* Cambridge University Press / Éditions de la Maison des sciences de l'homme.

La Fontaine, J. (1966). *Fables. Chronologie et introduction par Antoine Adam.* Garnier-Flammarion.

Lakoff, G. & Johnson, M. (1980). *Metaphors We Live By.* University of Chicago Press.

Lorenzo Fernández, X. (1962). *Etnografía: cultura material. Historia de Galiza,* vol. 2. Nós.

Luque Nadal, L. (2012). *Principios de culturología y fraseología españolas: creatividad y variación en las unidades fraseológicas.* Peter Lang.

Mãças, D. (1950). *Os animais na linguagem portuguesa.* Centro de Estudos Filológicos.

Macdonald, D. (ed.). (2001). *The New Encyclopedia of Mammals*. Oxford University Press.

Mariño Ferro, X. R. (1996). *El Simbolismo animal: creencias y significados en la cultura occidental.* Encuentro.

Nogueira Santos, A. (2006). Fraseoloxía comparada portugués-inglés: cão/gato-dog/cat. *Cadernos de Fraseoloxía Galega, 8,* 165–175.

Perozo Ruiz, X. A. (dir.). (1999). *Enciclopedia galega universal* (vol. 4). Ir Indo.

Piñel López, R. M. (1997). El mundo animal en las expresiones alemanas y españolas y sus connotaciones socioculturales. *Revista de Filología Alemana, 5,* 259–174.

Quintáns Suárez, M. (dir.). (1997). *Diccionario conceptual galego,* 8 vols. Xuntanza.

Reigosa, A.; Cuba, X. R. e Miranda, X. (2000). *Dicionario dos seres míticos galegos*. Xerais.

Risco, V. (1971). *Manual de historia de Galicia.* Galaxia.

Rodríguez González, E. (1958-1961). *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Recuperado o 10 de outubro de 2021 de http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?pescuda=gato&tipo_busca=lema.

Santamarina Fernández, A. (coord.). (2003). *Dicionario de dicionarios.* Recuperado o 3 de setembro de 2021 de http://sli.uvigo.es/DdD/.

Sanz Martín, B. E. (2012). Polisemia de los zoónimos *perro* y *gato*: valores antitéticos. *Onomázein, 25,* 125–137.

Seoane Prieto, R. (1999). *Fábulas de Esopo* (X. C. Domínguez, Trad.). Xuntanza.

Suárez Cuadros, S. J. (2006). *Análisis comparativo de las unidades fraseológicas que incluyen algún zoomorfismo en los idiomas ucraniano y español* [tese de doutoramento, Universidad de Granada]. Digibug: repositorio institucional de la Universidad de Granada.

Taboada Chivite, X. (2000). *Refraneiro galego. Cadernos de fraseoloxía galega 2*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.

Torres Queiruga, A. & Rivas García, M. (coords.). (2008). *Dicionario-Enciclopedia do pensamento galego.* Xerais / Consello da Cultura Galega.

Valladares Núñez, M. (1884). *Diccionario gallego-castellano.* Recuperado o 13 de outubro de 2021 de http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?pescuda=gato&tipo_busca=lema.

Vázquez Saco, F. (2003). *Refraneiro galego e outros materiais da tradición oral. Cadernos de fraseoloxía galega 5*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.

Villares, R. (1995). *A historia.* Galaxia.

Zuluaga, A. (1980). *Introducción al estudio de las unidades fijas.* P. D. Lang.

De zoónimos e zoomorfismos no discurso carcerario da novela *Hombres sin mujer* de Carlos Montenegro[1]

Zoonyms and zoomorphisms in the prision discourse of the novel Hombres sin mujer *by Carlos Montenegro*

Geisy Labrada Hernández
Universidade de Holguín
https://orcid.org/0000-0001-6303-8290
geisylh@uho.edu.cu

Irina Bidot Martínez
Universidade de Oriente
https://orcid.org/0000-0001-8653-9178
bidot@uo.edu.cu

Celia María Pérez Marqués
Universidade de Oriente
https://orcid.org/0000-0002-0243-8159
celiapm@uo.edu.cu

Resumo: No traballo, despois de fundamentar unha concepción teórica concorde ó obxectivo previsto, coméntanse brevemente as funcións que desempeñan algúns zoomorfismos, como tipoloxía especial de unidades fraseolóxicas, na novela *Hombres sin mujer*, publicada en 1938 polo escritor cubano de orixe galego Carlos Montenegro. Explícanse ademais, as principais achegas destas expresións e outras metáforas zoomorfas á obra literaria mencionada e a súa efectividade na reprodución do argot ou linguaxe carceraria empregada nela. Para isto extraéronse, con apoio na técnica fraseolóxica e de forma manual, 161 expresións zoomorfas da novela. Na análise das funcións dos zoomorfismos tivéronse en conta as recoñecidas por Zuluaga (1997) para as unidades fraseolóxicas en xeral. Dita novela, pouco tratada pola historiografía literaria cubana, distínguese por unha presenza considerable de zoomorfismos, os cales constitúen, á vez, unha ferramenta efectiva no seu achegamento. Estes contribúen, sobre todo, a reproducir fielmente o discurso carcerario, a estruturar a narración e, ó par, actúan como instrumentos de denuncia do declive do réxime penal da época.

Palabras clave: Fraseoloxía, zoónimo, zoomorfismo, literatura, Cuba.

Abstract: In the paper, after basing a theoretical conception in accordance with the intended objective, the functions performed by some zoomorphisms, as a special typology of phraseological units, in the novel Hombres sin mujer, published in 1938 by the Cuban writer of Galician origin Carlos Montenegro, are briefly commented. The main contributions of these expressions and other zoomorphic metaphors to the aforementioned literary work and their effectiveness in the reproduction of the prison slang

[1] Data de recepción: 27.05.22. Data de aceptación: 03.08.22.
Tradución do texto orixinal realizada por Xabier Zúñiga Pérez.

or language used in it are also explained. For this purpose, 161 zoomorphic expressions of the novel have been extracted, with the support of the phraseographic technique and manually. In the analysis of the functions of zoomorphisms, we have taken into account those recognized by Zuluaga (1997) for phraseological units in general. This novel, little treated by Cuban literary historiography, is distinguished by a considerable presence of zoomorphisms, which constitute, at the same time, an effective tool in its approach. These contribute, above all, to faithfully reproduce the prison discourse, to structure the narrative and, at the same time, act as instruments of denunciation of the decline of the penitentiary regime of the time.

Keywords: Phraseology, zoonym, zoomorphism, literature, Cuba.

1. Introdución

A literatura constitúe un dos testemuños máis auténticos da realidade dun país, así como das crenzas e actitudes dos seus habitantes. Nela a lingüística atopou un referente fundamental que permite a concreción de investigacións de diversa índole, xa sexa dende perspectivas diacrónicas o sincrónicas. Para os estudos fraseolóxicos, especificamente, os textos literarios representan unha fonte importante na obtención de datos, tanto para a conformación de obras fraseográficas como para a análise do uso e significado destas expresións (Zuluaga, 1982; García-Page, 1986; Tristá, 1987; Gallego, 1999; Solano, 2004; Aldama, 2015; Del Valle e Carr, 2017; Ciro, 2021).

Cómpre precisar entón que o estudo das unidades fraseolóxicas (UF de agora en diante) en textos literarios apunta cara dúas direccións igualmente novas: por un lado contribúe a unha comprensión máis ampla da configuración ideoestética da obra e, por outro, permite describir e analizar aspectos relativos á forma e funcionalidade dos fraseoloxismos. Polo tanto, literatura e fraseoloxía imbrícanse nun enfoque interdisciplinario reciprocamente beneficioso que posúe, ademais, unha notable dimensión social.

No caso de Cuba, os traballos que toman como base esta perspectiva interdisciplinaria non son habituais, aínda que hai rexistro dalgunhas teses e artigos illados (Tristá, 1987; Jiménez, 2010; e Aldama, 2015). Daquela, como parte da labor do Grupo de Estudos de Fraseoloxía de Cuba (GEFRASCU) no seu interese por revitalizar as investigacións fraseolóxicas cubanas, a análise das UF a partir de diversas fontes como documentos de arquivo, dicionarios, periódicos e, por suposto, textos literarios, foi definida como unha das súas principais liñas de traballo. Ademais de formar parte de GEFRASCU, o presente estudo deriva da tese doutoral en curso «La variación de las unidades fraseológicas zoomorfas en el español de Cuba», que se insire no Programa de Doutoramento en Ciencias Lingüísticas e Literarias da Universidade de Oriente, en Santiago de Cuba.

O obxectivo proposto consiste en determinar as funcións que desempeñan os zoomorfismos, como tipoloxía especial de UF, na novela *Hombres sin mujer*, publicada en 1938 polo escritor cubano de orixe galego Carlos Montenegro. Explícanse, ademais, as principais achegas destas expresións á obra literaria mencionada e a súa efectividade na reprodución do argot ou linguaxe carceraria que nela se presenta. Para isto extraéronse, con apoio na técnica fraseográfica e de forma manual, 161 expresións zoomorfas da novela en

cuestión. Por outro lado, para a análise das funcións dos zoomorfismos teranse en conta as recoñecidas por Zuluaga (1997) para as UF en xeral.

A selección deste texto como fonte de análise responde, primeiro, á súa notable calidade estética, que contrasta coa exigua atención que recibiu por parte da crítica e das historiografías literarias cubana e latinoamericana. En palabras de Ambrosio Fornet, «Carlos Montenegro é un dos primeiros narradores cubanos modernos, aínda que mestre ignorado do continente» (1967, p. 35). A tal postergación contribúe, ó par, o tratamento, por primeira vez na lingua española, dun tema tan sensible como a homosexualidade no espazo carcerario por un autor cunha traxectoria biográfica tamén marcada polo delito.

Dende o punto de vista fraseolóxico, esta novela distínguese por unha presenza considerable de UF que toman como base o nome, unha calidade ou acción propia dun animal para referirse a características ou comportamentos humanos, é dicir, zoomorfismos. Estes enlázanse en perfecta simetría coa violencia dunha linguaxe que moitas veces se ofrece a partir do diálogo directo. Deste modo actúan como garantes de comunicación e comprensión dunha temática complexa. Condensan, á vez, a información transmitida mediante un discurso novo, cuxa reprodución se lexitima a partir do testemuño e da experiencia do autor.

2. Carlos Montenegro e *Hombres sin mujer*

Afondar na produción literaria de Carlos Montenegro implica, de acordo con Gallardo (2010, p. 103), a comprensión do nesgo autobiográfico que caracteriza a súa obra. Unha breve aproximación á súa narrativa permite discernir o grao de influencia dalgúns acontecementos, aínda que non deben pasarse por alto os matices subxectivos e de ficción propios de todo texto literario.

Procedente de Galicia, Montenegro (1900-1981) emigrou a Cuba en 1907. Viviu tamén en Arxentina e á idade de catorce anos comezou na actividade mariñeira por portos de Estados Unidos, Canadá, Cuba e México. Neste último territorio cumpriu prisión acusado de contrabando de armas. Ademais de mariño, traballou como obreiro fabril e mineiro. Cinco anos despois ingresou no Reclusorio Nacional del Castillo del Príncipe na Habana polo delito de homicidio. Alí escribiu os seus primeiros contos e publicounos na revista *Renacimiento*, órgano oficial da cárcere.

A súa obra espertou o interese de intelectuais como Juan Marinello e José Zacarías Tallet. En 1928 obtivo un premio polo conto *El renuevo* e, a partir da súa influencia na actividade intelectual habaneira, foi trasladado ó Presidio Modelo da Illa de Pinos. Tres anos máis tarde foi liberado e comezou a súa labor como periodista, que trouxo consigo a súa participación na Guerra Civil Española. En 1959, cando tivo lugar o Triunfo da Revolución Cubana, trasladouse a México, logo a Costa Rica e, finalmente, a Estados Unidos, onde faleceu en 1981.

Como pode apreciarse, a traxectoria biográfica de Carlos Montenegro estivo marcada por unha considerable diversidade de circunstancias convulsas, incluso dende os primeiros

anos da súa xuventude. Cada unha destas vivencias constitúe un referente palpable na súa produción literaria[2], tanto polas temáticas abordadas como pola fidelidade lingüística coa que se reproducen situacións e personaxes complexos. Nesta forma auténtica de reflectir conflitos sociais repudiados por gran parte do público lector, a través de textos cunha apreciable calidade estética, reside un dos maiores acertos de Carlos Montenegro.

2.1. *Hombres sin mujer* na historiografía literaria cubana

De acordo coa periodización exposta por Jan O. Ficher e retomada polo Instituto de Literatura e Lingüística «José Antonio Portuondo Valdor» (cf. Instituto de Literatura e Lingüística, 2003, p. 3), *Hombres sin mujer* insírese na época republicana iniciada en 1899 coa primeira intervención de Estados Unidos en Cuba e finalizada en 1959 cando ten lugar o Triunfo da Revolución Cubana. Particularmente, esta novela publícase na segunda etapa de dita época, a cal abrangue o período comprendido entre 1923 e 1958[3].

A Protesta dos Trece é o acontecemento que marca o inicio desta etapa política e cultural determinante para a historia de Cuba. Dirixida polo poeta Rubén Martínez Villena, amosa o aumento da conciencia política dos artistas e intelectuais como consecuencia dunha praxe histórica concreta. Este feito inaugura tamén a literatura cubana contemporánea (Zaínz, 2003, p. 3), cuxa primeira manifestación é o movemento de orientación vangardista, caracterizado por unha maior belixerancia dos escritores e artistas fronte á crecente hexemonía de Estados Unidos na vida política, económica e cultural de Cuba.

En palabras de Garrandés, as novelas correspondentes ó período agrúpanse nun «conxunto tan heteroxéneo nos seus propósitos como na súa calidade e transcendencia» (2003, p. 515). Non obstante, é posible distinguir unha taxonomía xeral, mais non exclusiva, en certos aspectos. Así, a produción da etapa articúlase arredor da novela campesiña, negrista, de evocación histórica, urbana e de preocupacións universalistas.

Especificamente, a novela urbana, caracterizada por ambientar as súas historias en cidades, foi reflexo de inquietudes feministas e acontecementos sociais e amosou unha acertada vocación de crítica social. Ademais de *Hombres sin mujer*, inclúense nesta tipoloxía obras coma *El tormento de vivir* (Arturo Montori, 1923), *La copa vacía* (Luis Felipe Rodríguez, 1926), *Las impurezas de la realidad* (José Antonio Ramos, 1929/1979), *Contrabando* (Enrique Serpa, 1938), *La vuelta de Chencho* (Carlos Enríquez, 1942/1960) e *El sol a plomo* (Humberto Arenal, 1958/1959). Nelas cobran forma temas relacionados coa clase obreira, a vida marxinal en soares e barrios pobres, a existencia pesimista na cidade e os movementos de loita.

---

[2] Ademais da novela aquí analizada, destacan outros contos do autor que abordan a temática carceraria: *El resbaloso, El prófugo, El tocayo, El mudo, El timbalero, El beso, El rayo de sol, La cartera, El incorregible* etc.

[3] Tendo en conta os obxectivos expostos na presente investigación non corresponde desenvolver unha análise pormenorizada do acontecer económico, político e social da etapa en cuestión. Polo tanto, este apartado pretende trazar un cadro xeral do período que permita situar a novela *Hombres sin mujer* na historiografía literaria cubana. Para unha caracterización máis extensa deste contexto recomendase a lectura de *La República a través de sus escritores* (Pogolotti, 2002) e *Historia de la literatura cubana* (Tomo II) (Instituto de Literatura y Lingüística, 2003).

De acordo con Pujals (1980, p. 42), a novela *Hombres sin mujer* derivou das preocupacións de Montenegro pola reforma penal, tema que lle expuxo ó criminalista español Jiménez de Asúa a raíz da súa participación nun congreso en Viena durante 1936. Esta denuncia ó réxime penal guía un argumento que se podería resumir na tráxica historia de amor protagonizada polo campesiño negro Pascasio Speek e o fermoso mozo de dezaoito anos Andrés Pinel, este último convertido nun cobizado obxecto sexual en canto ingresou na cárcere.

Porén, Montenegro traspasa a fatalidade do amor para amosar o seu «propósito autenticamente moral de desenmascarar a ignominia que supón arroxar ó podredoiro seres que antes ou despois deben tornar ó medio común, achegando a este tódalas taras adquiridas» (Montenegro, 1994, p. 2). A súa novela é un retrato leal da «desesperación deses seres, da súa dor e da súa inevitable regresión á besta» (Montenegro, 1994, p. 2) e materializa o poder destrutivo da prisión na conciencia humana.

3. Xerga ou argot? O discurso carcerario como forma de interacción social

O espazo carcerario atópase particular e pragmaticamente condicionado para un tipo de comunicación especial. Así, a linguaxe convértese nun medio de defensa, de impoñer a personalidade e de lograr ou simular a adaptación. Segundo Bixio (2018, p. 5), proporciona tamén instrucións sobre como se debe desenvolver a interacción para evitar conflitos e establecer relacións de poder.

Ó falar de linguaxe carceraria advírtese toda unha dispersión terminolóxica que dificulta a súa caracterización e tratamento preciso. Algunhas das denominacións máis habituais son *argot*, *xerga*, *barallete*, *caló*, *xermanía*, *linguaxe delituosa* ou *antilinguaxe*. Se se ten en conta o obxectivo do presente traballo, orientado en parte a explicar como as expresións zoomorfas contribúen a reproducir a linguaxe carceraria de *Hombres sin mujer*, convén delimitar a posición teórico-conceptual que serve de base para a análise.

Investigadores como Sanmartín (1996-1997, 1998, 2003), Cundín e Olaeta (2004), Busek (2011) ou Antonio e Rojas (2014) insisten na distinción de *xerga* e *argot*. Estes autores coinciden na visión da primeira como un tecnolecto e do *argot* como un sociolecto.

O *argot* representa a linguaxe de grupos marxinais e delituosos e está marcado por un matiz pexorativo. Para Aguirre *et al.* (2013) o *argot* «é unha variedade da fala, principalmente diastrática, cuxa delimitación se enuncia nunha tríade de funcións que designan, expresan e identifican un grupo social de falantes». Este é o termo máis difundido e aceptado nos estudos sobre linguaxe delituosa moderna (Iglesias, 2003; Daniel, 1980; Sanmartín, 1998; Busek, 2011; Aguirre *et al*., 2013, entre outros).

Así mesmo, nos traballos mencionados obsérvase certa evolución no trato do tema, pois pasouse da noción de criticismo á súa función como medio de cohesión e identidade de grupo. Precisamente é este o enfoque que guía o estudo aquí presentado, o cal se debe en parte á reprodución da linguaxe carceraria nunha obra literaria que pretende, por suposto, amosar ó público lector un esbozo da cotiandade da poboación penal cubana da época.

Así, para aludir á linguaxe carceraria da novela *Hombres sin mujer*, serán empregadas as denominacións *argot carcerario* ou *linguaxe delituosa*. Cómpre destacar, ademais, que se coincide co exposto por Sanmartín (1998), Aguirre *et al.* (2013) e Bixio (2018) cando identifican o *argot carcerario* como unha forma de *antilinguaxe* (Halliday, 1998), de alternativa social e de mecanismo de solidariedade entre as persoas que o rexistran. A isto engádeselle que é empregado por grupos que teñen valores opostos ós da sociedade e que se caracterizan pola marxinación.

Pilar Daniel (1980) refire entre os trazos característicos do *argot carcerario* o cambio semántico orixinado a través da metonimia e a metáfora, a presenza de préstamos doutras linguas e o uso de UF. Reina (2008) recoñece tamén o emprego frecuente de alcumes como unha designación intencional. Sanmartín (1996-1997) sostén que isto acontece porque o individuo adquire unha nova personalidade, un papel ou rol na cultura do grupo.

Sanmartín (2003) menciona, ademais, características coma a toma non planificada de quendas e a oralidade. De acordo con Aguirre *et al.* (2013), malia o seu alto grao de expresividade e que engloba un léxico particular, a configuración do *argot carcerario* está determinada polos mesmos mecanismos que rexen a lingua común. Á vez, codifica unha realidade distinta e transmite significados e información social relacionada coa conduta dos seus usuarios, de aí, segundo Bixio (2018, p. 9), o seu forte estigma social.

Particularmente, en *Hombres sin mujer* Montenegro asume a prosa da cárcere, elabóraa cunha marcada agresividade verbal que traduce toda a violencia e bestialidade dos conflitos reais, tensando as contradicións ó máximo (González, 2003, p. 556). O uso frecuente de zoomorfismos e metáforas zoomorfas constitúe un recurso efectivo nese interese do autor por reproducir fielmente o discurso carcerario, esclarecer descarnadamente os abismos morais dos personaxes e denunciar a inxustiza dun réxime penal en decadencia.

4. Metáforas zoomorfas e zoomorfismos. A fraseoloxía na literatura

Son moi abundantes os fraseoloxismos[4] ideados a partir da comparación de características físicas e psicolóxicas das persoas e os animais. O modelo cultural proposto na *Gran Cadena de Ser* (Lakoff e Turner, 1989, pp. 170–181), ten na súa cúspide os seres humanos antecedidos polos animais, seres con raciocinio, moralidade e sentido estético os primeiros, criaturas con instintos os segundos. As frecuentes comparacións entre ambos deron orixe ás metáforas zoomorfas. É por isto que dito modelo permite determinar como os falantes se categorizan en relación ás entidades que os rodean e como tal categorización se codifica lingüisticamente.

[4] Estes definense, segundo Corpas (1996, p. 20) como unidades léxicas formadas por máis de dúas palabras gráficas no seu límite inferior, cuxo límite superior se sitúa no nivel da oración composta, caracterizadas polo seu alto nivel de uso e pola coaparición dos seus elementos integrantes; pola súa institucionalización, entendida en termos de fixación e especialización semántica; pola súa idiomaticidade e variación potenciais, así como polo grao no cal se dan todos estes aspectos nos distintos tipos.

Os zoomorfismos parten da metáfora conceptual[5] *as persoas son animais*, onde o ser humano constitúe o dominio destino, ou sexa, a área de coñecemento máis abstracto, e o animal é o dominio orixe, é dicir, unha área do coñecemento ben perfilado. Entre ambos dominios establécense correspondencias que se enriquecen grazas ó coñecemento popular ou enciclopédico que se ten do dominio orixe. Estas expresións defínense como aqueles fraseoloxismos que empregan o nome, unha calidade ou unha acción propia dun animal para referirse a características, conductas ou comportamentos humanos (Labrada *et al.,* 2021, p. 165).

Destas correspondencias derivan diferentes implicacións metafóricas, entre elas: unha parte do corpo humano é un animal; o estado de ánimo é un animal; as calidades humanas positivas ou negativas son coma as dun animal, entre outras. Todas estas relacións constitúen o proceso cognitivo e traen consigo a presenza de diferentes expresións metafóricas zoomorfas que conforman un conxunto fraseolóxico semanticamente fundado na importancia cognitiva do dominio conceptual animal, caracterizado pola súa considerable presenza nos caudais fraseolóxicos de diferentes linguas (Szyndler, 2014; Wu Fan, 2015; Sanz, 2015; Sciutto, 2018).

A identificación do ser humano co animal adoita ir acompañada de asociacións negativas, pois implica descender na escala xa mencionada. Segundo Cymerman (1989, p. 565), na asimilación da persoa ó animal hai unha degradación do primeiro que, de animal superior, queda rebaixado ó nivel de besta. Desta forma, abandona a súa intelixencia e a súa sensibilidade para conservar só os seus sentidos e os seus instintos primarios. Así, é posible apreciar a relación dos zoomorfismos con algunhas das características xa mencionadas do discurso carcerario, polo que resulta de grande interese ilustrar como estas expresións poden contribuír á súa reprodución nun determinado contexto de uso, neste caso unha obra literaria.

Paralelamente, dito contexto permite apreciar as funcións dos zoomorfismos, como tipoloxía especial de UF, na obra literaria de forma xeral. Un antecedente fundamental nesta segunda parte do obxectivo proposto no presente estudo constitúeo o traballo de Zuluaga (1997). Nel resúmense algunhas das funcións principais das UF nos textos literarios, entre elas a fraseolóxica (facilitar e simplificar a formulación da mensaxe e a súa recepción), a argumentación (apoiada na autoridade das UF como parte do saber colectivo), a connotación-evocación (dunha rexión, un nivel sociocultural ou un ambiente determinado), a función icónica (representar un contido mediante unha imaxe visual concreta) e a lúdico-poética, que pode observarse, por exemplo, mediante o uso de UF desautomatizadas.

Sobresaen outras funcións coma a condensación ou abreviación da mensaxe, a reprodución da oralidade, a composición ou estruturación da materia narrativa e outras de tipo semántico-estilísticas coma o comentario, a exhortación, a valoración afectiva ou a mostra dun patrón de conduta adecuado mediante un compoñente instrutivo, entre outras.

[5] A orixe dunha metáfora conceptual débese a unha base experiencial ou á percepción dun parecido entre dous dominios. As asociacións entre ámbolos dous son parciais porque só se aplica información coherente do dominio orixe e só se proxectan algunhas das súas propiedades. Véxase Hipótese da Invariabilidade e Teoría da Selección de Propiedades en Lakoff e Turner (1989).

Cómpre resaltar outras funcións tales coma o redondeo de opinións, o resumo de ideas ou comentarios globais, a obtención de conclusións, a intensificación dun enunciado e algunhas procedentes do seu emprego anafórico ou catafórico (Jiménez, 2010).

Así, a partir destas funcións, o presente traballo pretende identificar cales se poñen de manifesto na novela *Hombres sin mujer* mediante as UF zoomorfas. Con isto non só se contribúe á caracterización destas expresións, senón que, á vez, constitúen unha ferramenta efectiva no achegamento á obra literaria en cuestión.

5. Precisións metodolóxicas

Para levar a cabo o estudo que aquí se presenta foi necesario conformar un corpus de UF procedentes da novela *Hombres sin mujer*. Dito proceso estivo organizado en catro etapas fundamentais. Primeiro, realizáronse varias lecturas detalladas da obra en cuestión, as cales implicaron un achegamento literario e lingüístico ó texto. Unha vez completadas as lecturas, procedeuse a extraer tódalas UF que cumprían coas características mencionadas na definición de zoomorfismos. É importante destacar que as expresións non foron completamente illadas da novela, senón que se anotaron conservando parte do contexto onde aparecían.

Como terceiro paso, as 161 UF foron confrontadas en diferentes dicionarios fraseolóxicos e xerais do español de Cuba:

- *El habla popular cubana de hoy: una tonga de cubichismos que le oí a mi pueblo* (HCPV) (Santiesteban 1985)
- *De lo popular y lo vulgar en el habla cubana* (HPC) (Paz, 1988)
- *Diccionario automatizado de fraseología cubana* (DICFRAS) (ILL e CLA, 1995)
- *Diccionario del español de Cuba* (DEC) (Cárdenas e Tristá, 2000)
- *Diccionario de expresiones y refranes al uso en Cuba y en Canarias* (DERUCC) (Alfaro, 2014)
- *Diccionario de la fauna hispanoamericana en frases y refranes* (DFH) (Del Valle e Carr, 2014)
- *Diccionario ejemplificado del español de Cuba* (DEEC) (Tristá e Cárdenas, 2016)

Este paso resulta de grande utilidade, debido a que son os dicionarios as fontes que recollen a codificación escrita das UF. Ademais, permiten advertir que as expresións alcanzaron un nivel pertinente e necesario de estabilidade e institucionalización, reflexado no recoñecemento da súa forma e significado. Tamén, a partir del é posible observar se no texto a UF foi empregada nalgunha das súas variantes, se foi desautomatizada con algún obxectivo e se o significado que deriva do seu contexto de uso coincide co recollido polo dicionario.

Finalmente, ó concluír a confrontación entre a mostra inicial e os dicionarios, elaborouse unha listaxe con cada un dos zoomorfismos, o seu significado, exemplo de uso na novela e algunhas observacións discursivas e textuais.

Cómpre destacar, ademais, que esta investigación se rexe por unha concepción ampla da fraseoloxía (Ruiz, 1997), en tanto abarca todo tipo de combinación de palabras que posúa os trazos de estabilidade e capacidade de reprodución, e cuxo significado é o resultado dunha complexa transposición semántica. Inclúense así locucións, colocacións, refráns e fórmulas rutineiras, polo que non pasan inadvertidas as súas diferentes funcións en relación coa súa tipoloxía.

6. Os zoomorfismos en *Hombres sin mujer*. Análise e discusión

O estudo das expresións zoomorfas na novela seleccionada pon de manifesto, en primeiro lugar, a presenza considerable de alcumes ou adeallos, todos eles incluídos, segundo a RAE e ASALE (2009, p. 219), no grupo dos sobrenomes. Así, a maioría dos personaxes son denominados por medio dun zoónimo que connota os trazos máis sobresaíntes da súa complexión física ou do seu comportamento carcerario: os nomes *Mosca, Jíbaro, el Mula, Gavilán, Perico, Alacrán, Iguana, Anguila*. Aínda que nun fragmento da novela pode apreciarse que a selección destes alcumes se podería relacionar co número do prisioneiro e o significado deste na charada[6]: *«¿y los alias de estos dos? –Les buscaremos alguno hoy, vaya pensando en los bichos de la charada*» (Montenegro, 1994, p. 134), esta denominación non é casual, senón que conduce a unha caracterización do personaxe como delincuente, oficial e, sobre todo, ser humano. Isto tamén se fai patente mediante formas de tratamento como *caballería, ganado, yegua*, entre outros.

Por outra parte, os zoomorfismos constitúen elementos centrais no tratamento dos principais temas da novela. Tal é o caso do racismo, o que se transmite mediante expresións como *hijo de mono y aura*, *hijo de mono y tiñosa* ou *ser un mono*, que se acompañan de comentarios coma os de Valentín (Montenegro, 1994, p. 4): «*les voy a poner la cola que les quité y a mandarlos para las selvas africanas*». Neste sentido cómpre mencionar que o *Diccionario de la fauna hispanoamericana en frases y refranes* (DFH, 2014) rexistra, no significado da UF *ser un mono*, que é empregado de forma despectiva para referirse a 'persoas de raza negra'. Sobre isto, chama a atención o uso da variante *ser un mico*, para a cal, en Nieto e Labrada (en prensa), comprobouse a súa presencia no español de Colombia, mais non en Cuba, onde se aprecia a variación xeográfica do zoónimo *mico* por *mono*.

Tamén a fortaleza física, a astucia e o liderado dalgúns presos quedan reflectidos mediante UF zoomorfas. Tal é o caso do personaxe Brai, recoñecido como «*el toro que más meaba*», expresión recollida no *Diccionario ejemplificado del español de Cuba* (DEEC, 2016) para referirse a 'aquela persoa de maior influencia, autoridade ou poder de decisión nunha entidade ou unha colectividade humana'. O zoónimo *toro* tamén é utilizado como expresión de forza: *ser un toro/estar hecho un toro*, UF que, segundo o DERUCC e o DFH, fan alusión a 'persoas fortes, robustas o saudables'.

[6] En Cuba, a charada é unha listaxe de cen números cuxos primeiros 36 significados proveñen da charada chinesa. Os restantes transmiten unha boa parte do imaxinario popular cubano, así como da historia. Cómpre destacar que a listaxe en cuestión se utiliza nun xogo coñecido como *La Bolita*, no cal se aposta unha cantidade de diñeiro nalgún dos números.

Polo contrario, a debilidade e a submisión exprésanse, de forma predominante, mediante o termo *perro*. Neste sentido, como se apuntou en traballos anteriores (Mogorrón *et al.,* 2022, pp. 49–50), destaca a tendencia a asociar o zoónimo *perro/a* con trazos negativos do comportamento humano. Entre estes cómpre mencionar 'a pobreza e a precariedade económica, a violencia e a ira, a liberdade o el exceso de confianza, a vagancia, a promiscuidade, a covardía, o ser insignificante o mal olor'. Algúns destes valores quedan expostos en fragmentos da novela como os seguintes:

(1) «*Sacó una de sus teorías, que si se figuraban que un hombre era un perro -¿Perro? ¡Peor que perro! ¡Negro y presidiario*!» (Montenegro, 1994, p. 23)
(2) «*Acaso quieres que me convierta en un perro para ti y te siga, lamiendo las piedras que pisas»* (Montenegro, 1994, p. 45)
(3) «*Caballeros, cállense, que no están enterrando a un perro*» (Montenegro, 1994, p. 69)
(4) «*Lo había tirado como si tirara un perro muerto*» (Montenegro, 1994, p. 95)

Aparecen outras UF baseadas no lexema *perro*, que se resumen na seguinte táboa:

Táboa 1. UF co zoónimo *perro*

UF	Significado	Dicionarios
no ser perro que siga a su amo	1-'ser ingrato/a'. 2-'desleal'. 3-'non deixarse gobernar'.	DFH, DEC, DEEC
perro no come perro	'Úsase para advertir ó interlocutor de que modere a súa conduta agresiva porque quen fala está disposto a enfrontarse a el de igual a igual'.	DEEC, DFH
ser un perro sato	'Dise da persoa que pasa a maior parte do tempo namorada'.	DERUCC, DFH
morir como un perro	'Morrer soa e abandonada, cruelmente, unha persoa'.	DFH

Ó ser a homosexualidade no espazo carcerario o tema principal da novela, é evidente como os zoomorfismos favorecen a súa expresión en conxunto con tódolos matices fatalistas, pexorativos e discriminatorios que o acompañan. Así, para Montenegro, na cárcere a homosexualidade articúlase en diferentes categorías e, aínda cando para moitos é un comportamento natural, inherente ó presidio, para outros é un motivo contraditorio de discriminación ou burla. A isto contribúen diferentes zoónimos que dan conta do compoñente valorativo e de imaxe pública que traen consigo:

(5) «*Los afeminados son como los gatos, no miran la mano que les da de comer*» (Montenegro, 1994, p. 6)
(6) «*A mí me gusta comerme a los pájaros en su propio nido*» (Montenegro, 1994, p. 29)

(7) «*Yo no hago cochinadas*. *–Pero te las hacen, ya tú sabes lo que es la carne de puerco*» (Montenegro, 1994, p. 29)
(8) «*Pero pájaro carpintero, que abre los huecos con el pico*» (Montenegro, 1994, p. 30)
(9) «*El pájaro legítimo tiene más prurito que un hombre*» (Montenegro, 1994, p. 57)
(10) «*Ya ha cumplido ocho años y cada día le tiene más odio a los pájaros*» (Montenegro, 1994, p. 64)
(11) «*Yo no acabo de tragarme que sea guapo el que le entre así a la carne de puerco*» (Montenegro, 1994, p. 99)
(12) «*El presidio estaba compuesto de los que quería comer como el ratón, sin que nadie se enterase, y de pingüinos, que se conformaban con adelgazar mirando de lejos a sus muchachos»* (Montenegro, 1994, p. 162)

Na fraseoloxía zoomorfa cubana é recorrente a identificación da homosexualidade co zoónimo *pájaro*. Tamén se empregan outros como *ganso* ou *pato*, que teñen como hiperónimo ó substantivo *ave* (tamén empregado con este significado). Polo tanto, funcionan como cohipónimos e sempre se relacionan coa representación de actitudes efeminadas en homes homosexuais, debido á delicadeza, vulnerabilidade e á suavidade da plumaxe destes animais. Por outra banda, a UF *comer carne de puerco*, ser homosexual, é recollida por Carlos Paz en *De lo popular y lo vulgar en el habla cubana.*

Así mesmo, nesta novela publicada en 1938 xa se advirte a presenza de certas UF de uso frecuente na actualidade:

Táboa 2. UF de uso frecuente que manteñen o seu significado na actualidade

UF	**Significado**	**Dicionarios**
caballo americano	'Persoa moi alta e corpulenta, sobre todo unha muller'.	DEC, DICFRAS, DEEC, HPC, DFH
ser un cerdo	'Ser unha persoa sucia, mal educada, de baixa moral'.	DFH
ser un tiburón	'Ser unha persoa que abusa dos demais en beneficio propio'.	DEC, DEEC

Namentres, como parte da obra literaria, pode afirmarse que unha das funcións predominantes dos zoomorfismos é a icónica, coa que se representa un contido mediante unha imaxe visual concreta que garante a comunicación e a comprensión cun mínimo de esforzo. Unha mostra disto é a referencia á infinidade como a peor das bestas do presidio: «*Era un animal ciego y peligroso el sinfín, pero no era un hombre, no se le suponía alma, conocimiento del bien y del mal, por eso no se le ajusticiaba*» (Montenegro, 1994, p. 53).

Outros expresan un compoñente descritivo do estado do personaxe: «*son patadas de mulo lo que tira con los puños*» (Montenegro, 1994, p. 56). Cómpre resaltar que os dicionarios consultados asocian o zoónimo *mulo* coa teimosía e a violencia, sirvan como mostra os exemplos da Táboa 3:

Táboa 3. Expresións co zoónimo *mula/o*

UF	Significado	Dicionarios
ser un mulo [de carga]	1-'groso'. 2-'traballador'. 2-'bruto'. 4-'forte'.	DFH
ser terco como una mula	'Persoa teimosa e obstinada'.	DFH
ser rabiosa como una mula	'Persoa que se incomoda por calquera motivo'.	DERUCC
ser patada de mula	'De mala calidade'.	DFH

Porén, chama a atención que dende 1985 en *El habla popular cubana de hoy: una tonga de cubichismos que le oí a mi pueblo,* de Argelio Santiesteban, tamén se rexistra a UF *ser una mula* –nótese o zoónimo en xénero feminino– para referirse ós 'homes homosexuais'. Ó respecto, como se apuntou en Labrada *et al*. (2021) e Mogorrón *et al*. (2022), aínda cando a Grande Escala do Ser constitúe un modelo esencial no estudo da fraseoloxía zoomorfa, home e muller non se inscriben no mesmo chanzo. As UF zoomorfas reflicten unha diferenza de xénero que establece connotacións semánticas con implicacións sexistas. Así, a muller, ademais de constituír unha categoría diferente, sitúase máis preto do referente animal, sobre todo daquel máis torpe, servil e ignorante.

Ó longo da novela pódese observar que, precisamente, no presidio descrito por Montenegro a muller é considerada o peor dos animais:

(13) «*Los pájaros son peores que las mujeres cuando se enredan entre ellas mismas. No hay macho que les pueda entrar*» (Montenegro, 1994, p. 6).

(14) *«¡Era maravilloso! Hacía un instante que se sentía acorralado como una bestia, a punto de sentir el pánico. Y ahora todo aquello que sufriera le parecía ridículo, propio de mujeres»* (Montenegro, 1994, p. 53).

(15) *«¡Estos sastres eran todos unos maricas! Sentados en las mesas, con las patas cruzadas, cosiendo como mujeres, ¿qué se podía esperar de ellos?»* (Montenegro, 1994, p. 53).

Por outra banda, a función catafórica das expresións zoomorfas emprégase para anticipar o enunciado que aparece a continuación e evidénciase en fragmentos como: *«¡yo quiero comer gallina blanca!»* (Montenegro 1994: 4), onde o personaxe de Valentín fai evidente a súa atracción por Andrés. Poñen de manifesto tamén un compoñente valorativo sobre o personaxe: *«ese juicio le daba ánimos suficientes para jugar, con él, el juego peligroso del gato y el ratón»* (Montenegro 1994: 119).

As UF desautomatizadas, as cales intensifican o enunciado, indican a oralidade do discurso e reflicten implicacións diversas, tamén contribúen á configuración ideoestética do texto e á reprodución do argot ou linguaxe carceraria. Entre os exemplos destas modificacións intencionais aparecen:

(16) *«No crea en hombres serios, serio es el chivo y se hace lo que le hacían los aprendices a Don Pancho»* (Montenegro, 1994, p. 7).
(17) *«En Pascasio, un gato jugaba con un ratón agónico»* (Montenegro, 1994, p. 102).

Nos dicionarios consultados rexístranse as UF que foron tomadas como base para estas desautomatizacións:

> *Jugar al gato y al ratón* (DFH): 'Permanecer xuntas dúas persoas, mais nunha pelexa constante'.
>
> *Serios son los chivos y se la maman* (HPC, DFH): 'Rexeita a existencia dunha total seriedade, sobre todo cando unha persoa recomenda outra por ser seria'.

Como se poido apreciar, aínda cunha mostra limitada de UF, os zoónimos e, por tanto, os zoomorfismos e outras metáforas zoomorfas, constitúen elementos esenciais na comprensión da novela analizada. Nela, mediante esa historia de amor fatal, queda reflectida, como apuntou o seu autor, dende unha das súas arestas, a vida penal, a súa desesperación e transición: *«estamos tarados de todas las hambres. Nos hemos convertido en bestias y ya seremos para siempre los irredentos […] Muy pocos terminarían sus condenas sin estar atacados de locura rabiosa […] ¿Qué más animales que los presos?»* (Montenegro, 1994, pp. 40, 149, 159).

7. Conclusións

O achegamento á novela *Hombres sin mujer* pon de manifesto o nesgo autobiográfico do seu autor, tanto polas temáticas abordadas como pola fidelidade lingüística coa que se reproducen situacións e personaxes complexos. Particularmente, o uso frecuente de zoomorfismos e metáforas zoomorfas constitúe un recurso efectivo no interese deste por reproducir meticulosamente o discurso carcerario, esclarecer os abismos morais dos personaxes e denunciar a inxustiza dun réxime penal decadente.

Como parte do argot carcerario, as UF zoomorfas transmiten contidos semánticos coma o sexo, os delitos, a morte, a violencia. Evidenciase tamén o uso frecuente de alcumes baseados en zoónimos que permiten identificar ós personaxes segundo o seu papel e trazos esenciais. Aparecen, ademais, a metáfora e a reprodución dunha oralidade avalada polo testemuño e a experiencia do autor.

Dende o punto de vista literario distínguense funcións coma a fraseolóxica, a argumentación, a función icónica e a lúdico-poética, que pode observarse, por exemplo, mediante o uso de UF desautomatizadas. Sobresaen outras funcións coma a condensación ou abreviación da mensaxe, o redondeo de opinións, o resumo de ideas ou comentarios globais, a obtención de conclusións, a intensificación dun enunciado e algunhas procedentes do seu emprego anafórico ou catafórico.

8. Referencias bibliográficas

Aguirre, J.; Molina, J. e Romero, V. (2013). Análisis léxico-semántico del argot de las reclusas de la cárcel *El buen pastor de Bogotá*. *Lenguaje*, *41*(1), 35–57.

Aldama, I. (2015). *Propuesta teórica para el estudio de las unidades fraseológicas léxicas de carácter coloquial empleadas en el teatro cubano actual* [Tese de mestría]. Universidad de La Habana.

Alfaro, L. (2014): *Diccionario de expresiones y refranes al uso en Cuba y en Canarias*. Editorial Capiro.

Antonio, N. e Rojas, N. (2014). *La jerga de los actores del transporte público de Lima metropolitana* [Tese de licenciatura]. Universidad Nacional de Educación (Perú).

Arenal, H. (1959). *El sol a plomo*. Cruzada Latinoamericana de Difusión Cultural.

Bixio, B. (2018). Silencio, paradoja y mímesis en contextos de cárcel. *Heterotopías - Revista del Área de Estudios Críticos del Discurso*, *1*(1), 1–28.

Buzek, I. (2018). El léxico carcelario mexicano durante el porfiriato y su lexicografía oculta: un estudio de caso. *Boletín de Filología*, Tomo LIII, 1, 35–61.

Cárdenas, G. e Tristá, A. M. (2000). *Diccionario del español de Cuba*. Gredos.

Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Gredos.

Cundín, M. e Olaeta, R. (2004). El argot en los diccionarios y gramáticas de ELE. *Actas del XV Congreso Internacional de ASALE*, 244–251.

Cymerman, C. (1989). Las imágenes zoomorfas y sexuales en la obra de Eugenio Cambaceres. *AIH, Actas X*, 563–572.

Daniel, P. (1980). Panorámica del argot español (pp. 7–24). En V. León (ed.), *Diccionario del argot español y lenguaje popular*. Alianza.

Del Valle Fonseca, M. e Carr Parúas, F. (2014). *Diccionario de la fauna hispanoamericana en frases y refranes*. Ediciones Loynaz.

Enríquez, C. (1960). *La vuelta de Chencho*. Dirección General de Cultura, Ministerio de Educación.

Fornet, A. (1967). *En blanco y negro.* Instituto del Libro.

Gallardo, E. (2010). Pájaros enjaulados: homosexualidad y prisión en Hombres sin mujer. *Anuario de Estudios Americanos*, 67 (1), 107–130.

Garrandés, A. (2003). La novela. Panorama de su desarrollo (pp. 515–527). *Instituto de Literatura y Lingüística (Comp.): Historia de la Literatura Cubana*. Editorial Letras Cubanas.

González, A. (2003). Carpentier, Serpa, Novás Calvo, Montenegro y Torriente Brau (pp. 535–562). *Instituto de Literatura y Lingüística (Comp.): Historia de la Literatura Cubana*. Editorial Letras Cubanas.

Halliday, M. A. K. (1998). *El lenguaje como semiótica social. La interpretación social del lenguaje y del significado*. Fondo de Cultura Económica.

Iglesias, J. (2003). *Diccionario de argot español: o lenguaje jergal gitano*. Alianza.

Instituto de Literatura y Lingüística e Centro de Lingüística Aplicada (1995). *Diccionario automatizado de fraseología cubana*. Centro de Lingüística Aplicada.

Jiménez, Y. (2010). *Estudio fraseológico de la novela Juan Quinquín en Pueblo Mocho de Samuel Feijóo.* (Traballo de diploma). Universidad Central «Martha Abreu» de Las Villas, Cuba.

Labrada, G.; Bidot, I. e Pérez, C. (2021). ¿Vacas o toras? La representación de la mujer en la fraseología zoomorfa cubana. *Paremia*, 31, 163–171.

Lakoff, G. e Turner, M. (1989). *More than Cool Reason: Field Guide to Poetic Metaphor*. Chicago University Press.

Mogorrón, P.; Labrada, G. e Nieto, G. V. (2022). Mismas expresiones, distintos significados. *Revista Nebrija de Lingüística Aplicada a la Enseñanza de las Lenguas*, 32, 40–57, https://doi.org/10.26378/rnlael1632479.

Montenegro, C. (1994). *Hombres sin mujer*. Letras Cubanas.

Montori, A. (1923). *El tormento de vivir*. Imprenta e papelería La Propagandista.

Nieto, G. V. e Labrada, G. (en prensa). Variación diatópica de las unidades fraseológicas zoomorfas en el español de Cuba y Colombia. *Chakiñan Revista de Ciencias Sociales y Humanidades,* 18.

Paz, C. (1988). *De lo popular y lo vulgar en el habla cubana*. Editorial Ciencias Sociales.

Pogolotti, M. (2002). *La República al través de sus escritores*. Editorial Letras Cubanas.

Pujals, E. (1980). *La obra narrativa de Carlos Montenegro.* Ediciones Universal.

Ramos, J. A. (1979). *Las impurezas de la realidad*. Editorial Letras Cubanas.

Real Academia de la Lengua Española e Asociación de Academias de la Lengua Española (2009). *Gramática de la lengua española*. Espasa Libros.

Reina, Á. (2008). *Configuración de la jerga de los estudiantes de la Licenciatura en Lenguas Modernas de la Pontificia Universidad Javeriana, desde una perspectiva sociolingüística* (Tese de licenciatura). Pontificia Universidad Javeriana, Colombia.

Rodríguez, L. F. (1926). *La copa vacía*. Tipografía Yagües.

Ruiz Gurillo, L. (1997). *Aspectos de fraseología teórica española.* Anexo XXIV de *Cuadernos de Filología*.

Saínz, E. (2003). Introducción. Objetivos y características del tomo. La periodización adoptada (pp. 3–5). *Instituto de Literatura y Lingüística (Comp.): Historia de la Literatura Cubana*. Editorial Letras Cubanas.

Sanmartín, J. (1998). *Lenguaje y cultura marginal*. Anexo XXV da Revista *Cuadernos de Filología*, Universitat de València.

(1996-1997). La búsqueda etimológica en el argot de los delincuentes. *ELUA*, 11, 325–339.

(2003). Lingüística Aplicada y argot: los útiles lexicográficos del traductor (pp. 603–614). *Lexicografía y Lexicología en Europa y América. Homenaje a Günter Haensch*. Gredos / Biblioteca Valenciana.

Santiesteban, A. (1997). *El habla popular de hoy*. Editorial Ciencias Sociales.

Sanz Martin, B. E. (2015). Las metáforas zoomorfas desde el punto de vista cognitivo. *Íkala, Revista de Lenguaje y Cultura*, 20 (3), 361–384.

Sciutto, V. (2018). Metáforas zoomorfas en el español de Argentina. *E-AESLA*, 4, 418–427.

Serpa, E. (1938). *Contrabando*. Ediciones Álvarez-Pita, Taller Alfa.

Szyndler, A. (2014). *Zoomorfismos fraseológicos del español y el polaco. Un estudio contrastivo desde el punto de vista de la lingüística cultural*. Wydawnictwo Uniwersytetu Śląskiego.

Tristá Pérez, A. M. e Cárdenas Molina, G. (2016). *Diccionario ejemplificado del español de Cuba.* Editorial de Ciencias Sociales.

Tristá, A. M. (1987). *Fraseología en la obra de Raúl Roa*. Editorial Ciencias Sociales.

Wu, F. (2015). El sentido cultural de los zoónimos. *Language Design*, 17, 5–33.

Zuluaga, A. (1997). Sobre las funciones de los fraseologismos en los textos literarios. *Paremia*, *6*, 631–640.

Locucións verbais, adverbiais e adxectivas no I acto de *Voluntad* de Benito Pérez Galdós[1] [2]

Verbal, adverbial and adjective phrases in the first act of Benito Pérez Galdós' *Voluntad*

Domenico Daniele Lapedota
Università degli Studi di Bari "Aldo Moro" / DIFRASPA
https://orcid.org/0000-0003-1597-5735
domenico.lapedota@uniba.it

Resumo: Neste traballo seleccionamos as locucións verbais, adverbiais e adxectivas recollidas no primeiro acto dunha das comedias menos coñecidas de Benito Pérez Galdós. O saber literario do novelista e dramaturgo, como indican as nosas investigacións, baséase non só na intensidade dun léxico finamente entretecido, nunca aleatorio, senón tamén, neste caso, na riqueza da fraseoloxía, que lle serve ao autor para caracterizar eficazmente os seus personaxes. O corpus confeccionado réxese por parámetros de agrupación útiles de cara á sistematización e análise do material lingüístico extraído a partir da detida lectura do acto en cuestión. A pesar de que non considerabamos ningún enfoque ecdótico, pretendemos destacar, grazas á edición crítica elaborada por Juan Gallego Gómez (2000), a intención galdosiana para nada inconsciente de enriquecer as versións posteriores con fraseoloxismos que, de feito, non cabían na primeira ideación. O estudo finaliza cunha sorte de reconto estatístico orientado á distinción dos personaxes que interveñen na obra segundo a abundancia da súa aportación fraseolóxica.

Palabras clave: Galdós, fraseoloxía, locucións, análise.

Abstract: In this article, verbal, adverbial and adjective locutions found in the first act of one of Benito Pérez Galdós' less known comedies are extracted. According to previous research, the novelist and playwright's literary knowledge is based not only on the intensity of a consciously selected, finely interwoven lexicon, but also on the richness of the phraseology the author uses in this work to effectively characterise his characters. The resulting corpus has been structured according to

[1] Data de recepción: 23.01.22. Data de aceptación: 15.03.22.
Tradución feita por Paola Costa Villanueva.

[2] A Antonella Sardelli, por iniciarme na investigación, e a Julia Sevilla Muñoz, polo seu apoio constante á xuventude investigadora.

grouping parameters which are useful for systematising and analysing the linguistic material obtained from the in-depth reading of said act. Even if no ecdotic approach has been considered, the critical edition by Juan Gallego Gómez (2000) has helped us to highlight the never-unconscious Galdosian intention to enrich future versions with phraseological units that were not originally comtemplated. This study ends with a sort of statistical report aimed at distinguishing the characters in the play on the basis of their phraseological contribution.

Keywords: Galdós, phraseology, locutions, analysis.

1. Introdución

Co gallo do centenario do pasamento do novelista e dramaturgo Benito Pérez Galdós, quixemos «sacar al tablado» unha das comedias menos coñecidas e menos analizadas dende un enfoque fraseolóxico e paremiolóxico,[3] é dicir, *Voluntad. Comedia en tres actos y en prosa*. Outros investigadores, dos que destacamos a Penas Ibáñez e Méndez Guerrero (2020), Barbadillo de la Fuente (2020), Fernández Martín (2020), Álvarez Díaz (2020) e Barrado Belmar (2020), tentaron afondar no humus idiomático do escritor mediante o estudo das súas xoias literarias. Este traballo é, seguramente, o primeiro que aborda a análise das locucións presentes na obra.

«Imagen de la vida es la novela» (Arencibia Santana, 1998, p. 14) postulou Galdós ao pronunciar o seu discurso de ingreso na Real Academia Española en febreiro de 1897, unha aseveración que describe ben a importancia que lle atribuía o autor ao milagre da creación narrativa e que reafirma a súa predilección prosística. Sábese que o estilo do Galdós novelista revela o interese polo contido antes que pola forma, pois parte dunha análise rigorosa do que lle rodea para destilar o realismo máis fondo. O quid da súa poética está precisamente no efecto de naturalidade e viveza que engancha o lector, gustosamente enfrascado na lectura. Ricardo Senabre (2013, p. 45) considera que a mestría de Don Benito reside:

> en la búsqueda permanente de un estilo propio, de unas fórmulas adecuadas para potenciar las historias narradas, de una experimentación constante de recursos que afecta a numerosos aspectos de la obra, desde las formas externas del relato —narración en tercera persona, forma homodiegética, novela total o parcialmente epistolar con dos o más corresponsales, historia convertida en diálogo— hasta la técnica del retrato de personajes, o el uso de clichés y formas lingüísticas caracterizadoras para singularizar a cada tipo, tanto en su habla directa como en su inserción en el lenguaje del narrador mediante el estilo indirecto libre.[4]

O feito de que dedicase o seu tempo á escritura de novelas non foi impedimento para frecuentar a dramaturxia. Ademais da obra da que falamos tamén escribiu, entre outras,

[3] Como se deduce do título, non analizaremos paremias, aínda que nos permitimos sinalar a presenza dunha locución proverbial, a saber: «lo comido por lo servido» (Gallego Gómez, 2000, p. 252), e o refrán «a buenas horas, mangas verdes» (Gallego Gómez, 2000, p. 294).

[4] Tradución da cita: «na procura permanente dun estilo propio, dunhas fórmulas axeitadas para potenciar as historias narradas, dunha experimentación constante de recursos que afecta a numerosos aspectos da obra, dende as formas externas do relato (narración en terceira persoa, forma homodiexética, novela total ou parcialmente epistolar con dous ou máis correspondentes, historia convertida en diálogo) ata a técnica do retrato de personaxes, o uso de clixés e formas lingüísticas caracterizadoras para singularizar cada tipo, tanto na fala directa como na inserción na linguaxe do narrador mediante o estilo indirecto libre».

La loca de la casa. Comedia en cuatro actos y en prosa (1893), *La de San Quintín. Comedia en tres actos y en prosa* (1894), *Doña Perfecta. Drama en cuatro actos* (1896) e *Electra. Drama en cinco actos* (1901).

Voluntad estreouse en 1895 (Gallego Gómez, 2000, p. 55) e xerou unha gran polémica entre os contemporáneos, sobre todo pola condena dos hábitos dos españois e o tratamento do tempo, que non se axustaba ás categorías establecidas para as comedias. De feito, os críticos consideraban que a temporalidade era novelesca porque algúns acontecementos escenificados estendíanse máis alá das fronteiras ficcionais típicas da dramaturxia.

Pola contra, no tocante ao uso do idioma, Galdós foi merecedor das louvanzas dos seus contemporáneos por combinar a expresión selecta das formas coloquiais e familiares habituais das interaccións orais. Arturo Perera, daquela redactor xefe do xornal matutino *El Globo*, apuntou que había «una riqueza de lenguaje poco frecuente en el teatro, y una animación y una naturalidad en el diálogo, siempre vivo y a menudo chispeante e ingenioso, que atraen y cautivan poderosamente»[5] [6]. Outros comentarios mediaban entre o positivo e o negativo, como é o caso de quen a describía como «comedia admirablemente escrita, esmaltada de nobles y levantados pensamientos, pero debilitada a veces en su esencia por ciertos detalles de ejecución, y en la que se pone en juego el poder avasallador de la voluntad»[7] [8]. Alén disto, é evidente que Galdós fixo que o culto e o coloquial se compenetrasen dun modo maxistral acudindo ao repertorio prolífico das unidades fraseolóxicas (UF) sen que dera lugar a un pulso entre polos opostos. Polo tanto, este traballo ten a finalidade de sistematizar as locucións verbais, adverbiais e adxectivas do primeiro acto da obra para resaltar non só esa enerxía vital humana que anuncia o título, senón tamén as palpitacións idiomáticas da lingua.

Para a realización da análise consultamos o manuscrito máis antigo, transcrito por Gallego Gómez (2000); a *editio princeps* impresa polo Establecimiento Tipográfico La Guirnalda e datada en 1896 (accesible en liña na Biblioteca Miguel de Cervantes); e unha versión efectuada a partir da edición publicada en Madrid, en 1907, pola editorial Librería de los Sucesores de Hernando, a derradeira dada á imprenta. Cómpre destacar que a obra de Gallego Gómez, da que obtivemos información útil para os fins da nosa investigación, contribúe de forma significativa á compensación da escaseza de materiais críticos sobre *Voluntad*.

---

[5] Véxase a recensión «2 de diciembre, Novedades teatrales, *El globo*», de Arturo Perera, na edición de Amor del Olmo (2014, p. 14).

[6] Tradución da cita: «unha riqueza da linguaxe pouco frecuente no teatro e unha animación e naturalidade no diálogo, sempre vivo e a miúdo chispeante e enxeñoso, que atraen e cativan poderosamente».

[7] Véxase a recensión «Teatro español *Voluntad*», en Amor del Olmo (2014, p. 19).

[8] Tradución da cita: «comedia admirablemente escrita, esmaltada de nobres e elevados pensamentos pero debilitada ás veces na súa esencia por certos detalles de execución e na que se cuestiona o poder asoballador da vontade».

2. A obra

Voluntad consta de tres actos que responden ao esquema triádico de exposición, nó e desenlace. Senllos actos están divididos nun número variable de escenas: doce no primeiro, once no segundo e nove no último. Polo visto, o numeral *doce* repítese porque hai doce personaxes que actúan dentro da obra malia non apareceren en todas as escenas.

Segundo Sobejano (1970), *Voluntad* pertence aos «dramas de la conciliación» polo moito que dignifica os impulsos humanos básicos e calma a «los representantes del conflicto, de la diferencia»[9] (Escobar Bonilla, 2003, p. 96). Casualdero, dado que o que a vertebra é unha virtude moral que non está ancorada no sensible, inclúea na produción espiritualista de Galdós. Stanley Finkenthal engade que con esta obra do autor cuestionábase, principalmente, a necesidade de axitar a conciencia dos españois ademais de trocar as concepcións dramáticas decadentes dos seus contemporáneos polas que estaban en voga.[10] O halo de modernidade experimental concrétase tamén na súa ousada connotación feminista, pois a heroína é unha muller e os antiheroes son, no fin de contas, todos homes.

A trama é bastante sinxela: Isidora, a protagonista que encarna a animosidade da que está impregnada a obra, volve á casa dos seus pais despois dun romance desalentador con Alejandro. Decátase de que a empresa familiar está abocada á creba pola mala xestión dos empregados, avalada pola desidia do cabeza da familia, Isidro, polo que intenta poñerse á fronte co obxectivo de salvala da ruína. A muller, dotada de ímpeto empresarial e bo olfacto para os negocios, asume o mando da devandita empresa coa intención de cambiar o curso dos sucesos para devolverlle o prestixio e escorrentar toda sospeita de determinismo[11] e consegue a camisería dun veciño, o que lle supón un beneficio nos ingresos patrimoniais. Entre tanto, imantada polo amor inesgotable a Alejandro, Isidora é quen de disuadilo do seu anhelo suicida e conducilo cara ao desenlace feliz do matrimonio, aínda que xaspeado de concepcións do mundo antitéticas (Gallego Gómez, 2000, p. 67).

Os críticos viron en Isidro, con razón, o resorte dramático que move os mecanismos de reconversión da historia dende a ineptitude inicial á *μετάνοια*[12] que presaxia Isidora. Non se descarta que os nomes dos dous personaxes compartan a mesma raíz, por así

---

[9] Tradución da cita: «os representantes do conflito, da diferenza».

[10] Véxase Gallego Gómez (2000, p. 65).

[11] Recordemos que a atmosfera cultural na que se xestou a obra de Galdós estaba influída polo Positivismo de Comte e o Naturalismo de Zola, do que os españois rexeitaban precisamente o determinismo en prol do libre albedrío.

[12] «O verbo metanoéo significa cambiar de opinión ou de propósito e atopámolo en Platón (Eutidemo, 279c). O seu segundo significado é o de arrepentirse e a súa testemuña máis antiga é Antifonte (2.4.12 e 5.91). Máis adiante, atopámolo con relativa frecuencia na versión dos Setenta e no Novo Testamento (Eccl. 48, 15; Act. Ap. 8, 22; Apoc. 9, 20; 2 Corintios, 12, 21). O substantivo *metanoia* significa asemade cambio de opinión ou arrepentimento (Tucídides 3, 36; Aristeas 188; Plutarco 2, 712c). Semella que o sentido de 'conversión a Deus' procede do cristianismo» (Kazmierczak, 2006, p. 115; cita traducida por Paola Costa). A voz parece apropiada no seu significado de cambio, transformación, que leva a Isidora a restaurar o vínculo que rompeu o seu afastamento e a sandar a situación familiar.

dicilo, para precisamente remarcar por unha banda os lazos de sangue e, por outra, o convencemento de que a redención última case sempre depende da descendencia. Coidamos que detrás do xenealoxismo agóchase certo amago de salvación cristiá, se ben Galdós non se considerou nunca un sólido crente.[13]

Escoller unha muller dilixente para asumir o papel de redentora probablemente afaste a trama do cristolóxico e permítelle ao autor preconizar unha revolución que comece polo tecido social máis próximo e alcance a superestrutura do país mediante o acicate ennobrecedor do traballo.

3. Fundamentos teóricos e metodolóxicos

Son numerosos os autores que introduciron UF no seo de novelas e obras teatrais, que son o obxecto do noso estudo. Os traballos publicados na revista *Paremia*, recollidos e comentados nun estudo recente de María Teresa Barbadillo de la Fuente (2021), serven de exemplo. Neles reflexiónase sobre a conveniencia e especifidade da fraseoloxía na comunicación literaria. De feito,

> se han publicado hasta ciento setenta y cinco artículos que se ocupan de cómo obras literarias de diferentes lenguas y géneros literarios han dado cabida a unidades fraseológicas y refranes, sobre todo [...]. En algunos de estos artículos se recoge el corpus de la obra de que se trata, en otros se mencionan solo algunos ejemplos, pero lo que sí es habitual en prácticamente todos es que se analizan las funciones que cumplen las unidades paremiológicas y fraseológicas en la obra literaria (Barbadillo, 2021, p. 63).[14]

Polo que atinxe precisamente ao tratamento da fraseoloxía cómpre destacar, entre outros, os artigos de Assumma (2009), Lojendio Quintero (2011) e Arrizabalaga (2015), que afondan nas obras de Federico García Lorca e as comedias de Plauto, Terencio e Lope de Vega dende distintos puntos de vista.

Que o teatro, pola súa forma e concepto, sexa totalmente dialóxico, favorece a plasmación dunha palabra empapada de instantaneidade. De aí o uso abundante de UF, segundo evidencia Coral García Rodríguez (2018, p. 122), ao definir o teatro como

> un género literario en el que resulta muy productiva la imitación (que no reproducción) de la lengua hablada, y por tanto suele ser susceptible de recoger unidades fraseológicas de distinto tipo (colocaciones, locuciones, paremias) que se remiten a una cultura y mentalidad

[13] Na opinión de Rodríguez López-Brea (2006, p. 13), «Galdós flutuaría así entre un catolicismo crítico e un deísmo de tradición cristián. O primeiro alude a quen acepta o dogma, pero quere baleiralo de impurezas e vicios; o segundo é propio de quen admite a existencia do Deus cristián, aínda que este non se lle manifeste revelado por unha relixión positiva, senón nun acto libre da razón. Galdós non segue todo o dogma católico, pero tampouco é indiferente ao Deus desa fe e ata se declara devoto da Virxe e aspira a purificar o catolicismo» (cita traducida por Paola Costa).

[14] Tradución da cita: «publicáronse ata 175 artigos que falan de como as obras literarias de diferentes linguas e xéneros literarios contaron con unidades fraseolóxicas e refráns, sobre todo [...]. Nalgúns destes artigos está recollido o corpus da obra da que se trata, noutros están mencionados só algúns exemplos mais o habitual en case todos é a análise das funcións que cumpren as unidades paremiolóxicas e fraseolóxicas na obra literaria (Barbadillo, 2021: 63)».

> específicas, lo que no niega la posibilidad de que, al mismo tiempo, puedan tener una validez universal.[15]

Neste senso destacabamos, nunha publicación precedente sobre unha obra de Delibes, a capacidade do escritor de facer que os seus personaxes acerten en concentrar en iconas os seus pensamentos «con lo concreto del imaginario fraseológico y su facilidad para maximizar el sentido lingüístico, minimizando el esfuerzo cognitivo»[16] (Lapedota, 2018, p. 162). Galdós atende ao mesmo principio e aplícao á interlocución dramática. Aludir ao principio de economía lingüística é sinxelo para este fin xa que, segundo Henri Frei (1929, p. 113), «au lieu d'énoncer les mots et les syntagmes tout au long de la chaîne parlée, l'esprit cherche sans cesse à les représenter à l'aide de signes plus brefs et plus maniables»[17]. Cecilia López Roig (2001, p. 70) tamén engade á contribución de Frei, na súa definición de función fraseolóxica, o seguinte:

> se pueden distinguir varios rasgos como la condensación o brevedad de la expresión, ya que los fraseologismos son, por definición, cortos. Por el hecho de que las UF son sintéticas, facilitan la comunicación y la garantizan, sobre todo si tenemos en cuenta que son parte del dominio colectivo y el acervo lingüístico y cultural de una comunidad de hablantes.[18]

Así, a palabra demiúrxica dos actores cadra coas fórmulas da fala coloquial e permite que os autores extraian do tesouro popular un material apreciable só a raíz dunha forte experiencia lingüística e cultural. É por iso que defendemos que o teatro pasa a ser un lugar predilecto da fraseoloxía, posto que o vivido e o falado se superpoñen dun xeito completamente coincidente.

Partindo do suposto de que non cómpre darlle un enfoque tradutolóxico ao traballo, analizamos as UF a través de parámetros que dan pé para explorar o seu potencial expresivo intralingüístico. En concreto, confeccionamos un corpus de 60 locucións entre verbais, adverbiais e adxectivas, agrupadas segundo:

- a **idea clave**;
- a función que exercían dentro da comunicación dramática, a saber: **icónica**, sobre a base do estudo das funcións de UF en textos literarios proposto por Zuluaga (1997), **humorística** ou **caracterizadora** (Cantera, Sevilla e Sevilla, 2005);
- o **verbo** que forma parte das locucións no caso específico das verbais.

---

[15] Tradución da cita: «un xénero literario no que resulta moi produtiva a imitación (que non reprodución) da lingua falada e que polo tanto adoita ser susceptible de recoller unidades fraseolóxicas de distinto tipo (colocacións, locucións, paremias) que se remiten a unha cultura e mentalidade específicas. Isto non nega que, asemade, poidan ter unha validez universal».

[16] Tradución da cita: «co concreto do imaxinario fraseolóxico e a súa facilidade para maximizar o sentido lingüístico, minimizando o esforzo cognitivo».

[17] «No canto de enunciar palabras e sintagmas ao longo da cadea falada, o espírito procura sen cesar representalos coa axuda de signos máis breves e máis manexables» (tradución de Ricardo Escavy Zamora, 1987, p. 137).

[18] Tradución da cita: «pódense distinguir varios trazos como a condensación ou a brevidade da expresión, pois os fraseoloxismos son, por definición, curtos. Como as UF son sintéticas facilitan a comunicación e a garanten, sobre todo se temos en conta que son parte do dominio colectivo e o acervo lingüístico e cultural dunha comunidade de falantes».

No que lle atangue ao primeiro parámetro, cabe sinalar que Manuel Sevilla (2009, p. 203) define a **idea clave**

> *como la imagen conceptual de una unidad fraseológica dada. Una idea clave se representa con una palabra o sintagma, por ejemplo, la palabra salud designa la imagen conceptual de locuciones como las siguientes, entre otras muchas: como (o hecho) un roble, (estar) en (plena) forma, vivo (o vivito) y coleando, tener (o quedarle) cuerda [a alguien o algo] (para rato), como (o hecho) una rosa, etc.*[19]

Isto significa que o foco das locucións, que iremos argüíndo a modo de exemplo, aporta unha información imprescindible para a comprensión dentro do discurso e pode estar baixo unidades estruturalmente distintas, tal e como se colixe da enumeración de arriba.

Zuluaga (1997, p. 634) precisa que a función **icónica** «consiste en presentar un contenido mediante una imagen concreta de orden visual»[20] que non debe confundirse coa idea clave, que se asimila máis que nada ao concepto fraseolóxico. En palabras de Timofeeva Timofeev (2013, p. 327), a imaxe da UF «representa el elemento nuclear de la semántica fraseológica. Se trata del puente cognitivo que fundamenta el salto entre la lectura primaria y el significado convencionalizado de la expresión»[21]. Pola nosa parte temos o convencemento de que «la fuerza de la fraseología radica en la iconicidad, es decir, la capacidad de las imágenes para crear lengua»[22] (Lapedota, 2020, p. 41).

A fin de remachar o que sería connatural á maioría das UF, isto é, o visual, Häcki-Buhofer (1989) incidiu en que «durch die Einschaltung des zweiten Kodierungssystems, des bildhaften bzw. imaginären Kodes die Speicherungsmöglichkeiten, die Behaltensleistung und die Verarbeitungsflexibilität verbessert werden»[23]. A decodificación da mensaxe lingüística das locucións icónicas, daquela, realízase non só ao través do primeiro código, o verbal, senón tamén do visual, que ao final facilita o proceso memorístico.

Verbo das funcións **humorística** e **caracterizadora**, merece unha mención especial o traballo de Cantera, Sevilla e Sevilla, *Refranes, otras paremias y fraseologismos en* Don Quijote de la Mancha. Para os autores, a inserción de UF nun contexto literario pode ter por obxecto «divertir a los lectores»[24] (2005, p. 35) e aos espectadores, ou atribuír

---

[19] Tradución da cita: «como a imaxe conceptual dunha unidade fraseolóxica dada. Unha idea clave represéntase cunha palabra ou sintagma. Por exemplo, a palabra saúde designa a imaxe conceptual de locucións como as seguintes, entre outras: *como (o hecho) un roble, (estar) en (plena) forma, vivo (o vivito) y coleando, tener (o quedarle) cuerda [a alguien o algo] (para rato), como (o hecho) una rosa* etc.».

[20] Tradución da cita: «consiste en presentar un contido mediante unha imaxe concreta de orde visual».

[21] Tradución da cita: «representa o elemento nuclear da semántica fraseolóxica. Trátase dunha ponte cognitiva que fundamenta o salto entre a lectura primaria e o significado convencionalizado da expresión».

[22] Tradución da cita: «a forza da fraseoloxía radica na iconicidade, a saber, a capacidade das imaxes para crear lingua».

[23] «Mediante o uso do segundo sistema de codificación, do código pictórico ou imaxinativo, optimízanse as posibilidades de almacenamento, o rendemento da memoria e la flexibilidade de procesamento» (tradución propia).

[24] Tradución da cita: «divertir os lectores».

aos personaxes, mediante a fraseoloxía, «un rasgo estilístico esencial»[25] (2005, p. 31), o cal se verá máis adiante na análise do corpus.

A identificación do **verbo**, en cambio, serve para salientar o tipo de locución, aínda que non sexa a única razón pola que acudimos a este trazo sistematizador. Comprobamos que, nalgúns casos, os verbos fixados nos fraseoloxismos son recorrentes e polo tanto aventuramos a hipótese de frecuencia de uso fraseolóxica dentro da obra en cuestión.

4. Análise do corpus

Deseguido preséntanse as táboas que elaboramos a partir dunha selección das locucións recompiladas, xunto cos comentarios que consideramos oportunos de cara ao estudo que propuxemos ata agora. No anexo achegamos a listaxe de tódalas locucións contidas no primeiro acto da obra.

Para realizar a análise, os principais repertorios lexicográficos e fraseográficos de referencia foron: o *Diccionario de la lengua española*, da Real Academia Española (*DLE*); o *Diccionario fraseológico documentado del español actual*, de Seco, Andrés e Ramos (*DFDEA*); o *Diccionario de fraseología española*, de Cantera Ortiz de Urbina e Gomis Blanco (*DFE*); e o *Diccionario de modismos de la lengua castellana*, de Caballero (*DMLC*).

As táboas estrutúranse para ofrecer o contexto de produción da locución (marcada en negriña), a súa fonte fraseográfica, o parámetro ao que se axusta, a páxina[26] da peza para a súa localización e a mención do personaxe que a emprega. Algunhas locucións poden enfocarse de dous xeitos segundo o que se queira salientar. Daquela, pode haber repeticións debidas ás categorías nas que estean clasificadas. A última columna das táboas responde ao propósito de resumo estatístico que presentamos ao comezo.

Analizaremos algunhas locucións verbais de especial interese pola súa idea clave. Destacámolas na seguinte táboa:

4.1. Idea clave (IC)

Táboa 1.

	Locución	Fonte fras.	IC	Páx.	Personaxe
1	Sí… luchar… No sé… Dejadme… **Estoy loco**	*DFDEA*, 592	Loucura	254	Isidro
2	¡Dichoso programa! Mis sobrinas **me traen loco**	*DFDEA*, 593	Loucura	255	Luengo

[25] Tradución da cita: «un trazo estilístico esencial».

[26] Polo común, as citas proceden do que Gallego Gómez denomina «Manuscrito A», a *editio princeps*. Ás veces acódese á última versión, de 1907, que lle outorga moita relevancia de cara á nosa análise. Estas ocorrencias márcanse cun asterisco (*).

3	Y no hay más que dejarles bajar, dejarles caer. Y cuando estén en tierra, ya **entrarán en razón**	*DLE,* «razón»	Razón	257	Nicomedes
4	Total: que **ha caído de sus ojos la venda** que la cegaba	*DFDEA*, 1017	Recuperación do xuízo	267	Santos
5	Es que al fin, algo tarde, **abriste los ojos**	*DLE,* «ojo»	Descubrimento	275	Trinidad
6	Al fin, Dios quiso devolverme la voluntad en toda su fuerza, y **cerré los ojos**, y adelante, y esto se hace, y esto debe hacerse, y lo hice, y aquí estoy	*DLE,* «ojo»	Aceptación	275	Isidora
7	Papá, por Dios, déjame que mangonee, que **me meta en todo**… Quiero enterarme, disponer, gobernar…	*DLE,* «meter»	Entremetemento	289	Isidora
8	Ya, ya saldrá quien os haga **sacudir la pereza**	*DLE,* «pereza»	Dinamismo	37*	Isidora
9	Aguarda… os ha **caído que hacer**… Puesto que mi padre me permite mandaros, ya veremos si jugáis conmigo	*DLE,* «caer»	Obriga	291	Isidora
10	Y un orador capaz de **volver tarumba** al Verbo Divino	*DLE,* «tarumba»	Confusión	279	Santos
11	**Renueva** usted **la** tremenda **herida**	*DLE,* «herida»	Sufrimento	259	Isidro
12	Gasta, se divierte, viaja, **sueña despierto**	*DLE,* «soñar»	Esperanzas e ambicións	260	Luengo

O tema da loucura, da perda de xuízo e a súa recuperación ocupa as primeiras páxinas do primeiro acto. Poderíase dicir que, nun xogo de suxestións especulares que lindan a retórica da correferencia textual, as locucións portan un desatino que evoca a súa antítese. De feito, o contido que Don Isidro recita a modo de exordio fraseolóxico colide co referido ao intelecto recobrado. Nos dous extremos colócanse «estoy loco» (1) e «me traen loco» (2), por unha banda, e «entrarán en razón» (3) e «ha caído de sus ojos la venda» (4), pola outra. Ademais, na intervención de Don Santos fíltrase a anagnórise de Isidora, que emerxe do abismo grazas á súa capacidade para mentalizar. Cremos tamén que a idea clave «loucura» vai da man da noción de caos que se intúe na trama da obra e que se reflicte na falta de coidado na xestión administrativa da empresa familiar. Isto sintetízase na UF «volver tarumba» (10), enunciada por Don Santos.

Outro tema é o do título, que a fraseoloxía da protagonista (6, 7, 8, 9) arremeda ao pé da letra. Como se deduce da táboa 1, as UF aluden á actitude volitiva, emprendedora, case despótica da muller, que chega a impoñer a súa vontade a seu pai e aos que traballan na empresa. A degradación da vontade, é dicir, a soberbia do individuo ebrio de ambición, expresada na UF «meterse en todo» (7), case fai que Isidora incorra en *hybris*.

No tocante ás locucións baseadas no sentido da vista (5, 6), cómpre ter en conta a aportación de Pascual López (2006), que afirma que:

> De entre todas las partes del cuerpo, una de las más productivas es el ojo, representativo del sentido mediante el cual se aprehenden más directamente la mayoría de las cosas que están a nuestro alrededor. Las referencias a la vista se utilizan especialmente para aludir a la atención-precaución (*con cien ojos, tener cien ojos, tener ojos en la nuca, ser todo ojos*), a la verdad y a la evidencia (*abrir los ojos, ver hasta un ciego*), al deseo (*comer(se) con los ojos*), o bien —mediante su inhabilitación— a la necedad (*tener cataratas*) o a la irreflexión (*a ojos cerrados, cerrar los ojos*). En cuanto al sentido, estas unidades suelen describir actitudes o estados mentales de las personas en sí mismas, más que a relaciones sociales (como, por ejemplo, ocurre con las manos).[27]

Á vista do argumento da obra, a locución «cerrar los ojos» (6) non se adscribe á falta de reflexión aínda que se rexistre nos lexicóns como posible acepción, senón que indica «arrojarse temerariamente a hacer algo sin reparar en inconvenientes» (*DLE*, «ojo»). O contexto e o cotexto coroan o que a fraseoloxía de Isidora de por si comporta.

No tocante á función que desempregan as UF puidemos constatar que a **icónica** e a **caracterizadora** son as da maioría das locucións illadas. Na seguinte táboa veremos unha selección de locucións sistematizadas:

- verbais: «romper plaza» (13); «tener buen diente» (19); «darle [a alguien] por [algo] (20); «cerrar los ojos» (21); «meterse en todo» (22); «sacudir la pereza» (23); «caer que hacer» (24); «ser [algo] coser y cantar» (25);
- adverbiais: «a flote» (14); «patas arriba» (15); «con la boca abierta» (16); «como una seda» (17);
- adxectiva: «en leche» (18).

4.2. Función (F)

Táboa 2.

	Locución	Fonte fras.	F	Imaxe	Páx.	Personaxe
13	¡Dichoso programa! Mis sobrinas me traen loco. Purita **rompe plaza** con la Marcha fúnebre	*DLE,* «plaza»	Icónica	Tauromaquia	255	Luengo
14	Yo veo un medio de salir **a flote**	*DLE,* «flote»	Icónica	Líquido (auga)	251	Isidro

[27] Tradución da cita: «De entre tódalas partes do corpo, unha das máis produtivas é o ollo. Representa o sentido polo que se apresan máis directamente a maioría das cousas que están arredor. As referencias á vista empréganse especialmente para aludir á atención-precaución (*con cen ollos, ter cen ollos, ter ollos na caluga, ser todo ollos*), á verdade e a evidencia (*abrir os ollos, ver ata un cego*) ao desexo (*comer cos ollos*) ou ben —mediante a súa inhabilitación— á necidade (*ter cataratas*) ou á irreflexión (*a ollos pechados, pechar os ollos*). Verbo do sentido, estas unidades adoitan describir actitudes ou estados mentais das persoas en sí mesmas, máis que a relacións sociais (como, por exemplo, ocorre coas mans)».

15	Ustedes, cazadores de negocios, cuando apuntan bien y ponen la res **patas arriba**, ¿me convidan a mí… a monedas de cinco duros?	*DLE,* «pata»	Icónica	Pé dun moble	262	Santos
16	Y esta noche largas un par de citas, y les dejas **con la boca abierta**	*DLE,* «boca»	Icónica	Cavidade bucal	283	Santos
17	Entonces todo iba **como una seda**. Ahora la casa se agrieta, se hunde	*DLE,* «seda»	Icónica e caracterizadora	Tecido	33*	Isidro
18	¿Y dónde me deja usted a este sabio **en leche**?	*DLE,* «leche»	Icónica	Líquido (leite)	254	Luengo
19	¡Ja, ja…! No lo dirá por mí, que en mi casa **tengo un diente…**	*DLE,* «diente»	Humorística		265	Nicomedes
20	Fue que le **dio por** aprender a volar. Se tiró por un balcón.	*DLE,* «dar»	Humorística		271	Santos
21	Dios quiso devolverme la voluntad en toda su fuerza, y **cerré los ojos**, y adelante, y esto se hace, y esto debe hacerse, y lo hice, y aquí estoy	*DLE,* «ojo»	Caracterizadora		275	Isidora
22	Déjame que mangonee, que **me meta en todo**… Quiero enterarme, disponer, gobernar…	*DLE,* «meter»	Caracterizadora		289	Isidora
23	Ya, ya saldrá quien os haga **sacudir la pereza**	*DLE,* «pereza»	Caracterizadora		37*	Isidora
24	Os ha **caído que hacer**… Puesto que mi padre me permite mandaros, ya veremos si jugáis conmigo	*DLE,* «caer»	Caracterizadora		291	Isidora
25	Ya sabes que cuando estuviste enfermo, no lo hice tan mal. -Pero aquello **era coser y cantar**	*DLE,* «coser»	Caracterizadora		285	Isidro

A xerga da tauromaquia deixa a súa pegada no español escrito e falado e patentízase no que Luengo, o corredor, pronuncia. «Romper plaza»[28] (13), fóra do contexto da corrida, relaciónase cos que dan principio a unha actividade, ben sexa un traballo ou un evento

[28] Unha expresión sinónima, bastante metalingüística, podería ser «subir el telón» (*DFDA*, «telón»), ou ben «abrir el juego» (*DLE*, «juego»), aínda que as dúas se afastan da icona de partida, pois a primeira alude ao mundo do teatro e a segunda, como é máis evidente, ao do xogo.

calquera. Outro elemento recorrente é o dos líquidos, que Isidro aproveita para obter unha escapatoria (14) e Luengo emprega para rirse de Serafinito (18), o irmán de Isidora.

O propio Isidro utiliza a expresión copulativa bimembre «ser coser y cantar» (25), que fai referencia á confección de roupa e co tempo afecta ao seu traballo. No mesmo contexto, o abúlico dono demostra a súa habilidade oradora para ensartar locucións, que poderiamos plasticamente definir *téxtiles*, acudindo á locución adverbial «como una seda» (17), hipónimo de «tela», unha das materias primas do oficio de xastre. Non é de estrañar a presenza de grupos nominais como *tres fardos* (p. 287), *percalinas ordinarias* (p. 288), *sedas chinas* (p. 289), *pedidos de maulas* (p. 289), que pertencen ao campo semántico dos tecidos, o que nos leva a deducir que a fraseoloxía destes personaxes se insire na súa profundidade vivencial recreada ficcionalmente para entregar ao espectador entidades acabadas. A propósito da locución que acabamos de mencionar (17), no manuscrito máis antigo da obra está substituída por unha formulación menos expresiva («entonces, todo iba bien», 285). Pola contra, atopámola na edición de 1896 e 1907, como sinal de que Galdós quixo modificar o texto para apuntar ao desenvolvemento completo da personaxe, nun xogo de ecos e reflexos.

Como xa sinalamos, o autor pon na boca de Isidora locucións que acaban caracterizando máis aínda a súa personalidade histriónica e monopolizadora, polo que consideramos apropiado citar algunhas delas para clasificalas segundo a función inherente.

A UF «sacudir la pereza» (23) é moi interesante porque, máis alá da súa participación na rotundidade do personaxe, establece unha comparación entre os lacazáns cuestionados e a plétora ideal dunha nación que necesita ser desfibrilada na súa débil vontade. Gallego Gómez (2000, p. 64), no seu estudo ecdótico, insiste en que:

> La voluntad es la gracia santificante que puede salvar a la España invertebrada por la abulia. Todo ello nos hace apreciar con una mirada retrospectiva no solamente el valor conceptual de Voluntad, sino también la percepción de la enfermedad que sufría la sociedad española, adelantándose Galdós en muchos años a la generación del 98 en la actitud positiva de remedio. En Voluntad, Galdós traza un plan de la regeneración de su patria por la redención de valores morales y espirituales del individuo.[29]

Noutras palabras, Galdós sérvese de Isidora como pretexto para denunciar o atordamento social que España experimentaba naquel período. Cómpre apuntar que, igual que a precedente, a locución en cuestión (23) bótase en falta no manuscrito reproducido por Gallego Gómez (non queda substituída; simplemente non existe, pois o texto difire moito das edicións sucesivas). Pola mesma razón, é dicir, a da xénese da protagonista, aparece nas demais versións que confrontamos ata agora.

[29] Tradución da cita: «A vontade é a graza santificante que pode salvar á España invertebrada pola abulia. Isto fainos apreciar cunha mirada retrospectiva non só o valor conceptual de *Voluntad*, senón tamén a percepción da enfermidade que sufría a sociedade española, adiantándose Galdós en moitos anos á xeración do 98 na actitude positiva de remedio. En *Voluntad*, Galdós traza un plan da rexeneración da súa patria pola redención de valores morais e espirituais do individuo».

Neste acto só dous UF, a de Nicomedes e a de Santos, cumpren coa función **humorística**. No primeiro caso (19), a onomatopea da risa encamiña o fluxo discursivo cara o acme cómico. Precísase facer constancia de que o *DLE* recolle a locución verbal «tener buen diente» no sentido de «ser muy comedor» (*DLE,* «diente»), así que a intercalación do artigo indeterminado engade un matiz ponderativo, ao mesmo tempo que tamén modifica a estrutura fraseolóxica orixinal. No segundo (20), o fraseoloxismo suscita a gargallada amarga do público por remitir ao suicidio de Dona Margarita, nai de Alejandro.

Pasemos a indagar os verbos máis produtivos neste contexto literario:

4.3. Verbo (V)

Táboa 3.

	Locución	Fonte fras.	V	Páx.	Personaxe
26	Sí, sí. Yo digo que la bondad, la excesiva bondad y confianza pesan mucho. Son como el oro. Nada; que forrado en esas virtudes, se **va** uno al	*DLE,* «fondo»	IR	253	Nicomedes
27	fondo			262	Santos
	Está bien que salga yo a despernarme por esos campos, para que el fruto de mi trabajo y de mi habilidad **vaya** a parar a las manos del rico avariento?	*DLE,* «ir»			
28	Fue que le **dio por** aprender a volar. Se tiró por un balcón. ¡Pobre doña	*DLE,* «dar»	DAR	271	Santos
29	Margarita!				
	Esto es escarnecer el buen nombre de la casa, destruirla, deshonrarla, ¡la	*DLE,* «vida»		291	Isidora
30	casa, Bonifacio, que es vuestra madre, y os **da** la vida!	*DLE,* «corazón»		267	Trinidad
31	Me **da** el corazón que es algo referente a nuestra hija			266	Isidro
	Buena está mi cabeza para adivinaciones	*DLE,* «esperanza»			
	¿Es algo que pueda **darme** esperanza de solución?				
32	No lo dirá por mí, que en mi casa **tengo** un diente...	*DLE,* «diente»	TER	265	Nicomedes
33	Y a ti, la perla de la familia, te casaremos con el hijo del Alcalde, un chicarrón muy bruto y que no cabe por esa puerta, pero **tiene** mucho trigo[30]	*DMLC,* «tener»	TER	280	Santos

[30] No *Diccionario de modismos de la lengua castellana*, de Ramón Caballero (1947, p. 1058), recóllese a locución «tener mucho trigo» co significado de «ser rico; tener una posición cómoda y desahogada». Nos

A propósito dos predicados que forman parte das locucións observamos que o **verbo** *dar* é bastante prolífico, tanto na obra como na fala cotiá, e que nos exemplos que brindamos remite á esfera dos sentimentos e as sensacións (véxase a táboa 3). A pauta «dar + substantivo» é a que predomina e as palabras «vida», «corazón», «esperanza» teñen significado abstracto. Na nosa humilde opinión, non por casualidade Galdós emprega estes fraseoloxismos, pois quere soster a carga anímica que o título anticipa, que infunde en Isidora ese desexo de reconstrución realizado a través da deconstrución e reformulación dos roles e xéneros.

Semella interesante mencionarmos a UF utilizada por Isidora, «echarnos el dogal al cuello» (p. 294). No *DLE*, a palabra «dogal» só aparece nas locucións adverbiais «con el dogal a la garganta, o al cuello» (véxase o anexo) e teñen escasa frecuencia de uso. En efecto, no CREA só hai unha concordancia[31] relativa a unha novela de Luciano G. Egido, *El corazón inmóvil*, de 1995. No *DFE*, baixo o lema sinónimo «soga», recompílase a locución verbal «echar/poner la soga al cuello», co significado de «poner en muy serio peligro», e tamén a locución «estar con la soga/el dogal al cuello/a la garganta», que alude ao «encontrarse en una situación muy difícil».

En *Voluntad* aparecen as secuencias «hecho un hombre» ou «hecho un sabio» (véxase o anexo), que non se rexistran como tales en ningún dos repertorios consultados. A súa estrutura recorda o esquema compositivo «hecho un + *n* = SEMEJANTE A + *el mismo n.*» que o *DFDEA* propón (522), e que por ser fecundo préstase a variacións creativas. A modo de exemplo, achegamos: «hecho una fiera» («fiera»), «hecho una mona» («mono»), «hecho una braga» («braga») que no *DLE* se rexistran como adxectivas. Co gallo destas últimas sinálase que, ademais das xa recompiladas, detectamos as locucións «de primer orden» (p. 259), pertencente a Luengo, e «del día» (pp. 256, 279), no sentido de «actual, de moda», enunciada por Santos e Isidro. Verbo desta última, cabe alegar que nas versións de 1896 e 1907, a palabra *mamones* (p. 279) do «Manuscrito A», que precisamente se antepón á locución adxectiva, desaparece para dar paso ao substantivo *muñecos* (p. 28), quizais pola súa connotación máis neutra. De feito, no *Diccionario de Argot Español y Lenguaje Popular* (1994, p. 112), coa voz *mamón* alúdese á persoa «indeseable, despreciable, vil» e, ademais, na súa variante feminina, a un «homosexual pasivo». Do que acabamos de aducir despréndese que as emendas do autor non só aportan enteireza vital aos seus entes ficticios, senón que nalgunhas ocasións diminúen para evitar interpretacións erróneas.

---

demais dicionarios consultados e no CREA non atopamos ningunha referencia ao devandito fraseoloxismo, deste modo deducimos que está en desuso. Malia isto, o substantivo *trigo* abarca entre as súas acepcións a de «dinero, caudal» (*DLE,* «trigo»), polo que queda xustificado o seu emprego na obra. Agradecémoslle á Dra. María Teresa Barbadillo a súa axuda na procura da ocorrencia.

[31] «Unha muller é sempre culpable dunha cousa así; un home elixiría o puñal ou a pistola ou o machadazo ou ata a corda ao pescozo ou ata as mans, pero nunca o veleno, e menos, o cianuro». REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CREA) [en liña]. Corpus de referencia do español actual. <http://www.rae.es> [22/03/2021].

5. Conclusións

Neste traballo obsérvase que Galdós esgrime a fraseoloxía como ferramenta para a ideación dos seus personaxes. A sabedoría do novelista canario, habituado a cicelar as personalidades das súas criaturas literarias cunha linguaxe que serve de instrumento de indagación psicolóxica, lévanos a excluír sospeitas de inxenuidade, pois semella imposible que a liña lingüística de *Voluntad*, rica en locucións, estea rexida polo azar. Hai un intento programático que debemos sinalar polo moito que o autor afonda na formación de Isidora, que dirixe o avance da trama. Malia que non cuestionamos ningunha reconstrución filolóxica que puidese favorecer unha detección mellor das locucións, foi determinante destacar algúns cambios que aportou o autor a partir da súa primeira versión en referencia da fraseoloxía dos seus personaxes. Como respaldo, Gallego Gómez (2000, p. 33) aclara que:

> Muchas variantes se refieren a la actuación lingüística de los personajes, que Galdós irá rectificando hasta llegar a la configuración mediante la palabra [...]. Más de la mitad de las variantes se refieren a la expresión literaria y atienden a puntualizar o redondear detalles; es decir, no descuida aspectos lingüísticos que suponen la interrelación entre la expresión y el contenido. El léxico es objeto de continuas revisiones del autor que persigue la consecución de la forma adecuada para expresar con precisión lo que los personajes quieren comunicar [...]. Por todo ello, los estudiosos concluyen que el plan de la obra de Pérez Galdós se iba gestando mediante un arduo proceso de elaboración. No era un improvisador. Era un artesano de la palabra, paciente, concienzudo y trabajador, tal como queda demostrado por el elevado número de correcciones llevadas a cabo en las versiones manuscritas y galeradas.[32]

De volta no tema das locucións e polo que puidemos indagar, as funcións predominantes son a icónica e a caracterizadora. Isto débese non só ao desexo de escenificar figuras cabais, senón tamén a que unha obra teatral ten que condensar nalgunhas liñas a esencia dun ente, o seu trazo definitivo. Se a novela descansa sobre feitos e descricións pormenorizadas, o teatro consiste en momentos, deícticos, signos. A fraseoloxía, neste caso, convértese no sistema de signos que permite que o autor diga sen afondar.

Neste sentido, propomos un reconto estatístico das diversas locucións atopadas (táboa 4) para destacar que os membros da familia protagonista, Isidro, Isidora e Santos, no fin de contas, no acto sometido a análise son os que máis acoden á fraseoloxía para economizar o esforzo cognitivo, como diría Zuluaga (1997, p. 632).

[32] Tradución da cita: «Moitas variantes aluden á actuación lingüística dos personaxes, que Galdós irá rectificando ata chegar á configuración mediante a palabra [...]. Máis da metade das variantes refírense á expresión literaria e atenden a puntualizar ou redondear detalles; é dicir, non descoidan aspectos lingüísticos que supoñen a interrelación entre a expresión e o contido. O léxico é obxecto de continuas revisións do autor, que persigue a consecución da forma adecuada para expresar con precisión o que os personaxes queren comunicar [...]. Emporiso, os estudosos conclúen que o plan da obra de Pérez Galdós ía xestándose mediante un arduo proceso de elaboración. Non era improvisador. Era un artesán da palabra, paciente, concienciudo e traballador, tal e como queda demostrado polo elevado número de correccións realizadas nas versións manuscritas e galeradas».

Táboa 4. Reconto estatístico das locucións atopadas

PERSONAXE	Locucións verbais	Locucións adverbiais	Locucións adxectivas
NICOMEDES	4	3	1
ISIDRO	7	4	1
LUENGO	3	1	2
TRINIDAD	4	3	/
SANTOS	6	5	2
ISIDORA	6	6	/
TRINITA		1	

Como adiantabamos no comezo, por obvias cuestións de espazo, deixamos para un futuro estudo a análise das locucións no segundo e terceiro acto da obra.

Anexo: listaxe completa das locucións contidas en *Voluntad* (1896), en orde alfabético da forma canónica.

Locución sacada da obra	Forma canónica	Fonte fras.	Tipo de locución
«Reducirlas a cero» (p. 259)	A cero	*DEL,* «cero»	Adverbial
«Salir a flote» (p. 251)	A flote	*DEL,* «flote»	Adverbial
«Has vivido a lo grande» (p. 284)	A lo grande	*DEL,* «grande»	Adverbial
«Evitarlo a todo trance» (p. 287)	A todo trance	*DLE,* «trance»	Adverbial
«Abriste los ojos» (p. 275)	Abrir [alguien] los ojos	*DLE,* «ojo»	Verbal
«Al fin se casaría» (p. 270)	Al fin	*DEL,* «fin»	Adverbial
«Al fin, algo tarde» (p. 275)	Al fin	*DEL,* «fin»	Adverbial
«Al fin, Dios quiso devolverme la voluntad» (p. 275)	Al fin	*DEL,* «fin»	Adverbial
«Os ha caído que hacer» (p. 291)	Caer que hacer	*DEL,* «caer»	Verbal
«Que ha caído de sus ojos la venda» (p. 267)	Caérsele [a alguien] la venda de los ojos	*DLE,* «venda»	Verbal
«Cerré los ojos» (p. 275)	Cerrar [alguien] los ojos	*DLE,* «ojo»	Verbal
«Todo iba como una seda» (p. 33*)	Como una seda	*DLE,* «seda»	Adverbial
«Si usted nos quisiera de veras, nos ayudaría, en vez de echarnos el dogal al cuello» (p. 294)	Con el dogal a la garganta, o al cuello Echar/poner la soga al cuello Estar con la soga/el dogal al cuello/a la garganta	*DLE,* «dogal» *DFE*, 368 *DFE*, 368	Adverbial Verbal Verbal
«Les dejas con la boca abierta» (p. 283)	Con la boca abierta	*DEL,* «boca»	Adverbial
«Y os da la vida» (p. 291)	Dar [algo] la vida [a alguien]	*DLE,* «vida»	Verbal
«Darme esperanza» (p. 266)	Dar esperanza o esperanzas [a alguien]	*DLE*, «esperanza»	Verbal

«Le dio por aprender a volar» (p. 271)	Darle [a alguien] por [algo]	*DLE,* «dar»	Verbal
«Me da el corazón» (p. 267)	Darle o decirle [a alguien] el corazón [algo]	*DLE,* «corazón»	Verbal
«Te entró de improviso» (p. 276)	De improviso	*DEL,* «improviso»	Adverbial
«Y de la noche a la mañana» (p. 259)	De la noche a la mañana	*DEL,* «noche»	Adverbial
«Y de paso me compro el fichú» (p. 283)	De paso	*DEL,* «paso»	Adverbial
«Un talento de primer orden» (p. 259)	De primer orden		Adxectiva
«Pero de veras» (p. 261)	De veras	*DEL,* «veras»	Adverbial
«Yo les quiero de veras» (p. 294)	De veras	*DLE,* «veras»	Adverbial
«Si usted nos quisiera de veras, nos ayudaría» (p. 294)	De veras	*DLE,* «veras»	Adverbial
«Deja correr» (p. 278)	Dejar correr [algo]	*DLE,* «dejar»	Verbal
«Me dan miedo estos chicos del día» (p. 256)	Del día	*DLE,* «día»	Adxectiva
«¡Pero estos mamones del día lo que saben! (p. 279)	Del día	*DLE,* «día»	Adxectiva
«En fin, ya lo saben» (p. 276)	En fin	*DEL,* «fin»	Adverbial
«En fin, no sé» (p. 282)	En fin	*DEL,* «fin»	Adverbial
«Pero en fin, ¿ese embargo?» (p. 286)	En fin	*DEL,* «fin»	Adverbial
«¿Y dónde me deja usted a este sabio en leche?» (p. 254)	En leche	*DLE,* «leche»	Adxectiva
«Todo se hará en regla» (p. 291)	En regla	*DLE,* «regla»	Adverbial
«Entrarán en razón» (p. 257)	Entrar [alguien] en razón	*DLE,* «razón»	Verbal
«Estoy loco» (p. 254)	Estar loco [alguien]	*DFDEA*, 592	Verbal
«Estoy loco» (p. 294)	Estar loco [alguien]	*DFDEA*, 592	Verbal
«¿Pero está loca?» (p. 296)	Estar loco [alguien]	*DFDEA*, 592	Verbal
«Casi casi estás hecho un hombre» (p. 254)	Hecho un hombre	*DFDEA,* 522	Adxectiva
«Ya que estás hecho un sabio» (p. 279)	Hecho un sabio	*DFDEA,* 522	Adxectiva
«El fruto de mi trabajo y de mi habilidad vaya a parar a las manos del rico» (p. 262)	Ir a parar [alguien o algo]	*DLE,* «ir»	Verbal
«Se va uno al fondo» (p. 253)	Irse a fondo	*DLE,* «fondo»	Verbal
«Que me meta en todo» (p. 289)	Meterse [alguien] en todo	*DLE,* «meter»	Verbal
«No estamos hoy para bromas» (p. 257)	No estar para bromas	*DLE,* «broma»	Verbal
«Hasta que no pueda más» (p. 285)	No poder más	*DLE,* «poder»	Verbal
«No puedo más» (p. 285)	No poder más	*DLE,* «poder»	Verbal

«No servís para nada» (p. 290)	Para nada	*DLE,* «nada»	Adverbial
«Es como si la hubiéramos perdido, perdido para siempre» (p. 259)	Para siempre	*DEL,* «siempre»	Adverbial
«Separarme de él para siempre» (p. 277)	Para siempre	*DEL,* «siempre»	Adverbial
«Ponen la res patas arriba» (p. 262)	Patas arriba	*DEL,* «pata»	Adverbial
«Se pegó un tiro» (p. 271)	Pegarse un tiro	*DLE,* «tiro»	Verbal
«Poco a poco» (p. 269)	Poco a poco	*DEL,* «poco»	Adverbial
«Renueva usted la tremenda herida» (p. 259)	Renovar la herida	*DLE,* «herida»	Verbal
«Rompe plaza con la Marcha fúnebre» (p. 255)	Romper plaza	*DLE,* «plaza»	Verbal
«Saldrá quien os haga sacudir la pereza» (p. 37*)	Sacudir la pereza	*DEL,* «pereza»	Verbal
«Aquello era coser y cantar» (p. 285)	Ser [algo] coser y cantar	*DLE,* «coser»	Verbal
«Viaja, sueña despierto» (p. 260)	Soñar despierto	*DLE,* «soñar»	Verbal
«Tengo un diente» (p. 265)	Tener buen diente	*DLE,* «diente»	Verbal
«Tiene mucho trigo» (p. 280)	Tener mucho trigo	*DMLC,* «tener»	Verbal
«Me traen loco» (p. 255)	Traer loco [a alguien una pers. o cosa]	*DFDEA*, 593	Verbal
«Volver tarumba al Verbo Divino» (p. 279)	Volver [a alguien] tarumba	*DLE,* «tarumba»	Verbal
«Volverme loco» (p. 289)	Volverse [alguien] loco	*DLE,* «volver»	Verbal

6. Referencias bibliográficas

Álvarez Díaz, J. J. (2020). Unidades fraseológicas con referentes bélicos en la obra de Benito Pérez Galdós. *Paremia*, 30, 163–176.

Arencibia Santana, Y. (1998). Pérez Galdós: "la imagen de la vida (que) es la novela". *Philologica Canariensia*, 4-5, 13–34.

Arrizabalaga, C. (2015). Fraseología patrimonial hispanoamericana. El caso de *Quedarse a la luna de Paita. Paremia*, 24, 111– 124.

Assumma, M. C. (2009). Lo propio y lo ajeno en Federico García Lorca. *Paremia*, 18, 99–109.

Barbadillo de la Fuente, M.ª T. (2020). Unidades fraseológicas en el lenguaje familiar de cinco novelas dialogadas de Benito Pérez Galdós. *Paremia*, 30, 137–146.

(2021). Epítomes de los artículos sobre paremiología y fraseología literaria en los veinticinco años de *Paremia.* En E. Cases e K. Schwandtner (eds.), *Pasado presente y futuro de la paremiología a través de la revista* Paremia (pp. 61–76). Les Flâneurs.

Barrado Belmar, M. C. (2020). Estudio de las unidades fraseológicas en la novela *Miau* de Benito Pérez Galdós. *Paremia*, 30, 177–186.

Cantera Ortiz de Urbina, J.; Sevilla Muñoz, J. & Sevilla Muñoz, M. (2005). *Refranes, otras paremias y fraseologismos en* Don Quijote de la Mancha. The University of Vermont.

DFDEA = Seco Reymundo, M.; Andrés Puente, O. & Ramos González, G. (2004). *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Aguilar.

DFE = Cantera Ortiz de Urbina, J. & Gomis Blanco, P. (2007). *Diccionario de fraseología española*. Abada Editores.

DLE = Real Academia Española (2014). *Diccionario de la lengua española* (http://dle.rae.es)

DMLC = Caballero, R. (1947). *Diccionario de modismos de la lengua castellana*. Librería El Ateneo.

Escavy Zamora, R. (1987). Economía lingüística y sistema pronominal. *Anales de Filología Hispánica*, 3, 133–143.

Escobar Bonilla, M.ª P. (2003). *Estudio literario de Alma y vida de Pérez Galdós*. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (Edición electrónica: http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/estudio-literario-de-alma-y-vida-de-prez-galds-0/html/fff35b64-82b1-11df-a cc7-00218 5ce6064_2.html).

Fernández Martín, P. (2020). La función discursiva de algunas paremias populares: hacia un estudio contrastivo entre *Los Pazos de Ulloa y Misericordia. Paremia*, 30, 147–162.

Frei, H. (1929). *La grammaire des fautes. Introduction à la linguistique fonctionnelle. Assimilation et différenciation. Brièveté et invariabilité expressivité*. Genève-Paris: Slatkine.

Gallego Gómez, J. (2000). *Voluntad de Benito Pérez Galdós: el camino hacia el texto definitivo. Edición crítica* (tese doutoral). Universidad de Las Palmas de Gran Canaria (https://dialnet.unirioja.es/servlet/tesis?codigo=80050) [data de consulta: 18/07/2020].

García Rodríguez, C. (2018). Teatro, fraseología y paremiología en la clase de E/LE: tra(d)ición de Beth Escudé i Gallès. *Revista Internacional de Culturas y literaturas*, 21, 121–134.

Häcki-Buhofer, A. (1989). Psycholinguistische Aspekte in der Bildhaftigkeit von Phraseologismen. En G. Gertrud (ed.), *Europhras 88. Phraséologie Contrastive. Actes du Colloque International Klingenthal – Strasbourg 12–16. Mai 1988* (pp. 165–175). Université des sciences humaines, département d'études allemandes.

Kazmierzack, M. (2006). El motivo de la metanoia dentro del axioanálisis literario. *Espíritu: cuadernos del Instituto Filosófico de Balmesiana*, 133, 115–125.

Lapedota, D. D. (2018). Hipótesis de discurso fraseológicamente sexuado en *Cinco horas con Mario. Paremia*, 27, 157–166.

(2020). Desajustes fraseológicos en la traducción al italiano de *Señora de rojo sobre fondo gris* de Miguel Delibes. *Paremia*, 30, 39–50.

(2021). Los somatismos en *Cinco horas con Mario* entre español e italiano. En E. Cases e K. Schwandtner (eds.), *Pasado presente y futuro de la paremiología a través de la revista* Paremia (pp. 125–143). Les Flâneurs.

León, V. (1994). *Diccionario de Argot Español y Lenguaje Popular*. Alianza Editorial S.A.

Lojendio Quintero, M.ª P. (2011). Los animales en la comedia latina. Aproximación a un análisis fraseológico. *Paremia*, 20, 161–168.

López Roig, C. (2001). *Aspectos de fraseología contrastiva (alemán-español) en el sistema y en el texto* (tese doutoural). Universitat de València. (https://core.ac.uk/download/pdf/71030665.pdf) [data de consulta: 25/02/2021].

Mellado Blanco, C. (2004). *Fraseologismos somáticos del alemán. Estudio léxico-semántico*. Peter Lang.

Pascual López, X. (2006). Lo que veo, bien lo creo. La vista en la fraseología española de origen latino. *Némesis,* 17.

Penas Ibáñez, Mª. A. & Méndez Guerrero, B. (2020). Análisis de las fórmulas rutinarias en las *Fisonomías sociales* de Benito Pérez Galdós. *Paremia*, 30, 125–135.

Pérez Galdós, B. (2001). *Voluntad. Comedia en tres actos y en prosa*. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. Reproduce a edición de 1896 (Establecimiento tipográfico La Guirnalda).

(2014): *Voluntad. Comedia en tres actos y en prosa*. Edición de Rosa Amor del Olmo. Isidora Ediciones. Reproduce a edición de 1896 (Establecimiento tipográfico La Guirnalda).

(2020): *Voluntad. Comedia en tres actos y en prosa*. Ediciones El Pollo del Pay-Pay. Reproduce a edición de 1907 (Librería de los Sucesores de Hernando).

Rodríguez López-Brea, C. M. (2006). Galdós, un cristiano heterodoxo. (Edición electrónica: https://e-archivo.uc3m.es/bitstream/10016/2714/1/Galdos-cristiano-heterodoxo.pdf) [data de consulta: 28/02/2021].

Sciutto, V. (2005). Unidades fraseológicas: un análisis contrastivo de los somatismos del español de Argentina y del italiano. En L. Blini *et al*. (eds.), *Linguistica contrastiva tra italiano e lingue iberiche*. Actas do XXIII congreso AISPI. Centro Virtual Cervantes, 502–518.

Senabre, R. (2013). Sobre el estilo narrativo de Galdós. En Y. Arencibia Santana e R. M.ª Quintana Domínguez (eds.), *Galdós y la gran novela del siglo XIX*. Actas do IX Congreso Internacional Galdosiano. Las Palmas de Gran Canaria: Casa-Museo Pérez Galdós, 45–55.

Sevilla Muñoz, M. (2009). Procedimientos de traducción (inglés-español) de locuciones en contexto. *Paremia*, 18, 197–207.

Sobejano, G. (1970). Razón y suceso de la dramática galdosiana. *Anales Galdosianos*, V, 39–54.

Timofeeva Timofeev, L. (2013). La fraseología en la clase de lengua extranjera: ¿misión imposible?. *Onomázein*, 28, 320–336.

Zuluaga, A. (1997). Sobre las funciones de los fraseologismos en textos literarios. *Paremia*, 6, 631–640.

6.1. Páxinas web consultadas

Cervantes.es. Biblioteca y documentación (s.f.). *Benito Pérez Galdós. Teatro*. En https://www.cervantes.es/bibliotecas_do cumentacion_espanol/biografias/rabat_benito_perez_galdos_2.htm [data de consulta: 22/02/2021].

Variantes paremiográficas: procedementos para a súa sistematización[1]

Paremiographic variants: procedures for their systematization

Rossana Sidoti
Università degli Studi di Messina
https://orcid.org/0000-0003-0544-8915
rossana.sidoti@unime.it

Resumo: O presente estudo, desde o ámbito da xeografía lingüística ou xeoparemioloxía, contén as pautas para abordar o procedemento máis axeitado para a sistematización das variantes paremiográficas dialectais contidas no corpus de paremias populares recompiladas a través dun traballo de campo levado a cabo durante os anos 2018 e 2019 na cidade siciliana de Messina (Italia). Co obxectivo de ofrecer o procedemento máis axeitado para a súa sistematización, acudimos á proposta aplicada ás paremias inglesas por Grzybek, Chlosta e Roos (1994, pp. 221–256), segundo a cal as variantes poden sufrir cambios ou alteracións formais e/ou estruturais de menor ou maior extensión que, nalgún caso, poden afectar ó significado translaticio e transformacións na estrutura superficial que poden dificultar a identificación da paremia non marcada. A sistematización da tipoloxía das variantes paremiográficas, ademais de recoller os refráns dialectais en toda a riqueza das súas variantes sincrónicas revela os mecanismos que se amosan máis activos na produción de modificacións.

Palabras clave: xeoparemioloxía, variantes paremiográficas dialectais, sistematización, alteracións formais e/ou estruturais.

Abstract: The present study —from the field of linguistic geography or geoparemiology— contains guidelines to address the most appropriate procedure for the systematization of dialectal paremiographic variants contained in the corpus of popular paremias collected through a fieldwork carried out during 2018 and 2019 in the Sicilian town of Messina (Italy). With the aim of offering the most suitable procedure for its systematization, we have turned to the proposal applied to the English paremias by Grzybek, Chlosta and Roos (1994, pp. 221–256), according to which variants may undergo changes or formal and/or structural alterations of less or greater extent that in some cases may affect the figurative meaning and transformations in the surface structure that may make

[1] Data de recepción: 13.01.22. Data de aceptación: 06.04.22.
Tradución ao galego feita por Carlos Sarmiento Gómez.

it difficult to identify the unmarked paremia.The systematization of the typology of the paremiographic variants, in addition to collecting the dialectal sayings in all the richness of their synchronous variants, reveals the mechanisms that are most active in the production of modifications.

Keywords: geoparemiology, dialectal paremiographic variants, systematization, formal and|or structural alterations.

1. Variantes paremiográficas

A importancia das variantes no proverbio foi a idea clave do Atlante Paremiologico Italiano (API), un proxecto emprendido polo dialectólogo italiano Temistocle Franceschi,[2] do que se publicou unha pequena parte, a que corresponde á pescuda (1985 e 1998) dirixida á documentación xeográfica sinóptica dos refráns de Italia en toda a riqueza das súas variantes sincrónicas. Moitos traballos de investigación paremiolóxica que se levaron a cabo ata agora sobre os refráns sicilianos[3] teñen como punto de referencia a pescuda do *Atlas Paremiologico Italiano* (API), o que amosa a aplicabilidade neste campo dos métodos da lingüística xeográfica, pois permite coñecer a realidade da vida comunitaria do proverbio ou refrán[4] ó variar dun lugar a outro[5]. Nesta liña destaca, tamén, a labor

[2] Temistocle Franceschi, creador da Escola Xeoparemiolóxica Italiana e, en 1980, do Centro Interuniversitario de Xeoparemioloxía (CIG) da Universidade de Florencia, publica numerosos traballos sobre as formas dialectais dos refráns do territorio italiano, o que deu orixe á xeoparemioloxía (1965, 1978, 1984, 1985, 1994, 1997, 1998, 1999, 2000, 2008 e 2010).

[3] Tomando como punto de referencia o *Atlas Paremiologico Italiano* (API), nos últimos anos, na Facultade de Letras da Universidade de Catania realizáronse sete traballos de investigación xeoparemiolóxica; son teses de licenciatura, cuxo obxectivo é o estudo dos refráns de diferentes vilas sicilianas: Capizzi (ME), Sant'Alfio, Vizzini e S. Michele di Ganzaria (CT), Scicli (RG), Mazzarino (CL), Castrofilippo (AG). Ademais, elaboráronse estudos da mesma índole cos refráns de Avola (SR), Modica (RG), Mussomeli e Butera (CL), Novara di Sicilia e Montalbano Elicona (ME), dúas illas lingüísticas de fala galoitálica. Tamén se realizaron traballos de campo entre os pescadores do Estreito de Mesina e en Troina, unha zona caracterizada por fortes contrastes lingüísticos e culturais. Algúns xa foron publicados por Salvatore Trovato (1992; 1993), quen, no seu estudo sobre a paremioloxía siciliana publicado na revista *Paremia* (1997), subliña a importancia e a utilidade da investigación xeoparemiolóxica nunha rexión tan estratificada desde o punto de vista cultural e lingüístico como Sicilia.

[4] En italiano, só existe 'proverbio', mentres que en galego hai dous vocábulos ('refrán' e 'proverbio'). Os paremiólogos optan por utilizar 'refrán' para o enunciado breve e sentencioso de orixe xeralmente non coñecida e uso popular, mentres que 'proverbio' sería o enunciado breve e sentencioso de orixe coñecida e uso culto (Sevilla Muñoz; Crida Álvarez, 2013, pp. 108–111).

[5] Cada rexión italiana ten o seu propio dialecto, é dicir, fálanse moitos dialectos, mesmo moi distintos entre si, e son sistemas lingüísticos autónomos respecto á lingua nacional e, adoito, moi afastados da mesma. O siciliano, para pór un exemplo, non é unha variedade da lingua italiana, senón un código distinto e moi afastado dela, do mesmo xeito que poden selo o italiano e o castelán, entre as linguas neolatinas. Os falantes italianos que proceden de distintas rexións, cando empregan o seu propio dialecto, non sempre conseguen comprenderse entre eles e, a miúdo, é case imposible. No aspecto macrosociolingüístico, a comunidade italiana é, polo tanto, plurilingüe (pola notable fragmentación dialectal e polos «italianos rexionais») e bilingüe (lingua-dialecto local). O siciliano é un dialecto que deriva do latín vulgar, do latín falado. En efecto, como afirma Ruffino «il siciliano è un dialetto, ma ciò nun vuol dire che è un prodotto di seconda serie o di scarto. Occorre sgomberare il campo da questo pregiudizio per cui, se diciamo che il siciliano è una lingua, ci si sente appagati e fieri, mentre, se diciamo che è un dialetto, ci si sente mortificati e afflitti. Ma allora cosa dobbiamo intendere per dialetto? spesso si sente dire che il vero siciliano è il catanese; altri dicono che il vero siciliano è quello che si parla nei piccoli centri dell'interno. Scontenterei gli uni e gli altri. A volerci ben pensare, quello che solitamente viene definito come "dialetto siciliano" nun è che un'astrazione: la realtà è costituita dalle singole varietà locali, che sono diverse, e spesso assai diverse l'una

de Salvatore Trovato desde a Universidade de Catania, cuxa actividade investigadora centrada na lingüística histórica e na dialectoloxía favoreceu e favorece, a través de diferentes proxectos de investigación de índole lingüística —en especial sobre os dialectos galoitálicos de Sicilia—, a difusión do panorama lingüístico italiano. Un exemplo que pon atención ó fenómeno das variantes é, así mesmo, o *Refranero multilingüe* (Sevilla e Zurdo, 2009)[6], unha base de datos aloxada no Centro Virtual Cervantes (Instituto Cervantes), pois, de forma paulatina, revisa e amplía os seus contidos para incluír boa parte das variantes dialectais de Italia, en parte grazas ó material proporcionado polos informantes, que son os principais usuarios destas manifestacións lingüísticas (Sevilla Muñoz, 2017, p. 234).

Entre os anos 2018 e 2019, na cidade siciliana de Messina, levouse a cabo un traballo de campo cuxo obxectivo era identificar o mínimo paremiolóxico, é dicir: o conxunto de paremias máis coñecidas por unha maioría significativa dos falantes desta comunidade sociocultural pertencentes a tres distintas xeracións (avós, pais, fillos). Esta labor permitiunos, a partir de todas as paremias recompiladas no corpus[7], documentar a presenza de 61 variantes formais (listadas no apéndice), o que permite aflorar a existencia de modificacións nos seus compoñentes estruturais e léxicos.

1.1. Criterios de sistematización

No proceso de investigación para a identificación do mínimo paremiolóxico, púxose de manifesto a presenza da variabilidade, que, segundo Zurdo (2002, p. 132), consiste na alteración, ben na forma externa dos elementos que compoñen as paremias, ben na natureza dos seus compoñentes léxicos (substitución) ou na configuración da estrutura proposicional (redución|ampliación), se ben a heteroxeneidade é o trazo dominante na tipoloxía dos cambios que afectan ós enunciados fraseolóxicos. En canto ó procedemento máis axeitado para a sistematización das variantes do corpus, consultamos *El mínimo paremiológico: aspectos teóricos y metodológicos* (2016) da serie *Mínimo paremiológico* n.º 1, pois proporciona a proposta aplicada ás paremias inglesas por Grzybek, Chlosta e Roos (1994, pp. 221–256) onde as variantes poden sufrir cambios ou alteracións de menor ou maior extensión.

dall'altra» (2001, p. 3). [Tradución da cita: «o siciliano é un dialecto, pero iso non quere dicir que sexa un produto de segunda ou un descarte. É necesario desbotar a idea pola cal, se dicimos que o siciliano é unha lingua, nos enchemos de orgullo e satisfacción, mentres que, se dicimos que é un dialecto, avergoñámonos e aflixímonos. Entón, que debemos entender por 'dialecto'? É común oír que o siciliano auténtico é o de Catania; outros din que o verdadeiramente auténtico é o que se fala nas pequenas vilas de interior. Non estou de acordo con ningún dos dous. Se o pensamos ben, o que xeralmente se define como 'dialecto siciliano' non é unha abstracción: a realidade componse de variedades locais particulares, as cales son diversas e, a miúdo, moi diferentes entre elas»].

[6] O *Refranero multilingüe,* un corpus de paremias populares multilingüe, pódese consultar na páxina web www.cvc.cervantes.es/lengua/refranero [data de consulta: 27/11/2019].

[7] Recompiláronse un total de 612 paremias, pertencentes a distintas categorías paremiolóxicas: refráns, frases proverbiais, locucións proverbiais, dialoxismos e proverbios.

1.1.1. Alteración formal ou desprazamento na cadea dalgún dos compoñentes que non afecta ó significado translaticio

A proposta aplicada ás paremias inglesas por Grzybek, Chlosta e Roos (1994, pp. 221–256) foi adaptada ó material paremiolóxico recollido en Messina do que dispoñemos. A partir da mesma, as variantes poden sufrir os seguintes cambios ou alteracións:

A)

1a Supresión/adición dun compoñente que non altera o significado da paremia:

- *Occhju ca nun viri, cori chi nun doli ['Ollo que non ve, corazón que non sente'] [8] | Occhju Ø[9] nun vidi, cori nun doli ['Ollo non ve, corazón que non sente'] (adición/supresión do nexo subordinante ca).*
- *Tantu va 'a quattara ô puzzu fina chi si rumpi ['Tanto vai o cántaro ó pozo ata que rompe'] | Tantu va a quattara ô puzzu Ø chi si rumpi ['Tanto vai o cántaro ó pozo que rompe'] (adición/supresión da preposición fina que introduce oracións subordinadas temporais).*
- *Cu' si curca chî carušitti, 'a matina si sušì tuttu bagnatu ['Quen se deita con nenos, pola mañá levántase todo mollado'] | Cu' si cucca chî carušitti, 'a matina su sušì Ø bagnatu ['Quen se deita con nenos, pola mañá levántase mollado'] (adición/supresión do adxectivo de calidade tuttu).*
- *Cu amici e parenti, nun ci 'ccattari e nun vìnniri nenti ['Con amigos e parentes, non compres e non vendas nada'] | Cu amici e parenti, nun Ø 'ccattari e Ø vìnniri nenti ['Con amigos e parentes, non compres e vendas nada'] (adición/supresión do pronome ci e do adverbio de negación nun).*
- *Ci voli 'u ventu ntâ chièša, ma no mi 'stuta 'i cannili ['Fai falta vento na igrexa, pero non para apagar as candeas'] | Ci voli 'u ventu Ø, ma nun pi 'stutari 'i cannili ['Fai falta vento, pero non para apagar as candeas'] (adición/supresión da construción preposicional ntâ chièša: prep+art+subst.).*

2a Variación morfolóxica consistente na supresión, adición, substitución de morfemas, como prefixos, marca de número gramatical, alomorfos pronominais, determinantes e nomes (xénero e número) etc.:

- *Quannu 'a jatta nun c'è, 'i sùrici ballunu ['Cando a gata non está, os ratos bailan'] | Quannu 'u jattu nun c'è, 'i topi bàllunu ['Cando o gato non está, os ratos bailan'] (artigo feminino sing. la/'a + desinencia do nome feminino sing. -a/ artigo masculino sing lu/'u+ desinencia do nome masculino sing. -u).*
- *A liġġua 'un avi ossa, ma rumpi l'ossa ['A lingua non ten ósos, pero corta ósos'] | 'A liġġua nun avi ossu e-rrumpi l'ossa ['A lingua non ten óso e corta ósos'] (desinencia do nome feminino -a / desinencia do nome masculino -u).*
- *Nun si pìgghjunu, si nun s'assumìgghjunu ['Non se elixen, se non se parecen'] | Nun si pìgghjunu, si nun si 'rassumìgghjunu ['Non se elixen se non se parecen'];*

[8] Incluíuse entre corchetes a tradución literal ó galego.

[9] O símbolo Ø indica a supresión dun elemento.

Cu' bonu sìmina, megghju arricogghji [Quen ben sementa mellor recolle] | Cu' sìmina bonu, bonu ricogghji ['Quen ben sementa, ben recolle'] (adición do prefixo ad > ar con valor intensivo).

- *Di unni ci ghjovi ci scìḍḍica ['De onde a chuvia lle/lles cae, esváralle/lles'] | Unni mi chjovi mi scìḍḍica ['Onde me cae a chuvia, esvárame'] (pronome de primeira (mi = a mia) e terceira persoa do singular ou do plural (ci= a iḍḍu/a iḍḍa/ a iḍḍi)).*
- *Megghju l'ovu oggi c''a jaḍḍina dumani ['Máis vale o ovo hoxe cá galiña mañá'] | Megghju 'n ovu oggi c''a jaḍḍina dumani ['Máis vale un ovo hoxe que unha galiña mañá'] (substitución do determinante lu por un e do determinante la por una).*
- *Ci voli 'u ventu ntâ chièsa, ma no mi 'stuta 'i cannili ['Fai falta vento na igrexa, pero non para apagar as candeas'] | Ci voli 'u ventu, ma nun pi 'stutari 'i cannili ['Fai falta vento, pero non para apagar as candeas'] (alternancia das preposicións mi y pi con valor de finalidade).*

A variación depende a miúdo da procedencia xeográfica dos informantes (variación diatópica) e afecta ás desinencias dos verbos:

- *Cu`si vaddò, si sabbò (Barcellona Pozzo di Gotto, prov. Messina) ['Quen se coidou, salvouse'] | Cu si vaddàu, si sabbàu (Messina) ['Quen se coidou, salvouse'] (desinencias verbais do perfecto de Indicativo).*

3a Variación dun elemento léxico: o procedemento consiste na substitución dun elemento léxico, xeralmente substantivos e verbos, por outro semanticamente equivalente ou afín que forma parte da mesma categoría gramatical:

- *Cu' si cucca chî carusitti, 'a matina, su susi bagnatu ['Quen se deita con nenos, pola mañá levántase mollado'] | Cu' si cucca chî picciriḍḍi, 'a matina brisci pisciàtu ['Quen se deita con nenos, pola mañá amence mexado'] | Cu' si cucca cû picciriḍḍu, si 'rruspigghja tuttu pisciàtu ['Quen se deita co neno, esperta todo mexado'] (substitución de carusitti por picciriḍḍi, de brisci por 'rruspigghja).*
- *'U jaddu ntâ jàggia o canta pi 'nvìdia, o canta pi-rràggia ['O galo na gaiola ou canta por envexa, ou canta por rabia'] | L'aceddu ntâ jàggia o canta pi 'nvìdia, o canta pi-rràggia ['O paxaro na gaiola ou canta por envexa, ou canta por rabia'] | 'U 'ceḍḍu ntâ jàggia canta pi stizza o pi-rràggia ['O paxaro na gaiola canta por rancor ou por rabia'] (substitución de jaḍḍu por aceḍḍu, de 'nvìdia por rràggia).*
- *Me nonna avía cent' anni e ancora 'nzignava ['A miña avoa tiña cen anos e aínda aprendía'] | 'A vecchja avìa cent' anni e ancora avìa 'nzignari ['A vella tiña cen anos e aínda tiña que aprender'] (substitución de nonna por vecchja).*
- *Lu ghjabbu arriva, 'a jastima no ['A burla chega, a maldición non'] | 'U ghjabbu accappa, 'a jastima no ['A burla volve atrás, a maldición non'] (substitución de arriva por accappa).*
- *Cu' s'innamura di capiddi e di denti, nun s'innamura 'i nenti ['Quen namora do cabelo e dos dentes namora de nada'] | Cu' si 'nnamura dû nasu e dî denti, si 'nnamura 'i nenti ['Quen namora do nariz e dos dentes namora de nada'] (substitución de capiḍḍi por nasu).*

- *Cu' beḍḍa voli appariri, 'na picca avi a suffriri ['Quen guapa quere parecer, un pouco ten que padecer'] | Cu' beḍḍa voli pariri, 'na picca avi a suffriri ['Quen guapa parecer, un pouco ten que padecer'] (substitución de appariri por pariri).*
- *Quannu 'u diàulu|diávulu t'accarizza, voli l'ànima ['Cando o diabo te acaricia, quere a alma'] | Quannu 'u diàvulu| riàvulu t'allìscia, voli l'ànima ['Cando o diabo te aloumiña, quere a alma'] (substitución de accarizza por allìscia).*
- *'A jatta quannu nun po 'rrivari ô prumuni, dici chi feti ['A gata, cando non pode chegar ó pulmón, di que cheira mal'] | Quannu 'a jatta no' 'rriva ô fummaggiu, dici chi feti ['Cando a gata non chega ó queixo, di que cheira mal'] (substitución de prumuni por fummaggiu).*
- *Amuri e brodu 'i cròcchiuli ['Amor e sopa de berberechos'] | Amuri e brodu 'i cìciri ['Amor e sopa de garavanzos'] (substitución de cròcchiuli por cìciri).*
- *Megghju muzzicati dî cani chi chjanciùti dî cristiani ['Mellor mordidos polos cans que compadecidos polos cristiáns'] | Megghju chjanciùti dî cani chi dî cristiàni ['Mellor compadecido polos cans que polos cristiáns'] (substitución de muzzicati por chjanciùti).*
- *O ti manci 'sta minesṭṛa o ti jetti da fineṣṭṛa ['Ou comes esta sopa ou tíraste pola fiestra'] | O ti cuntenti 'i 'sta minesṭṛa o ti jetti dâ fineṣṭṛa ['Ou confórmaste con esta sopa, ou tíraste pola fiestra'] (substitución de manci por cuntenti).*
- *Cu' beḍḍa voli appariri, 'na picca avi a suffriri ['Quen guapa quere parecer un pouco ten que padecer'] | Cu' beḍḍa voli appariri, tanti guài avi a patiri ['Quen guapa quere parecer tantos apuros ten que padecer'] (substitución de suffriri por patiri).*

Non resulta estraño atopar vocábulos italianos (*ciechi; brùcia; topi; maledizióni*) en paremias sicilianas, debido ó contacto entre o italiano estándar ou de uso medio e o dialecto siciliano:

- *'A jatta presciarola fa 'i jattareḍḍi ciechi ['A gata apresurada pare gatiños cegos'] | 'A jatta prisciaròla fa 'i jattareḍḍi orbi ['A gata apresurada pare gatiños cegos'].*
- *'A jaḍḍina fa l'ovu e ô jaḍḍu ci brùcia 'u culu ['A galiña pon ovos e ó galo quéimalle o cu'] | 'A jaḍḍina fa l'ovu e ô jaḍḍu ci 'bbampa 'u culu ['A galiña pon ovos e ó galo quéimalle o cu'].*
- *Quannu 'u jattu nun c'è, li topi ballarìunu ['Cando o gato non está, os ratos bailan'] | Quannu 'a jatta nun c'è, 'i sùrici bàllunu ['Cando a gata non está, os ratos bailan'].*
- *'U lupu 'i mala cuscenza comu òpira pensa ['O lobo de mala conciencia como obra pensa'] | L'omu di mala cuscenza comu òpira pensa ['O home de mala conciencia como obra pensa'].*
- *'I maledizióni su' comu 'i prucissiùni, di unni pàttunu arrìvunu ['As maldicións son coma as procesións, por onde saen volven entrar'] | 'I malanova su' di canigghja, cu' li manna si li pigghja ['As maldicións son coma o farelo, quen as manda as recolle'].*

- *Cu' avi liṅgua arriva a Roma ['Quen ten lingua chega a Roma'] | Cu' avi liṅgua va a Roma ['Quen ten lingua vai a Roma'].*

4a Nalgúns casos, substitúense compoñentes que forman parte de categorías gramaticais distintas, como sucede cos pronomes relativos[10] con función de suxeito en lugar de substantivos co mesmo valor. Cando se especifica a identidade dos axentes e o referente xa non é restrinxido senón individual, pode haber alteracións de tipo morfosintáctico.

- *Cacciàturi chi 'ssicuta du' cunigghja, unu ci scappa e l'àuṭṛu nô pigghja ['Cazador que caza a dous coellos, un escápalle e o outro non o colle'] | Cu' 'ssicuta du' cunigghja, unu ci scappa e l'àuṭṛu nô pigghja ['Quen caza a dous coellos, un escápalle e o outro non o colle'].*
- *Quannu (tu) canci 'u vecchju pû novu sai chiḍḍu chi peddi, ma nun sai chiḍḍu chi ṭṛovi ['Cando cambias o vello polo novo sabes o que perdes, pero non sabes o que atopas'] | Cu' cància 'a vecchja pâ nova sapi chiḍḍu chi lassa, ma nun sapi chiḍḍu chi ṭṛova) ['Quen cambia o vello polo novo sabe o que deixa, pero non sabe o que atopa'].*
- *'U Signuri ci duna|dugna 'u pani a cu' nun avi denti ['Deus dálle pan a quen non ten dentes'] | Cu' avi 'u pani nun avi 'i denti, e cu' avi 'i denti, nun avi 'u pani ['Quen ten pan non ten dentes, e quen ten dentes non ten pan'].*

5a Variación sintáctica (posición na cadea):

- *Cu' sìmina bonu, bonu ricogghji ['Quen ben sementa ben recolle'] | Cu' bonu sìmina, megghju arricogghji [Quen ben sementa mellor recolle].*
- *Cchjù scuru 'i menzannotti nun po'-ffari ['Máis escura cá medianoite non pode ser'] | Nun po'-ffari cchjù scuru 'i menzannotti ['Non pode ser máis escura cá medianoite'].*
- *Squagghjata 'a nivi, si vìdunu li puttuṡa ['Derretida a neve vense os foxos'] | 'I pittuṡa si vìdunu â squagghjata dâ nivi ['Os foxos vense cando se derrete a neve'].*
- *Lamèntiti si voi stari bonu ['Quéixate se queres estar ben'] | Si voi stari bonu lamèntiti ['Se queres estar ben quéixate'].*
- *Cu' sputa 'ntô celu, ntâ facci tonna ['Quen cuspe ó ceo na cara cáelle'] | Cu' ô celu sputa in facci tonna ['Quen ó ceo cuspe na cara cáelle'].*
- *Falla comu voi, sempri è cucuzza ['Faina como queiras, sempre será cabaza'] | Falla comu voi, sempri cucuzza è ['Faina como queiras, sempre cabaza será'].*

6a Variación fonética

Por último, a variación, que se debe á procedencia xeográfica dos informantes, pode afectar a pronuncia. Neste sentido, cabe recordar que o siciliano é unha variedade lingüística que se caracteriza por toda unha serie de trazos fonéticos, sintácticos e léxicos comúns, pero combinados de forma distinta segundo as realidades locais. Orientados máis ben

[10] O uso de pronomes relativos sen antecedente crea un valor máis xeralizador.

cara a solucións ortográficas respectuosas coa pronuncia da variante siciliana messinesa, acudimos ós signos gráficos que se proporcionan no quinto volume do *Vocabolario siciliano* coordinado por Salvatore Trovato (Piccitto, 2002).

- *Fa beni e scordatillu|scoddítillu, fa mali e pènzici ['Pórtate ben e esquéceo; pórtate mal e pénsao'] (asimilación do r no interior da palabra cando vai acompañada dunha consoante).*
- *Cu' nasci tunnu|tundu nun mori quaḍratu ['Quen nace redondo non morre cadrado'] (asimilación nd>nn).*
- *'A megghju parola è chiḍḍa chi nun si dici ['A mellor palabra é a que non se di'] | 'A megghju palora è chiḍḍa ca nun si dici ['A mellor palabra é a que non se di'] (metátese ou cambio de lugar de un ou máis sons dentro dunha palabra: parola por palora).*
- *Quannu 'u diàvulu/riàvulu t'allìscia, voli l'ànima ['Cando o diabo te acaricia, quere a alma']; Amuri e brodu 'i cròcchiuli [Amor e sopa de berberechos'] | Amuri e brodu 'i cìciri ['Amor e sopa de garavanzos'] (rotacismo d>r: conversión do d por r en inicio de palabra ou en posición intervocálica).*

1.1.2. Alteracións formais e/ou estruturais, xeralmente de maior extensión, que ás veces poden afectar ó significado translaticio

1b Alteracións formais e|ou estruturais (adición ou supresión dun sintagma nominal ou oracional[11], alteración da estrutura da paremia):

- *'A pignata in cumuni nun vugghji ['Na pota en común nunca ferve'] | 'A pignata in cumuni nun vugghji e nun cuaddìa ['Na pota en común non ferve e non quenta'].*
- *Dammi tempu ca ti pèrciu ['Dáme tempo, que te esburaco'] | Ci dissi 'u sùrici â nuci: dammi tempu chi ti pèrciu ['Díxolle o rato á noz: dáme tempo, que te esburaco'].*
- *L'àbutu nun fa 'u mònacu ['O hábito non fai ó monxe'] | L'àbitu nun fa 'u mònacu e 'a chìchira nun fa parrinu ['O hábito non fai o monxe e a tonsura non fai o cura'].*
- *Senza soddi nun si canta missa ['Sen cartos non se canta misa'] | Senza soddi 'u parrinu nun canta missa e 'u mottu nun si potta â fossa ['Sen cartos o cura non canta misa e o morto non se leva á fosa'].*
- *Quannu 'na fìmmina annaca l'anca si no'è buttana picca ci manca ['Cando unha muller menea as cadeiras, se non é puta, pouco lle falta'] | Quannu 'a fimmina camina e annaca l'anca si nun è buttana picca ci manca ['Cando unha muller anda e menea as cadeiras, se non é puta, pouco lle falta'].*

[11] A aparición, ás veces, de só unha parte do refrán e a suficiencia de esta para captar o sentido de toda a UF aparece explicado no traballo de Zuluaga (1980, p. 101) a través da teoría da comunicación: «la cantidad de información de una señal en un contexto dado es definida como una función de su probabilidad de ocurrencia en dicho contexto; a mayor probabilidad de ocurrencia, menor contenido informativo y mayor grado de redundancia». [Tradución da cita: «a cantidade de información dun sinal nun contexto dado é definida como unha función da súa probabilidade de ocorrencia no devandito contexto; a maior probabilidade de ocorrencia, menor contido informativo e maior grao de redundancia»].

- *’A vecchja avìa cent’anni e ancora avìa ’nzignari [‘A vella tiña cen anos e aínda tiña que aprender’] | ’A vecchja ’nzignò finu a cent’anni [‘A vella aprendeu ata os cen anos’].*
- *Nun c’è motti senza scaciùni [‘Non hai morte sen pretextos’] | ’A motti ’um-meni mai senza scaciùni [‘A morte non chega nunca sen pretextos’].*

2b Variación léxica entre lexemas semanticamente dispares:

- *L’aceḍḍu ntâ jàggia nun canta pi ’nvìdia, ma canta pi-rràggia [‘O paxaro na gaiola non canta por envexa, senón por rabia’] | Aceḍḍu ntâ jàggia nun canta p’ amuri, ma pi-rràggia [‘O paxaro na gaiola non canta por amor, senón por rabia’].*

No par de variantes «L’aceḍḍu ntâ jàggia nun canta pi ’nvìdia, ma canta pi-rràggia» e «Aceḍḍu ntâ jàggia nun canta p’amuri, ma pi-rràggia», a substitución léxica por lexemas semanticamente dispares (*amuri* por *’nvidia*) non aporta ningunha variación en canto á idea expresada polo refrán, que se mantén igual, pois critica ós que disimulan ser o que realmente non son.

3b Variación morfosintáctica:

- *Vo’ pèḍḍiri ’n amicu? o si marita o si fa zitu [‘Queres perder a un amigo? Ou casas ou botas mozo’] | Si voi pèddiri ’n amicu o ti mariti, o ti fai zitu [‘Se queres perder a un amigo ou casas, ou botas mozo’].*
- *Nun si po aviri ’a vutti chjina e ’a mugghjeri ’mbriàca) [‘Non podes ter o barril cheo e á muller bébeda’] | Vuliri ’a vutti chjina e ’a mugghjeri ’mbriàca [‘Querer o barril cheo e á muller, bébeda’].*
- *Cu’ nasci tundu, nun mori quaḍṛatu [‘Quen nace redondo, non morre cadrado’] | Si uno nasci tunnu, nun po-mmòriri quaḍṛatu [‘Se un nace redondo non pode morrer cadrado’].*
- *’A vecchja avìa cent’anni e ancora avìa ’nzignari [‘A vella tiña cen anos e aínda tiña que aprender’] | ’A vecchja ’nzignò finu a cent’anni [‘A vella aprendeu ata os cen anos’].*
- *Di unni ci ghjovi ci scìḍḍica [‘De onde a chuvia lle(s) cae, esváralle(s)’] | Unni mi chjovi mi scìḍḍica [‘Onde me cae a chuvia, esvárame’].*

1.1.3. Transformacións na estrutura superficial con modificación lóxica de sentido

1c Trátase dun fenómeno que Permiakov denomina «transformacións de primeiro grao» (Grzybek, 1991, p. 245), nas que se produce unha modificación lóxica de sentido (negación por afirmación ou viceversa) que non afecta, no noso caso, ós semas (trazos semánticos) centrais da significación, é dicir, ó significado primario da paremia:

- *Voi ’a vutti chjina e ’a mugghjeri ’mbriàca [‘(Ti) Queres o barril cheo e á muller bébeda’] | Nun si po aviri ’a vutti chjina e ’a mugghjeri ’mbriàca [‘Non podes ter o barril cheo e á muller bébeda’].*

- *Cu' si cucca chî jatti, brisci chî pùlici ['Quen se deita cos gatos amence con pulgas'] |Cu' no' voli pùlici, nun si cucca câ jatta ['Quen non quere pulgas non se deita coa gata'].*
- *Cu' si 'nnamura di capiḍḍi e denti, si 'nnamura 'i nenti ['Quen namora do cabelo e dos dentes, namora de nada'] | Cu' s'innamura di capiḍḍi e di denti, nun s'innamura 'i nenti ['Quen namora do cabelo e dos dentes, non namora de nada'].*

Estes refráns non se comportan como contraditorios, precisamente porque os falantes adoitan empregalos como artificio ou procedemento retórico, aínda que cabe recordar que un refrán non é verdadeiro en si mesmo, senón que revela a súa validez só cando se aplica a unha situación concreta. A modificación débese, así mesmo, a unha intervención doutras categorías lóxicas: o abstracto polo concreto, o xeral polo particular; inversión do punto de vista, a causa polo efecto, o medio polo resultado, a substancia polo obxecto etc.:

- *Cu' beḍḍa voli appariri, 'na picca avi a suffriri ['Quen guapa quere parecer un pouco ten que padecer'] | Cu' beḍḍa voli appariri, tanti guài avi a patiri ['Quen guapa quere parecer tantos apuros ten que padecer'] (o abstracto polo concreto).*
- *I malanova su' di canigghja, cu' li manna si li pigghja ['As maldicións son como o farelo, quen as manda as recolle'] | 'I maledizióni su' comu 'i prucissiùni, di unni pàttunu arrìvunu ['As maldicións son como as procesións, por onde saen volven entrar'] (cambio do punto de vista).*
- *'U Signuri ci duna|dugna 'u pani a cu' nun avi denti ['Deus dálle pan a quen non ten dentes'] | 'U Signuri duna 'u pani a cu' nun sapi rùdiri ['Deus dálle pan a quen non sabe roer'] (a causa pola consecuencia).*

1.2. Un caso de refrán desautomatizado

A pesar de que as paremias toleran cambios estruturais e léxicos, a subsistencia dalgunhas paremias débese, a miúdo, a algún artificio retórico, o que amosa o carácter gradual da fixación, considerada un dos trazos máis característicos das paremias xunto á idiomaticidade nos seus diversos graos. A análise das variantes permitiu detectar un caso de desautomatización, un fenómeno que, segundo Schapira (2000, p. 94), permite xerar un enunciado coas marcas propias das paremias, pero que non forma parte do patrimonio paremiolóxico coñecido. O feito de que non pertenza ó saber común non impide que sexamos capaces de recoñecelo ou de atopar a paremia orixinal á que alude, pois a comunidade de falantes á que a paremia pertence recoñece a súa estrutura como familiar.

Peter Barta (2005, p. 140) considera o *proverbe détourné* unha parodia do refrán con efecto cómico ou lúdico. Neste sentido, dentro do corpus de paremias sicilianas, pódese apreciar non só o refrán *Cu' nasci tunnu/tundu non mori quaḍṛatu* (inf. n.° 24, 60) ['Quen nace redondo non morre cadrado'], que procede do refrán que a comunidade siciliana recoñece como canónico *Cu nasci tunnu, nun mori quatratu* (Pitrè, 1880, p. 122) ['Quen nace redondo non pode morrer cadrado'], senón tamén un enunciado coas marcas propias das paremias, pero que non forma parte do patrimonio paremiolóxico coñecido *Cu' nasci tunnu, nun po mòriri pisci spata* ['Quen nace atún non pode morrer peixe espada']. Todos

eles empréganse para denotar que cos anos non se muda o carácter ou a actitude dunha persoa, é dicir, o que se recibiu por herdanza xenética. A desautomatización consiste na substitución do elemento léxico «quatrato/quaḍratu» [gl.: 'cadrado'] por outro, «pisci spata» [gl.: 'peixe espada'], que non é semanticamente nin equivalente nin afín e que, xeralmente, non forma parte da mesma categoría gramatical. O proceso de substitución respecta a estrutura da paremia orixinal, que non se ve afectada por outro tipo de alteración formal. O xogo de palabras entre *tundu* ['redondo'] e *tunnu*[12] ['atún'], de fonética similar (palabras homófonas ou case homófonas segundo a procedencia do falante), pero con diferente sentido, resulta nun refrán cuxa función cómica atrae a atención do interlocutor, o que xera complicidade comunicativa entre os falantes e favorece a función comunicativa e pragmática. A substitución léxica non altera o significado do refrán que conserva a súa forza sentenciosa; o interlocutor non perde o sentido do discurso e recoñece como familiar a estrutura lingüística, que se afasta dos referentes das paremias canónicas.

O uso do procedemento de desautomatización é máis frecuente entre os novos, un feito que atopa o seu fundamento na idade do informante (inf. n.° 37, 1998, Messina) que proporcionou o refrán mencionado. O exemplo aportado amosa a evolución que existe no emprego das paremias populares, a progresiva desautomatización que algunhas paremias poden sufrir a favor dunhas fórmulas máis actuais. A elección do peixe espada, no canto doutro tipo de peixe, non é casual; pois no estreito de Messina practícase unha actividade moi antiga que é a pesca do peixe espada. Esta actividade, transmitida de xeración en xeración, segue a ser extremadamente importante non só desde o punto de vista turístico, senón tamén económico, xa que dá sustento a moitas familias da costa messinesa e calabresa do estreito. A pesca do peixe espada, rei indiscutible do estreito, máis que unha técnica de pesca é unha verdadeira «caza» á presa, que se captura coa axuda de arpóns especiais lanzados desde embarcacións chamadas «feluche»[13]. Os pescadores, capturada a presa, résganlle a cara en sinal de respecto e de perdón, e véndanlle os ollos para aliviar o seu sufrimento.

2. Conclusións

Este estudo pretende recoller os refráns dialectais sicilianos da cidade de Messina en toda a riqueza das súas variantes sincrónicas. A análise relativa ás variantes do corpus permite observar o proceso de variación, debido a alteracións formais e/ou estruturais de menor ou maior extensión, ó que os enunciados sentenciosos seguen someténdose. Consideramos que estas alteracións, que reflicten a vida destas paremias, débense: 1) á estratificación cultural e lingüística de Sicilia, pois o siciliano non se presenta como unitario ou nacional; 2) á transmisión oral das paremias de xeración en xeración, co que, ó ser repetidas por moitas bocas, conservan a súa idea fundamental, pero non a mesma forma; 3) ó feito de que os refráns, por ser algo vivo e dinámico, cambian e

[12] A palabra siciliana «tunnu» (do siciliano *tundu*, por asimilación *tunnu*) pode significar 'redondo' e tamén, segundo o contexto, 'atún'.

[13] Un barco pesqueiro moi grande cunha torre moi alta para avistar o peixe espada e unha pasarela para arpoar a presa.

se adaptan ó discurso; 4) ó contacto co italiano, que marca a relación de interferencia, froito da diglosia, que se establece entre o dialecto siciliano e a lingua italiana, debido ó uso dalgúns préstamos do italiano que se rexistran no corpus en lugar de voces propias do dialecto siciliano. Este dato non é preocupante, pois, a pesar de comprobar que o dialecto se está italianizando, ata que os sicilianos adapten as palabras que proceden da lingua italiana morfoloxicamente ó siciliano, non poderemos decretar a morte do mesmo.

Por último, a pesar de que o número de veces en que se repiten as variantes do corpus permite determinar as que están maiormente fixadas no uso con respecto a outras cuxa frecuencia de aparición é máis reducida, de todos os grupos de variantes non todos permiten determinar a forma máis empregada desde unha perspectiva sincrónica, pois nalgúns deles non sempre hai unha variante que sobresaia en termos de frecuencia de uso. Este dato non deixa de sorprendernos se consideramos que o siciliano non se presenta, polas razóns xa expostas, como unitario.

3. Referencias bibliográficas

Barta, P. (2005). *Au pays des proverbes, les détournements sont rois*. Contribution à l'étude des proverbes détournés du français (I). *Paremia,* 14, 139–152.

Franceschi, T. (1965). Proverbi e detti calabro-lucani. *Bollettino dell'Atlante Linguistico Italiano,* XI/XII, 17–38.

(1978). Il proverbio e l'A.P.I.. *Archivio Glottologico Italiano,* LXIII, 110–147.

(1984). Sui detti proverbiali della provincia di Pesaro e Urbino. Un panorama geoparemiologico. En L. M. Savoia (ed.), *Lingua e dialetto. La situazione dialettale nell'area pesarese, Atti del Convegno di Pesaro su* «Lingua e Dialetto» (pp. 161–175). Centro Stampa del Comune.

(1985). *Atlante Paremiologico Italiano: Questionario*. Università degli Studi di Urbino.

(1994). Il proverbio e la Scuola Geoparemiologica Italiana, *Paremia,* 3, 27–36.

(1997). El *Atlas Paremiológico Italiano* (API) y el Centro Interuniversitario de Geoparemiología de la Universidad de Florencia. *Paremia,* 6, 223–234.

(1999). L'Atlante Paremiologico Italiano e la Geoparemiologia. En S. Trovato (ed.), *Proverbi, locuzioni, modi di dire nel dominio linguistico italiano*. *Atti del I° Convegno di Studi dell'Atlante Paremiologico Italiano* (pp. 1–22). Il Calamo.

(2000). *API (Atlante Paremiologico Italiano). Questionario. Ventimila detti proverbiali raccolti in ogni regione d'Italia*. Dell'Orso.

(2008). La geoparemiologia e l'Atlante Paremiologico Italiano. *Bollettino dell'Atlante Linguistico Italiano,* 32, 195–204.

(2010). La paremiologia territoriale (geoparemiologia) in Italia. Meteorologia e calendario nell'Atlante Paremiologico Italiano. En J. E. Gargallo Gil, M. R. Bastardas Rufat, J. Fontana i Tous e A. Torres Torres (eds.), *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos.* Universitat de Barcelona, 221–242.

Grzybek, P.; Chlosta, C. e Roos. U. (1994). Ein Vorschlag zur Klassifikation von Sprichwortvarianten bei der empirischen Sprichwortforschung. En B. Sandig (ed.), *Europhras 92: Tendenzen der Phraseologieforschung*. Norbert Brockmeyer, 221–256.

Piccito, G. (2002). *Vocabolario siciliano*. En S. Trovato (ed.), *Tomo V, (Si-Z)*. CSFLS.
Pitrè, G. (1880). *Proverbi siciliani raccolti e confrontati con quelli degli altri dialetti d'Italia*, III, Biblioteca delle tradizioni popolari siciliane X. L. Pedone Lauriel.
Ruffino, G. (2001). *Profili linguistici delle regioni*. Laterza.
Trovato, S. (1992). Nomi di santi nella paremiologia siciliana: Sari Cucufate. En G. Ruffino (ed.), *Studi linguistici e filologici offerti a Girolamo Caracausi*. Centro di Studi filologíci e linguistici siciliani, 495–500.
(1993). Nomi di santi nella paremiologia siciliana: Santa (Burgundo) fara e Santa Mariana. *Siculorum Gymnasium,* XLVI, 515–522.
(1997). La ricerca paremiologica in Sicilia. *Paremia,* 6, 607–616.
Schapira, C. (2000). Proverbe, proverbialisation et déproverbialisation. *Langages* 139, 81–97.
Sevilla Muñoz, J. (2017). El refranero hoy. *Paremia,* 26, 229–237.
Sevilla Muñoz, J. e Crida Álvarez, C. A. (2013). Las paremias y su clasificación. *Paremia,* 22, 105–114.
Zuluaga Ospina, A. (1980). *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Verlag Peter D. Lang.
Zurdo Ruiz-Ayúcar, M. T. e Sevilla Muñoz, J. (2016). *El mínimo paremiológico: aspectos teóricos y metodológicos*. Biblioteca fraseológica y paremiológica, Serie n.º 1 *Mínimo paremiológico*. Instituto Cervantes. (Centro Virtual Cervantes) (https://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca_fraseologica/m1_zurdo/default.htm) [Data da consulta: 06/01/2022].
(2002). En torno a la modificación por expansión en fraseologismos de núcleo verbal alemanes y españoles. *Estudios filológicos alemanes,* 1, 131–149.

Apéndice

Táboa 1. Variantes paremiolóxicas do corpus ordenadas por frecuencia de uso

Variantes paremiolóxicas do corpus
(1) (1a). *'U rispettu è-mmišuratu, cu'* | *cû lu porta* | *potta l'avi purtatu*|*puttatu* (8 veces[14], informantes[15] n.º 26, 29, 32, 33, 37.4, 49.1, 59, 66) ['O respecto é medido, quen respecta é respectado'] | (1b). *'U rispettu è-mmišuratu, cu' tû potta l'avi puttatu* (1 vez, inf. n.º 42) ['O respecto é medido, quen te respecta é respectado']

[14] No arquivo, cada grupo de variantes está ordenado polo número de veces en que aparecen no corpus, o que deixa aflorar as máis usuais entre os falantes da cidade de Messina.

[15] Os informantes que participaron na pescuda, 72 en total, son persoas de diferentes idades ─que corresponden ás xeracións de fillos, pais e avós─ e sexo. A cada un dos informantes asignóuselles un número.

(2) (2a). *Aceḍḍu ntâ jàggia o canta pi 'nvìdia |pi-mmìdia o canta pi-rràggia* (7 veces, inf. n.º 15.2, 17, 18, 25, 33.3, 38, 46) ['O paxaro na gaiola ou canta por envexa ou por rabia'] | (2b) *L'aceḍḍu ntâ jàggia o canta pi 'nvìdia o canta pi-rràggia* (4 veces, inf. n.º 20.1, 31.2, 37.6, 49) ['O paxaro na gaiola ou canta por envexa ou canta por rabia'] | (2c) *Aceḍḍu ntâ jàggia nun canta p'amuri, ma pi-rràggia* (2 veces, inf. n.º 23, 44.3) ['O paxaro na gaiola non canta por amor, senón por rabia'] | (2d)*'U jaḍḍu ntâ jàggia o canta pi 'nvìdia o canta pi-rràggia* (2 veces, inf. n.º 6, 14) ['O galo na gaiola ou canta por envexa ou por rabia'] | (2e) *Aceḍḍu ntâ jàggia canta pi 'nvìdia o pi-rràggia* (1 vez, inf. n.º 65) ['O paxaro na gaiola canta por envexa ou por rabia'] | (2f) *Aceḍḍu ntâ jàggia nun canta pi 'nvìdia, ma canta pi-rràggia* (1 vez, inf. n.º 60) ['O paxaro na gaiola non canta por envexa, senón por rabia'] | (2g) *'U 'ceḍḍu ntâ jàggia canta pi stizza, o pi-rràggi*a (1 vez, inf. n.º 57) ['O paxaro na gaiola canta por rancor ou por rabia']
(3) (3a) *Megghju l'ovu oggi c''a jaḍḍina dumani* (7 veces, inf. n.º 24.1, 26, 27.1, 41, 46, 51, 55) ['Máis vale o ovo hoxe cá galiña mañá'] | (3b) *Megghju 'n ovu oggi c''a jaḍḍina dumani* (1 vez, inf. n.º 68) ['Máis vale un ovo hoxe cá galiña mañá']
(4) (4a) *Occhji nun vidi, cori nun doli* (7 veces, inf. n.º 9.4, 15.2, 17.1, 20, 26, 37.4, 46) ['Ollos que non ven, corazón que non sente'] | (4b) *Occhju ca nun viri, cori chi nun dol*i (1 vez, inf. n.º 27.4) ['Ollo que non ve, corazón que non sente']
(5) (5a) *Cu' cància 'a vecchja pâ nova sapi chiḍḍu chi lassa, ma nun sapi chiḍḍu chi ṭṛova* (5 veces, inf. n.º 9, 17, 29, 32, 48) ['Quen cambia o vello polo novo sabe o que deixa, pero non sabe o que atopa'] | (5b) *Cu' lassa 'a vecchja pâ nova sapi chiḍḍu chi|ca lassa, ma nun sapi chiḍḍu chi|ca ṭṛova* (4 veces, inf. n.º 33, 44.4, 47, 59) ['Quen deixa o vello polo novo sabe o que deixa, pero non sabe o que atopa'] | (5c) *Quannu canci 'u vecchju pû novu sai chiḍḍu chi peddi, ma nun sai chiḍḍu chi ṭṛovi* (2 veces, inf. n.º 15, 19) ['Cando cambias o vello polo novo sabes o que perdes, pero non sabes o que atopas'] | (5d) *Cu' cància 'a vecchja câ nova cchjù tinta 'a ṭṛova* (2 veces, inf. n.º 45.2, 57) ['Quen cambia o vello polo novo peor atopa'] | (5e) *Cu' cància 'a vecchja pâ nova sapi chiḍḍu chi lassa e nun sapi chiḍḍu chi ṭṛova* (1 vez, inf. n.º 24) ['Quen cambia o vello polo novo sabe o que deixa e non sabe o que atopa'] | (5f) *Cu' lassa 'a scupa vecchja pi chiḍḍa nova sapi chiḍḍu chi lassa, ma nun sapi chiḍḍu chi ṭṛova* (1 vez, inf. n.º 16) ['Quen deixa a vasoira vella pola nova sabe o que deixa, pero non sabe o que atopa'] | (5g) *Quannu canci 'u vecchju cu novu sai chiḍḍu chi peddi, ma nun chiḍḍu chi ṭṛovi* (1 vez, inf. n.º 18) ['Cando cambias o vello polo novo sabes o que perdes, pero non o que atopas'] | (5h) *Cu' lassa 'a vecchja vìa pâ nova pèggiu ṭṛova* (1 vez, inf. n.º 27.3) ['Quen deixa o camiño coñecido polo novo peor atopa'] | (5i) *Cu' lassa 'a vecchja pâ nova sapi chi pigghja, ma nun sapi chi ṭṛ*ova (1 vez, inf. n.º 49) ['Quen deixa o vello polo novo sabe o que colle, pero non sabe o que atopa']
(6) (6a) (*Tu*) *Voi a vutti chjina e 'a mugghjeri 'mbriàca* (5 veces, inf. n.º 11.2, 15.2, 16, 17.2, 29.1) ['(Ti) Queres o barril cheo e á muller bébeda'] | (6b)*'A vutti chjina e 'a mugghjeri 'mbriàca* (2 veces, inf. n.º 15, 18) ['O barril cheo e á muller, bébeda'] | (6c) *Nun si po aviri 'a vutti chjina e 'a mugghjeri 'mbriàca* (1 vez, inf. n.º 13) ['Non podes ter o barril cheo e á muller bébeda'] | (6d) *Vuliri 'a vutti chjina e 'a mugghjeri 'mbriàc*a (1 vez, inf. n.º 35) ['Querer o barril cheo e á muller bébeda']

(7) (7a) *Bon tempu e malu tempu nun dura sempri un tempu* (5 veces, inf. n.º 9, 16.3, 17.1, 18.2, 58) [‘O bo tempo e o mal tempo non duran sempre un tempo’] | (7b) *Bon tempu e malu tempu nun dura tuttu ‘u tempu* (3 veces, inf. n.º 13, 45, 59) [‘O bo tempo e o mal tempo non duran todo o tempo’] | (7c) *Bon tempu o malu tempu sempri un tempu ’un po durari* (1 vez, inf. n.º 28.1) [‘O bo tempo e o mal tempo sempre un tempo non poden durar’]
(8) (8a) *Nun si pìgghjunu, si nun si rassumígghjunu* (4 veces, inf. n.º 16.1, 26, 37.4, 39) [‘Non se elixen, se non se parecen’] | (8b) *Nuḍḍu si pigghja, si nun si rassumigghja* (4 veces, inf. n.º 1.1, 13, 46, 49) [‘Ninguén se elixe, se non se parece’] | (8c) *Nun si pìgghjunu, si nun s’assumìgghjunu* (4 veces, inf. n.º 27.2, 33, 35, 54) [‘Non se elixen, se non se parecen’] | (8d) *Nuḍḍu si pigghja, si nun s’ assumigghja* (1 vez, inf. n.º 60.4) [‘Ninguén se elixe, se non se parece’]
(9) (9a) *Fa beni e scodditillu|scordatillu, fa mali e pènzici* (4 veces, inf. n.º 26.1, 58, 60.4, 63) [‘Pórtate ben e esquéceo; pórtate mal e pénsao’] | (9b) *Fai beni e scodditillu, fai mali e pènzici* (3 veces, inf. n.º 13, 33.2, 45) [‘Pórtate ben e esquéceo, pórtate mal e pénsao’] | (9c) *Fa bene e scòdditi, fa male e pènzic*i (2 veces, inf. n.º 37.4, 38.2) [‘Pórtate ben e esquéceo, pórtate mal e pénsao’]
(10) (10a) *Cu’ beḍḍa voli appariri|pariri, ’na picca avi a suffriri* (4 veces, inf. n.º 9, 15, 17, 57) [‘Quen guapa quere parecer, un pouco ten que padecer’] | (10b) *Cu’ beḍḍa voli appariri, tanti guài avi a patiri* (2 veces, inf. n.º 33, 59) [‘Quen guapa quere parecer, tantos apuros ten que padecer’] | (10c) *Cu’ beḍḍa voli pariri, in silenziu avi a suffrir*i (1 vez, inf. n.º 18) [‘Quen guapa quere parecer, en silencio ten que padecer’]
(11) (11a) *Rutta pi rutta, rumpèmula tutta* (4 veces, inf. n.º 29, 42, 54, 60) [‘Perdido por perdido, pérdelo todo’] | (11b) *Junnata rutta, pèddila tutt*a (2 veces, inf. n.º 38, 57) [‘Día perdido, pérdelo todo’]
(12) (12a) *A liṅġua ’un avi ossa, ma rumpi l’ossa* (4 veces, inf. n.º 26.1, 31, 37.9, 57) [‘A lingua non ten ósos, pero corta ósos’] | (12b) *’A liṅġua nun avi ossa e-rrumpi l’ossa* (1 vez, inf. n.º 50) [‘A lingua non ten ósos e corta ósos’] | (12c) *’A liṅġua nun avi ossu e-rrumpi l’ossa* (1 vez, inf. n.º 62) [‘A lingua non ten óso e corta ósos’]
(13) (13a) *Cu’ avi liṅġua arriva a Roma* (4 veces, inf. n.º 23, 44.2, 46, 55.1) [‘Quen ten lingua chega a Roma’] | (13b) *Cu’ avi liṅġua va a Roma* (1 vez, inf. n.º 31) [‘Quen ten lingua vai a Roma’]
(14) (14a) *O ti manci ’sta minesṭṛa o ti jetti da finesṭṛa* (4 veces, inf. n.º 23, 44.2, 46, 55.1) [‘Ou comes esta sopa ou tíraste pola fiestra’] | (14b) *O ti cuntenti ’i ’sta minesṭṛa, o ti jetti dâ finesṭṛ*a (1 vez, inf. n.º 31) [‘Ou confórmaste con esta sopa, ou te tiras pola fiestra’]

(15) (15a) *'A megghju parola è chiḍḍa chi nun si dici* (4 veces, inf. n.º 10.1, 33.3, 36, 57) ['A mellor palabra é a que non se di'] | (15b) *'A megghju palora è chiḍḍa ca nun si dici* (1 vez, inf. n.º 60) ['A mellor palabra é a que non se di']
(16) (16a) *Amici e parenti nun 'ccattari e nun vìnniri nenti* (3 veces, inf. n.º 32, 37.4, 54) ['Amigos e parentes, non compres e non vendas nada'] | (16b) *Cu amici e parenti nun 'ccattari e nun vìnniri nenti* (3 veces, inf. n.º 30, 50, 57) ['Con amigos e parentes, non compres e non vendas nada'] | (16c) *'Ṭra amici e parenti 'un vìnniri e 'ccattari nenti* (1 vez, inf. n.º 59) ['Entre amigos e parentes non vendas e non compres nada'] | (16d) *'Ṭra amici e parenti nun 'ccattari e vìnniri nenti* (1 vez, inf. n.º 60) ['Entre amigos e parentes non compres e non vendas nada'] | (16e) *Cu amici e cu parenti nun ci 'ccattari e vìnniri nenti* (1 vez, inf. n.º 34.1) ['Con amigos e con parentes non compres e vendas nada']
(17) (17a) *Quannu 'u diàulu|diàvulu t'accarizza, voli l'ànima* (3 veces, inf. n.º 13, 40, 59) ['Cando o diabo te acaricia, quere a alma'] | (17b) *Quannu 'u diàvulu|riàvulu t'allìscia, voli l'ànima* (3 veces, inf. n.º 24, 33, 51) ['Cando o diabo te aloumiña, quere a alma']
(18) (18a) *Cu' nasci tunnu nun po-mmòriri quaḍṛatu* (3 veces, inf. n.º 29, 37.4, 57) ['Quen nace redondo non pode morrer cadrado'] | (18b) *Cu' nasci tunnu|tundu nun mori quaḍṛatu* (2 veces, inf. n.º 24, 60) ['Quen nace redondo non morre cadrado'] | (18c) *Cu' nasci tunnu nun po mòriri pisci spata* (1 vez, inf. n.º 37.4) ['Quen nace atún non pode morrer peixe espada'] | (18d) *Si uno nasci tunnu nun po-m mòriri quaḍṛatu* (1 vez, inf. n.º 41) ['Se un nace redondo non pode morrer cadrado']
(19) (19a) *Cu' avi 'u pani nun avi 'i denti, e cu' avi 'i denti nun avi 'u pani* (3 veces, inf. n.º 4, 56, 57) ['Quen ten pan non ten dentes, e quen ten dentes non ten pan'] | (19b) *'U Signuri (ci) dugna|duna 'u pani a cu' nun avi denti* (2 veces, inf. n.º 37.4, 60) ['Deus dálle pan a quen non ten dentes'] | (19c) *'U Signuri duna 'u pani a cu' nun sapi rùdiri* (1 vez, inf. n.º 11.3) ['Deus dálle pan a quen non sabe roer']
(20) (20a) *Ci dissi 'u sùrici â nuci: dammi tempu chi|ca ti pèrciu* (3 veces, inf. n.º 36.1, 37.7, 57) ['Díxolle o rato á noz: dáme tempo que te esburaco'] | (20b) *Dammi tempu ca ti pèrciu* (2 veces, inf. n.º 4, 56) ['Dáme tempo que te esburaco']
(21) (21a) *Cu' bonu sìmina, megghju arricogghji* (3 veces, inf. n.º 15.2, 18.3, 23) ['Quen ben sementa mellor recolle'] | (21b) *Cu' sìmina bonu, bonu ricogghj*i (1 vez, inf. n.º 46) ['Quen ben sementa, ben recolle']
(22) (22a) *'A jaḍḍina fa l'ovu e ô jaḍḍu ci brùcia 'u culu* (3 veces, inf. n.º 37.4, 51, 65) ['A galiña pon ovos e ó galo quéimalle o cu'] | (22b) *'A jaḍḍina fa l'ovu e ô jaḍḍu ci 'bbampa 'u culu* (1 vez, inf. n.º 60) ['A galiña pon ovos e ó galo quéimalle o cu']

(23) (23a) *Tutti 'i cunzigghja|cunzigghji pigghja, ma 'u tò nô lassari* (3 veces, inf. n.º 45.2, 46.1, 72) ['Todos os consellos toma, pero o teu non o deixes'] | (23b) *Tutti i cunzigghji pìgghjili, ma 'u tò nô lassari* (1 vez, inf. n.º 50) ['Todos os consellos tómaos, pero o teu non o deixes']
(24) (24a) *Cu' si vaddàu si sabbàu* (2 veces, inf. n.º 36, 37.5) ['Quen se coidou, salvouse'] | (24b) *Cu' si vaddò si sabbò* (2 veces, inf. n.º 38.3, 60.1) ['Quen se coidou, salvouse']
(25) (25a) *Cu' si cucca chî carušitti 'a matina su|si sušì bagnatu* (2 veces, inf. n.º 4, 11.1) ['Quen se deita cos nenos pola mañá levántase mollado'] | (25b) *Cu' si cucca cû picciriḍḍu si 'rruspigghja tuttu pisciàtu* (1 vez, inf. n.º 30) ['Quen se deita co neno esperta todo mexado'] | (25c) *Cu' si cucca chî picciriḍḍi 'a matina brisci pisciàtu* (1 vez, inf. n.º 65) ['Quen se deita cos nenos pola mañá amence mexado'] | (25d) *Cu' si cucca chî jatti brisci chî pùlici* (1 vez, inf. n.º 70) ['Quen se deita cos gatos amence con pulgas'] | (25e) *Cu' no' voli pùlici nun si cucca câ jatta* (1 vez, inf. n.º 42) ['Quen no quere pulgas non se deita coa gata']
(26) (26a) *Cu' va cû zoppu all'annu zuppìa* (2 veces, inf. n.º 37, 39) ['Quen vai co coxo ó cabo do ano coxea'] | (26b) *Cu' pràtica cû zoppu all'annu zuppìa* (1 vez, inf. n.º 47) ['Quen sae co coxo ó cabo do ano coxea'] | (26c) *Cu' va cû zoppu 'nzigna a zuppicari* (1 vez, inf. n.º 49) ['Quen vai co coxo aprende a coxear'] | (26d) *Praticandu cû zoppu all'annu zuppìa* (1 vez, inf. n.º 57) ['Quen sae co coxo ó cabo do ano coxea']
(27) (27a) *'U lupu 'i mala cuscenza comu òpira pensa* (2 veces, inf. n.º 37.8, 59) ['O lobo de mala conciencia como obra pensa'] | (27b) *'U lupu di mala cuscenza chiḍḍu chi faci pensa* (1 vez, inf. n.º 12.3) ['O lobo de mala conciencia o que fai pensa'] | (27c) *'U lupu 'i mala cuscenza chiḍḍu chi dici pensa* (1 vez, inf. n.º 57) ['O lobo de mala conciencia o que di pensa'] | (27d) *L'omu di mala cuscenza comu òpira pensa* (1 vez, inf. n.º 50) ['O home de mala conciencia como obra pensa']
(28) (28a) *Cu' si 'nnamura di capiḍḍi e denti si 'nnamura 'i nenti* (2 veces, inf. n.º 31.1, 68) ['Quen namora do cabelo e dos dentes namora de nada'] | (28b) *Cu' s'innamura di capiḍḍi e di denti nun s'innamura 'i nenti* (1 vez, inf. n.º 72) ['Quen namora do cabelo e dos dentes non namora de nada'] | (28c) *Cu' si 'nnamura dû našu e dî denti si 'nnamura 'i nent*i (1 vez, inf. n.º 38) ['Quen namora do nariz e dos dentes namora de nada']
(29) (29a) *'A jatta prisciarola fa(ci) 'i jattareḍḍi orbi* (2 veces, inf. n.º 26.1, 38) ['A gata apresurada pare gatiños cegos'] | (29b) *'A jatta presciarola fa 'i jattareḍḍi ciechi* (1 vez, inf. n.º 38.1) ['A gata apresurada pare gatiños cegos']
(30) (30a) *Cchjù scuru 'i menzannotti nun po'-ffari* (2 veces, inf. n.º 32.1, 37.4) ['Máis escura cá medianoite non pode ser'] | (30b) *Nun po'-ffari chjù scuru 'i menzanotti* (1 vez, inf. n.º 51) ['Non pode ser máis escura cá medianoite']

(31) (31a) *Cu' nun fa nenti nun sbagghja nenti* (2 veces, inf. n.º 33.1, 50) ['Quen non fai nada non se equivoca en nada'] | (31b) *Cu' nenti fa nenti sbagghja* (1 vez, inf. n.º 37.4) ['Quen nada fai en nada se equivoca']
(32) (32a) *Cu' ti voli beni ti fa chjànciri, cu' ti voli mali ti fa rìdiri* (2 veces, inf. n.º 37.6, 60.4) ['Quen te quere faite chorar, quen non te quere faite rir'] | (32b) *Cu' ti voli beni ti fa chjànciri e cu' ti voli mali ti fa rìdiri* (1 vez, inf. n.º 71) ['Quen te quere faite chorar e quen non te quere faite rir']
(33) (33a) *È inùtili chi t'allisci| ti 'llisci e-ffài cannola, 'u santu è 'i màmmuru e nun suda* (2 veces, inf. n.º 60.3, 71) ['É inútil que alises o pelo e lle fagas bucles, o santo é de mármore e non súa'] | (33b) *È inùtili chi nṭṛizzi e-ffài cannola, 'u santu è 'i màmmuru e nun suda* (1 vez, inf. n.º 40.1) ['É inútil que trences o pelo e lle fagas bucles, o santo é de mármore e non súa']
(34) (34a) *L'àbutu nun fa 'u mònacu* (2 veces, inf. n.º 8, 22.1) ['O hábito non fai ó monxe'] | (34b) *L'àbitu nun fa 'u mònacu e 'a chìchira nun fa parrinu* (1 vez, inf. n.º 62) ['O hábito non fai o monxe e la tonsura no fai o cura']
(35) (35a) *Megghju sulu ca malu accumpagnatu| 'ccumpagnatu* (2 veces, inf. n.º 24, 60) ['Máis vale só que mal acompañado'] | (35b) *Megghju suli chi mali accumpagnati* (1 vez, inf. n.º 57) ['Máis vale sós que mal acompañados']
(36) (36a) *Si voi stari bonu lamèntiti* (2 veces, inf. n.º 24, 60) ['Se queres estar ben quéixate'] | (36b) *Lamèntiti si voi stari bonu* (1 vez, inf. n.º 31) ['Quéixate se queres estar ben']
(37) (37a) *Squagghjata 'a nivi, si vìdunu 'i puttuṡa* (2 veces, inf. n.º 9, 17) ['Derretida a neve vense os foxos'] | (37b) *'I pittuṡa si vìdunu â squagghjata dâ nivi* (1 vez, inf. n.º 66) ['Os foxos vense cando derrete a neve']
(38) (38a) *Fìmmina chi movi l'anca, si nun è buttana, picca ci manca* (1 vez, inf. n.º 29) ['Muller que menea as cadeiras, se non é paxara, pouco lle falta'] | (38b) *Quannu 'na fimmina annaca l'anca, si no'è buttana, picca ci manca* (1 vez, inf. n.º 37.4) ['Cando unha muller menea as cadeiras, se non é puta, pouco lle falta'] | (38c) *Quannu 'a fimmina camina e annaca l'anca, si nun è buttana, picca ci manca* (1 vez, inf. n.º 69) ['Cando unha muller anda e menea as cadeiras, se non é puta, pouco lle falta']
(39) (39a) *Gìrala comu voi, sempri è cucuzza* (1 vez, inf. n.º 40.1) ['Reméxea como queiras, segue a ser cabaza'] | (39b) *Cùnzala comu voi, sempri cucuzza resta* (1 vez, inf. n.º 50) ['Condiméntaa como queiras, segue a ser cabaza'] | (39c) *Falla comu voi, sempri è cucuzza* (1 vez, inf. n.º 57) ['Faina como queiras, sempre será cabaza'] | (39d) *Falla comu voi, sempri cucuzza è* (1 vez, inf. n.º 60) ['Faina como queiras, sempre cabaza será']

(40) (40a) *Me nonna avía cent' anni e ancora 'nzignava* (1 vez, inf. n.º 12.1) ['A miña avoa tiña cen anos e aínda aprendía'] | (40b) *'A vecchja 'nzignò finu a cent'anni* (1 vez, inf. n.º 28) ['A vella aprendeu ata os cen anos'] | (40c) *'A vecchja avìa cent' anni e ancora avìa 'nzignar*i (1 vez, inf. n.º 32) ['A vella tiña cen anos e aínda tiña que aprender']
(41) (41a) *Quannu 'u jattu nun c'è, 'i topi bàllunu* (1 vez, inf. n.º 8) ['Cando o gato non está, os ratos bailan'] | (41b) *Quannu 'u jattu nun c'è, li topi ballarìunu* (1 vez, inf. n.º 14) ['Cando o gato non está, os ratos bailan'] | (41c) *Quannu 'a jatta nun c'è, 'i sùrici bàllunu* (1 vez, inf. n.º 60) ['Cando a gata non está, os ratos bailan']
(42) (42a) *Tantu va a quattara ô puzzu chi si rumpi* (1 vez, inf. n.º 40.1) ['Tanto vai o cántaro ó pozo que ó final rompe'] | (42b) *Tantu vaci 'a quartara all'àccua chi si rumpi* (1 vez, inf. n.º 50) ['Tanto vai o cántaro á fonte que ó final rompe'] | (42c) *Tantu va 'a quattara ô puzzu fina chi si rumpi* (1 vez, inf. n.º 57.1) ['Tanto vai o cántaro ó pozo ata que rompe']
(43) (43a) *Un paṭṛi campa centu figghji, ma centu figghji nun càmpunu un paṭṛi* (1 vez, inf. n.º 37.3) ['Un pai dálles de comer a cen fillos, pero cen fillos non lle dan de comer a un pai'] | (43b) *'Na maṭṛi campa quaṭṭṛu figghji, ma quaṭṭṛu figghji nun càmpunu 'na maṭṛi* (1 vez, inf. n.º 54.3) ['Unha nai dálle de comer a catro fillos e catro fillos non lle dan de comer a unha nai'] | (43c) *Un paṭṛi campa centu figghji e centu figghji nun càmpunu un paṭṛi* (1 vez, inf. n.º 50) ['Un pai dálles de comer a cen fillos e cen fillos no lle dan de comer a un pai']
(44) (44a) *'A jatta quannu nun po 'rrivari ô prumuni, dici chi feti* (1 vez, inf. n.º 40.1) ['A gata cando non pode chegar ó pulmón, di que cheira mal'] | (44b) *Quannu 'a jatta no' 'rriva ô fummaggiu, dici chi feti* (1 vez, inf. n.º 38) ['Cando a gata non chega ó queixo, di que cheira mal']
(45) (45a) *'A pignata 'n-comuni nun vugghji mài* (1 vez, inf. n.º 17.1) ['A pota en común nunca ferve'] | (45b) *'A pignata in cumuni nun vugghji e nun cuaḍḍìa* (1 vez, inf. n.º 57) ['A pota en común non ferve e non quenta']
(46) (46a) *Amuri amuri, no broru 'i cìciri* (1 vez, inf. n.º 34) ['Amor amor, non sopa de garavanzos'] | (46b) *Amuri e brodu 'i cròcchiuli* (1 vez, inf. n.º 57.2) ['Amor e sopa de berberechos'] | (46c) *Amuri e brodu 'i cìci*ri (1 vez, inf. n.º 60) ['Amor e sopa de garavanzos']
(47) (47a) *Ci voli 'u ventu ntâ chièšа, ma no mi 'stuta 'i cannili* (1 vez, inf. n.º 40.1) ['Fai falta vento na igrexa, pero non para apagar as candeas'] | (47b) *Ci voli 'u ventu, ma nun pi 'stutari 'i cannili* (1 vez, inf. n.º 63) ['Fai falta vento, pero non para apagar as candeas']
(48) (48a) *Cu' picca parràu, assai guadagnàu* (1 vez, inf. n.º 24) ['Quen pouco falou, moito gañou'] | (48b) *Cu' picca parrò, mai si pintìu* (1 vez, inf. n.º 72) ['Quen pouco falou nunca se arrepentiu']

(49) (49a) *Cu' dâ robba 'i l'àuṭṛi si vesti prestu si spogghja* (1 vez, inf. n.º 72) ['Quen se viste coa roupa doutra persoa pronto se desviste'] | (49b) *Cu' roba all'àuṭṛi spogghja 'u sò* (1 vez, inf. n.º 72) ['Quen rouba os demais despoxa o seu']
(50) (50a) *Cu' 'ssicuta du' cunigghja, unu ci scappa e l'àuṭṛu nô pigghja* (1 vez, inf. n.º 50) ['Quen caza a dous coellos, un escápalle e o outro non o colle'] | (50b) *Cacciàturi chi 'ssicuta du' cunigghja, unu ci scappa e l'àuṭṛu nô pigghj*a (1 vez, inf. n.º 51) ['Cazador que caza a dous coellos, un escápalle e o outro non o colle']
(51) (51a) *Di unni ci ghjovi ci scìḍḍica* (1 vez, inf. n.º 21) ['De onde a chuvia lle(s) cae, esváralle(s)'] | (51b) *Unni mi chjovi mi scìḍḍica* (1 vez, inf. n.º 31) ['Onde me cae a chuvia, esvárame']
(52) (52a) *Lu ghjabbu arriva, 'a jastima no* (1 vez, inf. n.º 37.7) ['A burla chega, a maldición non'] | (52b) *'U ghjabbu accappa, 'a jastima no* (1 vez, inf. n.º 7) ['A burla volve atrás, a maldición non']
(53) (53a) *Megghju muzzicati dî cani chi chjanciùti dî cristiani* (1 vez, inf. n.º 27) ['Máis vale mordidos polos cans que compadecidos polos cristiáns'] | (53b) *Megghju chjanciùti dî cani chi dî cristiàni* (1 vez, inf. n.º 70) ['Máis vale compadecido polos cans que polos cristiáns']
(54) (54a) *'A motti 'um-meni mai senza scaciùni* (1 vez, inf. n.º 37.4) ['A morte non chega nunca sen pretextos'] | (54b) *Nun c'è motti senza scaciùn*i (1 vez, inf. n.º 38) ['Non hai morte sen pretextos']
(55) (55a) *Nun si fa nenti pi-nnenti* (1 vez, inf. n.º 31.2) ['Non se fai nada por nada'] | (55b) *Nuḍḍu fa nenti pi-nnenti* (1 vez, inf. n.º 44.4) ['Ninguén fai nada por nada']
(56) (56a) *Senza soddi nun si canta missa* (1 vez, inf. n.º 40.1) ['Sen cartos non se canta misa'] | (56b) *Senza soddi 'u parrinu nun canta missa e 'u mottu nun si potta â fossa* (1 vez, inf. n.º 57) ['Sen cartos o cura non canta misa e o morto non se leva á fosa']
(57) (57a) *'U Signuri chjudi 'na potta e japri un putticatu* (1 vez, inf. n.º 59) ['Deus pecha unha porta e abre un portal'] | (57b) *Si ghjudi 'na potta e si japri un potticatu* (1 vez, inf. n.º 60) ['Péchase unha porta e ábrese un portal']
(58) (58a) *Si voi pèddiri 'n amicu o ti mariti, o ti fai zitu* (1 vez, inf. n.º 30) ['Se queres perder a un amigo ou casas, ou botas mozo'] | (58b) *Vo' pèḍḍiri 'n amicu? o si marita o si fa zitu* (1 vez, inf. n.º 54) ['Queres perder a un amigo? Ou casa ou bota mozo']
(59) (59a) *Unni manca, Dìu pruvidi* (1 vez, inf. n.º 70) ['Onde falta, Deus axuda'] | (59b) *Ogni spruvvista, Dìu provvede* (1 vez, inf. n.º 72) ['Todo o que fai falta Deus axuda']

(60) (60a*) 'I malanova su' di canigghja, cu' li manna si li pigghja* (1 vez, inf. n.º 64) ['As maldicións son como o farelo, quen as manda as recolle'] | (60b) *'I maledizióni su' comu 'i prucissiùni, di unni pàttunu arrìvunu* (1 vez, inf. n.º 72) ['As maldicións son como as procesións, por onde saen volven entrar']
(61) (61a) *Cu' sputa 'ntô celu, ntâ facci tonna* (1 vez, inf. n.º 33) ['Quen cuspe ó ceo, na cara cáelle'] | (61b) *Cu' ô celu sputa in facci tonna* (1 vez, inf. n.º 57) ['Quen ó ceo cuspe na cara cáelle']

Recadádivas
Compilations

O Robledo é capital e o demais son conquistas: fraseoloxía de Robledo de Domiz[1] [2]

O Robledo é capital e o demais son conquistas: phraseology from Robledo de Domiz

Á miña bisavoa Adela, robledana que nos deixou en 2008.
As súas risadas e os seus «ai, lobos te coman» aínda
resoan con forza nos meus pensamentos.

«Toda a nosa experiencia das cousas, toda a nosa vida
interior faise propiamente humana cando se converte en linguaxe».
(González García, 1995, p. 7)

Alicia Anta Fernández
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
https://orcid.org/0000-0002-1747-2835
aantfer3@cirp.gal

Resumo: Recadádiva de 164 unidades fraseolóxicas galegas (locucións, fórmulas, refráns, proverbios, adiviñas e cantigas) empregadas en Robledo de Domiz (Carballeda de Valdeorras), que son da acordanza e uso actual de membros da familia da presente colectora e veciños da aldea, todos eles nados e/ou criados na mesma.

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía, fraseografía espontánea, traballo de campo, Robledo de Domiz.

Abstract: Compilation of 164 Galician phraseological units (idioms, expressions, proverbs, riddles and popular songs) from Robledo de Domiz (Carballeda de Valdeorras) remembered and currently used by the author's family members and neighbours, all of them born and/or raised in the hamlet.

Keywords: Galician Praseology, Paroemiology, spontaneous phraseography, fieldwork, Robledo de Domiz.

---

[1] Data de recepción: 18.02.22. Data de aceptación: 19.04.22.

[2] «A fraseoloxía éche o idioma convertido en imaxes; é falar con espellos que nos fan ve-lo lado oculto das cousas, dos feitos, da xente; éche falar con parábolas máis que con palabras» (Ferro Ruibal, 2016, p. 9).

1. Introdución

A seguinte recadádiva é o resultado de varios intereses cruzados. Por unha banda, o normal interese que, coma filóloga, sinto pola lingua e a lingüística coma área de estudo; por outra, a curiosidade e as expectativas que espertan en min os posíbeis resultados obtidos dun traballo de campo, que dende a realización do meu traballo de fin de mestrado (TFM) en 2017, non volvera ter ocasión de facer. Ao mesmo tempo, cómpre destacar que a escolla do territorio xeográfico (Robledo de Domiz[3]) sobre a que centrei a recadádiva non é azarosa. Así pois, este traballo pretende ser unha homenaxe humilde e persoal á aldea que viu crecer a meu pai, aos meus avós e a catro dos meus bisavós que tiven a sorte de coñecer: unha aldea que case sinto coma miña, por ter maxinado demais os centos de historias que meu pai me contou —e me segue a contar— dos seus habitantes, moitos xa finados, moitos aínda vivos. En parte, este traballo supón unha tentativa de poder eu revivir canda el os seus mellores anos da nenez e da mocidade. El, a través das súas lembranzas na aldea. Eu, a través da fala das súas xentes.

2. Obxectivos

O obxectivo deste estudo é reunir unha cantidade significativa de mostras fraseolóxicas que poidan contribuír á conservación e difusión do patrimonio lingüístico-cultural deste territorio xeográfico galego. Porén, cómpre aclarar que non toda a fraseoloxía aquí reunida é de dominio exclusivo de Robledo de Domiz, sendo algunhas das expresións recollidas de uso habitual noutras aldeas do municipio[4] e mesmo da comarca. A finalidade desta monografía é, pois, rexistrar como falan e como falaban as súas xentes, con independencia da expansión xeográfica das unidades fraseolóxicas, se ben tentamos desbotar as máis comúns na maior parte do territorio galego e coidamos afondar na fraseoloxía máis local. Con todo, cabe sinalar que este non é nin pretende ser un traballo exhaustivo; mais ben, trátase dunha mostra que representa unha parte da fraseoloxía de Robledo de Domiz que, sen dúbida, sería necesario ampliar.

3. Metodoloxía

A tal fin, dispúxose unha metodoloxía sinxela para a elaboración dunha recadádiva na que tiveran cabida locucións, fórmulas, paremias e mesmo adiviñas e cancións populares do coñecemento, uso e acordanza entre os veciños actuais e os antigos.[5] Ao mesmo tempo, tamén se recollen termos ou expresións monolexicais que, non considerándose

[3] Robledo de Domiz é unha aldea supeditada ao municipio de Carballeda de Valdeorras, cuxa patroa é a Virxe das Candelas e a súa festividade, o 2 de febreiro. Conta con 107 persoas censadas segundo comunicación persoal obtida a través da Casa consistorial do concello de Carballeda o día 1 de decembro de 2021 (http://concellocarballedavaldeorras.com/). Se ben apenas rexistra poboación activa na actualidade, esta sempre se caracterizou pola súa actividade no sector vinícola e no da pizarra, propios da comarca valdeorresa.

[4] O municipio de Carballeda de Valdeorras comprende as seguintes aldeas: Candeda, Carballeda, Casaio, Casoio, Domiz, Lardeira, A Medua, A Portela do trigal, Pumares, Pusmazán, Riodolas, Robledo de Domiz, San Xusto, Santa Cruz, Sobradelo, Soutadoiro, Vila e Viladequinta.

[5] Nados e criados en Robledo de Domiz.

fraseoloxía no sentido estrito da palabra, paga a pena conservar e ilustran o carácter enxebre da fala desta aldea valdeorresa.

3.1. Procesos na recollida de mostras

Foron varios os procesos levados a cabo na recollida de mostras:

- Conversas telefónicas con informantes que foron interrogados de maneira directa pola fraseoloxía coñecida e cuxas respostas foron anotadas manualmente pola colectora.

- Conversas vía Whatsapp con informantes que foron interrogados de maneira directa e cuxas respostas quedaron rexistradas na rede social.

- Conversas cara a cara con informantes que foron interrogados de maneira directa ou guiada[6] e cuxas respostas foron anotadas manualmente pola colectora.

3.2. Tipos de mostras recollidas

Podemos catalogar, principalmente en dous, os tipos de mostras recollidas:

- Fraseoloxía de uso e circulación común entre os informantes.

- Fraseoloxía de uso e circulación menos común —mais habitual en xeracións pasadas— que son da acordanza dos informantes.

3.3. Criterios para a clasificación da fraseoloxía recollida

Para a clasificación e catalogación dos fraseoloxismos recollidos tivéronse en conta as estruturas doutras recadádivas publicadas en números anteriores dos *Cadernos de fraseoloxía galega*; os criterios establecidos polo *Proxecto de fraseoloxía galega* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e o *Manual de fraseología española*, de Corpas Pastor (1996).

3.4. Características dialectolóxicas do léxico da fraseoloxía recollida

Pola súa quenda, e no tocante ás cuestións lingüísticas, cómpre subliñar que as mostras recollidas mantéñense fieis aos parámetros da oralidade, coloquialidade e espontaneidade que, inevitablemente, se afastan do galego normativo. Ademais, a proximidade xeográfica da aldea coa provincia de León (concretamente coa capital berciana) ten como consecuencia unha maior introdución de castelanismos na fala das súas xentes en comparación con outras zonas de Galicia, os cales, na presente, serán sinalados cun asterisco. Alén, tamén se advertiron localismos (*vid*. locución 2 e expresión monolexical 153); contraccións fonéticas propias do plano oral (*vid*. fórmula 86); repeticións (*vid*. locucións 7 e 17); vacilacións vocálicas (*vid*. locución 13) e outros fenómenos fonéticos como a epéntese (*vid*. expresión monolexical 159), entre outros.

[6] As mostras obtidas a través de preguntas guiadas foron extraídas de conversas espontáneas con informantes aos que se lle preguntaron, ben por anécdotas e historias da nenez e da mocidade, traballos da aldea, tradicións, festexos etc., ben polo xeito de dicir certos fraseoloxismos da lingua galega recollidos nas obras *Para dar trela* (Losada Aldrey, Cid Fernández e Fernández Carballiño, 2016) e *Así falan os galegos* (González García, 1995).

3.5. Pautas metodolóxicas na redacción

Á súa vez, cómpre aclarar algunhas pautas metodolóxicas de carácter ortotipográfico que se levaron a cabo no proceso de redacción da recadádiva, a fin de lograr unha certa unificación formal:

- No corpo lexicográfico dalgúns fraseoloxismos ofrécense comentarios e/ou fraseoloxismos sinonímicos[7] que esclarecen o significado e sentido total ou parcial da unidade fraseolóxica e que van separados das definicións por unha etiqueta (#). No caso de haber máis dun comentario, estes sepáranse con dúas barras (//). Emprégase o signo * despois dalgunhas palabras para indicar a súa forma non normativa.

- Do mesmo xeito, tamén se presentan exemplos, de elaboración propia ou proporcionados por algún dos informantes, para ilustrar o sentido das colocacións, locucións e fórmulas. Estes exemplos están escritos —agás os propios fraseoloxismos que poden conter castelanismos, popularismos e outras formas non estándares, tal e coma indicamos no apartado 3.4—, en galego normativo. Só nalgunhas poucas fórmulas (84, 85, 87, 88, 89, 90 e 91) non se ofrecen exemplos porque o propio lema ten carácter exemplificativo e o contexto está explicado na definición.

- Por outra banda, nalgunhas expresións fraseolóxicas incorpóranse entre corchetes ([ ]):

(a) a) A existencia necesaria do complemento directo ou indirecto («a alguén») nas locucións que corresponda. (*vid*. locucións 40 e 19, respectivamente).
(b) b) O pronome de CI «me» en fórmulas que admiten ambas formas (con ou sen pronome) (*vid*. fórmula 89).

4. Recadádiva

Abreviaturas e símbolos

adv.: adverbio
adx.: adxectivo
col.: colocación
COLQ.: coloquial
EUF.: eufemismo
exp. mon.: expresión monolexical
fórm.: fórmula
HUM.: humorístico
IRÓN.: irónico
l. adv.: locución adverbial
l. adx.: locución adxectiva
l. v.: locución verbal
PEX.: pexorativo
prov.: proverbio

[7] Extraídos do *Dicionario de fraseoloxía galega Século21.*

ref.: refrán
subst.: substantivo
v.: verbo
VULG.: vulgar

4.1. Colocacións

1. **Cheirar [algo ou alguén] a castrón.** *col.* PEX. Ulir mal. Feder. # Xeralmente, aplícase, ben a un espazo co aire enrarecido por estar nel moita xente, ben a unha persoa que desprende olor a suor. *Abre a ventá e ventila que aquí cheira a castrón!*
2. **Día das apegotas.** *col.* Xornada que equivale ao «Día dos Santos Inocentes» —celebrado o día 28 de decembro—, pero que en Robledo de Domiz se festexaba na véspera, —o 27 de decembro—, día no que se facían as apegotas (vid. colocación 3).
3. **Facer apegotas [a alguén].** *col.* Gastar pequenas bromas ou chanzas aos veciños o día 27 de decembro, véspera dos Santos Inocentes. *Fíxenlle unha apegota ó Aureliano e creuno todo!*
4. **Levar/ Ter unha trompa.** *col.* COLOQ. Estar bébedo/a. Estar baixo os efectos do alcohol. *Mira para aí... vaia trompa levas!*

4.2. Locucións

4.2.1. Locucións verbais

5. **Andar ás varillas*.** *l.v.* HUM. Non ter diñeiro. # Esta locución ten unha orixe popular: os nenos e nenas tiñan o costume de achegarse o día seguinte ao sitio onde se tiraban as bombas nas festas patronais para recoller as varelas do chan e xogar con elas. Esta popular tradición cristalizouse na expresión *andar ás varillas,* que, sufrindo unha extensión do seu significado, vén a dicir que cando un non ten diñeiro ou non leva cartos enriba nese momento, non ten moito que facer; non lle queda outra que ir a apandar varelas. *Eu hoxe non vou ao café, que ando ás varillas.*
6. **Andar en coche.** *l.v.* COLOQ. Desenvolverse ben unha persoa economicamente. *Ese non ten problema, ándache en coche.*
7. **Andar/ estar remexe-remexe.** *l.v.* COLOQ. Finxir traballar ou estar levando a cabo tarefas. *Sempre anda remexe-remexe e logo nunca fai nada.*
8. **Andar/ ir de candongo/a.** *l.v.* COLOQ. Estar ocioso/a. *Esas dúas sempre andan de candongas.*
9. **Andar ós biosbardos.** *l.v.* COLOQ. Estar unha persoa apampada, sen facer nada. # Equivale a outras expresións coma «estar a velas vir»; «andar ás minchas», «estar nas patacas». *Ti escoitáchesme? Que me ías escoitar, se andas ós biosbardos!*
10. **Andar tocando a gaita.** *l.v.* COLOQ. Estar unha persoa ociosa. # Equivale a outras expresións coma «non dar golpe». *A ver se fas o que tes que facer, que andas todo o día tocando a gaita!*
11. **Cantar [a alguén] as cuarenta*.** *l.v.* COLOQ. Rifar a alguén con motivo. *Cando volva a casa heille de cantar as cuarenta*!*
12. **Comer a rancho.** *l.v.* Comer as persoas que están reunidas nunha mesa directamente da fonte onde está a comida, sen cubertos. *Antes, nas festas,*

faciamos moito de comer e comiamos todos a rancho.

13. **Costar* un roñón.** *l.v.* COLOQ. 1. Ser unha cousa cara, que custa moito diñeiro. *Toleaches? Non vou mercar iso, costa un roñón!* 2. Ser unha tarefa difícil de facer ou que implica un esforzo considerable conseguila. # Equivale a outras expresións coma «custar un ollo da cara», «valer un mundo», «custar un capital» ou «custar un imperio». *Costoume* un roñón sacar a mancha de herba do pantalón!*
14. **Criar coíñas.** *l.v.* COLOQ. Estar unha parte do corpo dunha persoa, xeralmente as orellas ou os xenitais, moi sucios. *Lava ben as orellas, que a este paso vas criar coíñas!*
15. **Dar máis voltas cun burro *tonto.** *l.v.* COLOQ. Desprazarse unha persoa dun sitio ao outro sen lograr o seu obxectivo ou lográndoo de maneira tardía. *Para atopar onde aparcar dei máis voltas cun burro tonto!/ Maldita burocracia! Fixéronme dar máis voltas cun burro tonto.*
16. **Entregar o cu ás pegas.** *l.v.* VULG. Morrer. # Equivale a outras expresións coma «bater a bota», «coller camiño da cova» ou «estarricar a perna». *Onde vai o pobre Manolo! Ese xa vai que entregou o cu ás pegas!*
17. **Estar trapatrá-trapatrá/ traparatrá.** *l.v.* COLOQ. Ser un charlatán. Nunha conversa, falar moito unha persoa de cousas que non interesan ao interlocutor e que xeralmente o eximen de levar a cabo outras tarefas ás que lle outorga prioridade. *Mellor non te pares con ela, que cando empeza a falar está trapatrá-trapatrá/ traparatrá e xa non te deixa.*
18. **Falar o(s) chiste(s).** *l.v.* Declamar desexos, opinións, cholas etc. en eventos de diferente índole. *Daquela iamos na procesión e cada un falaba o seu chiste.*
19. **Faltar [a alguén] unha lúa.** *l.v.* COLOQ. Estar unha persoa tola. # Refírese a quen se comporta dun xeito pouco normal ou di cousas que non veñen ao caso. *O coitado vese que non está ben; ao pobre fáltalle unha lúa!*
20. **Facer as voltas da casa.** *l.v.* Realizar tarefas de limpeza do fogar. *Primeiro fixen as voltas da casa e despois saín facer unhos recados.*
21. **Faltar [a alguén] unha fervura.** *l.v.* COLOQ. Ser parvo de nacemento. *Non sabe moi ben o que di, non ves que lle falta unha fervura?*
22. **Ir cos da feira e volver cos do mercado.** *l.v.* COLOQ. Cambiar unha persoa de ideas ou de amizades segundo lle conveña. *Non te fíes moito del. Este vai cos da feira e volve cos do mercado!*
23. **Limpar [a alguén] os mocos.** *l.v.* COLOQ. Solucionarlle a unha persoa os problemas. # Equivale a outras expresións coma «quitar a cobra da silveira». *O condenado métese acotío en leas, e logo teñen que ir seus pais a limparlle os mocos. .*
24. **Mandarlle unha carta ó rei.** *l.v.* HUM. Defecar. *Agora vou, pero primeiro vou mandarlle unha carta ó rei.*
25. **Nacer de pé.** *l.v.* 1. Ser afortunado, ter moi boa sorte. *A Tere sempre que xoga a lotaría, tócalle algo... naceu de pé!* 2. Nacer no seo dunha familia con posíbeis. # Equivale a outras expresións coma «estar arrimado a Deus coma os tronos» ou «nacer con boa fada». *Monchito nunca tivo problemas, naceu de pé.*
26. **Non caber [a alguén] un garbanzo* polo cu.** *l.v.* HUM. Estar unha persoa moi contenta como consecuencia

dunha boa noticia ou dunha circunstancia favorable. *Dende que souberon que ían ser avós, non lles cabe un garbanzo* polo cu!*

27. **Non caber [a alguén] unha palla polo cu.** *l.v.* HUM. Presumir. Andar fachendoso/a. *Si que te puxeches guapo hoxe. Non che cabe unha palla polo cu!*
28. **Non ser máis bon*/ boa.** *l.v.* COLOQ. Empeorar as facultades físicas e/ou mentais dunha persoa tras unha situación ou circunstancia adversa ou desfavorable. # O verbo da locución sempre se emprega en tempo pasado. *Dende que a Alberte lle deu o ictus, non foi máis bon.*
29. **Papar a verza.** *l.v.* COLOQ. Estar unha persoa apampada, sen facer nada. # Equivale a outras expresións coma «estar en babia». *A ver se deixamos de estar papando a verza e nos poñemos a traballar, oíches?!*
30. **Parecer a Rita.** *l.v.* PEX. Dise da muller que presenta mal aspecto na súa indumentaria; que en aparencia está mal amañada. # A Rita era unha mendiga de Sobradelo moi coñecida en todo o municipio de Carballeda por ser unha muller moi pobre, esfarrapada, que andaba pedindo esmola polas casas. *Pobre muller, non ten case nin para vestirse... parece a Rita!*
31. **Parecer un baxolas.** *l.v.* PEX. Dise do rapaz ou home que presenta mal aspecto na súa indumentaria; que, en aparencia, está mal amañado. # «Baxolas» era o alcume dun home de Casoio —aldea que tamén pertence ao municipio de Carballeda— que era moi pobre e que andaba sempre esfarrapado. *Mira para aí, como vai Pedro, parece un baxolas así, coa camisa por fóra.*
32. **Parecer/ser unha callandra ou estar feita unha callandra.** *l.v.* PEX. Dise dunha muller que aparenta máis vella do que é, que está «aquelada» e/ ou que quere aparentar ser aínda nova, cando xa está entrada en anos. *Non sei a quen pensa que vai enganar, se xa está feita unha callandra!*
33. **Parecer/ser un odre.** *l.v.* PEX. Dise do home, xeralmente groso, que presenta mal aspecto na súa indumentaria e que non presta atención ao coidado da súa hixiene. # Equivale a outras expresións coma «estar feito un badanas» ou «estar feito un baldreu». *Vaia pintas que ten! Parece un odre.*
34. **Parecer un/unha percherón/a.** *l.v.* PEX. Dise dunha persoa corpulenta. *Dende que Manoliño deu o empurrón, parece un percherón! É o máis alto da súa clase.*
35. **Parecer un trécolas.** *l.v.* PEX. Ser un charlatán. # Equivale a outras expresións coma «ser un barallocas», «ser un falabarato» ou «ser un fala para á feira». *Xesús! Cuanto fala ese home! Parece un trécolas.*
36. **Parecer un/ unha xostro/a.** *l.v.* PEX. Dise dunha persoa que presenta mal aspecto na súa indumentaria e/ou no peiteado ou que non presta atención ao coidado da súa hixiene; que, en aparencia, está mal amañada. *Onde vai con esas pintas? Parece un xostro!*
37. **Parecer un ye-yé.** *l.v.* COLOQ. HUM. Dise do neno ou rapaz que ten guedellas. # O termo «ye-yé» provén do furor que causou o estilo musical, a moda e a estética do rock británico durante a década dos sesenta, con grupos como The Beatles, cuxos membros levaban o pelo longo con corte en forma de penico, e en cuxas cancións empregaban o termo «yeah,

yeah» como retrouso.[8] *Neno, de hoxe non pasa que che corte esas guedellas, que pareces un ye-yé!*

38. **Pensar que se está a falar con Dios* e ser o demo.** *l.v.* COLOQ. Confiar estar tratando cunha persoa benévola, de boas intencións, e ser xusto o contrario. *Nos tempos que corren, un non se pode fiar. O mellor pensas que estás a falar con Dios e é o demo.*
39. **Pasalo bomba.** *l.v.* COLOQ. Desfrutar moito. *Vaia risas botamos... paseino bomba!*
40. **Poñer [a alguén] polas nubes.** *l.v.* COLOQ. Criticar a unha persoa ou falar moi mal dela. # Esta locución sufriu un cambio de sentido con respecto ao orixinal: enaltecer e loar as calidades e virtudes dunha persoa; considerar unha persoa boa, exitosa ou importante. // Equivale a outras expresións coma «poñer a caer dun burro», «poñer a pan pedir» e «mazar a un coma un polbo». *Dixo iso e máis... Púxoa polas nubes!*
41. **Poñer a cabeza coma un bombo.** *l.v.* COLOQ. Causar dor de cabeza (real ou figurado). *Dos berros que daba púxome a cabeza coma un bombo!*
42. **Poñer [a alguén] de volta e media.** *l.v.* COLOQ. Rifar a alguén e/ou pedir que renda contas acerca dun asunto determinado. # Equivale a outras expresións coma «poñer a caer dun burro», «poñer a pan pedir» e «mazar a un coma un polbo». *Cando topei con ela na rúa, púxena de volta e media por todas as falacias que verteu sobre min.*
43. **Romper o día.** *l.v.* Amencer. *Daquela xa iamos cas cabras antes de que rompera o día.*
44. **Sacar a lengua* a pacer.** *l.v.* COLOQ. Falar, conversar, charlar acerca de cousas banais ou pouco transcendentais. - *E vos que fixestes toda a tarde? -Pouca cousa, sacamos a lengua* a pacer, sobre todo.*
45. **Ser bo/a polo/a.** *l.v.* PEX. Ser unha persoa desvergonzada, traste ou que causa problemas. *Es ti boa pola!*
46. **Ter menos fuerza* có peido dun maricón.** *l.v.* PEX. Non ter suficiente forza física para levar a cabo unha tarefa determinada. Faltar os folgos. *Anda, sácate de aí! Xa o fago eu, que ti tes menos fuerza* có peido dun maricón.*
47. **Ter o formiguillo.** *l.v.* COLOQ. Estar sempre movéndose. Amosarse inquedo; buscar sempre algo que facer. *Este home non para quieto. Ten o formiguillo!*
48. **Tomar a parva.** *l.v.* Almorzar pan e augardente. # Nalgunhas reunións familiares e veciñais que implicaban a realización de certas labores coma a matanza do porco, a vendima, a recollida das patacas ou das castañas, os homes reuníanse á mañá cedo —ben na casa do anfitrión, ben na cantina— para almorzar pan e augardente antes de comezar os devanditos labores, o que popularmente se coñecía como «tomar a parva». *Home, Xoán! Xa pensabamos que non chegabas para tomar a parva.*
49. **Vir ó rego.** *l.v.* Entrar unha persoa en razón con respecto dun asunto ou circunstancia. Volver unha persoa ao «camiño correcto». *O pai quere que o fillo veña ó rego, pero non hai maneira. Estache perdidiño.*

[8] Explicación proporcionada polo informante Juan Anta Méndez.

4.2.2. Locucións adverbiais

50. **Á feito.** *l.adv.* De maneira ordenada. Seguindo un determinado orden. *Hai que ir facendo os sucos á feito.*
51. **A montois.** *l.adv.* En abundancia. # Equivale a outras expresións coma «A mancheas», «a moreas». // Cómpre sinalar o sufixo *-ois* -en lugar de *-óns-,* propio da área galega oriental. *Había patacas a montois!*
52. **A rebolos.** *l.adv.* Moverse dando voltas sobre si mesmo. *Caeu a rebolos ladeira abaixo.*
53. **A rumbo.** *l.adv.* Feito ao azar. # Equivale a outras expresións coma «ao chou». *Xoguei á lotaría escollendo os números a rumbo.*
54. **Coma un regulete.** *l.adv.* COLOQ. Moi ben. Ter intactas as capacidades físicas e mentais. *Para a idade que ten, ándache coma un regulete.*
55. **En porranchas.** *l.adv.* COLOQ. Estar unha persoa núa, sen roupa. # Equivale a outras expresións coma «en carnes», «en coiros», «en pelotas». *Neno, bule para a bañeira e deixa de andar en porranchas pola casa adiante!*
56. **Por chisquiño.** *l.adv.* COLOQ. Por pouco. Implica un compoñente de sorte ou carambola. # Equivale a «polos pelos». *Esvarei no chan! Por chisquiño non rompín a cadeira.*
57. **En canelas.** *l.adv.* Cos nocellos ao descuberto, sen calcetíns. *Como andas en canelas co frío que vai?!*
58. **Ir tirando.** *l.adv.* A vida segue a pesar das vicisitudes. # Adoita ofrecerse como resposta cando o emisor lle pregunta ao receptor que tal está ou como lle vai. *Imos tirando, fillo.*
59. **Ó prepito.** *l.adv*. Estar un terreo, camiño ou vía en pendente. Que hai moita costa. *Por alí é mellor non ir coas bicis, que está moi ó prepito.*

4.2.3. Locucións adxectivas

60. **Como burro no patacal.** *l.adx.* HUM. Referido a unha persoa que está gozosa por atoparse nun determinado ambiente ou espazo por reunir persoas, cousas, afeccións etc. do seu agrado e interese. # Adoita empregarse con sorna e retranca. *Nas festas, cando o Paco aposta os cartos nas bólas, estache coma burro no patacal.*
61. **Como o caldo sen unto.** *l.adx*. HUM. Insubstancial. *Unha papuxa sen pelos é como o caldo sen unto.*
62. **Como toro na cebada.** *l. adx.* HUM. Referido a unha persoa que está gozosa por atoparse nun determinado ambiente ou espazo por reunir persoas, cousas, afeccións etc. do seu agrado e interese. # Adoita empregarse con sorna e retranca. *Nas festas, cando o Paco aposta os cartos nas bólas, estache coma toro na cebada.*
63. **Como un bulló/ bullote.** *l.adx.* PEX. Estar groso/a. *Pesará polo menos cen quilos... está como un bulló!*
64. **Como un butifarro.** *l.adx.* PEX. Estar groso. *Vino pola rúa o outro día e non o recoñecín. Agora está como un butifarro!*
65. **Como un cebolo.** *l.adx.* PEX. Estar groso. *Dende que o Martín deixou a dieta, púxose como un cebolo.*
66. **Como un gancio*.** *l.adx.* PEX. Estar moi fraco. # En Robledo de Domiz emprégase o termo «gancio*» en lugar da forma normativa «ganzo». *Arturiño ten que comer algo máis, que está como un gancio.*

67. **Como unha cabra.** *l.adx.* COLOQ. Estar unha persoa tola, mal da cabeza ou que non regula ben. *Non lle fagas caso ao que di, que esa está como unha cabra!*
68. **Máis delgado/a cun fío.** *l.adx.* Ser ou estar moi fraco/ a. *Está máis delgado cun fío. Non lle chegan nin os buracos do cinto!*
69. **Serio/a como un pote.** *l.adx.* COLOQ. Amosarse moi adusto. *Sorrí un pouco para a foto, que estás serio como un pote.*
70. **Limpiño/a como un cristal.** *l.adx.* Moi limpo. Que reloce. *Ten a casiña limpiña como un cristal.*
71. **Limpo/a como un jaspe*.** *l.adx.* Moi limpo. Que reloce. *Deixou a cociña limpa como un jaspe.*
72. **Feito/a un fenómeno/a.** *l.adx.* HUM. Groso/a. *Engordaches, Arturiño! Mira para aí... estás feito un fenómeno!*
73. **Feo coma o demo.** *l.adx.* PEX. Ser moi feo ou laido. *Xesús! O neno da Puri é feo coma o demo.*
74. **Feo coma un trasgo.** *l.adx.* PEX. Ser moi feo ou laido. *Xesús! O neno da Puri é feo coma un trasgo.*
75. **Listo/a coma un pardarego.** *l.adx.* Ser moi listo, perspicaz ou intelixente. # En Robledo de Domiz emprégase o termo «pardarego» para referirse ao «pardal». *Que espabilado me saiu este neno! É listo coma un pardarego!*
76. **Máis folgazán/a cá chaqueta dun guardia*.** *l.adx.* PEX. Persoa ociosa, preguiceira. *Toñiño non dá un pau á auga. É máis folgazán cá chaqueta dun guardia!*
77. **Máis malo/a ca esternina.** *l.adx.* PEX. Ser moi malo. Ter moita malicia. # En Robledo de Domiz emprégase a voz «esternina» por «estricnina», que é un potente pesticida. *Esa muller é máis mala ca esternina!*
78. **Máis *tonto cós pelos do cu, que ven a merda pasar e non se apartan.** *l.adx.* PEX. Ser rematadamente parvo. *Cala, Paco, non tes nin idea; eres máis tonto cós pelos do cu, que ven a merda pasar e non se apartan.*
79. **Podre de cuartos.** *l.adx.* COLOQ. Rico. Adiñeirado. *Tocoulle parte da herdanza dunha tía solteira e rica que tiña, e agora está podre de cuartos.*

4.3. Enunciados fraseolóxicos

4.3.1. Fórmulas

80. **A min cantares…** *fórm*. COLOQ. Fórmula que emprega unha persoa que amosa desdén ante o que ela considera lerias ou andrómenas. *Déixate de historias! A min cantares...*
81. **A quen lle deixaría a caxota?** *fórm*. COLOQ. Antigamente, cando algún vello ou vella morría na aldea, era frecuente escoitar esta pregunta retórica, que invitaba a facer especulacións sobre quen sería a seguinte persoa da aldea en morrer. *Pobre Matilde, enterrárona onte... a quen lle deixaría a caxota?*
82. **Ai, Cristo sacho!** *fórm*. COLOQ. Fórmula que expresa asombro ante unha situación ou un acontecemento extraordinario ou estarrecedor. *Ai, Cristo sacho! Como choveu aquel día...*
83. **Ai, loba cantumenia!** *fórm*. HUM. Expresión dirixida a unha muller en resposta a algunha chanza, chola ou leria que conta. *Ai loba cantumenia! Como discorre esa cabeziña...*

84. **Auga audi nos, cocos ó río!** *fórm*. Pregaria. # A súa orixe remóntase a un suceso que tivo lugar na década dos anos 30 —nun ano que non se puido precisar—, cando Robledo de Domiz estaba atravesando una longa tempada de seca na que non só se estaban secando as fontes, senón que tamén se estaban estragando as colleitas. Tal foi así que os veciños decidiron facer unha procesión na que pasearon a varios santos para facer, así, os seus votos, rezos e demais pregarias: unha delas, a máis popular e que se transmitiu de xeración en xeración, foi esta: «auga, audi nos, cocos ó río!», que apela directamente —nun intento de latín (*audire* > oír)— á auga e, por extensión, á choiva, á cal lle pide e suplica que os cocos que están comendo as súas colleitas marchen canda ela para o río. Cóntase que, aos poucos meses da procesión, comezou a chover dunha maneira desmesurada e estivo así durante un mes. Tal foi a crecida que chegou a auga aos camiños, enchoupando as hortas e anegando algunhas vivendas.
85. **Bruxas pra Sevilla! Bruxas pró inferno!** *fórm*. Esconxuros que se facían na noite de San Xoán ao saltar as cacharelas.
86. **Hostia que dou, familia de luto*.** *fórm*. COLOQ. Expresión ameazante. *Mellor será que lisques. Hostia que dou, familia de luto.*
87. **Kikiriki tráemelo* aiquí!** *fórm*. Formaba parte de xogos populares infantís.
88. ***[Me] Cago na marela que te/o/os lambeu!** *fórm*. VULG. Expresión que amosa anoxo e se dirixe a unha persoa á que se pretende rifar.
89. ***[Me] Cago na Pirinaica!** *fórm*. VULG. Expresión malsoante. Expresa anoxo ou contrariedade. # Ten unha orixe popular. A «Pirinaica» era unha muller coñecida en toda a aldea que, durante a represión franquista e debido á súa ideoloxía comunista, marchou ao exilio a Francia. Trala ditadura, volveu para morrer no seu Robledo natal. O alcume desta muller provén de «Radio Pirenaica», a emisora clandestina do exilio comunista por excelencia.
90. ***[Me] Cago na pucha!** *fórm*. VULG. EUF. Expresa anoxo ou contrariedade. # Eufemismo que substitúe á expresión malsoante «*[Me] cago na puta!».
91. ***[Me] Cago no grilo!** *fórm*. VULG. Expresión malsoante. Expresa anoxo ou contrariedade.
92. **Dio-lo queira!** *fórm*. Bendición. Manifestación pola que unha persoa desexa ou invoca para alguén ou para algo a protección divina. *Ai filliña, oxalá aprobes o exame! Dio-lo queira!*
93. **Estáballe de ser.** *fórm*. COLOQ. Fórmula que se emprega ante o coñecemento da morte dunha ou varias persoas, que, xeralmente, non ten que ver con causas naturais, como pode ser, por exemplo, un accidente doméstico ou de tráfico. # A expresión contempla necesariamente o sino coma único motor do acontecido e convida a aceptalo con resignación. *Morreulle a filla naquel accidente. Coitada, estáballe de ser...*
94. **E con eso*…** *fórm*. COLOQ. Frase inacabada que se emprega en suspensión e ao remate dun parlamento que xeralmente fai referencia a acontecementos de prognóstico negativo. Funciona a modo de sentencia porque se sobreentende o seu contido ou sentido. *Non tivo boa nenez, non tivo boa adolescencia e non tivo axuda de ningún tipo; e con eso*...*

95. **Hai que rir ou meter peseta?** *fórm*. IRÓN. Fórmula que se emprega como resposta a un chiste, anécdota ou leria que alguén conta e que non fai gracia, non resulta agradable ou non é adecuado ao contexto. *Vaia chiste máis malo... hai que rir ou meter peseta?*
96. **Hai roupa tendida!** *fórm*. COLOQ. Fórmula que empregaban os adultos cando había cativos diante e que servía de aviso para non falar de certas cousas ou asuntos en presenza dos pequenos. *Non fales demais, que hai roupa tendida!*
97. **Levárate/levárao/leváraos/ leváravos non sei quen!** *fórm*. COLOQ. EUF. Maldición. Expresa anoxo e contrariedade. # Eufemismo que substitúe á expresión"levárate/levárao/ leváraos o demo!". *Se vos levara non sei quen! Como que ao final non vides a cear?!*
98. **Levárate/levárao/leváraos/leváravos o demo!** *fórm*. COLOQ. Maldición. Expresa anoxo e contrariedade. *Se te levara o demo! Pero como me dis esas cousas?!*
99. **Lobos te/o/os coman!** *fórm*. COLOQ. Maldición. Expresa anoxo e contrariedade. *Ai, lobos te coman! Deixaches case toda a comida no prato.*
100. **Marcha deiquí, que te escurrizo!** *fórm*. COLOQ. Ameaza a unha persoa —xeralmente un cativo— ou a un animal doméstico. *Lisca can! Marcha deiquí, que te escurrizo!*
101. **Non se lle ocurre* nin ó que asou a manteca**. *fórm*. HUM. Emprégase para recriminar ou rifar a alguén por algunha acción tola ou sen sentido que cometeu. *Vaia disparate! Iso non se lle ocurre* nin ó que asou a manteca.*
102. **Non se lle ocurre* nin ó que tragou o paraguas***. *fórm*. HUM. Emprégase para recriminar ou rifar a alguén por algunha acción tola ou sen sentido que cometeu. *Vaia burrada que fixo! Iso non se lle ocurre* nin ó que tragou o paraugas.*
103. **O Robledo é capital e o demais son conquistas.** *fórm*. HUM. Os robledanos adoitaban dicilo con sorna e fachenda, xa que vai algunhas décadas, Robledo de Domiz era a aldea máis grande do municipio, tanto en extensión coma en número de habitantes.
104. **Que/Vaia maricón!** *fórm*. HUM. Expresa asombro. Fórmula mediante a cal unha persoa amosa complicidade con outra [un home] por levar algunha falcatruada, pero sen malicia. *Vaia maricón! Só a ti se che ocorren facer esas cousas.*
105. **Recondenado/a!** *fórm*. COLOQ. Maldición. Expresa anoxo e contrariedade. *Mira todo o que fozou o xabaril na viña... Recondenado!*
106. **Se te/o/os/vos partira un raio!** *fórm*. COLOQ. Maldición. Expresa anoxo e contrariedade. *Sempre chegando tarde, se te partira un raio!*
107. **Tu fíjate*!** *fórm*. COLOQ. Expresa asombro ou incredulidade. # Non se pode inverter na forma «fíjate tú». *Ou sexa, que así están as cousas... tu fíjate*!*
108. **Vaia por Dios*!** *fórm*. COLOQ. Lamento que fai unha persoa de que un asunto, circunstancia ou situación non saíse coma esperaba. *Toda a vida traballando por catro perras, vaia por Dios*.*
109. **Viñen igual que fun!** *fórm*. COLOQ. Expresa resignación. # Emprégase cando alguén vai en busca de algo e non o consegue. *Á mañá estiven na feira. Viñen* igual que fun.*

110. **Volta a burra ó trigo!** *fórm*. COLOQ. Fórmula que se dirixe á unha persoa teimuda, que, malia tentar explicarlle con argumentos que está errada nas súas ideas ou no seu obrar, segue obstinada. *E volta a burra ó trigo... Que non é así!*
111. **Xa comimos, xa bebimos... que se levante a mesa e alabado sea* Dios*.** *fórm*. COLOQ. Fórmula que se emprega ao remate dunha reunión de persoas que compartiron mesa ben para comer, ben para cear, e que pon fin a aquela. *Bueno, familia: xa comimos, xa bebimos... que se levante a mesa e alabado sea* Dios*.*

4.3.2. Paremias

4.3.2.1. Refráns

112. **Amigos si, pero a vaquiña polo que vale.** *ref*. A amizade non debe interferir nos negocios. O vendedor sempre debe esperar recibir o prezo xusto dunha cousa, ben ou servizo, a pesar dos lazos de amizade ou parentesco que os unan co comprador.
113. **Caída de dente, morte dun pariente*.** *ref*. Respondía á crenza popular de que soñar coa caída dun ou varios dentes agoiraba a morte dun ser querido.
114. **Cuando a vella queima o tallo, fai un frío do carallo.** *ref*. HUM. Se a vella acende o lume, é que aínda fai frío.
115. **Dios* ocupa todos os sitios.** *ref*. Fai referencia á omnipresenza de Deus.
116. **Mala herba nunca se perde.** *ref*. As malas persoas non adoitan morrer con facilidade, mesmo se aparentan estar nas últimas. # Equivale a «herba mala nunca morre».
117. **Non todo o monte é ourégano*.** *ref*. Moitas veces, as cousas ou as persoas non son o que parecen ou aparentan ser.
118. **O casado, casa quere.** *ref*. Expresa o desexo de toda persoa casada, home ou muller, de ter unha casa propia onde formar unha familia e proxecto en común. É dicir, abandonar a vivenda dos pais do noivo ou da noiva, cos que, xeralmente, se vivía antes do matrimonio.
119. **O caso é ir contando o cuento*.** *ref*. Mellor ser vello/a ou ir envellecendo co paso dos anos, que estar morto/a.
120. **O máis tonto* fai relojes*.** *ref*. IRÓN. De quen menos se espera pode chegar a realizar algunha gran fazaña.
121. **O que quere peixes ten que mollar o cu.** *ref*. Quen algo quere ten que se esforzar por conseguilo.
122. **Pola Santa Catalina, xa cerran as chaves da petadiña.** *ref*. Cando se acercaba a festividade da Santa Catalina (25 de novembro), comezaban as grandes nevadas, polo que os robledanos non podían saír da casa ou desenvolver dos seus quefaceres con normalidade.
123. **Polo San Antón, cualquer* pita pon, e polas Candelas, por ruín que sea*.** *ref*. Cando os días comezan a facerse máis longos coincidindo cos meses finais de inverno e coa chegada do bo tempo dunha incipiente primavera, as galiñas son proclives a poñer máis ovos. # San Antón (ou San Antonio), un dos santos máis venerados en Robledo de Domiz, festéxase o 17 de xaneiro. Pola súa parte, a festividade da Virxe das Candelas, patroa da aldea, ten lugar o 2 de febreiro.
124. **Primeiro a obligación* e despois a diversión.** *ref*. A prioridade é sempre

cumprir cos deberes. Pasalo ben é secundario. # Obsérvese que se produce un cambio con respecto ao refrán orixinal que di: «primeiro a obrigación e despois a devoción».

125. **San Antón, san Antoniño; santo que non bebe viño. Dame forza no carallo coma porco no fuciño.** *ref*. HUM. Chanza popular. # *vid*. nota do refrán 123.

4.3.2.2 Proverbios

126. **A morte non se lle desea* a naide*.** *prov*. Ninguén debería de desexar a morte, considerado o peor de todos os males, a outra persoa, por moito odio ou rancor que se lle poida ter.

127. **O cementerio* está cheo de valientes*.** *prov*. Proverbio que invita á ser precavido en lugar de ousado.

128. **Todo ten solución nesta vida, menos a morte.** *prov*. Proverbio de ton optimista que vén a dicir que calquera problema da vida pode arranxarse, a excepción, claro está, da morte.

129. **Cordeiros morren muitos, pero carneiros non queda un.** *prov*. Reflexiona acerca da morte, que se ben ás veces cobra a vida de xente nova, leva a dos vellos de maneira inexorable, xa que é o curso natural da vida.

4.4. Adiviñas

130. **Alto piquete,**
por dar unha risada,
perdeu o que ganaba.
A resposta é: o ourizo. # O ourizo atópase no alto do castiñeiro ('alto piquete'); logo cae e abre coma se dunha boca se tratase ('por dar unha risada'); e ao abrirse sae a castaña ('perdeu o que ganaba').

4.5 Cantigas

131. **Estas portas son de ferro,/e aiquí vive un caballero*./Estas portas son de estopa,/e eiquí* vive un lapasopas.** Cantada polos nenos e nenas cando ían pedir, porta por porta, o aguinaldo na noite de Reis. Cando os que vivían nunha casa lles daban bo aguinaldo, cantábanlles a primeira estrofa; pola contra, a aqueles que non o facían ou nin sequera lles abrían a porta, cantábanlles a segunda. # Co diñeiro que sacaban do aguinaldo, mercaban doces, café e tabaco e continuaban, deste xeito, a leda reunión os pequenos. Tamén asaban os chourizos que lles daban polas casas. // Existe outra versión ofrecida por outros informantes: *estas portas son de ferro,/e aiquí vive un caballero*;/ estas portas son de pau / e aiquí vive un marrau.*

132. **Hoxe é día cinco/e mañá día seis/e ós señores desta casa/vímoslles cantar os reis.**
Presentación cantada que facían os nenos e nenas cando ían pedir, porta por porta, o aguinaldo na noite de Reis. Despois desta, comezaban a cantar as panxoliñas.

4.6. Expresións monolexicais

133. **Acenar.** *exp. mon. v.* Sinalar [a alguén] —xeralmente co dedo índice—, de maneira altiva, con intención ameazadora e buscando a

provocación # Sufriu unha redución do seu significado, xa que *acenar*, que significa 'facer acenos' («Movemento ou sinal que se fai coa man, coa cabeza, cos ollos ou con outra cousa para expresar algo sen palabras» (*DRAG*)) neste caso queda reducido a un único aceno, antes descrito. *Que dis, pailán? Non me acenes, que non respondo!*

134. **[Algo ou alguén] Embarnado.** *exp. mon. adx.* Persoa ou terreo moi sucio, xeralmente, cuberto de lama. *Non volves ir xogar cara aló, que vés todo embarnado.*
135. **Asadura.** *exp. mon. subst.* Fígado do porco cociñado ao lume, xeralmente na matanza do porco. *Vai preparando a asadura que xa andamos con fame!*
136. **Asorollar.** *exp. mon. v.* Ollar. Mirar e escoitar con atención conversas ou asuntos alleos. *Cala, non digas nada, que xa anda a veciña asorollando!*
137. **Bautizar [algo ou alguén].** *exp. mon.* Ensuciar de manchas algunha peza de vestir, especialmente, ao comer. *Aínda non empezamos a comer e xa bautizaches a camisa!*
138. **Calamoucho/a.** *exp. mon. subst.* Persoa cabezona, que non razoa ou que di e fai tolemias. *Pero mira que es calamoucho!*
139. **Castrón/a.** *exp. mon..* PEX. Persoa moi bruta. *O Lourenzo sempre foi un castrón.*
140. **Cernalleiro.** *exp. mon.* PEX. Mozo, rapaz ou home moi sucio, luxado ou lixoso. *Eres ben cernalleiro, mira como te pos xogando!*
141. **Conmorotada.** *exp. mon. subst.* Merenda que antigamente facían os nenos e nenas un día das vacacións de Semana Santa para conmemorar «A última cea». *Pepiño está castigado e non pode vir á conmorotada.*
142. **Diario.** *exp. mon. adv.* Correspondente a todos os días. # Expresión monolexical que se emprega non coma adxectivo, senón coma adverbio de tempo. // Equivalente a «sempre». *Eses dous andan diario buscando leas.*
143. **Embuligarse [alguén].** *exp. mon. v.* Ensuciarse unha persoa mentras come, ben sexa na cara ou nalgunha peza de vestir. *Come coa boca pechada! Estache caendo a comida e estáste embuligando todo!*
144. **Encunicado/a**. *exp. mon.* Estar unha persoa apertada ou estrullada nun espazo onde a presenza de diversos obstáculos, sexan cousas ou persoas, impiden que poida saír. *Botade para alá, que estou encunicada!*
145. **Escangao/a.** *exp. mon..* Moi fraco/ a. # A miúdo vai acompañado do verbo 'estar'. *O pobre pasa unha fame... está escangao de todo.*
146. **Escopeteado/a.** *exp. mon..* Andar rápido, correr. Ir con présas. # Vai acompañado de verbos de movemento como *saír, ir, marchar, pasar... María ía escopeteada cara á igrexa.*
147. **Ferrecha.** *exp. mon. subst.* VULG. Vulva. *O vento levantoulle a saia e víuselle toda a ferrecha!*
148. **Galán**. *exp. mon.* Pequeno presente, agasallo ou lambonada que se lles da aos nenos pequenos. *Susiño, dalle as gracias ao teu tío polo galán que che deu.*
149. **Langoretas.** *exp. mon..* PEX. Persoa que fala moito e que conta máis do que debe. *Eu se fose ti, non falaría con ela cousas persoais; todo o mundo sabe que a Mucha é unha langoretas.*
150. **Lapasopas.** *exp. mon.* PEX. Persoa aproveitada. *Este sempre che foi un lapasopas: anda de casa en casa para*

que o inviten a un viño ou que lle den chourizo e pan.

151. **Mocalán/a.** *exp. mon. subst.* PEX. Persoa desgraciada, que xera compaixón. # Literalmente, a quen lle caen os mocos. // Emprégase coma insulto. *Cala a boca, mocalán!*
152. **Navalla.** *exp. mon. subst.* COLOQ. Excremento humano que se adoitaba atopar nas calzadas ou nos castiñeiros. *Coidado! Case pisas unha navalla.*
153. **O Rancoño.** *exp. mon. subst.* Figura desdebuxada que habita no imaxinario colectivo coa que xeralmente se pretende asustar aos cativos. # Equivale aos coñecidos «coco» ou o «home do saco». A figura do Rancoño é exclusiva do Robledo de Domiz; descoñécese a súa orixe. *Marcha, marcha ti só! Xa verás, xa... Vai vir o Rancoño e vaite levar.*
154. **O Sacaúntos.** *exp. mon. subst.* Figura desdebuxada que habita no imaxinario colectivo coa que xeralmente se pretende asustar aos cativos. # Equivale aos coñecidos «coco» ou o «home do saco». // A súa orixe procede dun documental baseado en feitos reais, onde amosaban un asasino en serie que abría en canal ás súas vítimas. *Non te afastes moito da casa, que anda o Sacaúntos por aí.*
155. **Papudo.** *exp. mon.* HUM. *subst.* Antigamente, e froito da rivalidade típica entre territorios confinantes, os robledanos chamábanlles «papudos» aos habitantes de Casoio, aldea coa que o Robledo comparte municipio. # Os informantes descoñecen o seu significado. *Qué vai ser do Robledo, ho? Ese é papudo!*
156. **Pigureiro.** *exp. mon. subst.* Embutido feito con tripa de cego do porco que se enche con carne e ósos deste animal (cabeza, costelas…), adobado con picante, pimentón e loureiro, entre outros. *Antes de facer os chourizos imos atar estos pigureiros.*
157. **Pontenova.** *exp. mon. subst.* Nome propio co que antigamente se coñecía a aldea de Sobradelo, onde actualmente reside a casa consistorial do municipio de Carballeda. # Nas mostras recollidas, esta referencia da Pontenova aparece con frecuencia no discurso dos informantes máis vellos. *De noviña, baixaba á Pontenova a feira.*
158. **Queco/a.** *exp. mon.*. Bébedo/a. Baixo os efectos do alcohol. *Avoa, deixe a champaña... Non ve que xa está un pouco queca?*
159. **Ricanchón/a.** *exp. mon.*. Rico. Adiñeirado. *A familia esa tenche moitas canteiras, son unhos ricanchones.*
160. **Richada.** *exp. mon. subst.* COLQ. Matanza do porco. *Esta fin de semana temos que ir botar unha man á richada do Ceferino.*
161. **Rosa.** *exp. mon. subst.* Apelativo afectivo dirixido, xeralmente, aos cativos. *Ven, miña rosa, que che hei dar este galán!*
162. **Sainete.** *exp. mon. subst.* Picante. *Quédalle ben o sainete na carne.*
163. **Sinforiano/a.** *exp. mon. subst.* COLQ. Apelativo dirixido a calquera veciño ou veciña. *Onde vas, Sinforiano?*
164. **Trascado/a.** *exp. mon.* Avergoñado, ruborizado ou estar quedado ante un acontecemento imprevisto. *Púxome a parir diante de todos! Quedei trascada.*

Agradecementos

Non quixera rematar este traballo sen facer mención —e dende aquí amosar o meu agradecemento— ás persoas que o fixeron posíbel. En primeiro lugar, á miña amiga e compañeira de traballo Alba Quintairos Soliño (investigadora e bolseira no proxecto de *Fraseoloxía Galega* no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades), por ser ela quen me introduciu no mundo da fraseoloxía e me deu a coñecer as amplas posibilidades do seu estudo; quen, ademais de aconsellarme rica e variada bibliografía neste campo, resolveu con solvencia as dúbidas que me ían xurdindo tanto no proceso de compilación como de redacción. En segundo lugar, as compañeiras do servizo de TERMIGAL, Inés Veiga Mateos, Sandra Casal Munín e Laura Sánchez Castro, pola boa disposición que amosaron en todo momento na resolución de dúbidas con respecto a léxico e terminoloxía en galego. Por último, e como non podía ser doutro xeito, teño que recoñecer o meu agradecemento aos robledanos que amablemente se ofreceron a participar neste proxecto como informantes —en especial, ao meu pai Juan e á miña avoa Tita—, e que aparecen reflectidos no seguinte apartado:

Colaboradores e informantes

Jose Manuel Anta Méndez
Juan Anta Méndez
Jovita Barba Prieto
Miguel Ángel Fidalgo Couso
Rosa Méndez Barba (Tita)
Tiberio Vidal López

5. Referencias bibliográficas

5.1. Referencias primarias

Feixó Cid, X. (2007). *Dicionario fraseolóxico castelán/ galego e de correspondencias galego/ castelán SÉCULO21.* Editorial Galaxia / Edicións do Cumio.

González González, M. (dir.) (s.d.). *Dicionario da Real Academia Galega.* Real Academia Galega. Consultado o 13 de decembro de 2021 en https://academia.gal/dicionario.

5.2. Referencias secundarias

Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española.* Gredos.

Ferro Ruibal, X. (2016). Prólogo en Losada Aldrey, M. C.; Cid Fernández, A. e Fernández Carballiño, X. (eds.), *Para dar trela. Manual práctico da fraseoloxía galega* (pp. 9–14). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

González García, L. (1995). Prólogo en López Taboada, C. e Soto Arias, M. R. (eds.), *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica* (pp. 7–17). Galinova.

López Taboada, C. e Soto Arias, M. R. (1995). *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica.* Galinova.

Losada Aldrey, M. C.; Cid Fernández, A. e Fernández Carballiño, X. (2016). *Para dar trela. Manual práctico da fraseoloxía galega*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Recensións
Reviews

CHARTERIS-BLACK, Jonathan (2019). *Metaphors of Brexit. No Cherries on the Cake?* Palgrave Macmillan. xvi + 337 páxinas. ISBN 978-3-030-28768-9



O profesor da University of the West of England, Bristol, Jonathan Charteris-Black publicou en 2019 un extenso traballo no que analiza as metáforas utilizadas na campaña pola saída do Reino Unido da Unión Europea, o moi coñecido Brexit, con material recollido durante os anos 2016-2018. A obra, segundo indica o autor no prólogo, analiza e explica por que o discurso dos que pretendían marchar foi máis convincente ca aquel daqueles que pretendían permanecer na UE polo hábil uso dunha combinación de metáforas, alegorías e símbolos que motivaron respostas emocionais e xuízos morais.

Jonathan Charteris-Black preséntanos un traballo baseado nunha aproximación retórica da metáfora, denominada *Critical Metaphor Analysis* ('Análise crítica da metáfora'). que se alicerza na lingüística de corpus, a lingüística crítica e a semántica cognitiva[1], debedora polo tanto dos traballos de Lakoff na década de 1990[2].

A obra está dividida en 10 capítulos que comentamos a seguir:

O capítulo 1 titulado *Cherries on the Cake?* está dedicado a describir os conceptos básicos (*source domains*) sobre os que se constituíron as metáforas que utilizaron tanto os defensores da permanencia do Reino Unido na Unión Europea (*Remainers*) coma os que pretendían, e conseguiron, unha saída (*Leavers):* pastel (*cake),* cereixa, guinda (sobre o pastel) (*cherry*), freo de emerxencia (*emergency brake)* e divorcio (*divorce).* Neste capítulo inicial tamén se presentan as fontes (Twitter, artigos de prensa, discursos políticos) e os datos que serviron para a análise dende 2016 a 2018. Defínense os conceptos do modelo da Análise crítica da metáfora (*Critical Metaphor Analysis*) que van orientar toda a análise e que son os seguintes:

- *Frames* e *Framing* (cadro e encadramento): encadrar algo implica a creación de representacións subxectivas. Cando estas representacións se repiten crean marcos ou cadros, que son esas representacións iniciais institucionalizadas que acaban converténdose en ideoloxías. Estes marcos conceptuais salientan algunhas características da realidade fronte a outras e constitúen perspectivas morais baseadas en metáforas e alegorías que constitúen diferentes *escenarios*.

- *Allegory and Myth* (alegorías e mitos): unha alegoría defínese nesta obra como unha historia curta que ofrece un comentario ético encuberto que orienta as persoas que len

[1] Véxase o seu libro *Corpus Approaches to Critical Metaphor Analysis,* Palgrave, 2004.

[2] Pódese tomar como referencia o seu artigo de 1995 «Metaphor, Morality and Politics» en *Social Reseach,* 62.2 ou seu libro de 1996 *Moral Politics: What Conservatives Know That Liberals Don´t* (University of Chigago Press).

ou escoitan para se comportaren dunha maneira determinada perante unha cuestión de tipo moral. Esta base ética e moral fai a alegoría superior ó mito para describir os marcos que se crearon arredor do Brexit.

- *Scenarios* (escenarios): as alegorías poden crear diferentes escenarios, segundo sexa o razoamento moral que se aplique. O autor exemplifica coa alegoría do Titanic, que pode crear dous escenarios diferentes: nun, Gran Bretaña é o barco que se afunde se sae da UE; noutro, o Titanic é a UE e Gran Bretaña é o bote salvavidas que ofrece mellores oportunidades de supervivencia.

- *Scripts* (guións): defínense como unha secuencia predicible de feitos que crea un modelo esperable, estereotipado, nunha determinada situación moi ben coñecida. Asumir que algo se vai producir dunha determinada maneira condiciona a nosa experiencia. O autor sinala que se creou un «guión» sobre os conceptos de matrimonio e divorcio, aplicados á parella Gran Bretaña-Unión Europea, cando se comezaron as negociacións para o Brexit.

- *Keywords* (palabras chave): son as palabras que teñen unha alta frecuencia nun discurso particular.

- *Embodied Simulation* (simulación corporizada): as alegorías, as metáforas, os marcos e os escenarios adquiren os seus intensos efectos persuasivos a través das simulacións corporizadas, que empregan as experiencias previas que temos sobre o mundo e o corpo para interpretar o coñecemento novo. Charteris-Black baséase na teoría da "simulación corporizada" (*Embodied Simulation*) desenvolvida polo neurofisiólogo italiano Vittorio Gallese, unha teoría que trata aspectos da cognición social e que defende que o coñecemento das accións dos outros, das súas intencións e sentimentos non se fai a través do razoamento conceptual senón por medio da simulación dos feitos observados por medio das neuronas espello.

No capítulo 2 revísase o léxico empregado no Brexit, especialmente os neoloxismos acuñados durante a campaña, e como condicionaron os resultados dela. Explotáronse as posibilidades de innovación morfolóxica da lingua inglesa (composición, derivación e truncamento, especialmente acrónimos) para crear palabras como *Brexit* (que tivo un precedente co *Grexit* referido á hipotética saída do euro de Grecia por motivos ben diferentes), *brexiteer* (que defende o Brexit), *remainiac* (sobre *remain,* permanecer, maníaco da permanencia), *independece day, cliff edge* ('bordo do cantil')*, divorce bill* ('factura do divorcio') ou mesmo outras como *remoaner,* sobre *remoan* (con pronuncia semellante a *remain* e co significado de «continuar alguén a se queixar») que influíron negativamente nos resultados dos que apoiaban a permanencia. Tamén se analiza a pregunta do referendo, na que se tentou evitar unha resposta si/non para conceptos como *leave* ou *remain,* xa que a presenza dun verbo ou doutro podía condicionar a resposta, e que acabou conformándose coa presenza dos dous verbos *leave* e *remain* que había que escoller. Especialmente interesante neste capítulo son as referencias á obra do psicólogo Jonathan[3] sobre os fundamentos morais da política (intuición moral e razoamento moral),

[3] Haidt, J. (2012). *The Righteous Mind: Why Good People are Divided* by *Politics and Religion.* New York: Pantheon Books.

que levan o autor a afirmar que os argumentos morais a prol da saída do Reino Unido foron máis convincentes cós usados por aqueles que desexaban a permanencia. O modelo de Haidt, empregado para a análise política da sociedade estadounidense, establece 6 fundamentos diferentes para os xuízos morais: *Care/Harm* (coidado/dano), o desexo de protexer os outros, especialmente os máis débiles; *Fairness/Cheating* (equidade/engano), baseado no desexo altruístico de facerlles ben ós demais, esperando un trato semellante por parte deles; *Loyaty/Betrayal* (lealdade/traizón), lealdade cara ó grupo co que se identifican os individuos; *Authority/Subversión* (autoridade/subversión), os que seguen a xerarquía son recompensados e os que a desafían, castigados; *Sanctity/Degratation* (santidade/degradación), baseado no rexeitamento da morte ou da descomposición, ou do incesto, considerado unha regra básica da moralidade; *Liberty/Oppression* (liberdade/opresión), que anima a xente a unirse para combater o tirano, sexa unha persoa ou grupo. Charteris-Black identifica estes seis fundamentos con metáforas, alegorías, marcos e escenarios do Brexit (p. 61) e chega á conclusión de que os partidarios da permanencia na UE utilizaron unicamente dúas fundamentacións, a de *Care/Harm* e a de *Fairness/Cheating,* mentres que os partidarios da saída utilizaron as 6 descritas, feito que lles permitiu manexar un conxunto máis rico de metáforas, alegorías e símbolos que «acenderon» as intuicións morais dos seus posibles seguidores e que fixeron máis efectiva a comunicación das súas ideas, algo que os levou ó triunfo.

No capítulo 3 analízanse dous marcos importantes: o de «patriotismo e nación», lealdade e traizón no modelo de Haidt, e o de «desconfianza e traizón». O primeiro serve para salientar a pertenza a unha nación e o amor por ela e o segundo define un marco de traizón, exercida polo grupo, a esa nación ó que hai que se opoñer como grupo. Créase un antagonismo claro entre «nós», partidarios do Brexit, e «eles/elas», partidarios da permanencia, unha división que se corresponde con dúas das fundamentacións morais de Haidt: *Loyalty/Bretayal* e *Sanctity/Degradation*. Exemplifícase cos discursos políticos de Jacob Rees-Mogg, deputado do Partido Conservador, moi activo na defensa da saída da UE, que utiliza estes marcos xunto co de *Authority/Subversión* e unha mestura dun estilo profético e apocalíptico.

No capítulo 4 explórase o marco denominado «guerra e invasión" que desenvolveu dous escenarios, o da «nación soberana», baseado na idea de que a democracia e autoridade británicas deben ser preservadas da ameaza da burocracia comunitaria, e o de «nación invadida», apoiada na intuición moral de que a «nación» británica estaba sendo ameazada por influencias culturais externas de grupos minoritarios, pola propia Comisión Europea ou por grupos terroristas. Estes marcos relaciónanse coas fundamentos morais de *care, loyalty, authority* e *sanctity* (especialmente o primeiro escenario) e cos de *harm, betrayal, subversión* e *degradation.*

No capítulo 5 o autor dedícase a explorar algunhas metáforas, no marco teórico da súa Análise crítica da metáfora, como (1) «as fronteiras son colectores», coa que se salienta que os que apoian (o Brexit) están «dentro do colector» e que os opoñentes están «fóra do colector» (metáforas baseadas na fundamentación moral de *Loyalty/Betrayal*); (2) «os colectores son espazos delimitados» (*Liberty/Oppression*); e (3) «a política é un xogo».

As metáforas dos colectores poden ser construídas tanto dunha maneira positiva —un espazo cerrado (a nación británica) é seguro— coma negativa —os espazos cerrados (a UE) restrinxen a liberdade—. A metáfora da «política é un xogo» está baseada tamén na fundamentación moral de *Fairness/Cheating* e pode ser construída, coma as anteriores, dunha maneira positiva (abrangue conceptos como os de competición, destreza, estratexia) ou negativa, xa que o «xogo» se opón á idea xeral de como unha sociedade debe ser gobernada.

O capítulo 6 está dedicado a analizar as metáforas empregadas por Boris Johnson, que demostrou un excelente dominio dos marcos creados para o Brexit e especialmente unha especial habelencia para manexar metáforas relacionadas coa cognición corporizada, a través do marco da «nación é un corpo» que sente dor e sofre. Esta corporización posiblemente estea baseada na súa propia biografía (Johnson tivo unha educación moi estrita). Tamén se salienta o uso da metáfora «os colectores son espazos cerrados» e do humor nun discurso que está conectado con todas as fundamentacións morais de Haidt.

No capítulo 7 explórase o marco da «nación como familia», que pode levar a unha interpretación nacionalista e o da «nación como unha persoa», que describe unha postura máis internacionalista, xa que as persoas se relacionan entre si, marcos que serviron para categorizar outros países como «familiares», «amigos», «veciño», «matóns de colexio» ou «membros do club». Ambos marcos están relacionados coas fundamentacións de *Care/Harm,* ou *Loyal/Betrayal* pero o de «nación como familia» pode relacionarse tamén co de *Authority/Subversion.*

O capítulo 8 describe o marco do «matrimonio e o divorcio», especialmente na súa formulación temperá como «matrimonio de conveniencia» que contribuíu decisivamente ó divorcio final. Coméntase tamén que os partidarios da permanencia na UE asumiron o marco que considera as relacións internacionais como persoais ó falaren da «factura do divorcio».

No capítulo 9 discútese como as metáforas sobre animais son adecuadas para razoamentos morais sobre temas políticos. Nun marco «humano como animal» atribúenselles ós humanos características propias dos animais, sempre con tendencia á hipérbole. No marco «animais coma humanos» os humanos atribúenlles ás súas mascotas as súas propias visións sobre o Brexit. Neste marco utilízanse ferramentas audiovisuais para difundir mensaxes que supostamente enuncian as mascotas, mensaxes cheas dunha carga emocional moi grande, algo que serve tamén de protección para as críticas, xa que é pouco aquelado criticar o que di un can ou un gato, por exemplo. As metáforas sobre animais levan ás intuicións morais que non precisan reflexión: algo está ben porque parece que está ben e unha mascota transmite esa sensación de rectitude. Tamén se utilizan as metáforas de animais porque activan moi doadamente o coñecemento previo adquirido a través dos contos populares, os mitos e as alegorías. A visión sobre os animais está inserida nun modelo cultural denominado «a gran cadea do ser» que, de maneira xerárquica, estrutura a relación entre seres divinos, humanos, animais, vexetais e a materia inorgánica. As metáforas xorden pola atribución de características dun nivel superior ou inferior nesa xerarquía. Ademais, os valores positivos nestas metáforas están

atribuídos a animais que viven en lugares afastados (león, elefante, tigre) e os negativos ós que viven acaroados (porco, rata, lobo). Así os *leavers* definen Gran Bretaña coma un león que roxe ou que se mantén erguido (durante 1000 anos sen o apoio de Bruxelas) e a Cameron, que apoiou a permanencia, coma unha «rata sucia e mentirosa» (p. 278). Os *remainers* cualifican os seus opoñentes como «ovellas» submisas que seguen o seu líder sen reflexión. Os partidarios da saída utilizan máis as metáforas sobre animais (gato gordo, can, mono, porco, ovella, dragón, cabra, parasito, serpe) para referírense ós seus opoñentes. Moitas das referencias políticas a animais están baseadas en alegorías. Unha alegoría proporciona un relato cunha base moral, no que primeiramente se transfiren calidades humanas ós animais e logo revértense de novo ós humanos coma se fosen dos propios animais. Así nacen fraseoloxismos alegóricos como *cabalo de Troia, lobo coa pel de cordeiro, smell a rat* ('cheirar a peixe'), *snake oil salesman* («vendedor de aceite de cobra», aquel que engana outra persoa para conseguir diñeiro), *lágrimas de crocodilo, ratas que abandonan o barco, cobra na herba* etc.). Todos estes fraseoloxismos fan uso da fundamentación moral do «engano e da deslealdade», algúns cunha implicación cultural moi forte coma a *serpe* (representación do Demo) ou as ratas, transmisoras de enfermidades que, ademais, estragan os alimentos.

O capítulo 10 está baseado na discusión sobre diversas metáforas empregadas na campaña do Brexit e téntase escoller a máis importante. Para os partidarios da saída a metáfora «os colectores son espazos pechados», con dous escenarios tanto o da seguridade coma o da opresión (especialmente este segundo), converteuse en dominante, asociada á idea da liberdade que saír da UE lle daría á Gran Bretaña. Para os partidarios da permanencia, a idea xeral de «incompetencia» sempre quedou salientada. Esta metáfora, despois da vitoria do abandono, cando Gran Bretaña estaba mergullada nunhas duras negociacións para materializar a saída, evolucionou cara á idea dun «pecado orixinal» cheo de estupidez, que lle está a causar un dano enorme ó país, un dano autoinfrinxido. Con certo humor negro, relaciónase isto coa educación dos líderes pro-Brexit, educados nun sistema educativo elitista que permitía os castigos físicos. Nesta mesma época pos-referendo, despois da euforia inicial dos gañadores, as metáforas sobre «estar atrapados» volveron xurdir. Para rematar, Charteris-Black reflexiona sobre a condición humana, complexa, chea de matices, baseada moitas veces na querenza polo coñecido, no medo polo descoñecido e quizais na nostalxia. Esta condición humana está na base de todas as metáforas que foron xurdindo ó longo deste doloroso proceso de separación política.

Remata a obra cun interesante e moi práctico «Metaphor Brexicon», un glosario onde aparecen as metáforas asociadas ó Brexit, coa indicación, nos casos de forte ideoloxización, de que a expresión está asociada ós partidarios da permanencia ou da saída ou se ten un carácter neutral.

Estamos perante, sen dúbida, dun dos libros que con máis detemento analiza o papel da lingua, concretamente das metáforas empregadas nos diversos discursos, no longo proceso de abandono da Unión Europea por parte da Gran Bretaña. Proporciona un marco teórico e unha detallada análise das metáforas, baseada nun corpus moi amplo, e demostra que foron utilizadas como armas contra o contrario, especialmente polos defensores da

saída da Unión. É unha obra interesante, xa que demostra unha vez máis o poder da lingua cando é utilizada con habelencia, e será ben aproveitada por lingüistas en xeral, analistas do discurso e, por suposto, estudosos da metáfora. O tema das metáforas do Brexit produciu unha serie de traballos salientables en forma de libros, artigos académicos ou na prensa[4] pero hai que recoñecer que este de Charteris-Black quizais sexa o máis extenso e completo polo que recibiu atención dos especialistas en varias recensións.

Xosé María Gómez Clemente
Universidade de Vigo
https://orcid.org/0000-0003-3757-5708

[4] Destacamos entre outros os de Pauline Rodet «Metaphor as the Distorting Mirror of Brexit: A Corpus Based Analysis of Metaphors and Manipulation in the Brexit Debate» en *Studies in Linguistics and Discourse Analysis* (2020, vol.5 *Metaphor we manipulate with*); o de Iván Morales, «Conceptual Metaphors and Brexit» en *Revista de lenguas para fines específicos,* Vol. 25, 1. 2019 ou o de Alberto Godioli e Ana Pedrazzini, «Falling stars and sinking ships: Framing and metaphor in cartoons about Brexit» en *Journal of European Studies,* 2019 (Vol. 49, 3-4).

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto e ALESSANDRO, Arianna (eds.) (2019). *Innovación en fraseodidáctica. Tendencias, enfoques y perspectivas*. Berlín: Peter Lang GmbH, ISBN: 978-3-631-77800-5, 272 páxs.

O libro obxecto de recensión, coordinado por Carlos Alberto Crida Álvarez (National and Kapodistrian University of Athens, Grecia) e Arianna Alessandro (Universidad de Murcia, España), leva por título *Innovación en fraseodidáctica. Tendencias, enfoques y perspectivas.* Nel recompílase unha selección de artigos que presentan os avances en fraseodidáctica de doce expertos na materia unidos a partir da colaboración do grupo de innovación docente «Fraseología, Fraseodidáctica y Traducción Fraseológica» da Universidad de Murcia.

O primeiro dos doce traballos é «La competencia fraseológica como objeto problemático de la fraseodidáctica» do profesor da Universidad de Alcalá Manuel Martí Sánchez. O autor insiste na necesidade de clarificar o concepto de competencia fraseolóxica. A dificultade de aplicación deste concepto aparece, segundo o autor, por dous motivos: a inseguridade dos falantes no coñecemento das unidades fraseolóxicas (en diante, UFs) e polo escaso afondamento teórico causado pola mesma inseguridade dos falantes. A existencia de multitude de variantes dunha mesma UF ou a presenza de fórmulas finais «aprendino así», «na miña zona emprégase así»... leva a falar da aporía da Didáctica da fraseoloxía. Ademais dos motivos anteriores, o autor explicita que non se pode usar o termo 'competencia fraseolóxica' como termo científico cando a imprecisión é a característica do termo matriz «competencia», xa que, como podemos ler no artigo, «en ella caben conocimientos (declarativos, procedimentales y actitudinales), destrezas (o/y habilidades) y competencias» (Guzmán Marín, 2017, pp. 112–113). Tras unha breve, pero intensa revisión da orixe dos termos de 'competencia' e 'competencia fraseolóxica' e a súa aplicación á fraseodidáctica, o autor propón substituír esta última polo termo 'coñecemento fraseolóxico' concibido como un «saber como» asociado ao inglés *know how* ou ao francés *savoir faire*, xa que o saber fraseolóxico «se manifiesta primeramente en el hacer, en el hablar (…)» (Coseriu, 1992 [1988], pp. 234–235).

O traballo seguinte, «Proceso de elaboración de un método en fraseodidáctica del FLE: de la concepción a la experimentación» da profesora Mª Isabel González Rey, da Universidade de Santiago de Compostela, aborda o proceso de elaboración do método PHRASÉOTEXT- Le Français idiomatique, un método fraseodidáctico de francés como lingua estranxeira. Este método créase nun ámbito universitario baseado na investigación e na experimentación sen perseguir un fin lucrativo. Parte do proxecto de investigación «Adquisición de la competencia idiomática y discursiva del francés lengua extranjera en contexto español: elaboración de un corpus textual bilingüe con fines didácticos (FFI2010-15092)» subvencionado polo Ministerio de Economía e Competitividade, impulsado polos membros do equipo de investigación FRASEONET da Universidade de Santiago de Compostela e a colaboración

de cinco universidades máis: Eötös Loránd University (ELTE), de Budapest; Université Catholique de Louvain (UCL); Universidad Complutense de Madrid (UCM); Universidad de Alicante (UA); Universidad de Murcia (UM). O método está formado por tres grandes bloques: un corpus textual literario en formato escrito e oral con audios dos textos lidos por nativos ou persoas bilingües, un dicionario xeral monolingüe que recolle 400 UF francesas extraídas do corpus literario, 6 dicionarios individuais que recollen as UF dos textos asociados ás unidades didácticas e 6 unidades didácticas ordenadas polos niveis do MECR dende o nivel A1 ata o C2 baseadas no marco teórico da Gramática de Construcións, que serve de base para a organización das UF. O modelo pedagóxico empregado ten en conta principios teóricos de diversa natureza (lingüísticos, sociolingüísticos, socioculturais, cognitivos e psicolingüísticos) combinados entre eles e tendo en consideración os criterios propios de adquisición de linguas estranxeiras baseados nas propiedades das expresión fixas e no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Antes de ser editado o método foi levado á práctica en dúas institucións: o Institut Français de Madrid (IFM) e o Cavilam de Vichy. Os obxectivos que se buscaban nesta fase de experimentación eran os seguintes: avaliar o grado de aceptación do método, comprobar a adecuación dos niveis dados aos textos e as UF, medir o grado de dificultade dos exercicios da unidade didáctica levada á práctica e, por último, analizar o valor dos materiais de apoio incorporados no método. Os grupos cos que se empregou o material eran dispares entre si. O do IFM estaba formado por profesores do propio centro, de escolas de idiomas e centros de secundaria da capital, todos hispanofalantes, mentres que o segundo grupo eran estudantes alófonos de FLE de procedencias distintas. Tras a explicación do proceso de posta en práctica do método (horas empregadas, características e necesidades dos grupos, metodoloxía, avaliación) a autora do traballo presenta as conclusións de forma clara e concisa. A disparidade de alumnado enriqueceu as conclusións, xa que permite avaliar o método dende a perspectiva do docente e do discente. Para rematar o traballo, realízase unha análise do impacto da experimentación sobre os materiais presentados, a súa difusión científica, a publicidade realizada dende as universidades e a súa aplicación docente. A fraseoloxía das linguas segue a ser unha materia pouco coñecida polo profesorado e, polo tanto, polo alumnado. Só a formación específica neste campo pode favorecer un proceso de ensinanza-aprendizaxe das linguas de forma integral.

María Ángeles Solano Rodríguez (Universidade de Murcia) reflexiona no artigo «Aprender la fraseología de una lengua extranjera: una encrucijada entre emoción y metacognición» sobre os procesos cognitivos que están na base da aprendizaxe e achega unha serie de pautas aos docentes para poder abordar o traballo coa fraseoloxía dunha lingua. Insta a poñelos en marcha no ámbito da fraseodidáctica para obter datos empíricos que permitan estudar as distintas variábeis que se presentan no artigo.

As UFs presentan unha dificultade de orde cognitivo ante as que hai que desenvolver estratexias de aprendizaxe. Empregando palabras de de Mel'čuk (1993) «un nativo habla en frasemas», polo que a presenza no ensino-aprendizaxe das UF é incuestionable. Estas unidades son creacións diatópicas con variantes diastráticas e diafásicas que codifican e verbalizan o pensamento do ser humano e, polo tanto, tamén as súas relacións sociais.

Atenden ao ámbito lingüístico, ao social e ao cultural, pero tamén ao afectivo. A autora fai unha revisión de conceptos chave no proceso relacionándoos coas catro fases da aprendizaxe das UF nunha LE: concienciación, atención, adaptación e apropiación. Son termos referentes ás distintas fases do coñecemento como a percepción e a atención, a emoción, o pracer e a motivación, a memoria e a conciencia. Así, explica que o discente debe comezar por percibir o compoñente fraseolóxico, a través da percepción e a atención, activar os procesos cognitivos básicos mediante estímulos coñecidos para logo pór en marcha os procesos cognitivos superiores. É un procedemento metalingüístico que conecta coa memoria inconsciente para transformala en consciente. O obxectivo é chegar á fase de apropiación, momento no que o discente integre a UF, se conecte cos seus coñecementos previos e os active cando sexa necesario accionando a memoria inconsciente. En suma, que o alumno teña certo grado de competencia no uso das UF adecuadas ao seu nivel. O papel do docente neste proceso é importante, xa que ha de acadar un clima de seguridade e motivación propicio para a reflexión, para poder cometer erros en contextos prácticos e verosímiles. Para concluír, e tendo en conta as fases da aprendizaxe expostas, a autora propón unha serie de estratexias sistemáticas destinadas a facilitar a aprendizaxe das linguas estranxeiras co seu compoñente fraseolóxico.

O cuarto dos artigos deste volume foi realizado por Pedro Mogorrón Huerta (Universidad de Alicante) e leva por título «Análisis de las unidades fraseológicas que aparecen en los manuales de E.L.E.». O autor divide o traballo en dúas grandes partes: na primeira delas reflexiona sobre a presenza das UFs en manuais de ELE españois, arxentinos e mexicanos empregando os estudos realizados por varios alumnos do mestrado e varios doutorandos do Doctorado interuniversitario en Traductología, Traducción profesional y audiovisual impartido conxuntamente pola Universidad de Valladolid e a Universidad de Alicante. A segunda parte do artigo presenta unha selección das 50 CVF (construcións verbais fixas) das 1500 CVF máis frecuentes en dúas bases de datos creadas para o estudo.

Para realizar a análise dos manuais españois de ELE empréganse o traballo de Khaoula Balafrej, realizado en 2010 no seu TFM *Acerca del tratamiento de las expresiones fijas en los manuales de E.L.E.*, e o de Elena Picazo Millán, na súa tese doutoral (en curso) *Los manuales de español lengua extranjera y su contenido en Unidades Fraseológicas. Estudio contrastivo (Español -Francés) y didáctico.* Para realizar o estudo dos manuais arxentinos e mexicanos emprégase o traballo de investigación doutoral de Romina Rivarola da Universidad de Entre Ríos (Argentina), *La enseñanza de las unidades fraseológicas en la clase de ELE para alumnos de habla inglesa, la inclusión de variedades diatópicas en los manuales de ELE y el uso de la traducción como estrategia de enseñanza*. Os tres estudos analizan 27 manuais dos distintos niveis e de editoriais variadas consagradas na ensinanza de E.L.E. A análise dos resultados da presenza de UF permiten concluír que os autores que elaboran os manuais non coinciden á hora de seleccionar as unidades mínimas que deberían coñecer os seus discentes e permite que o autor se cuestione sobre cantas UF deben aparecer nos manuais, que tipo de unidades deberían integrar ese corpus, ou se as unidades que se incluísen deberían ser as mesmas en todos os países hispanoamericanos.

A segunda parte do artigo intenta responder a esas reflexións co emprego dunha bases de datos creada polo grupo FRASYSTRAM (conta cunhas 40 560 entradas, das que 14 060 pertencen ás variantes diatópicas do español falado en Hispanoamérica) e cun proxecto de investigación para implementar esa base de datos (FFI2011-24310 Estudio lingüístico, diatópico y traductológico de las construcciones verbales fijas más usuales en español), co que se crearon corpus literarios e periodísticos. O artigo recolle unha mostra de 50 construcións verbais fixas (CVF) das 1500 que resultaron do cruce de datos dos corpus e a base de datos, aínda que sería unha primeira fase do estudo que está a ser ampliado para obter criterios que permitan traballar cunha base común de unidades. É importante que cada país inclúa nos seus manuais un apartado de UF propias da súa idiosincrasia para que quen estude a variante do español falado nese lugar poida integrarse polo uso da lingua.

«La construcción como modelo jerárquico en el aprendizaje de unidades fraseológicas» é o título do artigo de Carola Strohschen, da Universidad de Murcia, que reflexiona sobre a escasa presenza da fraseodidáctica nos manuais de alemán como lingua estranxeira. Tras unha reflexión sobre os enfoques lingüísticos máis influentes na didáctica das linguas, o enfoque cognitivo e o construtivista, aborda a elaboración dunha tipoloxía de exercicios específicos co obxectivo de integrar a fraseoloxía na ensinanza de forma guiada e sistemática. Para realizar a proposta apoiase na división construtivista das estratexias tendo en conta catro principalmente: o procesamento inferencial, a memorización, a interacción e a aprendizaxe autónoma. A elaboración da tipoloxía baséase nun compendio de actividades extraídas da análise de catro manuais específicos de ensinanza de fraseoloxía alemá: *Mit anderen Worten. Deutsche Idiomatik. Redensarten und Redeweisende* (Griesbach y Uhlich, 1993), *Idiomatische Redewendungen von A-Z: Ein Übungsbuch für Anfänger und Fortgeschrittene* (Herzog, 1995), *Deutsche Redewendungen. Ein Wörterund Übungsbuch für Fortgeschrittene* (Hessky y Ettinger, 1997) e *Das A und O, Deutsche Redewendungen* (Ullmann y Ampié Loría, 2009). Os catro grupos de exercicios elaborados teñen en conta as etapas do procesamento da lingua e as estratexias construtivas que se observan na aprendizaxe dun idioma. Crean un modelo xerárquico, pero flexible partindo da introdución do elemento novidoso ata a súa fixación no lexicón mental despois dunha serie de exercicios de comprobación do novo saber. A autora presenta as actividades en catro táboas anexadas ao artigo divididas en catro columnas: proceso, plano, actividade específica, exemplo concreto e o nivel no que se debe introducir. A primeira das táboas recolle exercicios de procesamento, a segunda de memorización, a terceira, actividades de interacción expresión libre e uso e a cuarta, e última, propón actividades que fomentan a autonomía da aprendizaxe. Obsérvase que a tipoloxía pretende ofrecer ao docente a andamiaxe necesaria para introducir de forma adecuada as expresións e ao estudante as ferramentas para deconstruír e reconstruír o seu novo saber.

Florentina Mena Martínez, da Universidad de Murcia, é a autora do seguinte traballo: «La enseñanza de las unidades fraseológicas desautomatizadas en LE». Céntrase nas cuestións que o docente debe ter en conta no seu enfoque metodolóxico para abordar as modificacións fraseolóxicas, os usos creativos e espontáneos da fraseoloxía. Antes de abordar a reflexión de carácter fraseodidáctico a autora delimita o concepto de

modificación fraseolóxica e a súa tipoloxía para centrarse na descrición lingüística da desautomatización. O último apartado do artigo reflexiona sobre a metodoloxía na ensinanza das unidades fraseolóxicas desautomatizadas e fai fincapé na necesidade da súa inclusión no proceso de ensinanza aprendizaxe tendo en conta a súa ubicuidade en ámbitos tan diversos como a literatura, o periodismo, a publicidade, a política ou as redes sociais. Son varias as dificultades que se atopan nesta inclusión: a súa escasa recompilación en obras lexicográficas polo seu carácter creativo e espontáneo, a gran variedade de modificacións as que pode levar a desautomatización.

Os retos aos que se enfronta a didáctica da desautomatización son tres, segundo explica a autora: a necesidade de precisión terminolóxica, o desenvolvemento de ferramentas que sirvan de banco de recursos para a compilación destas unidades e a falta de formación específica dos docentes. A autora concorda con autores como González Rey (2006), Granger e Meunier (2009) na necesidade de cambiar o enfoque metodolóxico na ensinanza de linguas. O estudo e inclusión das desautomatizacións ofrece a oportunidade de afondar no coñecemento sintáctico, semántico, pragmático e sociocultural dunha lingua dende unha perspectiva aberta e flexible, xa que, ademais de identificar a construción base, é necesario establecer os vínculos lingüísticos e contextuais que permiten o cambio. Tendo en conta as dificultades e os retos aos que se ten que enfrontar a didáctica destas unidades, a autora propón unha serie de recomendacións metodolóxicas respostando a que unidades desautomatizadas incluír, cando e como incluílas. O docente deberá introducir unidades coñecidas polo discente que conteñan modificacións pragmáticas ou de substitución dun elemento empregando un enfoque discursivo que, nun nivel avanzado, aproveite os logros dun enfoque cognitivo que permitirán a reflexión metalingüística.

O séptimo dos artigos recollidos no volume leva por título «Las paremias y la enseñanza/aprendizaje del léxico» de Julia Sevilla Muñoz, da Universidad Complutense de Madrid. O traballo divídese en seis apartados, máis as conclusións. Nos cinco primeiros, a autora realiza unha serie de consideracións teórico-prácticas sobre o deseño de actividades para traballar as paremias de uso popular, refráns e frases proverbiais con estudantes nativos e estranxeiros no ámbito universitario. Estas consideracións reflexionan sobre a incidencia das paremias de uso popular nas competencias establecidas polo MCER: a competencia léxica, entendida como «el conocimiento del vocabulario de una lengua y la capacidad para utilizarlo», e a competencia sociolingüística, que «comprende el conocimiento y las destrezas necesarias para abordar la dimensión social del uso de la lengua», a cal inclúe as expresións de sabedoría popular, ademais de normas de cortesía, marcadores lingüísticos de relacións sociais, as diferenzas de rexistro e a diferenza entre dialecto e acento. Aborda o concepto de paremia e a súa tipoloxía para encadrar as paremias de uso popular e explica cales deberían ensinarse seguindo criterios pragmáticos para conformar un mínimo paremiolóxico. O nivel no que o MCER aconsella introducir estas formas é o nivel superior: no C1 ou no C2. O sexto apartado dedícase completamente a explicación do deseño das unidades didácticas aclarando cada un dos seus elementos constituíntes: lingua, destinatarios, nivel de ensinanza, materias universitarias nas que se empregan, contidos, competencias, obxectivos, medios e recursos empregados, tipo de agrupamento do alumnado, duración da actividade, avaliación e autoavaliación e, por

último, comentarios e suxestións de mellora. A finalidade das actividades presentadas é dobre: por un lado, explicar os trazos duns elementos lingüísticos peculiares pola súa carga sapiencial, a súa riqueza cultural e léxica, ao mesmo tempo que proporcionar ferramentas para identificalos no discurso e comprendelos máis alá do sentido literal, asociados aos costumes dunha colectividade.

Aroa García Alañón, da Universidad Complutense de Madrid, presenta unha nova proposta didáctica para o estudo do léxico, desta volta en inglés e para alumnado de 4.º da ESO, no artigo titulado «Retención eficiente del léxico idiomático en L2 a través de la descomposición de las expresiones idiomáticas». Despois da análise de varias teorías aplicadas á didáctica dos modismos —Boers, Piquer Píriz, Stengers & Eyckmans (2009), e Vasiljevic, (2015), que defenden a inclusión de notas etimolóxicas e ilustracións para estimular o procesamento visual, e Boers, Eyckmans & Lindstromberg (2014), e Eyckmans & Lindstromberg (2016), que propoñen empregar efectos mnemotécnicos para a retención das expresións fixas—, a autora propón outra posibilidade que facilitaría a comprensión e retención tanto do significado como do significante de expresións idiomáticas non coñecidas previamente. A base teórica é o modelo de representación dual das expresións idiomáticas (Abel, 2003) e o rol do coñecemento léxico previo sobre a aprendizaxe destas. Esta proposta consiste en ensinar as palabras integrantes da expresión, a súa combinatoria e os cambios que se producen ao combinarse con outras palabras. A autora propón oito expresións idiomáticas a alumnado cun nivel B1 segundo o MCER; explica catro delas seguindo a técnica de soporte visual e as outras catro, seguindo a técnica de ensinanza do léxico. Dúas semanas despois realiza un test de retención (anexado no traballo) do que a autora puido extraer conclusións satisfactorias para a ensinanza das expresións fixas. En primeiro lugar, a técnica visual favorece unha boa retención do léxico, pero non asegura termos de corrección na escrita, aspecto que si mellora a explicación do léxico, que posibilita ademais un procesamento maior de información. A autora destaca que é posible abordar o estudo das expresións idiomáticas en niveles inferiores ao C, nivel de recomendación do MCER.

O seguinte traballo, «Fraseodidáctica especializada: la enseñanza del francés jurídico a través de las unidades fraseológicas» de Elena Macías Otón, da Universidad de Murcia, relaciona os sistemas xurídico e lingüístico en francés mediante a didáctica da súa fraseoloxía específica. Aborda a análise fraseodidáctica dunha sentencia dunha das modalidades de tribunal francés, un *Cour de cassation,* como proposta didáctica dirixida a alumnado universitario que non posúe coñecementos fraseolóxicos na lingua francesa. Os discentes da materia pertencen a estudos distintos: Estudos Franceses e Grao en Dereito. Antes de explicar a proposta, a autora fai unha sucinta caracterización das unidades fraseolóxicas xurídicas dende a semántica, a sintaxe e a pragmática para poder abordar o funcionamento, significado e combinatoria dos fraseoloxismos xurídicos tendo en conta non só o ámbito lingüístico, senón tamén o extralingüístico. O segundo apartado céntrase nos elementos propios da competencia fraseolóxica, condicionada non só polo dominio das outras competencias, senón tamén pola cantidade de información compartida entre receptor e emisor dun texto especializado. A proposta específica consiste nun comentario dirixido con explicacións do contido especializado das unidades fraseolóxicas. Son moitos

os contidos que se poderían traballar tendo en conta as características propias do grupo ao que se dirixe. Son tres os bloques de contidos que cita a autora no artigo. O primeiro deles permite facer referencia aos diferentes tribunais existentes en Francia, as ramas do dereito implicadas nesta situación xurídica e os textos lexislativos empregados. O segundo plantexa unha breve introdución ao proceso xudicial civil francés e aos principios que o orientan e, por último, o fallo da sentenza ofrécenos a posibilidade de comentar os tipos de sentenza que pode ditar un *Cour de cassation*. Son moitas as posibilidades que oferta o estudo dos fraseoloxismos xurídicos e a súa didáctica tanto en francés coma en outros idiomas.

Thi Kim Dung Nguyen, da Universidad de Hanoi (Vietnam), firma o traballo titulado «Traducción pedagógica: una metodología apta para la didáctica de las unidades fraseológicas», no que presenta a tradución pedagóxica como unha ferramenta para a ensinanza das linguas estranxeiras en xeral e das unidades fraseolóxicas en particular. Despois facer unha revisión sobre os fundamentos da tradución pedagóxica, baseada na tradución fraseolóxica, a autora esboza unha proposta metodolóxica baseada na tradución pedagóxica como un complemento para o tratamento das unidades fraseolóxicas na aula de ELE. Tal como afirman autores como Valero Garcés apud García Medall (2001, p. 2) e Stoddart (2000), a tradución é unha actividade comunicativa aplicable a moi variadas situacións de aprendizaxe e estimula ao estudante a aprender de maneira consciente. Esta metodoloxía é aplicable a todos os niveis de ensinanza tendo en conta as características dos discentes. Nos primeiros niveis a tradución (directa) consolida a base léxica e gramatical e facilita a comprensión e memorización, mentres que, nun nivel medio, axuda a ampliar vocabulario e a reflexionar sobre determinados erros lingüísticos. É no nivel avanzado onde a tradución pedagóxica require un maior coñecemento tanto da lingua de orixe como da de chegada. A autora propón o emprego do enfoque comunicativo, a variedade de recursos didácticos e a alternancia entre a tradución directa e inversa. Faise necesario considerar a tradución coma un medio, non un fin en si mesmo, ademais de establecer un mínimo fraseolóxico para que os estudantes poidan definir os obxectivos da aprendizaxe.

«La fraseodidáctica en el ámbito universitario a través de textos fílmicos» é un traballo de Pablo Zamora Muñoz, da Universidad de Murcia, relacionado tamén coa dobraxe, a tradución e a súa didáctica. Presenta unha proposta levada á práctica con once estudantes universitarios españois do Grado en Traducción e Intrerpretación da Universidad de Murcia na materia *Traducción General C-A I (italiano-español)* con un nivel C1 de italiano na que debían identificar, clasificar e traducir unidades fraseolóxicas extraídas de doce clips de filmes españois nos que figuraban tres exemplos dos catro tipos de unidades fraseolóxicas estudadas nunha sesión teórica. Todas elas pertencen a un rexistro coloquial oral e deberían ser facilmente recoñecibles polos discentes. Tras realizar a actividade e presentar unha análise dos resultados obtidos tendo en conta o pequeno número de mostras empregadas, o autor chega a conclusión da necesidade de abordar o estudo da fraseoloxía dende unha perspectiva moito máis profunda e secuenciable. Os discentes presentan un grao de coñecemento insatisfactorio, xa que, se ben recoñecen as unidades, non teñen base teórica para poder clasificalas, sobre todo os esquemas fraseolóxicos estratéxicos discursivos, polas implicaturas que levan asociadas. Teñen graves carencias

na competencia fraseolóxica, polo tanto. A adquisición das competencias fraseolóxica e tradutora require un amplo e minucioso estudo teórico e práctico previo, xa que, como manifestan autores como Corpas (2003, pp. 215–222) e Manuel Sevilla (2009, pp. 198-199), «el proceso de traducción requiere poseer un buen dominio de la competencia fraseológica en las lenguas de partida y llegada y seguir un procedimiento apropiado, diversificado en distintas fases: comprensión –identificación–, conceptualización –interpretación– y reexpresión búsqueda y establecimiento de posibles correspondencias, ya sea en el nivel lexicográfico o en el nivel textual y discursivo–» (Corpas, 2003, pp. 215–222; Sevilla, 2009, pp. 198–199).

O traballo que pecha o libro leva por título «El aula invertida en la enseñanza/aprendizaje de la fraseología para la traducción de textos científico-técnicos» e firma a autoría o investigador da Universidad de Murcia, Manuel Sevilla Muñoz. Nel preséntase unha secuencia didáctica dirixida a 27 discentes da materia de *Tradución científico-técnica (inglés-español)* do Grado en Traducción e Interpretación da Universidad de Murcia na que se analizan, dende o punto de vista fraseolóxico, os apartados onde se explica a maneira de tomar o medicamento de oito prospectos (catro en inglés e catro en español). A metodoloxía empregada para levar a cabo esta secuencia didáctica é variada (aprendizaxe baseada en problemas, aprendizaxe colaborativa, aprendizaxe cooperativa), se ben se fai fincapé no uso da aula invertida onde «los alumnos trabajan la teoría fuera del aula para aplicarla en la realización de distintas tareas en el aula, de modo que se puedan evaluar los procesos y no solo los resultados» (Prieto, 2017, p. 21). Despois de aclarar os fundamentos téoricos da metodoloxía docente empregada, do proceso de tradución fraseolóxica e da escolla dos textos especializados concretos, aborda a presentación da secuencia didáctica. Parte dun estudio de Álvarez (2018) e pretende tres obxectivos: coñecer a competencia fraseolóxica do alumnado antes de comezar as actividades, analizar os cambios competenciais despois de realizar as tarefas e, sobre todo, coñecer as opinións do alumnado sobre a metodoloxía e os materiais empregados. A secuencia estrutúrase en torno a tres momentos seguindo as etapas do proceso de tradución de Corpas Pastor (2003): a primeira, localización e caracterización das UF nos prospectos en español; a segunda, localización e caracterización das UF nos prospectos en inglés; e a terceira, establecer equivalencias entre as unidades fraseolóxicas das dúas linguas. Para valorar a aprendizaxe do alumnado, empréganse distintos tipos de cuestionarios en momentos variados da secuencia didáctica que o autor analiza no traballo. Dous dos tres obxectivos iniciais foron acadados, se ben é necesario insistir na aplicación da aula invertida na formación de tradutores cando abordan o proceso da tradución fraseolóxica.

Os doce traballos recollidos neste volume mostran unha concepción interdisciplinaria da didáctica das unidades fraseolóxicas tendo en conta diversas especialidades para mostrar a complexidade dos procesos que interveñen na adquisición da competencia fraseolóxica. A fraseodidáctica necesita seguir insistindo na investigación e na innovación en volumes similares a este que favorezan a colaboración de investigadores expertos e noveles en cursos, congresos e proxectos que consoliden este campo da investigación lingüística.

Referencias bibliográficas:

Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Gredos.

Corpas Pastor, G. (2003). *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Vervuert.

Gálvez Vidal, A. M.ª e Sevilla Muñoz, M. (2015). Refranes, propósito comunicativo y traducción literaria. En C. A. Crida Álvarez (coord.), *14+1 Estudios de fraseología y paremiología*. Ta Kalós.

González Rey, M.ª I. (2006). A Fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia paras as Linguas. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, *8,* 123–145.

Vanessa Fernández Pampín
IES de Valga
https://orcid.org/0000-0002-9156-1166

DAL MASO, Elena (ed.) (2020): *De aquí a Lima. Estudios fraseológicos del español de España e Hispanoamérica.* Col. VenPalabras 3. Estudios de lexicología española. Venezia: Edizioni Ca' Foscari. 286 páxs. ISBN (ebook) 978-88-6969-441-7. Publicación dixital: https://edizionicafoscari.unive.it/en/edizioni4/libri/978-88-6969-441-7/



Nos últimos anos estase a producir un importante desenvolvemento dos estudos fraseolóxicos en Italia. Congresos e publicacións multiplícanse espectacularmente grazas ao labor de asociacións, grupos de investigación e investigadores individuais. O interese pola fraseoloxía española non é alleo a esta expansión no país cisalpino, do que é mostra tanxible o traballo que imos comentar.

De aquí a Lima. Estudios fraseológicos del español de España e Hispanoamérica constitúe o terceiro volume da colección *VenPalabras. Estudios de lexicología española*, que baixo a dirección de Florencio del Barrio de la Rosa edita o Departamento de Estudos Lingüísticos e Culturais Comparados da Università Ca' Foscari Venezia.

Podería chamar a atención que unha obra de orientación fraseolóxica figure nunha colección dedicada a estudos de lexicoloxía española. Non hai, con todo, ningunha contradición neste feito: noutro lugar, que aquí non interesa, mostramos como as unidades fraseolóxicas, xunto coas morfolóxicas, en especial as léxicas, pertencen ao ámbito das unidades de inventario, por oposición ás unidades de creación, propias da sintaxe libre. Por iso, ao contrario que as sintácticas, as unidades léxica e as fraseolóxicas almacénanse en dicionarios. O cal non implica que os procesos de creación, de formación de unidades fraseolóxicas, non constitúan unha faceta esencial na investigación fraseolóxica, como sucede en lexicoloxía —novo paralelismo— coas regras de formación de palabras. Na obra que comentamos predominan os estudos de inventario, pero tampouco falta algún de creación, como veremos nas seguintes páxinas.

Esta publicación colectiva vai precedida dunha «Introdución» levada a cabo pola editora da obra, Elena Dal Maso, quen realiza unha presentación de cada un dous traballos recollidos nas tres seccións que completan a obra: *Teoría fraseolóxica, Fraseoloxía diatópica* e *Fraseografía*. O número de aportacións incluídas é grande, quince, moitas realizadas por relevantes figuras no eido da fraseoloxía do español, mesmo algúns colaboradores desta revista de *CFG*, o que anticipa a calidade e interese do volume.

Comeza a primeira parte, *Teoría fraseolóxica* (páxs. 14–86), co artigo de Mario García-Page Sánchez «Expresiones con doble 'nacionalidad' lingüística», no que se incide nun dos aspectos antes mencionado, o paralelismo entre as palabras ou unidades léxicas simples e as unidades fraseolóxicas (UF). En concreto, na súa colaboración García-Page céntrase na análise do significado: como as palabras, as UF tamén poden

ser monosémicas (*estar en el ajo*) ou polisémicas (*ponerse las botas*). Neste último caso, a polisemia pode darse entre unha UF (significado figurado) e outra unidade do discurso libre (significado literal). Estas unidades polisémicas son as que García-Page denomina «expresiones con doble 'nacionalidad' lingüística», doble nacionalidade porque pertencen a ámbitos distintos da categorización lingüistica, o da fraseoloxía, dunha banda, e os da morfoloxía léxica e a sintaxe, da outra. Así, tomando como base o dicionario académico (*DLE*), analiza unha gran cantidade de UF das que a contrapartida literal é un sintagma, no sentido de «combinación libre de constituyentes sintácticos» (p. 18) (*cortar el bacalao, ver las estrellas, tirar la toalla,* e tantas máis), unha palabra composta ou composto sintagmático (*conejillo de Indias, cardo borriquero, lengua de víbora, chivo expiatorio*), unha colocación (*remachar un clavo, marcar un gol, cargar las pilas*) ou un predicado con verbo soporte (*dar la paliza, dar una lección, hacer un favor*). O estudo non se queda no meramente descritivo, senón que vai acompañado de múltiples observacións de grande interese teórico, que superan o ámbito de fraseoloxía (os procesos de transposición semántica, os límites entre o gramaticalmente mal formado e o proposicionalmente absurdo ou estraño, entre unha locución substantiva e un composto sintagmático de valor substantivo, o lugar das colocacións e predicados con verbo soporte na gramática e na fraseoloxía, entre outros), o que xustifica a ubicación nesta primeira parte.

A segunda colaboración débese a Manuel Martí Sánchez e leva por título «Creación (o transformación) en la fraseología pragmática periférica. El caso de los timos». A finalidade deste traballo é estudar a lingua entendida como creación, proceso ao que dedica o apartado primeiro (aportacións de Humboldt, Chomsky, Coseriu), centrándose no corpo do traballo no aspecto máis concreto dos procesos que conducen á creación de UF, para o que toma como punto de partida un tipo de UF periférica que, aceptando o nome que lle dera Julio Casares, denomina *timo*. Trátase dunha unidade fraseolóxica marxinal, difícil de definir, da carácter oral e lúdico, de valor pragmático asociado a unha situación determinada, o que a aproxima ás fórmulas rutinarias (*que te crees tú eso, mecachis en la mar, ...y gracias* «ganamos de penalty y gracias»). Como propias da oralidade, moitas teñen unha duración efémera *(¡Hay que comprimirse!, ¡Algo pescas, Colás!* etc.). Pero, dado que moitas teñen unha orixe coñecida (con frecuencia no chamado xénero chico e hoxe en día nas redes sociais), estas unidades permiten a Martí Sánchez levar a cabo a análise dos procesos creativos que actúan na formación de UF (principalmente desautomatización e posterior automatización dunha cita, o que pode culminar na creación de esquemas sintácticos fraseolóxicos).

O seguinte capítulo («Simbología religiosa y metáforas del CAMINO en la Biblia») está elaborado por Carmen Mellado Blanco. Trátase dunha aportación centrada tamén nos procesos de creación de novas UF, pero neste caso a perspectiva é distinta, pois o estudo enmárcase no modelo da Lingüística Cognitiva (LC), que, como é sabido, está producindo abundantes froitos no ámbito da fraseoloxía. Neste sentido, comeza cunha introdución sobre conceptos básicos da LC (modelos cognitivos, esquemas idealizados, esquemas de imaxe...) que son de aplicación xeral nas linguas. Dentro deles, o esquema CAMIÑO (coa estrutura ORIXE-TRAXECTO-META) é un dos máis

relevantes no nivel lingüístico xeral e no fraseolóxico, en particular (*ir por el buen camino*, *apartarse del buen camino*). Máis especificamente, e debido a importancia que ten na orixe de fraseoloxismos en moitas linguas, Mellado Blanco centra o seu traballo no descubrimento das proxeccións metafóricas que subxacen nas imaxes bíblicas dese esquema. Pero non se ocupa do estudo dos *bibleísmos* (literais ou situacionais, é dicir, unidades fraseolóxicas xeradas nas Sagradas Escrituras, sexa de xeito literal, sexa de xeito condensado sen reprodución exacta das palabras), senón que dirixe o seu interese cara ás múltiples subproxeccións metafóricas que se derivan do esquema básico, pois son estas as que orixinarán en cada caso os fraseoloxismos que todos coñecemos (VIAJERO → CRISTIANO/CREYENTE, META DEL VIAJE → MUERTE, META DEL VIAJE → DIOS, CAMINO LLANO → VIDA FACIL, CAMINO RECTO → VIDA VIRTUOSA, CAMINO TORCIDO → VIDA PECAMINOSA, DESVIO DEL CAMINO RECTO → VIDA PECAMINOSA, CRUCE DE CAMINOS → ELECCIONES EN LA VIDA, CAMINO ANGOSTO → DIFICULTADES QUE LLEVAN A LA VIRTUD etc.). Para iso realiza un exame completo de tódolas pasaxes bíblicas nas que aparecen os lemas *camino* e *senda*. Completa o estudo a análise da motivación baseada en símbolos e da motivación intertextual (incluída a literaria) derivada desa fonte.

Cerra esta primeira parte Maria Eugênia Olímpio de Oliveira Silva con «La fraseología en la obra *Fraseología o estilística castellana* de Cejador y Frauca». Os estudosos da sintaxe eramos conscientes de que *La lengua de Cervantes* (1905) constituía un fito do que podemos chamar sintaxe tradicional do español. Olímpio de Oliveira, na súa achega, móstranos que esta faceta de precursor tamén se pode ampliar ao ámbito da fraseoloxía coa súa obra *Fraseología o estilística castellana* (1921-1925), que completará máis adiante co *Refranero castellano* (1928-1929). Tras realizar un esbozo biográfico de Julio Cejador y Frauca, mal entendido na súa época, Olímpio de Oliveira acomete unha análise detallada da obra mencionada, en realidade un dicionario fraseolóxico, para o que toma como principal referencia as vinte páxinas de introdución nas que Cejador redacta o primeiro tratado español de fraseoloxía, medio século antes do coñecido de Julio Casares. Adianta, así, o polígrafo xesuíta ideas como a de que a idiosincrasia dun pobo se manifesta nas imaxes que proxecta na súa fraseoloxía. Neste sentido, remarca a autora como, para Cejador, do mesmo xeito que existe unha estilística individual, existe tamén unha estilística nacional, que caracteriza o xenio dun idioma, manifestada na súa fraseoloxía. Estilística e fraseoloxía fanse, así, coincidentes. Sinala Olímpio de Oliveira que para Cejador as palabras falan ao entendemento en tanto que as frases falan á imaxinación (p. 79) e cita este ilustrativo exemplo: «*Estarse mano sobre mano* dice bastante más que estarse ocioso» (p. 80). Entre as aportacións teóricas de Cejador, destaca a clasificación de fraseoloxismos (*frases por hacer, frases hechas, refranes* e *villancicos*, equivalentes a locucións e fórmulas as dúas primeiras). A inclusión dos *villancicos* pode chamar a atención, pero Olímpio de Oliveira xustifícaa pola súa pertenza, ao igual que refráns e frases feitas, ao acervo común popular da lingua, ao tempo que sinala a proximidade co concepto de *discurso repetido* de Coseriu. Outras reflexións fraseolóxicas, apuntadas intuitivamente ou desenvolvidas por Cejador, de acordo co que os avances na época

lle permitían, afectan aos conceptos de idiomaticidade, institucionalización, variación, ao estudo formal das frases («Todas las figuras retóricas se despilfarran en ellas a montones», p. 82), á perspectiva contrastiva (dificultade de tradución e aprendizaxe) etc. Tratándose dunha obra basicamente fraseográfica, Olímpio de Oliveira comproba que as ideas expostas por Cejador no prólogo e introdución non sempre se aplican de xeito sistemático no corpo da obra, «debilidad de la que adolecen muchas obras tanto del pasado como del presente» (p. 75).

A segunda parte da obra, *Fraseología diatópica* (páxs. 89–183) inclúe seis achegas nas que se tratan distintos aspectos relacionados coa variación lingüística contrastiva no ámbito hispánico. Na miña opinión é esta unha faceta que espera a cooperación de institucións e investigadores para intentar superar a fase de estudos parciais que predomina. O anunciado *Diccionario fraseológico panhispánico* (*DFP*) da Academia pode ser un bo piar tomado como base para identificar as peculiaridades das distintas áreas xeográficas nas que se fala español, en complementación con obras de carácter particular publicadas ou en preparación (o dicionario fraseolóxico de Arxentina, de Barcia e Pauer, o da Academia Chilena, o *Diccionario fraseológico documentado del español actual* dirixido por Manuel Seco —aproveitamos esta mención para mostrar as nosas condolencias polo seu recente falecemento—, pois tamén o español de España entra nesta relación, como unha variante xeográfica máis). O académico *Diccionario de americanismos* xa inclúe unha abundante recolleita fraseolóxica que poder ser utilizada nesta dirección. Deste xeito poderemos contrastar os datos que ofrecen numerosos estudos parciais nos que se sinalan como propios de determinado país ou rexión fraseoloxismos que, en realidade, teñen unha extensión moito maior, en ocasións panhispánica. Tamén se poderá comprobar a variación que sofren as UF no proceso de adaptación nos distintos territorios.

Os traballos que se inclúen neste apartado enfócanse desde perspectivas distintas: algúns deles teñen un fundamento fraseográfico, como é o caso da colaboración de Carlos Arrizabalaga Lizarraga, co que se inicia esta segunda parte («*El que no tiene de inga, tiene de mandinga.* Un apunte historiográfico sobre la fraseología en la lingüística peruana»). Nela Arrizabalaga realiza unha investigación histórica sobre as obras, de carácter principalmente lexicográfico, nas que se recollen fraseoloxismos de Perú desde o último cuarto do S. XIX ata a actualidade (estudos sobre o español andino, dicionarios xerais, algúns vocabularios fraseolóxicos, sen esquecer as *Tradiciones peruanas* de Ricardo Palma, que merecen un tratamento especial).

Carácter dialectal ten tamén a seguinte contribución, «Aproximación a la fraseología canaria», escrita conxuntamente por Encarnación Tabares Plasencia, Dolores del Pino García Padrón e José Juan Batista Rodríguez. Con respecto ao traballo anterior, cambia agora o enfoque: partindo dunha base fraseográfica (os repertorios fraseolóxicos canarios son cada vez máis abundantes) complementada con UF extraídas da lingua oral, os autores realizan un completo estudo sobre un gran número de fraseoloxismos canarios, organizados en liñas xerais segundo a clasificación de Gloria Corpas: colocacións, construcións con verbo soporte, locucións, enunciados fraseolóxicos, refráns e fórmulas.

Na presentación, os autores mencionan as principais peculiaridades dos fraseoloxismos canarios: a presenza de canarismos (*mi casa y mis tres teniques*), a conservación de arcaísmos hispánicos (*hacer juro de algo*), a adopción de americanismos (*escapársele a alguien la guagua*) e, importante para nós, a abundancia de portuguesismos nalgunhas illas. Estes *portuguesismos*, en realidade, pertencen ao tronco común galego-portugués. Así, UF como *tener xeito, darle a la taramela* (gal. *tarabela*)*, majar en alguien como en centeno verde* e outras teñen correspondencia perfecta nos dicionarios fraseolóxicos do galego. Para rematar o capítulo, do mesmo xeito que na aportación anterior se presentaron fragmentos das *Tradiciones peruanas* de Ricardo Palma para ilustrar o uso de diferentes fraseoloxismos peruanos, Tabares, del Pino e Batista exemplifican aspectos semánticos e pragmáticos dos fraseoloxismos canarios reproducindo uns cantos fragmentos do novelista e xornalista Alonso Quesada, nos que se caracteriza maxistralmente, dun xeito sempre irónico, o uso de determinados fraseoloxismos na fala canaria urbana da segunda metade do século XX.

Se no español de Canarias a pegada galega e portuguesa é importante, no español de América non é menor. Hai uns anos, no homenaxe a Ferro Ruibal, publicamos en colaboración un traballo con numerosos fraseoloxismos coincidentes entre América e Galicia, non documentados no resto de España. En Arxentina, a emigración galega só foi superada en número pola italiana. Como consecuencia, a influencia do italiano non foi menor e, por contraste, está moito mellor estudada que a galega. Este aporte italiano, centrado no ámbito fraseolóxico, constitúe o obxecto de investigación de Analía Cuadrado Rey, «El italiano en la fraseología actual del español hablado en Argentina». Nesta contribución, a autora toma como fonte de estudo a base de datos multilingüe do grupo de investigación *Frasytram*, que conta con cerca de 45 000 UF rexistradas (debido a grande variedade de UF, o corpus está limitado a construcións verbais fixas: locucións verbais, colocacións verbais, verbos soporte…). A parte arxentina está formada a partir dunha numerosa nómina de dicionarios (fontes secundarias) e as enquisas realizadas a unha trintena de informantes de diversa idade e condición social. Desbotadas as UF que os informantes consideran en desuso e os localismos, o corpus arxentino queda constituído por 1890 UF, das que Cuadrado Rey analiza as 154 que conforman o campo léxico '*carácter-forma de ser-actitud-conducta'*, o máis numeroso de entre os 28 campos semánticos que articulan a base de datos. O resto do traballo dedícase a mostrar unha serie de 10 fichas lexicográficas de italianismos fraseolóxicos, organizadas en catro categorías: 1) UF con calco fraseológico, do tipo de *ser (alguien) yeta*; 2) UF con préstamos formais, como *ser (alguien) un chitrulo*; 3) UF con préstamos semánticos, *hacer (alguien) fiaca*; 4) creación de UF por ampliación ou extensión semántica dunha voz italiana, como *ser (alguien) un morfón.* Sempre que se mencionan exemplos nun traballo, é inevitable facer algún comentario. Así, a última locución mencionada, tomada do mundo deportivo (literalmente 'ser un comellón'), que se podería traducir en castelán peninsular por *ser un chupón* ('abusar do xogo individual co balón') e noutros países americanos por *ser un mamón*, móstranos a variación establecida a partir dunha mesma imaxe inicial vinculada á inxestión pola boca (*comer, chupar, mamar*). Outra observación ten que ver cos enfoques contrastivos: unha das fichas presentadas é *ser*

(alguien) un/una chanta "Coloquial. Persona poco fiable" (p. 131). O italianismo *chanta* é posto por Cuadrado Rey en relación coa forma *chantar* (*DLE*) frecuente en Arxentina, Bolivia, Ecuador, Perú e Uruguai con dous significados: 'plantar' e 'decir a alguien claridades o injurias'. É evidente que este último verbo, de significado tan diferente ao italianismo, do que é un falso amigo, non é máis que un dos moitos galeguismos americanos pendentes de estudar (*chantar na cara* 'echar en cara').

Outra fonte esóxena que dá orixe a abundantes fraseoloxismos en América é a analizada por María Luisa Ortíz (sic) Álvarez en «*Se formó el bembé / Bater o bembé*: la influencia africana en el léxico y en las expresiones idiomáticas del español de Cuba y el portugués de Brasil». Se a emigración comentada no traballo anterior se debía á necesidade, a relatada nesta colaboración é resultado do inicuo tráfico de escravos que afectou principalmente a Brasil e ao Caribe. Neste amplo marco, Ortíz Álvarez limita a súa investigación a Brasil e Cuba. Nela amósanos a procedencia xeográfica e lingüística da poboación alí desprazada así como a pegada que deixou e deixa neses países (relixión, comidas, bailes e festividades...). De aquí deriva un estudo esencialmente léxico dos numerosos préstamos africanos que perduran neses dous países (*samba, mandinga, marimba, cachimba, mucama...*), que se completa cun capítulo dedicado á fraseoloxía (no que inclúe unha táboa na que lista as 26 e 31 UF que documenta en Brasil e Cuba, respectivamente, p. 149). Tratándose dun léxico difícil de estudar pola súa orixe, sen minimizar o interese da súa achga, xa que menciona unha grande cantidade de africanismos, cabe sinalar que as fontes en que basea o seu traballo non son sempre fiables. Na miña opinión, cabería diferenciar a vía pola que se adoptaron eses africanismos: a maioría dos termos que presenta son froito do contacto lingüístico dos escravos coa lingua dos seus amos, pero noutros casos estamos ante préstamos máis antigos, froito do comercio con África (*macaco, banana*) ou préstamos recentes (*zombi*). Tamén cabería diferenciar aqueles fraseoloxismos propios de Cuba e Brasil daqueles outros que na actualidade teñen unha maior extensión (*estar en las quimbambas*). Finalmente, cabe salientar que algunhas das unidades léxicas e fraseolóxicas que Ortíz Álvarez menciona son de dubidosa etimoloxía africana: *anta* 'tapir', *tambor* 'baile', *chingar* 'injuriar', *guarapeta* 'borrachera', *tufo*, *manglar*, *bejuco; ficar na gandaia* 'vagabundear' (gal. *gandaia, gandaina*), *tener sandunga* 'tener gracia al bailar o caminar', *dar/armar/formar una tángana* 'dar un escándalo de forma colérica, con indignación', *ser un zangandongo* 'persona de gran tamaño o persona joven saludable, fuerte' e outras topan a súa orixe na península ou en linguas amerindias.

Sen saírmos do ámbito da fraseoloxía diatópica, a colaboración de Adriana María Ortiz Correa supón un cambio coas anteriores, pois a súa proposta enlaza a fraseoloxía cos estudos pragmáticos sobre a atenuación, tan en voga («La atenuación como estrategia cortés en locuciones usadas en prensa y en literatura en el Valle de Aburrá»). Confesamos que o título induciunos a pensar que Ortiz Correa se centraría na análise de UF de valor atenuador, pero o enfoque é distinto. Tras unha presentación sobre a técnica de atenuación e os recursos utilizados nese proceso, partindo dun corpus elaborado con textos periodísticos e literarios recentes publicados no val de Aburrá, Medellín (Colombia), corpus formado por algo máis de 1100 UF, a autora analiza con detalle

10 locucións (algunhas locais: *bajar de pinta* 'despojar de algo', *a media caña* 'casi borracho', *caído del zarzo* 'tonto', *darle la pálida* 'darle un mareo'; outras de uso xeral: *sacar de quicio, pasar necesidades*) utilizadas con valor atenuador. O obxectivo é, por tanto, a análise de textos no que determinadas UF son utilizadas como substitutos atenuantes de expresión máis crúas. Por tratarse dunha aproximación estilística, algunhas das observacións apuntadas por Ortiz Correa poderían ser matizadas: é difícil, se non imposible, determinar en moitos caos se determinada UF se utiliza para atenuar unha realidade desagradable ou simplemente por variación dentro das posibilidades sinonímicas que ofrece a lingua ou pola plasticidade da imaxe figurada (recordemos a opinión de Cejador y Frauca). Así poderíamos facer un interesante debate sobre se *salir del clóset* é menos ofensivo que «mostrarse abiertamente como homosexual» (p. 164), se *sacar de quicio* é menos directo que «enojar» (p. 165), ou se *tener un atraso* diminúe o efecto de temer un embarazo. Invito a toda persoa interesada á lectura do texto para que tire as súas propias conclusións.

Esta segunda parte remata co artigo «Polisemia diatópica del verbo sintagmático español», elaborado por Antonio Pamies Bertrán. *Verbo sintagmático* é un termo creado por Raffaele Simoni (*verbi sintagmátici*, p. 172) para representar construcións equivalentes ao que a lingüística do inglés denomina *Phrasal verbs* (*take off, give up, turn on*). Trátase de locucións formadas por un verbo e unha partícula (adverbio ou preposición) do tipo *caer encima* ('atacar'), *venirse abajo* ('desmoralizarse'), *echarse atrás* ('renunciar'), *montárselo con* (p. 172). Non nos parece unha equivalencia moi afortunada equiparar un subtipo de locucións verbais das linguas románicas cos *phasal verbs*, característicos da gramática inglesa (na miña opinión, a técnica inglesa correspóndese máis ben, en español, coa prefixación: series como *re-poner, com-poner, im-poner, de-poner, o-poner* amosarían mellor paralelismo cos mencionados *phrasal verbs*). Pero isto é opinión persoal que non afecta ao estudo que comentamos, interesante e completo de por si, independentemente de que chamemos *verbos sintagmáticos* ou *locucións verbais* ao obxecto analizado (tampouco é moi pertinente que aludamos aquí á polémica que existe entre os investigadores acerca de se existen verbos sintagmáticos nas linguas de marco verbal (*verb-framed*), como son as linguas románicas, por oposición ás linguas de marco satélite (*satellite-framed*), como as xermánicas, onde a construción é frecuente). Coa axuda da Lingüística de Corpus (utiliza a base de datos de gran tamaño *esTenTen11* e outras de tamaño medio como *Timestamped JSI* e o *CREA* académico, que permiten diferentes opcións de busca), Pamies analiza en detalle algunhas desas construcións. Nas que máis se detén é en *estar detrás de*, *salir adelante* e *salirle adelante [a alguien]*. A abundante documentación que os corpus lle proporcionan permítelle constatar a existencia de polisemia nestas construcións e fixar o contorno que favorece cada unha das acepcións. Por exemplo, na acepción B de *salir adelante* 'sobrevivir a graves peligros' ou 'superar grandes dificultades [económicas, deportivas, etc.]' (p. 176), o suxeito gramatical debe ser humano ou, por extensión, referirse a colectivos humanos e institucións, que lista por orde de frecuencia de acordos cos datos obtidos: *país, persona, equipo*… así ata 60 substantivos. Pola contra, a acepción C, 'ser aprobado o aplicado tras un debate

o una negociación', esixe un suxeito inanimado, por orde de frecuencia *proyecto, recurso, ley, propuesta, iniciativa*… e así ata 38 nomes. Os corpus tamén permiten comproban a maior ou menor vixencia de cada acepción nos distintos países de fala hispana, o que permitirá "empezar a recuperar el retraso de la fraseografía en materia de variación diatópica" (p. 181). A pesar das indubidables vantaxes que o manexo dos corpus ofrece, e a pesar dos grandes avances logrados nos últimos anos, Pamies remata a súa colaboración facendo constar que aínda queda moito por avanzar neste eido para automatizar unhas buscas que polo de agora se deben multiplicar de xeito manual ou semiautomático.

Carmen Teresa Fajardo Rojas na súa achega («Observaciones sobre las locuciones verbales con marca *Méx* en el *DLE*») procede a unha análise de tipo lexicográfico, pois centra o traballo no proceso que leva á elaboración do dicionario académico, o *Diccionario de la lengua española* (*DLE*), coa intención de comprobar a súa fiabilidade. Para tal propósito selecciona as 52 locucións verbais que nesa obra levan a marca de mexicanismos para sometelas ao contraste con outros dicionarios («diccionarios testigo»), o *Diccionario de Americanismos* (*DA*) e o *Diccionario de Mexicanismos* (*DM*), e cos datos que mostran os corpus (corpus académicos e o *Corpus del Español NOW*). As críticas ao dicionario académico son unha constante, da que a propia institución é consciente. Temos que partir do feito de que, como tal, o *DLE* (do que a primeira edición se remonta a 1780, á súa vez simplificación do *Diccionario de Autoridades*), como obra máis que bicentenaria resultado do traballo e colaboración de decenas de xeracións de lexicógrafos, arrastra vicios que non se puíron totalmente nas sucesivas edicións. Con todo, como é sabido, a Academia está nun rápido proceso de modernización que ten como meta a creación de obras de *nueva planta* con base nos datos fidedignos que aportan os corpus. Pero ata que chegue ese momento para o *DLE*, os problemas son evidentes, e aínda maiores cando entran en xogo voces e locucións con marca xeográfica, como pon de manifesto Fajardo Rojas. Os aspectos que esta investigadora analiza son tres: 1) A errónea inclusión de locucións verbais con marca *Méx* (neste punto constata que algunhas desas UF non figuran no *DA* nin no *DM* nin son identificadas pola autora como propias da variedade mexicana. Entre elas figura unha sobre a que queremos chamar a atención, *bailar un trompo en la uña* 'ser muy listo', que inclúe a expresión *trompo na uña* coñecida en Galicia, 8 casos no TILG). 2) A construción do artigo lexicográfico, apartado no que observa que nuns casos a entrada non está ben formulada e noutros non hai sistematicidade na marcación do contorno lexicográfico. Finalmente, 3) O significado das UF. Neste punto mostra que o significado que figura no *DLE* non sempre parece o máis adecuado ou non se inclúen outras acepcións que recollen as fontes manexadas. Poñamos algún exemplo que, de novo, nos mostra a vinculación de Galicia con América: cita Fajardo a ausencia do significado 'pasar de un estado a otro mejor, o, al menos, a uno distinto' (p. 196) de "*dar* alguien *el brinco*" (común co galego: *Xosé foi o rizón ao que se trabou Nemesio para dá-lo brinco do seu soño de emigrante a América*, TILG; por certo que a locución equivalente no castelán peninsular "*dar* alguien *el salto"* —por ex. *dar el salto a la fama*— non figura no

DLE). Pola súa banda, *echar tijera* 'murmurar, conversar en perjuicio de un ausente' (que Fajardo non documenta en México con ese significado) mostra a mesma imaxe que subxace no noso «*cortarlle un traxe* a alguén».

Pola súa parte, Esteban T. Montoro del Arco («*¿Nacer de pie* o *haber nacido de pie*? La lematización de las locuciones verbales con el infinitivo compuesto») trata unha cuestión innovadora, á que apenas se lle ten prestado atención: o grao de fixación flexiva das UF. Coñezo algún traballo referido á desautomatización no que este punto da fixación morfolóxica é tratado (por exemplo, o significado da UF *poner puertas al campo*, que alude a algo irrealizable, fai estraña a conxugación nunha perífrase resultativa pasiva, *ya están puestas las puertas del campo,* que utiliza un cantante moderno). Con respecto a este tipo de fixación, Montoro del Arco analiza unha serie de locucións verbais usualmente formuladas nos dicionarios fraseolóxicos na forma de infinitivo composto: (*haber sido cocinero antes que fraile, haberle comido la lengua un gato*…). Dado que a formulación esperable deste tipo de locucións é en infinitivo simple, o autor analiza os factores e as consecuencias que se derivan desta variación. Para lograr o seu obxectivo examina as 55 locucións —reducidas a 30 unha vez eliminadas as variantes e remisións internas— que aparecen formuladas en infinitivo composto (unhas en exclusiva, outras en alternancia co infinitivo simple) en catro dos dicionarios fraseolóxicos máis importantes do español (o estudo inclúe a formulación, pero tamén a estrutura do artigo lexicográfico, coa información que se achega sobre os usos preferentes, o tipo de definición e os exemplos ilustrativos). Todo este material é contrastado cos datos que aporta o corpus *Spanish Web 2018,* subcorpus español peninsular *esTenTen18*. A este respecto Montoro resalta a falta de coincidencia entre os dicionarios analizados, incluso con incongruencias nunha mesma obra. Finaliza a súa aportación este autor ofrecendo unhas orientacións que permitirán tratar dun xeito adecuado e coherente estas UF nas futuras obras lexicográficas. Na súa opinión, débese partir dun contínuum de fixación flexiva, no que habería tres graos: a mínima dáse nas locucións verbais sen fixación flexiva, que se deberán formular en infinitivo simple (modelo *verle las orejas al lobo*). A máxima, nas fórmulas, que se formularán co verbo conxugado (*Ha llovido mucho, hasta aquí hemos llegado, no he dicho nada*). No medio estarían estas locucións verbais con restrición temporal no pasado, expresadas en infinitivo composto (*No haber roto* [alguien] *un plato en su vida*). O manexo dos datos que proporcionan os corpus e a axeitada exemplificación que estes proporcionan son tamén necesidades imperiosas. Como colofón a este estudo exhaustivo, sen poder negar a validez das observacións sinaladas por Montoro, quereríamos indicar o difícil que resultará en moitas ocasións tomar unha decisión sobre onde situar nesa escala unha UF determinada. Os factores que inciden no uso son moi variados, algúns lingüísticos outros pragmáticos, polo que a decisión non é doada. Pensemos na expresión arriba mencionada como modelo de fórmula con total fixación flexiva no pasado, *Ya ha llovido*… (*Ya ha llovido desde que nos conocimos* 'ya ha pasado mucho tiempo desde que…'). O feito de que nos corpus apareza regularmente en pasado non impide que se poidan imaxinar situacións en futuro ('pasará moito tempo antes de que…'), que, consecuentemente, é previsible que se expresen na UF sinónima, como de feito ocorre

se procuramos no maior dos corpus (Google): *no lloverá mucho antes de que nada de esto importe; para eso aun queda bastante, llovera mucho antes de que llege...* [sic].

Na súa contribución, «El *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual* en línea», Inmaculada Penadés Martínez presenta o dicionario que da título á achega, o *DiLEA*. O *DiLEA* é froito de moitos anos de traballo no que foron etapas previas outras publicacións de índole fraseográfica, aplicada ou teórica. Trátase, por tanto, dun dicionario no que ese coñecemento lexicográfico asentado dá como resultado unha obra moi completa (na macroestrutura e na microestrutura), que se describe en detalle. Por outra parte, ao tratarse dun dicionario en liña, a autora pode poñer de manifesto as vantaxes que este tipo de recurso ofrece con respecto ás edicións tradicionais en papel: rapidez nas buscas e nas remisións internas, posibilidade de constante actualización e ampliación, ausencia de limitación de espazo etc. Outra das vantaxes deste tipo de soporte é a posibilidade de poñer a disposición dos usuarios a obra antes da súa finalización. Así, no momento actual, só está dispoñible a parte dedicada ás locucións verbais (6848 polo momento), pero anuncia a próxima incorporación das locucións adxectivas e adverbiais, e a futura das nominais e pronominais. Sen dúbida, o *DiLEA* xa se converteu nunha obra de referencia na fraseografía do español, polo que só podemos desexar que finalice pronto ese proceso de incorporación de novas UF.

Para rematar, as dúas últimas colaboracións constitúen senllos estudos sobre o tratamento que reciben no *DLE* distintos tipos de UF. Na primeira («El tratamiento de las fórmulas en el diccionario de la Academia»), Ana María Ruiz Martínez investiga un conxunto de 80 UF caracterizadas como *fórmulas*, extraídas dun corpus que cumpre unha dobre condición: aparecer nos estudos fraseolóxicos manexados pola autora e pasar o segundo control de estaren tamén incluídas no *DFDEA* de Seco, Andrés e Ramos. Na súa achega, Ruiz Martínez analiza a caracterización, nomenclatura e clasificación que recibe esta esvaradía UF na literatura anterior (estudios teóricos e dicionarios fraseolóxicos). O resultado desta investigación aplícase á análise das mencionadas 80 fórmulas en todas as edicións do dicionario académico (1732-2014). Así observa como o termo *expresión* se vai impoñendo paulatinamente para identificar esta UF, ao tempo que comproba como na obra académica se plasman as características distintivas desta unidade. O seu valor pragmático, asociado a un contexto comunicativo determinado, provoca que as definicións aludan principalmente a esa función discursiva (definición en *metalengua de signo*): *modo de hablar con que se pretende...., fórmula familiar con que se da a entender...*, definicións que se acabarán regularizando na tradición lexicográfica con formulacións do tipo «se usa para / usada para / se emplea para / se da a… + v)» (p. 262). Finaliza a autora sinalando que outra información importante para este tipo de unidades (as connotacións estilísticas, histórico-culturais, expresivas) tamén están presentes no dicionario académico, pero neste caso dun xeito moi limitado e non sistemático.

Pilar Valero Fernández, finalmente, en «Tratamiento de las locuciones nominales de España y de Hispanoamérica en los diccionarios académicos» realiza un traballo de dobre orientación: fraseográfico e xeolingüístico. Outras contribucións arriba comentadas inciden nas dificultades de acometer estudos sobre a variación dialectal das UF en todo

o ámbito hispánico. A enorme extensión xeográfica dificulta este tipo de aproximacións, sobre todo se se ten en conta que a expresividade popular manifesta a súa creatividade na innovación léxica, pero tamén —e non en menor medida— na fraseolóxica. Esperemos que o anunciado *Diccionario fraseológico panhispánico* sexa un punto de inflexión neste eido. Neste marco, Valero Fernández analiza as locucións nominais ou substantivas que aparecen no *Diccionario de americanismos* (*DA*) e as que levan a marcación diatópica de americanismos no académico *Dicionario de la lengua española* (*DLE*). En total inclúense 1360 locucións substantivas no DA das que só 99 aparecen no *DLE*, que serán o obxecto principal de estudo. Ante estes resultados, salta á vista a enorme diferencia que hai entre as dúas obras, o que pode facer que a comparación no sexa xusta. Antes de nada, debemos sinalar que, aínda que as dúas son obras académicas, están elaboradas por equipos distintos e con criterios moi diferentes. O *DLE*, pola súa propia natureza normativa, só inclúe as expresión que teñen certa difusión no ámbito hispánico, o que supón un proceso de selección, mentres que o *DA* —aínda que formalmente ten o selo da ASALE— é un dicionario no que se acumulan uns 150 dicionarios de español de América publicados desde 1975, no que o principal traballo foi dar homoxeneidade a un conxunto moi extenso e variado de fontes lexicográficas. Aínda así, o estudo de Valero Fernández é ilustrativo e significativo para detectar os principais problemas e fenómenos con que nos podemos encontrar cando se comparan varias obras fraseográficas: das 99 locucións substantivas do *DA* coincidentes co *DLE* só dúas levan a mesma categorización. A inmensa maioría aparece no *DLE* como compostos sintagmáticos, o que non chama moito a atención dado que os límites entre unha locución substantiva e un composto sintagmático substantivo son difíciles de marcar, se é que existen e non son dúas denominacións distintas para un mesmo obxecto lingüístico: as locucións substantivas son obxecto de estudo da fraseoloxía, os compostos sintagmáticos son estudados pola morfoloxía, pero nos dous casos estúdanse unidades pluriverbais dotadas de certa fixación, o que as diferencia dos sintagmas libres, dunha banda, e dos compostos propios, totalmente fixados morfoloxicamente, doutra. Como obra lexicográfica máis que fraseográfica, a RAE no seu dicionario decidiu optar pola última opción, polo que a abreviatura *loc. sust.* é unha *rara avis* no *DLE* (Valero menciona *llega y pon* y *domingo siete*, p. 272). Noutros casos, a discrepancia categorial é resultado dunha diferente formulación. Por exemplo, a loc. sust. *baticola floja* (*DA*), no *DLE* aparece formando parte dunha loc. v., *ser una mujer de la baticola floja*. Tamén son esperables as discrepancias relativas á marcación xeográfica que, por exceso ou defecto, non sempre coincide nos dous dicionarios. Polo que respecta á semántica, Valero Fernández constata que maioritariamente as UF recollidas manteñen o mesmo significado nas dúas beiras do Atlántico, pero non é infrecuente que se produzan discrepancias, como é o caso de *abogado de pobres* ('abogado de oficio' en España, mentres que en algúns países de América siginfica 'persona que defiende causas que no tienen nada que ver con ella', p. 276). Finalmente, no que atinxe á análise diatópica, a autora comproba a existencia de tres posibilidades: locucións con variantes diatópicas (por exemplo, *coco de mono* en Perú e Chile, *baba de perico* en México, *moco de pavo* en español non marcado), sen variantes diatópicas (con léxico propio de cada territorio: *medio gofio* en Venezuela, *gato pacho* en El Salvador, *jaque larama* en Bolivia) e locucións nominais homónimas

(por exemplo, *freno de mano* alunde a un sistema de frenado de estacionamento nuns países, pero noutros significa 'pareja sentimental o cónyuge', p. 280).

Non podemos concluír esta recensión sen sinalar como a variedade de temas e enfoques que se tratan en *De aquí a Lima* abre a porta a novas investigacións, sinala novos camiños de avance, pois no ámbito da fraseoloxía hispánica aínda quedan moitas rutas por explorar.

Luis González García
Universidade da Coruña
https://orcid.org/0000-0003-4335-6528

GONZÁLEZ REY, María Isabel (2021). *La nouvelle phraséologie du français.* Bruguières: Presses universitaires du Midi coll. « Interlangues ». ISBN 978-2-8107-0737-9, 280 pp.[1]

Dar conta da complexidade das orixes dunha disciplina e do seu obxecto de estudo ofrecendo unha proposta teórica que delimite e recolla todo o material que o conforma require dun coñecemento sólido, asentado e enriquecido pola experiencia dunha traxectoria de investigación sostida e singular. Se, ademais, se unen a claridade e o rigor expositivo necesarios para achandar o camiño a investigadores incipientes, así como a especialistas, esta actividade é, se cabe, máis notoria na medida en que posibilita a súa aplicabilidade e, polo tanto, o seu éxito. É precisamente ese labor o que leva a cabo a prestixiosa fraseóloga, catedrática de Filoloxía Francesa da Universidade de Santiago de Compostela, María Isabel González Rey, na súa nova obra titulada *La nouvelle phraséologie du français*, recentemente publicada no ano 2021 e editada por Presses universitaires du Midi dentro da colección «Interlangues»[2] na que xa viron a luz outros traballos de recoñecidos fraseólogos como Mejri Salah ou Vladimir Beliakov. Cómpre sinalar que esta edición retoma as ideas expostas nas versións anteriores de *La phraséologie du français*, respectivamente publicadas nos anos 2002 e 2015, desde unha perspectiva renovada e ampliada. En efecto, fronte a esas primeiras edicións, o volume obxecto desta recensión brinda, como principal novidade, unha teoría das unidades fraseolóxicas baseada na gramática das construcións (C&G) e cuxas tipoloxías se describen desde un punto de vista sintáctico, semántico e pragmático.

Moito antes de que a lexicoloxía se erixise como ámbito disciplinar, a atención que espertaban o que se coñece comunmente como «expresións idiomáticas» testemúñase xa nas recompilacións de proverbios e máximas existentes en distintas linguas (González-Rey, 2021, p. 19). Desde as investigacións levadas a cabo polo considerado como o pai da fraseoloxía, Charles Bally, pasando por V.V. Vinogradov ou D. Dobrovol'skij e, posteriormente, G. Gréciano, J. Firth, J. Sinclair, F. de Saussure ou J. Casares ata chegar a G. Corpas Pastor ou J. Sevilla Muñoz, entre outros, o interese por este tipo de unidades lingüísticas non deixou de crecer. Depositarias do patrimonio cultural dunha sociedade, o seu papel central en calquera idioma fai que sexan indispensables para a adquisición dunha competencia lingüística completa, tanto nunha lingua materna como

[1] Tradución do texto orixinal en castelán realizada por Alba Giráldez Otero.

[2] Dirixida nos seus primeiros anos por Wilfrid Rotgé e desde 2016 por Jean-Luc Nardone —distinguidos investigadores expertos en lingüística inglesa, o primeiro, e o segundo, en literatura italiana cunha extensa faceta tradutolóxica—, esta colección xorde inicialmente coa idea de acoller manuscritos de contido lingüístico, entendido este último no sentido amplo da súa definición. Actualmente, o seu ámbito de publicación estendeuse, abarcando distintos temas que van desde a literatura, a civilización e a edición crítica de textos en edición bilingüe.

estranxeira (González-Rey, 2021, pp. 15 e 41). O seu estudo é pois unha parada de obrigado cumprimento para lingüistas, didactólogos e profesionais vinculados ao ámbito das linguas e das culturas.

Articulada en dez capítulos, un prólogo e unha conclusión, esta monografía presenta nunha linguaxe accesible, tanto para o público especializado como para o iniciado[3], unha análise interdisciplinaria da fraseoloxía e do seu ámbito de estudo conxugando tradición e modernidade. Para iso, a investigadora traza primeiramente a historia da formación da disciplina reconstituíndo a súa evolución ata os nosos días. En segundo lugar, aborda o seu status en relación coa lingüística e a lexicoloxía para proceder seguidamente a especificar as características xerais do material fraseolóxico. Unha vez situado o marco teórico-conceptual do que parte a súa proposta, explica, en último lugar, as catro tipoloxías que establece —as paremias, os pragmatemas, as colocacións e as locucións— xunto coas construcións verbais fixas. Todas elas postúlanse coma un conxunto coherentemente estruturado a nivel interno e externo, aplicables tanto para a lingua xeral como a de especialidade, o que lles confire á vez cohesión e especificidade, proporcionando así un método de análise susceptible de ser aplicado en diversos campos tales como a literatura, a publicidade ou a estilística, por mencionar algúns exemplos.

O volume comeza cun prólogo que sitúa ao lector de xeito temático e terminolóxico para orientalo nas páxinas que seguen. A profesora xustifica, nun primeiro momento, a reactualización do seu enfoque e expón a correspondencia entre os conceptos de «expresións fixas», empregados nos seus primeiros textos, e a súa equivalencia cos termos de «expresións idiomáticas» —concepción herdeira dunha tradición fraseolóxica vinculada ás definicións de «idiomático» e «idiotismo»— e «unidades fraseolóxicas». Resérvanse ambas apelacións para un uso denotativo da linguaxe común ou da linguaxe científica. Así mesmo, adianta a súa nova proposta anteriormente mencionada.

O primeiro capítulo constitúe unha breve introdución ás distintas partes que conforman a obra. Nela ponse de manifesto a importancia das unidades fraseolóxicas e expóñense distintas preguntas de investigación ás que a fraseóloga tratará de dar resposta nos seguintes capítulos.

No segundo capítulo, o lector reconstrúe a historia da fraseoloxía desde o xerme do que constituiría máis tarde o estado emerxente da disciplina no século XIX ata a súa consolidación no século XX. Todo iso complétase cunha panorámica da difusión da fraseoloxía a nivel mundial, especialmente centrada no ámbito francófono, e dun estado da investigación actual a nivel internacional, principalmente no que atinxe ao ruso, ao inglés, ao alemán, ao francés e ao castelán. Tras os primeiros testemuños recompilados, de natureza diversa e procedentes de todas as linguas do mundo, o xurdimento da lexicoloxía provoca que as expresións idiomáticas se inclúan dentro dos dicionarios xerais. É neste momento no que a distinción entre paremioloxía e fraseoloxía comeza a operarse, separándose así os seus respectivos obxectos de estudo, aínda que de maneira incipiente. Durante a primeira metade do século XX, localízanse algunhas alusións referidas a estas

[3] Así o expón explicitamente a autora no prólogo e iso faise patente ao longo da obra.

estruturas fixas nos traballos de lingüística xeral, pero unido a este crecente interese desenvólvese paralelamente unha ambigüidade conceptual que atinxe tanto aos elementos léxicos que poden ser considerados expresións fixas como á delimitación dos límites entre as diversas ramas da lingüística, por exemplo, a gramática, a lexicoloxía, a estilística ou a fraseoloxía. Porén, a investigadora demostra na contraposición dos abundantes datos achegados o esclarecemento paulatino dun conxunto de correntes teóricas que se van afianzando ata converterse nos alicerces dunha sólida disciplina científica: a fraseoloxía. Deste xeito, as primeiras manifestacións xorden da man dos considerados como os precursores da fraseoloxía moderna, H. Paul en Alemaña, H. Sweet en Inglaterra e M. Bréal en Francia, que entre os anos 1880 e 1897 xa aludían á presenza de estruturas fixas nas linguas da súa especialidade cuxos compoñentes estaban dotados dunha opacidade semántica. Con todo, malia non existir unanimidade respecto diso, considérase a Charles Bally como o fundador da fraseoloxía porque as súas obras contribuíron de xeito moi notorio ao desenvolvemento da investigación en fraseoloxía. En efecto, os seus traballos foron rapidamente divulgados polos lingüistas soviéticos da man de E. D. Polivanov e os seus discípulos, o que propiciou o seu desenvolvemento en Europa en países como Alemaña con J. Häusermann ou B. Wotjak, en España con A. Zuluaga ou J. Casares, en Francia con H. Thun ou G. Gréciano e en Inglaterra con J. Firth e a Escola neofirthiana, abarcando tamén o continente americano coa presenza das Escolas americanas. A apertura do campo disciplinar deu lugar a investigacións de corte estruturalista e funcionalista, nun primeiro momento, para desenvolverse ulteriormente unha vertente máis centrada en aspectos pragmáticos e semánticos, dando lugar a estudos contrastivos e diacrónicos. Ao termo deste capítulo, a catedrática dá conta das achegas das investigacións en fraseoloxía na actualidade. Mestúranse así reflexións xurdidas nos encontros de especialistas durante a celebración de congresos nacionais e internacionais co xurdimento dunha rede de investigación na que interveñen distintos actores, tales como asociacións de expertos ou laboratorios e centros de investigación nos que levan a cabo proxectos de alto impacto que xeran grandes avances, como a creación de glosarios multilingües. Este crecemento exponencial cristalízase co xurdimento da fraseoloxía histórica, descritiva, teórica, comparativa, lexicográfica ou mesmo a chamada fraseodidáctica, entre outros.

Os debates derivados do carácter polisémico do concepto de fraseoloxía desde unha perspectiva lexicográfica e lingüística permiten á autora elucidar, ao longo do terceiro capítulo, a condición da disciplina, situada ben baixo a dependencia destas últimas, ben nunha posición intermedia ou ben diferenciándose delas pola súa autonomía. A través da confrontación das distintas acepcións de fraseólogos relevantes, González Rey visibiliza a inestabilidade de certos parámetros considerados como propiedades intrínsecas e permanentes das expresións idiomáticas, como poden ser a idiomaticidade, a non composicionalidade dos seus formativos e o seu status central ou periférico dentro dunha lingua. Así, o sentido máis ou menos restritivo que se lle confire ao termo determina a perspectiva adoptada e, por conseguinte, o tipo de elementos considerados como tales, sen que iso implique un consenso entre especialistas, pois, as diferentes clasificacións non teñen unha correspondencia unívoca e poden resultar contraditorias. Ademais, a maior ou menor extensión da acepción non implica imperativamente a consideración da

fraseoloxía como unha disciplina autónoma, é dicir, cun obxecto de estudo moi acoutado, ou dependente, isto é, cun obxecto de estudo máis amplo. En efecto, a investigadora amosa lucidamente as oscilacións entre os partidarios dunha fraseoloxía entendida baixo o seo da lexicoloxía ou da gramática —como F. J. Hausmann, G. Corpas Pastor, A. Rey ou M. Gross—, que adoptan unha definición dilatada do fenómeno fraseolóxico, e os defensores dunha fraseoloxía independente —como A. Makkai ou A.V. Isačenko— xunto cos que se sitúan a medio camiño entre ambas as correntes, como G. Gréciano e L. Ruiz Gurillo.

A flutuación terminolóxica exposta anteriormente, permite á profesora focalizar a narración, no cuarto capítulo, sobre as particularidades que definen o material fraseolóxico tomando como punto de partida a teoría da composición entendida desde unha tripla aproximación: lexicolóxica, sintáctica e do estudo da frase. Dada a variabilidade estrutural que presentan as unidades fraseolóxicas, antes de detallar as súas propiedades González-Rey reúne as principais apelacións en lingua común que adoitan utilizarse para referirse a este tipo de unidades e clasificaas en función do seu significado denotativo. A través da análise das definicións contidas en dezaoito dicionarios, así como en textos científicos especializados, a investigadora presenta unha listaxe aberta de vinte propiedades xerais atribuíbles ás unidades fraseolóxicas co fin de examinar a súa pertinencia[4]. Entre as novidades que presenta esta clasificación destacan diversas reflexións que viran ao redor da necesidade de redefinir algunhas destas características, recuperando neste sentido a tese enunciada por G. Gréciano. No que atinxe á polilexicalidade, a autora apunta a que esta debe estenderse a compostos formados por un só lexema e non unicamente por varios lexemas, como se considerou tradicionalmente. Con respecto á lexicalización ou fixación, suxire que esta se entenda coma unha gradación, isto quere dicir que unha mesma unidade é susceptible de lexicalizarse ou deslexicalizarse en función da súa actualización no discurso, por exemplo, mediante manipulacións de nivel fonético, léxico ou sintáctico, xerando novos significados ou distintos efectos pragmáticos. Isto implica que se vexan inmersas tamén nos procesos estilísticos ou de creación de novas unidades fraseolóxicas as características de arbitrariedade, figuralidade e opacidade, pois non todas as expresións son composicionais e o seu significado puido escurecerse en maior ou menor medida co paso do tempo. De igual modo, a investigadora sinala que as unidades fraseolóxicas, do mesmo xeito que o resto de signos lingüísticos, poden ser empregadas nunha ampla variedade de rexistros e niveis de lingua en función da situación de comunicación. Outra novidade que atinxe á redutibilidade de toda expresión idiomática a unha soa palabra, esta propiedade, indica a fraseóloga, non é aplicable en todos os casos (véxanse, por exemplo, as colocacións terminolóxicas). Así mesmo, González-Rey engade en relación coa frecuencia de uso que a lingüística de corpus subliñou nalgúns traballos os límites dunha propiedade que non dá conta da vitalidade de certas locucións e colocacións na lingua oral. Para ilustrar este feito, a autora menciona o caso da expresión *to kick the bucket* que, cun alto índice de frecuencia na comunicación oral, aparece rexistrada unicamente once veces no British National Corpus.

[4] A adecuación total ou parcial destas calidades quedará reflectida nos capítulos nos que se detallan os distintos tipos de unidades fraseolóxicas.

Apoiándose na importancia da propiedade combinatoria que toda lingua posúe, o que se coñece no vocabulario científico como locucionalidade ou colocacionalidade, a fraseóloga céntrase no quinto capítulo no que constitúe o obxecto de estudo da fraseoloxía. Para iso, retoma a noción de idiomaticidade[5] desde un prisma máis amplo como propiedade que permite determinar, por unha banda, desde una perspectiva interlingüística, as unidades fraseolóxicas dun idioma fonte en relación cun idioma meta a través da tradución directa e, por outra banda, desde una perspectiva intralingüística, discernir as construcións polilexicais fixas dunha lingua dada en vinculación coas combinacións libres. A partir da dobre vertente deste concepto, a investigadora aborda a dificultade de descodificación das expresións idiomáticas, tanto para un locutor nativo como para un estranxeiro, o que a leva a postular unha clasificación tridimensional —formal, semántica e pragmática— dos diferentes tipos de unidades fraseolóxicas. Establece así catro grandes grupos —colocacións, locucións, paremias e pragmatemas— que dan lugar a catro subconxuntos da fraseoloxía e que poden ser susceptibles de estudarse tanto na lingua xeral coma nas linguas de especialidade. Adicionalmente, a estes criterios aplícalle os principios reactualizados de endocentrismo e exocentrismo expostos por Bloomfield e pertencentes á gramática das construcións (C&G), o que lle permite instaurar dúas grandes categorías de signos fraseolóxicos: os enunciados fraseolóxicos e os sintagmas fraseolóxicos que, á súa vez, divídense en paremias e pragmatemas, para o primeiro conxunto, e colocacións e locucións, para o segundo conxunto. A importancia das nocións de endocentrismo e exocentrismo radica en que posibilitan a distinción de expresións cuxa estrutura sintáctica é aparentemente a mesma, pero, examinadas a nivel semántico e pragmático, o seu funcionamento cambia (véxanse os exemplos *pleuvoir à verse* / *pleuvoir des cordes* e *tomber des cordes* facilitados na nota ao pé da páxina duascentas do exemplar recensionado). Nótese aquí a novidade introducida por González-Rey acerca da importancia que exerce a pragmática do discurso sobre os diferentes tipos de unidades fraseolóxicas: por unha banda, fixaas no momento da súa formación nunha categoría particular e, por outra banda, desfixaas para transformalas noutro tipo de unidades do discurso.

Os capítulos sexto, sétimo, oitavo e noveno detallan as catro clases de unidades fraseolóxicas anunciadas no parágrafo anterior. En cada un deles, a autora xustifica a súa posición conceptual á luz das distintas teorías xurdidas no seo de cada categoría. Expón igualmente que ditas tipoloxías son susceptibles de ser utilizadas nas linguas xerais e nas de especialidade tanto na comunicación oral como na escrita. A pesar de que presentan distintos comportamentos a nivel semántico e pragmático, conflúen nalgúns trazos comúns: polilexicalidade, fixación, reprodución e institucionalización, aínda que non co mesmo alcance.

As paremias abórdanse no sexto capítulo a partir dos avances no coñecemento fundamentalmente propostos pola paremióloga Julia Sevilla Muñoz. González-Rey (2021) defíneas como unidades fraseolóxicas «moralmente orientadas a unha boa conduta na vida» (p. 92), formadas por estruturas binarias sen verbo ou frases simples ou compostas cuxos elementos presentan ideas idénticas, opostas ou complementarias nun vínculo de causa-efecto por medio dunha xustaposición, coordinación ou complementación.

[5] No seu estudo, a autora sinala a Charles Bally como precursor da teoría idiomática.

Consideradas desde as nocións de exocentrismo e endocentrismo da gramática das construcións (C&G) e analizadas desde un punto de vista formal, semántico e pragmático, a fraseóloga diferencia dous tipos de estruturas: frásticas e non frásticas. As paremias distínguense dos pragmatemas polo seu dobre espesor semántico, á vez composicional e non composicional (literal e figurado), e pola súa función discursiva, á vez referencial e inferencial. Comparten coas locucións a posibilidade de ser deslexicalizadas, o que a investigadora chama «fenómeno de deslexicalización», poden sufrir modificacións por un proceso de manipulación lexical con fins estilísticos concretos, dando lugar a novas unidades.

Os pragmatemas abórdanse no sétimo capítulo seguindo a denominación proposta por Mel'čuk. A autora defíneos como unidades fraseolóxicas sintacticamente autónomas de tipo verbal ou averbal, constituídas por formas ritualizadas e recorrentes que implicitamente transmiten aspectos lingüísticos e comportamentais. Actualízanse no discurso, pero a súa fixación formal, semántica e pragmática fai que sexan dependentes do contexto de enunciación (González-Rey, 2021, pp. 103–113). Considerados desde as nocións de exocentrismo e endocentrismo da gramática das construcións (C&G) e analizados desde un punto de vista formal, semántico e pragmático, dan lugar a dous grupos principais, os pragmatemas conversacionais e os comportamentais, que, á súa vez, se subdividen noutras catro clases[6]. Comparten coas paremias unha estrutura sintáctica e funcional, así como un sentido referencial e inferencial, segundo a composicionalidade ou non composicionalidade dos seus termos.

As colocacións abórdanse no oitavo capítulo tomando como referencia as primeiras acepcións do termo expostas por Bally, Hjelmsley e Coseriu, así como a posterior consolidación do concepto en lingua inglesa e francesa. Con todo, é necesario precisar que, a pesar dos numerosos traballos existentes sobre as colocacións, este tipo de unidades non se atopan aínda ben definidas pola dificultade que supón a súa delimitación. Por iso, González-Rey efectúa unha análise dos seus trazos formais, semánticos e pragmáticos detectando a existencia dunha confusión nalgúns dos criterios expostos, pois a fronteira entre colocación e locución non sempre é clara. Queda por tanto evidenciada a pertinencia da súa contribución, postulándose como unha alternativa eficaz para superar esta dificultade. As colocacións aparecen definidas como unidades fraseolóxicas compostas dunha base e un colocativo, cuxo comportamento no discurso é variable, o que pode implicar un cambio categorial (González-Rey, 2021, p. 130). Consideradas desde as nocións de exocentrismo e endocentrismo da gramática das construcións (C&G) e analizadas desde un punto de vista formal, semántico e pragmático, divídense en dous grupos principais: colocacións composicionais e semicomposicionais que, á súa vez, se agrupan en colocacións léxicas (nominais, adxectivas ou adverbiais) e gramaticais (conxuntivas e prepositivas).

[6] Os pragmatemas conversacionais subdivídense en formais e informais e ambos se separan respectivamente en frásticos (verbais) e non frásticos (averbais). En cambio, os pragmatemas comportamentais divídense en pragmatemas apositivos (con soporte dependente da mensaxe) e pragmatemas sen soporte dependente da mensaxe, ambos á súa vez divididos en directivos (a acción a realizar é obrigatoria) e exhortativos (a acción a realizar é voluntaria).

As locucións abórdanse no noveno capítulo partindo da distinción establecida por Cowie (1981) entre os *pure idioms* e os *figurative idioms* (citado en González-Rey, 2021, p. 183). A catedrática defíneas como unidades fraseolóxicas formadas por palabras cuxa combinación dá lugar a sintagmas non composicionais e inferenciais. Consideradas desde as nocións de exocentrismo e endocentrismo da gramática das construcións (C&G) e analizadas desde un punto de vista formal, semántico e pragmático, a autora distingue dúas clases: locucións congruentes ou figuradas e locucións incongruentes ou propiamente idiomáticas, segundo o grao de coherencia ou incoherencia das imaxes que evocan. A pesar de que o aspecto semántico é preponderante, ambas poden catalogarse en función da súa natureza formal ocupando a categoría gramatical de nomes, verbos, adxectivos ou adverbios. Este tipo de unidades comparten coas colocacións a función de ser integrantes de frases, pero diferéncianse delas polas súas características semánticas e a súa estrutura exocéntrica. Aspecto este último que as aproxima ás paremias e aos pragmatemas debido a que conforman grupos de palabras que forman un todo. Tradicionalmente asociadas á lingua oral, González-Rey demostra mediante exemplos extraídos de textos literarios, xornalísticos e publicitarios que o seu uso se estende paralelamente á lingua escrita e en calquera rexistro.

No décimo e último capítulo, recóllense e descríbense as construcións verbais de carácter fixo a valor metafórico. A partir da revisión das investigacións sobre as construcións verbais realizadas por Gougenheim, Ruwet, Moeschler, M. Gross e G. Gross, a catedrática constata a existencia dunha imprecisión terminolóxica que pon de manifesto a necesidade de revisar algunhas das propiedades destas unidades. Os parámetros que provocan confusión son: a heteroxeneidade da súa estrutura interna, a natureza do soporte verbal e o grao de fixación da secuencia. Sen querer reducir o seu estudo a un criterio formal, a fraseóloga emprende unha análise dos trazos semánticos e do funcionamento do que denomina *constructions verbales figées à valeur imagées*[7] podendo ser terminolóxicas, populares, familiares e argóticas. Mediante a aplicación da teoría das figuras retóricas de Lausberg e Fontanier demostra, nun exame rigoroso e pormenorizado, que estas construcións seguen unha elaboración retórica e que forman parte das colocacións e das locucións, de modo que lle permiten establecer a súa propia tipoloxía. Como xa anticipaban Bally, Saussure e Moeschler, a non composicionalidade é un fenómeno que non é exclusivo das locucións.

A monografía termina retomando a modo de conclusión as ideas clave expostas ao longo da obra, volvendo de maneira sintética sobre a integralidade. O lector ten nese momento a oportunidade de reorganizar na súa mente toda a ensinanza acumulada páxina tras páxina, pois cada elemento e cada observación se atopan perfectamente interconectados. A profunda e orixinal reflexión plasmada no volume deriva dun intenso labor de documentación e de esexese[8]. O carácter innovador da súa teoría reside non só na reorganización dun material lingüístico variable á vez que heteroxéneo, senón en

[7] Tradución ao galego: «construcións verbais fixas con valor metafórico».

[8] Unha vista xeral da bibliografía basta para tomar conciencia da envergadura e o calado da obra. Alí aparecen nomes de numerosos especialistas a nivel mundial, así coma un listado de dicionarios e antoloxías.

poñer a un mesmo nivel xerárquico as construcións libres e as construcións especiais dunha lingua.

É en certa medida premonitorio que a eminente especialista en fraseoloxía e pioneira en percibir o *xiro léxico/xiro lingüístico*, Gertrude Gréciano, advertise a lucidez do pensamento de María Isabel González Rey cando os seus traballos científicos estaban aínda nun estado embrionario. Anticipábase deste xeito ao prolíficas e destacadas que ían ser, foron e continúan sendo as súas investigacións no campo da fraseoloxía e, de forma especial, no da fraseodidáctica. A súa tese, revisitada vinte anos despois da súa primeira impresión, ofrece novas claves de comprensión e análise do fenómeno fraseolóxico proporcionando un soporte sólido a calquera que queira afondar, en palabras da propia autora, no «[…] mundo colorido das expresións idiomáticas, un universo cativador, á vez pola súa natureza fixa e polo seu dinamismo […]» (González-Rey, 2021, p. 13).[9] [10]

Referencias bibliográficas:

González-Rey, M. I. (2021). *La nouvelle phraséologie du français* (3ème édition revue et augmentée). Presses universitaires du Midi, coll. « Interlangues ».

Aira I. Rego Rodríguez
Universidad de Extremadura
https://orcid.org/0000-0001-9114-5579
arairatxe.rego@rai.usc.es/ airarego@unex.es

[9] Texto orixinal: « […] découvrir le monde coloré des expressions idiomatiques, un univers attrayant, à la fois pour son figement et pour sa mouvance […]».

[10] Gustaríame agradecer a María Isabel González Rey a oportunidade brindada e a confianza depositada na miña persoa para redactar esta recensión.

IGLESIAS GONZÁLEZ, Xaime (2019): *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas.* Ilustracións de José M. Castro Méndez. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Biblioteca Fraseolóxica). ISSN 1698-787X, 208 páxinas.



Co firme convencemento de que os refráns incorporan e reforzan crenzas, actitudes e valores comúns compartidos, Xaime Iglesias González bríndanos *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas*, froito da súa longa traxectoria docente en varios centros educativos galegos. A partires de propostas didácticas de diversa índole e de recolleitas de refráns que o seu alumnado escoita na casa e na contorna cotiá, o mestre-profesor vai poñendo en práctica a investigación-acción e a aprendizaxe cooperativa na aula e fóra dela. Deste xeito, contribúe á mellora progresiva da competencia léxica e sociocultural do alumnado, pois coas pescudas propicia unha práctica lingüística auténtica e significativa, redundando tamén nunha aprendizaxe integral. E é precisamente este enfoque abertamente interdisciplinario e transversal con respecto do currículo educativo o que fai que *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas* supoña un chanzo importante para fomentar o uso didáctico do refraneiro nos centros de ensino.

Publicado en formato dixital no marco do proxecto de investigación Fraseoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación e Humanidades (https://www.cirp.gal/pub/docs/frase/coa_palabra_na_boca.pdf), o volume arranca co prólogo da profesora Ana Acuña da Universidade de Vigo e pecha co correspondente apartado de referencias bibliográficas. A parte central está organizada en catro capítulos que dan conta de máis de 800 refráns galegos. Os dous primeiros constitúen os prolegómenos da obra («Refráns e refraneiros» e «O refrán no ensino») e os outros dous capítulos son a súa cerna («Proposta didáctica e «Suxestións e respostas»).

O primeiro capítulo, «Refráns e refraneiros» (páxs. 13–20), supón unha breve e práctica introdución á materia, que centra a atención na orixe e definición do refrán, os trazos definidores, as variedades e estruturas. Como é ben sabido, o refrán ten unha marcada intención informativa e persuasiva e caracterízase por expresar un pensamento baseado na experiencia. É de carácter anónimo, antigo, popular e breve, con sentido completo, de forma fixa, de transmisión oral e de carácter universal e verdadeiro. Cunha estrutura xeralmente bimembre de *presentación* + *termo*, os refráns botan man de distintos tipos de rima, métrica e ritmo que facilitan a súa memorización e garanten a súa perdurabilidade. Tamén fan uso de varios recursos estilísticos de tipo semántico (comparacións, metonimias, hipérboles, metáforas e ironías) e de tipo fónico-gramatical (repeticións, anáforas, aliteracións, paralelismos e hipérbatos), que os converten en verdadeiras «xoias lingüísticas» (páx. 21) e «arsenal de intelixencia práctica e fresca imaxinación» (páx. 15).

O autor recolle a distinción dos refráns en dous grandes grupos: os refráns de alcance xeral (que se refiren a temas de tipo universal, como amor, amizade, bondade, xustiza etc.) e os refráns de alcance limitado (como os temporais e meteorolóxicos, laborais, supersticiosos, pexorativos, xeográficos e históricos). Despois de aludir ás distintas fontes documentais nas que aparecen os refráns galegos ao longo da historia e as distintas compilacións levadas a cabo nos séculos XVIII e XIX, e en especial no século XX, o capítulo remata instándonos a non esquecer a importante contribución paremiolóxica de Vicente Llópiz Méndez (1896-1965), «que nos legou unha colección inédita de máis de corenta mil refráns» (páx. 19).

O segundo capítulo, «O refrán no ensino» (páxs. 21–24), fai fincapé na importancia dos refráns como indicadores de competencia lingüística, fonte de coñecemento e recurso docente de transversalidade curricular. Como presentan un uso menor na oralidade actual debido aos novos modos de comunicación e transmisión do coñecemento, os refráns precisan dunha presenza máis explícita na planificación do ensino, a fin de permitirmos «achegar o alumnado a certos coñecementos desde unha óptica peculiar galega que posibilita arraigar a aprendizaxe ao Medio […], coñecer e valorar tanto a contorna das crianzas como a realidade socio-cultural das persoas que nela habitan» (páx. 23). Así, o autor establece como obxectivos educativos salientables do uso dos refráns nas aulas os seguintes (páx. 24): promover a recollida de refráns por parte do alumnado e reforzar o diálogo interxeracional; pór en valor o material recollido como patrimonio cultural e favorecer o desenvolvemento do espírito crítico; elaborar corpus de refráns, analizalos, clasificalos e deseñar actividades de práctica e aprendizaxe; divulgar os resultados do traballo a modo de contribución á cultura galega en xeral e á comunidade do alumnado máis en particular; contribuír á aprendizaxe significativa da comprensión e expresión orais da lingua galega; e achegar o alumnado a «nosa literatura popular de tradición oral» por ser mostra auténtica de idiosincrasia e identidade.

O terceiro capítulo, «Proposta didáctica» (páxs. 25–164), miolo propiamente dito da obra, está divido en dúas partes que se complementan: «Actividades xerais» e «Actividades por etapas». As primeiras están a dispor dos docentes para a escolla e adaptación en función das súas necesidades de aula e as segundas están dirixidas maiormente aos ciclos de educación infantil, primaria e secundaria. Todas elas perseguen o mesmo obxectivo de ampliar e consolidar a competencia paremiolóxica de quen as traballa.

O primeiro apartado, «Actividades xerais», emprega más dun cento de exercicios prácticos organizados en oito apartados: 1) «Recollida de refráns»; 2) «Traballando cun refrán»; 3) «Reciclaxe de refráns»; 4) «Significado e uso dos refráns»; 5) «Algunhas características dos refráns»; 6) «Orixe e universalidade dos refráns»; 7) «Os refráns nas clases de Lingua»; e 8) «Os refráns noutras áreas do currículo». Os exercicios achegados son de carácter oral e/ou escrito, e pódense resolver de xeito individualizado, por parellas, en equipo, dentro da aula e fóra dela. Abranguen unha grande e prolífica variedade de tarefas que redundan na motivación e implicación do alumnado, cara unha formación integral en estratexias de coñecemento e actuación. Destacan as actividades de observación da forma e do significado, de recoñecemento, de análise, de reflexión, de explicación, de

síntese, de consulta e investigación, de clasificación, de selección, de combinación, de substitución, de reformulación, de creación, de relación (semellanza e contraste con outros refráns e con outras linguas), de debate e confrontación de opinións. Hai actividades que atenden tamén ao sentido literal e ao metafórico, á complexidade formal e aos distintos recursos estilísticos empregados, así como as distintas fontes de procedencia dos refráns.

Para ilustrar a universalidade do refraneiro o autor deléitanos coa presenza de refráns latinos, casteláns, cataláns, franceses, ingleses e portugueses, así como coas transcricións de refráns en linguas máis distantes como o árabe, o armenio ou o chinés. Esta ponte cara outras linguas pon en valor a diversidade lingüística como base sólida para a consecución dunha competencia plurilingüe e intercultural que tamén debe estar presente no currículo educativo. Indo máis lonxe, e co ánimo de desenvolver o espírito crítico (páxs. 43 e 172), o autor propón reflexionar, por exemplo, sobre refráns que vulneran a igualdade de dereitos entre home e muller (*A muller e a troita pérdense pola boca; A dona na casa, o home no traballo*); refráns deterministas (*Que queira que non queira, o burro ha de ir á feira; O que nace para burro, non chega a cabalo*); supersticiosos (*Ao mal encontro, faille a figa; Cando a galiña canta coma o galo, a morte está no tellado)*; materialistas (*O que non herda, non medra; Home rico, coa fama casa o fillo*); pexorativos (*Home pequeno, fol de veleno*; *Falou a vaca e dixo: ¡Muu!)*; desconfiados (*Desconfía e acertarás; Cando o río sona, auga leva*); e obsoletos (*Poñámonos gordos, que o comer é todo*; *Ave de paso, fungueirazo!*).

O segundo apartado, «Actividades por etapas», achéganos máis de duascentas actividades agrupadas por períodos educativos e unidades temáticas: educación infantil (4 unidades), educación primaria (10 unidades) e educación secundaria (8 unidades). Todas as actividades están aloxadas en fichas (hai un total de 64) que van acompañadas cadansúa con indicacións didácticas e presentan un deseño moi versátil que facilita a impresión en papel e o uso directo na aula. Cómpre salientar que estas fichas están enriquecidas conceptual e visualmente cos magníficos debuxos de José M. Castro Méndez, que responden moi atinadamente aos contextos temáticos tratados.

Polo que se refire á etapa de educación infantil, as unidades correspondentes traballan cos refráns *O que non ten cabeza ten pés*; *A cada paxariño gústalle o seu niño*; *O que ten boca vai a Roma*; e a fórmula rutineira *aprende cachola que estamos na escola.* Con respecto á etapa de educación primaria, dividida en tres ciclos (de dous cursos cadanseu), as unidades arrancan cun refrán ao que se lle vencellan actividades con outros refráns máis o menos equivalentes. Así, os cursos 1º e 2º parten de *Non é ouro todo o que reloce*; *Na necesidade vese a amizade*; e *Polo san Xoán, a sardiña molla o pan.* Os cursos 3º e 4º centran a súa atención no uso de *Traballo comezado é medio rematado*; *Vale máis maña ca forza*; e *Non pon a galiña, senón a fariña*. E os cursos 5º e 6º escollen, por unha banda, os refráns *O que canta, as penas espanta* e *Río revolto, ganancia de pescadores*; e, por outra banda, revisan refráns galegos referidos á auga e ao comer.

As unidades da etapa de educación secundaria arrancan co relato dialogado «Os refráns do avó» (unidade 1) sobre a experiencia de ter feito un refraneiro persoal. Serve para traballar de forma explícita as características dos refráns e a súa estrutura. A unidade 2,

«Un refrán para cada mes», acolle refráns que aportan información e consellos sobre o calendario, a meteoroloxía e os cultivos. A unidade 3, «Recursos lingüísticos dos refráns», atende ao uso da rima e das distintas figuras estilísticas. A unidade 4, «O amor no refraneiro», permite reflexionar sobre o feito amoroso. A unidade 5, «Refráns da vida e da morte», presenta un repertorio moi ben traído para empregármolo cando sobrevén a adversidade. A unidade 6, «Refráns do mundo clásico», mergulla en fontes da cultura grecolatina e a unidade 7, «A Biblia, fonte de refráns», faino no Antigo e no Novo Testamento. A unidade 8, «Outros refráns con raíces», cerra o apartado desta etapa educativa con refráns procedentes da tradición galega da matanza e do traballo do mar.

Por último, o cuarto capítulo de «Suxestións e respostas» (páxs. 165–202) mantén unha estreita relación co anterior, pois propón, a modo de guía didáctica, liñas de actuación para levar á práctica ás actividades. Ao tempo que achega solucións aos exercicios de carácter pechado, debulla suxestións de resposta para os que son máis abertos na súa resolución. Neste sentido, alenta ulteriores pescudas doutros refráns relacionados cos temas tratados e incentiva debates sobre a visión da realidade que transmiten, así como sobre a aceptación e vixencia do seu uso entre os distintos grupos de poboación e interese.

Sen dúbida ningunha, o coñecemento do mundo e da realidade, e máis especificamente do mundo e da realidade de Galicia, é moito máis doado a partir de agora ao contarmos con este excepcional traballo de *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas* co que Xaime Iglesias González e José M. Castro Méndez tan afanosa e xenerosamente nos agasallan. Alén de ser un recurso esencial para os centros de ensino e para a formación de docentes de educación infantil, primaria e secundaria, este volume é un estimulante fío condutor para a elaboración de posteriores contribucións no eido da paremioloxía práctica, a fin de consolidar o necesario acubillo nas aulas que precisa toda a nosa sabedoría herdada.

M. Carmen Losada Aldrey
Universidade de Santiago de Compostela
https://orcid.org/0000-0001-7181-3939

LÓPEZ TABOADA Carme e SOTO ARIAS, M.ª Rosario (2020). *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán, castelán-galego*. Xerais: Vigo. ISBN 978-84-9121-776-3; XVI + 1190 páxs.

1. Dúas anécdotas fraseolóxicas para abrirmos este libro



Un amigo castelán, vai para corenta e seis anos, preguntoume en Ferrol cal era o significado da frase *Fulano murió va buena,* que oíra aquel día na rúa e que o deixara coa boca aberta. A el soáralle esperpéntica pola contigüidade de *murió* con *buena*, coma se aquela morte trouxese felicidade a alguén (coma se quixese dicir *¡Deus o teña lonxe de nós!*), pero a naturalidade neutra, con que a dixera un e a escoitaran outros, facíalle pensar que el non captara o verdadeiro significado. Non me estrañou, porque é a tradución local e case literal, de *Morreu vaiche boa,* variante sintáctica de *¡Vaiche boa que morreu!* e que significa simplemente «Xa hai bastante tempo que morreu». Este dicionario (no sucesivo, ***DF GC CG-2020***) define así esta locución: «[Úsase, frecuentemente con valor enfático, para indicar que pasou moito tempo con respecto a algo, ou que algo xa non ten remedio, ou que é difícil saber que pasou con algo ou alguén]. Xa hai moito tempo que pasou; hai moita distancia ou diferenza». E, se no lema engade estas variantes *Ía boa / Ir boa que / Vai boa (diso) / Vai(che) boa que, Vaiche boa (Vilaboa*), no apartado de sinónimos ofrece estes catro: *Xa hai moito tempo que (pasou) / Sabe Deus / Onde vai que / Onde vai o conto/tempo* e no apartado das equivalencias castelás ofrece estas: *Hace mucho que; Hace un buen rato (que), Nunca más se supo. ¡Quien lo pillara! Sabe Dios. Vete tú a saber*.

Poucas semanas despois do sucedido que contei, fun eu o sorprendido, cando no xornal local lin este titular: *Serantes por el pie ayer en el Ayuntamiento*. Neste caso sospeitei que aquel *por el pie* debía ser un calco da locución galega *polo pé* co que viña significando que *case tódolos veciños [da parroquia] de Serantes* se foran manifestar diante do Concello de Ferrol por algo que consideraban inxusto. Quedei con aquela hipótese na cabeza ata que miña nai me lembrou que, cando se corta unha árbore polo pé, lévase todo e só se deixan na terra o couce e as raíces; así que, dito dunha comunidade de veciños, *polo pé* tiña que significar neste caso concreto que «case toda» a parroquia de Serantes se fora manifestar diante do Concello por algo que a todos traía incomodados e só quedaran na casa os veciños enfermos ou, como se di agora, con dificultades de mobilidade. Este dicionario, que vou comentar, ofrece este exemplo no que Neira Vilas fala dunha súa experiencia teatral: *A segunda vez puxemos unha obra que se chama 'Pancho de Rábade'. Veunos ver a aldea polo pé. Non cabían máis.* É dicir, significa que viñeron case tódolos veciños da aldea.[1]

[1] E aínda hai no TILG [http://ilg.usc.gal/TILG/gl/tilg] outro exemplo do mesmo escritor: *Foi chegando xente. Mocedade, vellos, nenos... A aldeia polo pé. Xerras de viño, pandeiretas, unha gaita.* Estas citas

Os fraseoloxismos galegos *¡Vaiche boa!* e *polo pé* coas súas verdadeiras equivalencias en castelán simbolizan os asuntos que afronta e clarifica este dicionario fraseolóxico bilingüe bidireccional (***DF GC CG-2020***). Calquera que veña a Galicia percibe que a fraseoloxía galega non só se oe cando falamos en galego: con moita frecuencia a fraseoloxía galega faise presente no castelán falado en Galicia, con incisos bilingües socialmente admitidos como cando, falando en castelán, alguén di literalmente que algo *no me dá *xeito* porque no léxico castelán non encontramos ningún substantivo semanticamente simétrico de *xeito* e quizais teriamos que dicir, como propón este dicionario, *no me las apaño, no le encuentro la manera, no le cojo el punto, no le cojo el truco* ou, xa moi diluído, *no me viene bien,* pero todos percibimos que non teñen ese toque híbrido de cordialidade e colorido do inciso **non me dá xeito* que todos en Galicia entendemos.

A fraseoloxía non sempre admite tradución literal e paralela, porque moitas veces é figurada. E, en moitos casos, tamén a figuración é diferente, como en *Vaiche boa!* ou en *polo pé.* Pola contra*,* no ámbito léxico palabras moi distintas designan a mesma realidade: *leite, leche, llet, lait, latte* teñen un visible parentesco, como o teñen no ámbito xermánico e eslavo, *milk, Milch* co ruso e ucraíno *Молоко* e só o euskera *esne* evidencia unha raíz exclusiva, pero, aínda así, todos son unha mesma unidade semántica. Séntese a respiración das linguas nestes detalliños.

demostran que a locución *polo pé* non só se usaba en Ferrol, senón tamén a uns 170 km de Ferrol, en Gres (Vila de Cruces), de onde era Neira Vilas, autor desa cita. Hoxe sei que tamén a usou nas *Aventuras de Alberte Quiñoi* (1976) Manuel García Barros «Ken Keirades», que era de Berres (A Estrada), xa a 18 km da miña Moraña natal onde todos sabemos que *cortar un carballo polo pé* é baixalo enteiro, deixando só as raíces baixo o couce. Di Ken Keirades que no Domingo de Ramos os mociños levaban á igrexa ramos moi grandes. *O* [ramo] *que levaba* [Alberte Quiñoi] *aquil ano feguraba unha oliveira polo pé* [«enteira, completa»]. *Pra pasálo a dentro da ilesia meteulle o couce por diante, pro como a cabeza se enredaba na porta, por sere máis ancha que a entrada, houbo que axudarlle a entrar pra que pasara* (García Barros, 1972, p. 61). Ese *unha oliveira polo pé*, que significa «case enteira, completa», non é hipérbole: podo dar fe de que en Compostela, alá por 1960, no Domingo de Ramos os mozos das parroquias periféricas levaban a bendicir á Catedral ramos duns catro ou cinco metros de alto.

1.1. *Vaiche boa* neste *DF GC CG-2020* (sub voce *bo / boa*, pp. 80, 81 e 82)

GAL. col. Á vaiche boa *Ou quedar literalmente abandonados á vaiche boa nunha vila esquecida de La Rioja* (FB, CORGA).

■ Sen propósito, orde nin plan claro ou predeterminado; á súa sorte ► Ao DEUS dará.
CAST. A la buena de Dios.

GAL. col. Era boa ● col. Iría/sería boa ● col. Vaiche boa (, Vilaboa)! *–¿E non estará vostede enganado? –Érache boa. Son dez, nin un máis nin un menos* (RE).
■ [Negación irón.; expresa con certa burla o desacertado dunha apreciación] ► Non HA, ho.
CAST. col. ¡Anda ya! ● col. Buena es esta ● col. De eso nada ● col. Esta es buena ● col. Estar aviado/bueno/fresco ● col. La tienes clara.

GAL. col. Ía boa ● col. Ir boa que ● col. Vai boa (diso) ● col. Vai(che) boa que ● col. Vaiche boa (, Vilaboa) *Deu unha volta por todo o arredor e tan só viu os carneiros. ¡O pastor ía boa, quen o collía!* (HG).
■ [Úsase, frecuentemente con valor enfático, para indicar que pasou moito tempo con respecto a algo ou que algo xa non ten remedio, ou que é difícil saber que pasou con algo ou alguén] Xa hai moito tempo que (pasou) ► Sabe DEUS; Onde VAI que; Onde vai o CONTO/TEMPO.
CAST. Hace mucho que ● col. Hace un buen rato (que) ● col. Nunca más se supo ● col. ¡Quién lo pillara! ● col. Sabe Dios ● col. Vete tú a saber.

GAL. col. Vaiche boa! *D'entón a hoxe… ¡vaiche boa!* (PL, TILG).
■ Haber moita distancia ou diferenza ► Nin PUNTO de comparación.
CAST. col. Dónde va (a parar) ● Ni punto de comparación.

1.2. *Polo pé* neste *DF GC CG-2020* (sub voce *pé*, p. 522)

GAL. col., loc. Polo pé *A segunda vez puxemos unha obra que se chama «Pancho de Rábade». Veunos ver a aldea polo pé. Non cabían máis* (NV).
■ [A fr. gal. presenta un uso fig., en paralelo a 'cortar *polo pé* unha árbore', de tal forma que vai toda, sen quedar nada].
CAST. Al completo ● En pleno.

Ben mirado, cando se corta unha árbore, queda o coto e as raíces: entendo que cando dicimos que *había ó pé de mil persoas* é que eran case 1000. Cando falamos ou escribimos, combinámo-las palabras para que expresen o que pensamos e queremos dicir. Pero hai palabras que xa veñen de vello combinadas de maneira estable con outras, coma as uvas que veñen da viña en acios. Acontece coas palabras algo parecido ó que acontece cando nós nos asociamos a persoas que teñen intereses ou gustos semellantes ós nosos:

realizamos con maior eficacia unha actividade deportiva, social, cultural, política ou económica, que nos é común, de xeito que ese grupo fai máis visible e expresa mellor unha faceta peculiar da nosa personalidade, aínda que non sexa a predominante. E coas palabras pasa igual: que, cando o verbo *ir*[2] ou a preposición *por* se asocian de maneira estable con outras (*boa* ou *pé*), é dicir, cando forman un fraseoloxismo *(vaiche boa, polo pé*), ademais do que significan o adxectivo *boa*, ou o substantivo *pé,* adquiren significados peculiares dese xuntoiro e, en moitos casos, o significado conxunto xa non é a suma dos significados ordinarios dos compoñentes senón algo novo e distinto. Iso é a *fraseoloxía*.

Pero fraseoloxismos como *¡Vaiche boa!* e *polo pé* (que agora vemos nos dicionarios) danse a centos e todos están xa nas nosas cabezas, porque os aprendemos escoitando os nosos pais e veciños. E, como comunidade bilingüe, estamos afeitos a vivir traducindo dunha lingua para outra e aprendendo de oído e en contexto un rico repertorio de matices que agora empezan a aparecer nos dicionarios. E, se hoxe puidese consultar neste ***DF GC CG-2020*** as variantes do lema ***bo / boa*** (pp. 80–83) aquel meu amigo castelán, que hai corenta e seis anos oíu en Ferrol *murió va buena*, non tería dúbidas para deslinda-la fértil polisemia do verbo ***ir*** cando se asocia co adxectivo ***bo / boa***.

E na parte castelán-galego, no tema *Dios*, (p. 865 b) aínda aparece *á vaiche boa* como sinónimo de *a la buena de Dios* (cos verbos *dejar* e *quedar*) significando «á súa sorte» ou «sen propósito, orde nin plan claro determinado» en textos coma estes: *Porque te habían dejado a la buena de Dios y no podías consolarte. // Un pequeño enjambre de chabolas de ladrillo rojo, alzadas a la buena de Dios sobre un campo de espigas.*

2. As autoras presentaron na TVG o *DFG-2008* un precedente visible deste dicionario fraseolóxico bilingüe (*DF GC CG-2020*)

Este dicionario fraseolóxico de XVI+1190 páxinas é farturento en información fraseolóxica, pero hermético no aspecto persoal: non hai unha soa nota que permita saber algo das autoras, catedráticas de lingua e literatura galega na Coruña. Pero os lectores deben saber que no 2008 xa publicaran o monolingüe *Dicionario de fraseoloxía galega* (Xerais: Vigo [XX + 650 páxs.]), que de aquí en diante citarei como *DFG-2008*.

Daquel primeiro dicionario fraseolóxico monolingüe do 2008 cómpre lembrar que tivo inmediata recensión de Xosé María Gómez Clemente (da Universidade de Vigo) en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008, 284–287. As persoas interesadas poden lela neste enlace [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg10.pdf]. E posteriormente en decembro do 2010 na TVG foi obxecto de dúas visitas do microespazo *Ben falado!* emitido pola TVG (cap. 378 e 379) nas que as propias autoras presentan ante a cámara aquela súa obra e que as persoas interesadas poden reproducir tamén nas ligazóns que agora indico:

[2] Sorpréndeme que en galego o verbo ***ir*** entre en moitas locucións galegas, competindo incluso co verbo ***ser***. Se cadra, disto habería que deducir algunha conclusión da psicolingüística social dun pobo con tradición emigrante.

Táboa 1. Episodios nos que se presentou o *DFC-2008* na TVG.

¡BEN FALADO! 378 TVG	Emisión 1-12-2010	*Dicionario de Fraseoloxía Galega*. 1 Se mirasen a fraseoloxía verían que a proximidade do galego e do castelán moitas veces é superficial. Fraseoloxía: «facerlle o amor a unha moza», «vai a durmir», «o aforro do pirixel», «de min a ti». [*http://benfalado.gal/entrada/2339*] [118 reproducións a 8.10.2022]
¡BEN FALADO! 379 TVG	Emisión 2-12-2010	*Dicionario de Fraseoloxía Galega*. 2 Fraseoloxía: «o primeiro millo é dos paxaros», «a primeira dos gorriós, a segunda dos homes bos». A fraseoloxía é a gama de cores da lingua galega e o *Dicionario de Fraseoloxía Galega* reúne boa parte da gama de cores da lingua galega. [*http://benfalado.gal/entrada/2343*] [84 reproducións a 19.10.2022]

Por certo, a presentación destoutro *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán castelán-galego* para o gran público chegou no *Luar* (un programa de variedades que se mantén dende hai 30 anos na máxima audiencia da TVG en Galicia, pero tamén entre os emigrantes galegos dispersos polo mundo): foi o venres 12.2.2021 pola noite (1:29 – 1:36 hora e minutos do programa) onde M.ª Rosario Soto Arias presentou este *Dicionario* en diálogo co histórico presentador Xosé Ramón Gayoso e compartindo espazo con Tanxugueiras, Mocedades e King Africa [https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/luar-1249-4802434?t=5375]. X. R. Gayoso levou a entrevista preguntando case sempre por refráns, pero, en calquera caso, é un fito a presentación dun dicionario fraseolóxico nun programa televisivo dese formato e dese nivel de audiencia.

3. Estrutura deste Dicionario (*DF GC CG-2020*)

O *DF GC CG-2020* é só dicionario. Ábrese cunha introdución de 16 páxinas (numeradas en romanos) que dan indicacións para a consulta (I-III); unha mostra práctica da información que ofrece (IV); abreviaturas utilizadas (V); referencias bibliográficas galegas (VI-IX), referencias bibliográficas en castelán (IX-X); siglas dos autores das citas en galego (XI-XII); siglas dos autores das citas en castelán (XIII-XVI).

A parte *galego-castelán* do dicionario enche as páxinas 1–718 e a parte *castelán-galego* enche as páxinas 721–1190 (é dicir, unhas 469): quere dicir que a parte galego-castelán representa o 60% da obra.

Tipografía. Neste Dicionario, coma nos mellores, existe e mantense unha rigorosa disciplina tipográfica que axuda a identificar, xa a simple vista, o tipo de información que ofrece en cada lugar. **Clave** ou palabra de maior peso semántico: encabeza cada entrada ou grupo de entradas en negriña vermella. **Entrada** en vermello, precedida de **GAL** ou **CAST** segundo corresponda; precedida de punto redondo. **Sinónimos**, a continuación e tamén en vermello e precedidos de punto redondo vermello**. Exemplo de uso**, a continuación e en cursiva con clave que indica a procedencia ou autor citado.

Definición en parágrafo á parte precedida de punto cadrado en vermello. **Remisión a outra entrada:** tras unha frecha triangular vermella despois da definición. **Equivalentes na outra lingua.** En parágrafo á parte, en vermella e precedidos de **GAL** ou **CAST** segundo corresponda.

Tres símbolos en vermello axudan a deslindar visiblemente o tipo de material que está estibado a continuación deles:

■	▶	●
Significado, definición	Variante ou sinónimo	Remisión a outra entrada

Ben, pois este libro de 1190 (+XVI) páxinas certifica, deslinda, compara e ilumina milleiros de combinacións fixas de palabras (que chamamos *fraseol*óxicas), porque son frases ou combinacións fixas de palabras, que usamos e repetimos cun significado preciso (non sempre suma dos significados dos compoñentes), nunha situación precisa e cunha intención precisa e que, por seren anónimas e consabidas, son patrimonio común dos falantes. A equivalencia semántica entre unidades de dúas linguas diferentes é a rica novidade deste *DF GC CG-2020,* porque emparella unidade por unidade fraseoloxismos das dúas linguas (galego e castelán).

Neste dicionario está todo ordenado pola clave (é dicir, o primeiro substantivo que apareza; ende non, o verbo, adx. ou adv.) de xeito que podemos dar no instante coa peza que buscamos dese marabilloso tesouro mental que os nosos devanceiros nos deixaron en herdo comunal.

Aquí só citarei algúns exemplos, pero as persoas que consulten este libro verán a calidade e a magnitude do tesouro estilístico que recibimos das nosas nais e avoas, dos nosos pais e avós; verán que o galego que herdamos permítenos falar con precisión e con arte propia, do mesmo xeito que o castelán tamén permite falar con arte e precisión: as dúas, con conciencia e con vontade de estilo.

3.1. Algunhas ilustracións galego-castelán

Presentarei agora 70 equivalencias bilingües deste dicionario que mostran semellanzas e diferenzas na forma en que o mesmo concepto se expresa en galego e en castelán e como está expresado tamén nas dúas partes do dicionario.

Imaxes 1 a 6. Fragmentos da entrada *boi*

GAL. col. (Andar) coma o boi ● col. Andar paseniño coma boi de Laíño ● col. Máis tranquilo ca un boi de pedra ● col. Máis calma ca un boi de Laíño *Con máis calma que un boi de Laíño* (DL, TILG).
■ [Pondera a lentitude e/ou a pachorra] ► Andar a PASO de boi.
CAST. col. (Andar) a paso de tortuga ● col. (Lento) como un caracol ● col. Más lento que el caballo del malo.

GAL. col. Nin boi nin vaca *–Como che sentou? Alegrácheste, enfadácheste?*
–Nin boi nin vaca.
■ [Expresa indiferenza] Nin unha c. nin a outra ► Nin VACA nin boi.
CAST. col. Ni chicha ni limoná/limonada ● col. Ni frío ni calor.

GAL. loc. Onde pisa o boi *Deixamos tamén constancia do (…) desprezo que lles suscitaban os labregos, os que sempre «andan por onde pisa o boi»* (LOU, CORGA).
■ A terra, en oposición ao mar ou ao aire ► TERRA firme.
CAST. Tierra firme.

GAL. (Ter un corazón) coma un boi *Non importa que un teña un corazón coma un boi, hai cousas do alén que impoñen…*
■ Ser de ánimo moi esforzado; ser valente e aguerrido.
CAST. (Fuerte) como un toro (bravo) ● (Tener) corazón de león.

GAL. Onde irás, boi, que non ares? *–Largarme para as Américas.*
–¡Boh! ¡Onde irás boi que non ares! (HP, CORGA).
■ [Interrogación retórica; indica que aquel que naceu para traballar, aínda que cambie de lugar, non escapa do seu destino].
CAST. ¿Dónde vas a ir que más valgas?

GAL. col. Saber con que bois ara/labra *Estaría eu bo deixándome guiar por ti; pero ben certo é que sei con que bois aro* (MO, TILG).
■ Coñecer ben a natureza das p. con quen se trata ou das c. con que se trata ► Saber con que GANDO labra.
CAST. col. Conocer el paño/el terreno que pisa/las uvas de su majuelo ● col. Saber con qué buey(es) ara.

Imaxe 7. Fragmento da entrada *pé*

GAL. col. Ter de pé na boca do estómago *Téñoo de pé na boca do estómago, non o podo soportar.*
■ Resultar antipático, experimentar noxo cara a algún.
CAST. col. No entrarle de los dientes adentro ● col. Tener atragantado/entre ceja y ceja.

3.2. Algunhas ilustracións castelán-galego

Imaxe 8. Fragmento da entrada *escama*

Escama
CAST. col., loc. (Andar) con la escama ● col., loc. Dar/venir la escama *No las tuve todas conmigo y seguí con la escama* (RSM, CORDE).
■ (Estar) con inquietude ou receo; recear.
GAL. col. (Andar) coa mosca detrás da orella ● col. Dar mala espiña ● col. Non dar boa espiña.

Imaxe 9. Fragmento da entrada *greña*

Greña
CAST. col. (Andar) a la greña *¿Por qué siempre acabáis a la greña con la política?* (IH, CREA).
■ Pelexar ou pelexando.
GAL. col. (Andar) a escantillón/ás rifas/ás turras.

Imaxe 10. Fragmentos da entrada *morada/-o*

CAST. col. Pasarlas moradas *Parece que en la guerra las pasó moradas* (R. Gil, CREA).
■ Sufrir dificultades, contrariedades.
GAL. col. Pasalas crúas/estreitas/negras/rabudas/tesas ● col. Pasar as súas/moitas.

CAST. col. Ponerse morado *Pero nos pusimos morados también, venimos con dos kilos de más* (O, CREA).
► Ponerse TIBIO.
GAL. col. Comer coma un abade/crego/frade ● col. Encher as peles ● col. Levar unha farta ● col., loc. Meter peixe a bordo ● col., loc. (Poñerse) coma un pancho/un rulo.

Imaxe 11. Fragmento da entrada *morir*

CAST. col. Que me caiga (aquí) muerto/me muera (aquí mismo)/me quede muerto *Si miento que me muera aquí mismo* (PG, CORDE).
■ [Expr. de xuramento para ponderar a veracidade do que se di] ► Que me parta un RAYO.
GAL. col. Aínda adoeza (coma os cans da rabia) ● col. Aínda eu cegue/morra ● col. Cómame o demo/un cuzo ● col. Léveme xuncras ● col. Que caia morto (aquí mesmo/no sitio) ● col. Que me caian os dentes (un a un)/me falte o de arriba/non chegue máis á casa (como/se)/non vexa máis a luz/o demo me leve.

Imaxe 12. Fragmento da entrada *mueble*

CAST. col. Como un mueble *No decía nada, no hacía el menor ruido. Era como un mueble* (SP, CORPES).
■ [Pondera a pasividade].
GAL. col. Coma pedra na poza/unha estoa ● (Estar) no mundo por estar/por ver andar/porque ten que haber de todo ● col., loc. Coma un cesto de corras/coma unha ovella atada a unha silva.

Imaxes 13 e 14. Fragmentos da entrada *sol*

CAST. A sol puesto ● Al caer/ponerse el sol *A sol puesto y todo se le pueden sacar unos cuartos a la manivela* (AG, CORDE).
■ Á última hora da tarde, cando se vai facendo noite.
GAL. Á baixadiña do sol ● Ao anoitecer/axexo/atardecer ● Ao caer da noite/da tarde/do día ● Ao escurecer/poñerse o sol/sol posto/solpor.

CAST. Al salir el sol *Era un sábado. Y al salir el sol, la noticia ya estaba en cada casa* (P, CREA).
■ Ao amencer.
GAL. Ao raiar o sol.

Imaxe 15. Fragmento da entrada *gota*

CAST. col. Sudar la gota gorda *Todos sudaban la gota gorda* (FA, CREA).
■ Pasar moita calor.
GAL. Suar a fío.

Imaxes 16 e 17. Fragmentos da entrada *temblar*

CAST. col. (Como) para echarse a temblar ● col. De echarse a temblar *La retahíla de destinos que tuvo el gachó es para echarse a temblar* (CPM, CREA).
■ [Valor pond.; dise daquilo que asusta, asombra e/ou preocupa].
GAL. col. De agárrate ● col. De árdelle o eixe.

CAST. col. Mirar cómo tiembla *–Me las pagarás. –¡Huy! Mira cómo tiemblo.*
■ Non ter ningún medo.
GAL. col. (Ter) tanto medo coma o bispo aos cregos/o lobo á(s) cabra(s).

4. Mostra bidireccional de equivalencias fraseolóxicas neste *DF GC CG-2020*

Táboa 2.

Este cadro pretende facer visibles de maneira esquemática as semellanzas e diferenzas entre as dúas partes do dicionario, deixando ó lector ou lectora as conclusións.

O símbolo **&** indica que os fraseoloxismos que seguen son sinónimos que están nesa entrada ou noutra parte do dicionario.

Obsérvese que as dúas partes do Dicionario non pretenden ser rigorosamente simétricas e que, neste cadro, por razóns de espazo, unicamente confronto os lemas, sen as definicións e sen os exemplos de uso.

GALEGO	CASTELÁN		CASTELÁN	GALEGO
a callón ~ eito ~ pracer ~ presas ~ rego cheo ~ regos; ás cheas; ás enxurradas	*a raudales*	**1**	*a boca de jarro ~ a bocajarro / a quemarropa*	*a boca de cano ~ a pela corpo ~ a queimarroupa* **&** *de cachete / romplón; de golpe / improviso*
a cortesía do galego	*la de la vergüenza*	**2**	*a raudales / a chorros / mares /ríos*	*a callón ~ eito ~ pracer ~ presas ~ rego cheo ~ regos; ás cheas; ás enxurradas / a fio~picho; en fontes*
a pela corpo	*a boca de jarro ~ a bocajarro / a quemarropa*	**3**	*acabado de + inf.; (adx.)+de tres/sete días / recién nacido*	*acabado de nacer*
abafar / enfeitizar / ver unha meiga; fadar mal unha meiga	*echar el mal de ojo / ver unha meiga / fadar mal unha meiga*	**4**	*al retortero / de Herodes a Pilatos*	*da roda para piola* **&** *de carriandola / na avanzada /retecaguete/ en roda (viva) /como un sarillo*
acabado de nacer	*recién nacido*	**5**	*arder en deseos de / desear con locura / morirse de ganas por*	*ferverlle o corpo por* **&** *arder ~ morrer coa gana ~ ferverlle o corpo por*
agardar a que as galiñas mexen ~ teñan dentes	*esperar sentado*	**6**	*asarse /cocerse los pájaros*	*arder as meigas* **&** *asarse~ caer os paxaros / caer as aves do ceo / caer o paxaro morto / quentar coma o lume*
andar niso	*estar en ello*	**7**	*Así Dios me salve! Como hay Dios en el cielo! Que me maten!*	*¡Así eu medre (e luza!* **&** *Así Deus me dea/ leve/salve Así teña o ceo seguro! Léveme Deus se... Que me leve Xudas. / ser tan certo como que hai que morrer / (Tan certo) como (que) agora é de dia*
andarlle a roda ó dereito ~ ben a roda	*ir bien las cosas ~sobre ruedas ~ viento en popa*	**8**	*¡Ata ~ Deica logo!*	*¡Hasta dentro de un rato!*

arder as meigas	*asarse /cocerse los pájaros*	**9**	*botar unhas boas nespras*	*poner a caldo* **&** *de volta e media /que non hai por onde collelo*
¡Así eu medre (e luza!	*¡Así Dios me salve! ¡Como hay Dios en el cielo! ¡Que me maten!*	**10**	*coger el tranquillo*	*collerlle o tintimán / tranganillo*
ata os nenos saben	*lo saben los chinos*	**11**	*cogerle el tranquillo*	*collerlle o tintimán ~ tranganillo* **&** *collerlle o aire; collerlle o aquel ~ tempero~ tranganillo ~ darlle co doile*
atoparlle o teto á vaca	*encontrar un filón de oro*	**12**	*como ~ hecho una cuadra ~ leonera*	*coma o cortello dos porcos ~un cortello; coma ~ feito unha corte*
¡Bótalle terra (e plántalle un piñeiro)!	*¡Échale un galgo!*	**13**	*como un gato (montés) un puercoespín / una lija / hecho un puercoespín / huraño como un lobo estepario / más áspero que un cardo*	*coma un toxo bravo / máis esgueiro ca un toxo (arnal);* **&** *coma un toxo, máis arisco ca un toxo (arnal); máis xoto ca un espiño*
botar / tirar por terra	*dar en tierra con / echar abajo ~*	**14**	*como una cuba / como un cerdo*	*coma un pelello* **&** *andar cos pés redondos / coma un bocoi ~ un cesto ~ un coiro ~ un congro ~ un odre ~ un pelello ~ unha cabra ~ unha cota ~ unha cuba ~ unha pelica ~ unha prea ~ unha uva coa esquerda á fronte ~ na mula ~ na trenla~unha uva; estar coa esquerda á fronte ~ na mula ~ na trenla; facer todo nunha viaxe para non volver dúas veces; levar boa carrada ~ unha areíña; máis cheo de viño ca un odre; mollado coma a lama; mollar os pés; non sabela mexar.*

cando a cortiza vaia ó fondo	*cuando las gallinas meen ~ las ranas crien pelo*	**15**	*cuando las gallinas meen ~ las ranas crien pelo*	*cando a cortiza vaia ó fondo ~ as galiñas mexen ~ as galiñas teñan dentes ~ as ras boten pelo*
chorarlle os nenos	*pegársele el arroz*	**16**	*dar en tierra con / echar abajo ~*	*botar ~ tirar por terra* **&** *botar polo chan; botar por terra;* **&** *darlle o toleón; darlle un siroco; darlle a ~ unha toleada*
collerlle o tintimán ~ tranganillo	*cogerle el tranquillo*	**17**	*darle la vena ~ la venada ~ la ventolera*	*darlle unha tolada* **&** *dar nunha teima; darlle o teo; metérselle unha vea (na cabeza); ter lúas; virlle o quero; virlle o ramo (de loucura)*
coma (o) pelo do ovo ~ dun ovo / coma o perexil	*de mírame y no me toques/ como si fuera de porcelana*	**18**	*darle un patatús*	*darlle un testavao*
coma o cortello dos porcos / coma ~ feito unha corte	*como ~ hecho una cuadra ~ leonera*	**19**	*(persona) del quiero y no puedo*	*marqués de cágalle o boi no arado; señorito de caldo á merenda (e papas á cea) ~ do cu colorado*
coma un pelello	*como una cuba / como un cerdo*	**20**	*de mírame y no me toques/ como si fuera de porcelana*	*coma (o) pelo do ovo ~ dun ovo / coma o perexil*
coma un toxo bravo /máis esgueiro ca un toxo (arnal)	*como un gato (montés) un puercoespín / una lija / hecho un puercoespín / huraño como un lobo estepario / más áspero que un cardo*	**21**	*de rechupete*	*pegarse ás tripas; (saber) a caldo de galiña /~que gorenta ~ que rabia*
coser para fóra, moer por fóra	*hacer la calle / poner los cuernos*	**22**	*Donde va (a parar). Ni punto de comparación*	*Vaiche boa!* **&** *Con diferenza; nin/sen comparación; Onde imos comparar!*

da roda para piola	*al retortero / de Herodes a Pilatos*	**23**	*dormir como un tronco / una piedra*	*durmir coma un pelouro*
darlle un testavao	*darle un patatús*	**24**	*Échale un galgo!*	*¡Bótalle terra (e plántalle un piñeiro)!* **&** *Tócalle o corno que vai para a feira. Agora asubíalle ó merlo ~ aturúxalle ao rabo ~ bótalle unha area de sal ~ cíncalle os dentes no rabo ~ mira para onte ~ papas na ola ~ píntao de verde ~ xa foi, Marica, non chores.*
darlle unha tolada	*darle la vena ~ la venada ~ la ventilera*	**25**	*echar el mal de ojo / ver unha meiga / fadar mal unha meiga*	*abafar /enfeitizar / ver unha meiga; fadar mal unha meiga* **&** *botar a ollada ~ (o) mal de ollo ~ unha mala fada; parecer que o viu unha meiga*
derriba /por riba/ encima de mel filloas	*miel sobre hojuelas*	**26**	*en cueros ~ pelota picada*	*en pelico ~ en porrancho* **&** *en cirolas, en coiro(s); en pelico; á escarola*
durar coma a neve febreiriña	*tormenta de verano*	**27**	*encontrar un filón de oro*	*atoparlle o teto á vaca*
durmir coma un pelouro	*dormir como un tronco /una piedra*	**28**	*esperar sentado*	*agardar a que as galiñas mexen ~ teñan dentes* **&** *agardar -esperar no ceo; agardar / esperar sentado; espera dereito, que podes cansar; mandar aviso as moscas.*
¿E logo?	*¿Y eso?*	**29**	*estar en ello*	*andar niso*
e máis ninguén	*y nadie más*	**30**	*estar en los huesos*	*ser pel e ósos* **&** *contárselle os ósos / non ter máis ca ósos / quedar no óso limpo / que dar nos ósos/ ser todo ósos ~ un feixe de ósos ~ un saco de ósos*

en pelico ~ en porrancho	*en cueros ~ pelota picada*	**31**	*facelas Deus e pagalas Cristo*	*pagar justos por pecadores*
e todo o que non cabe no saco	*Y toda la pesca / (todas) esas cosas*	**32**	*hacer la calle /poner los cuernos*	*coser para fóra* **&** *moer por fóra / andar de fulana /*
ensarillar	*liarla*	**33**	*hervirle la sangre / no cocérsele el pan*	*non llas / lle cocer o corpo ~ non lle cocer no corpo /non lle cocer o forno* **&** *ferver ~ proer o sangue*
estar á miñoca; máis pobre ca as miñocas; coma as arañas ~ratas	*más pobre que las ratas*	**34**	*importar un farrapo de gaita, un fento, un figo*	*sudarle el rabo & importar un farrapo de gaita ~ un fento ~ un figo*
estar para ir a Conxo	*(estar) loco de atar /de la vida*	**35**	*ir bien las cosas ~sobre ruedas; ir ~ marchar sobre ruedas ~ ir viento en popa*	*andarlle a roda ó dereito ~ ben a roda* **&** *ir como pola man ~ como unha seda / ser todo mel*
ferverlle o corpo por	*arder en deseos de / desear con locura / morirse de ganas por*	**36**	*irse por el otro lado*	*ir pola garganta pequena ~ pola gorxa do aire ~ polo camiño vello*
Hasta dentro de un rato	*Ata ~ Deica logo*	**37**	*Jesús, María y José!*	*¡Xesús, María e Xosé (canto máis vai, peor é)!* **&** (cando alguén esbirra) *¡Deus te axude!*
importar un farrapo de gaita, un fento, un figo	*sudarle el rabo*	**38**	*jugarse el pellejo, el pescuezo, la piel*	*xoga-la pel* **&** *deixar cortar a man dereita; poñer ~ xogar o pescozo*
ir pola garganta pequena ~ pola gorxa do aire ~ polo camiño vello	*irse por el otro lado*	**39**	*la de la vergüenza*	*a cortesía do galego* **&** *a vergonza do galego*
levar unha boa foda	*llevarse un buen palo*	**40**	*liarla*	*ensarillar* **&** *armala; armar ~ facer unha boa; armarse boa; cargar o carro; enlear a madeixa; montarse unha (boa) rebuldaina*

marqués de cágalle o boi no arado; señorito de caldo á merenda (e papas á cea) ~ do cu colarado	*(persona) del quiero y no puedo*	**41**	*(estar) loco de atar /de la vida / de remate*	*estar para ir a Conxo* **&** *cabra cega; estar tolo de remate; ser un tolo desfeito /rematado*
matar o corpo a traballar	*partirse el pecho / (trabajar) como un bestia ~ burro ~ esclavo*	**42**	*lo mismo dá / tanto da*	*pouco máis ten*
neno de berce / colo	*niño de pecho / teta/ pañales*	**43**	*lo saben los chinos*	*ata os nenos saben*
nin arre nin xo, nin fede nin cheira; nin mel nin fel	*ni va ni viene*	**44**	*llevarse un buen palo*	*levar unha boa foda*
nin que o vise a negra o	*ni que lo viese un tuerto*	**45**	*Mal rayo me ~ te ~ le parta (si)!*	*Que me coma o demo ~ me parta un raio/que unha chispa me coma (se)*
ninguén que vai pra ningures	*un don nadie*	**46**	*manzana de Adán*	*nó da gorxa*
niño de ratos	*olla de grillos*	**47**	*más pobre que las ratas*	*estar á miñoca; máis pobre ca as miñocas; coma as arañas ~ratas*
nó da gorxa	*manzana de Adán*	**48**	*Menos lobos (, Caperucita)!*	*¡Quítalle toros ao congro!*
non llas / lle cocer o corpo ~ non lle cocer no corpo /non lle cocer o forno	*hervirle la sangre / no cocérsele el pan*	**49**	*miel sobre hojuelas*	*derriba /por riba/ encima de mel filloas*
non ser mel nin fel	*no ser ni carne ni pescado / ni chicha ni limoná*	**50**	*ni que lo viese un tuerto*	*nin que o vise a negra*
non ser un nó cego	*no tener un pelo de tonto*	**51**	*ni va ni viene*	*nin arre nin xo, nin fede nin cheira; nin mel nin fel*
os seus teres que veres	*sus más y sus menos*	**52**	*niño de pecho / teta/ pañales*	*neno de berce / colo*

pagar justos por pecadores	*facelas Deus e pagalas Cristo*	**53**	*no entrarle de los dientes a dentro / tener atragantado / tener entre ceja y ceja*	*ter de pé na boca do estómago*
pegarse ás tripas; (saber) a caldo de galiña /~que gorenta ~ que rabia	*de rechupete*	**54**	*no ser ni carne ni pescado / ni chicha ni limoná*	*non ser mel nin fel*
poner a caldo	*botar unhas boas nespras*	**55**	*no tener un pelo de tonto*	*non ser un nó cego*
pouco máis ten	*lo mismo dá / tanto da*	**56**	*olla de grillos*	*niño de ratos*
Que me coma o demo ~ me parta un raio ~ unha chispa me coma (se)	*Que me parta un rayo, (si)*	**57**	*partirse el pecho / (trabajar) como un bestia ~ burro ~ esclavo*	*matar o corpo a traballar*
¡Quítalle toros ao congro!	*¡Menos lobos (, Caperucita)!*	**58**	*pegársele el arroz*	*chorarlle os nenos*
sen traza nin xeito ~ sen xeito nin dereito	*sin orden ni concierto*	**59**	*¡Que me parta un rayo, (si)...!*	*¡Que me coma o demo ~ me parta un raio ~ unha chispa me coma (se)...!*
ser como unha nespra	*saltar a la mínima / ser de mecha corta*	**60**	*saltar a la mínima / ser de mecha corta*	*ser como unha nespra*
ser de tres pelos e medio ~ de rabo de rula	*ser de armas tomar*	**61**	*ser de armas tomar*	*ser de tres pelos e medio ~ de rabo de rula*
ser fariña doutra muiñada ~ doutro costal ~ doutro fol ~ doutro saco ~ para outra peneira	*ser harina de otro costal; ser otro cantar; ser sapo de otro pozo*	**62**	*ser fariña doutra muiñada ~ doutro costal ~ doutro fol ~ doutro saco ~ para outra peneira*	*ser harina de otro costal; ser otro cantar; ser sapo de otro pozo*
ser pel e ósos	*estar en los huesos*	**63**	*ser un jubileo*	*ser un xubileu*
ser un xubileu	*ser un jubileo*	**64**	*sin orden ni concierto*	*sen traza nin xeito ~ sen xeito nin dereito*

sudarle el rabo	*importar un farrapo de gaita, un fento, un figo*	**65**	*sus más y sus menos*	*os seus teres que veres*
ter a pel máis dura ca un melgacho	***tener** cara de cemento~ de corcho ~ de hormigón*	**66**	*ter cara de cemento ~ de corcho ~ de hormigón*	*ter a pel máis dura ca un melgacho*
ter de pé na boca do estómago	*no entrarle de los dientes a dentro / tener atragantado /tener entre ceja y ceja*	**67**	*tormenta de verano*	*durar coma a neve febreiriña*
Vaiche boa!	*¡Donde va (a parar)! ¡Ni punto de comparación!*	**68**	*un don nadie*	*ninguén que vai pra ningures*
¡Xesús, María e Xosé (canto máis vai, peor é)!	*¡Jesús, María y José!*	**69**	*¿y eso?*	*¿e logo?*
xoga-la pel	*jugarse el pellejo, el pescuezo, la piel*	**70**	*y nadie más*	*e máis ninguén*

Fagamos agora unha proba distinta. Imos ver 74 fraseoloxismos que conteñen o substantivo *palabra* nos dous dicionarios e como aparecen lematizados no *DFG-2008* e no *DF GC CG-2020*. Observamos, por exemplo, que no *DF GC CG-2020* non aparece ***As palabras lévaas o vento ~ o aire***, cousa lóxica porque, aínda que sexa discutible, máis parece un refrán que un fraseoloxismo. Por razóns de espazo omito as definicións e os exemplos documentados de uso:

Táboa 3. A *palabra* nos fraseoloxismos[3] do Dicionario monolingüe (*DFG-2008*) e no Dicionario bilingüe (*DF GC CG-2020*).

Este cadro pretende facer visibles de maneira esquemática as semellanzas e diferenzas entre as dúas partes do dicionario, deixando ó lector ou lectora as conclusións.

Por razóns de espazo omito as definicións e os exemplos documentados de uso.

	Dicionario de Fraseoloxía Galega 2008	**Dicionario de Fraseoloxía Galego-Castelán Castelán Galego 2020**	
	GALEGO	GALEGO	CASTELÁN
1	*[ser* u.c.*] a derradeira palabra ~ a última palabra*	*a derradeira ~* a última palabra	*la última palabra*
2	[*dicir/ser/ter* u.p.] *a última palabra*	*[dicir/ser/ter* u.p.*] a última palabra*	
3	*A mellor palabra é a que está por dicir*		
4	*A mellor palabra é a que está por dicir*	*aforrar palabras*	*ahorrar palabras; ahorrarse las palabras; no gastar palabras / saliva*
5		*agarrarse* á *palabra; collerlle a palabra*	*coger / tomar la palabra*
6	*arrastrar as palabras* [*u.p.*]	*arrastrar as palabras*	*arrastrar las palabras*
7	*As palabras lévaas o vento /o aire*	*palabras que leva o vento ~ papel mollado ~ promesas de mariñeiro*	*Palabras que se lleva el viento; papel mojado*
8	*beberlle as palabras [u.p. a alguén]*	*beberlle as palabras [u.p. a alguén]*	*beber las palabras [u.p. a alguien]*
9	*boas palabras*	*boas palabras / palabras de boa ovella*	*buenas palabras ~ palabritas*
10	*callárselle as palabras [a alguén na boca / nos beizos]*		
11		*Cando falo, palabras digo*	*Sé de lo que me hablo; Sé (muy bien) lo que me digo*

[3] Alguén, se cadra, bota en falta ***As palabras lévaas o vento ~ o aire***, pero para min é máis refrán que fraseoloxismo.

12	*collerlle a palabra [u.p. a alguén]*	*agarrarse* á *palabra; collerlle a palabra*	*coger ~tomar la palabra*
13		*comer as palabras*	*tragarse sus palabras*
14		*con boas palabras*	*con buenas palabras*
15	*con outras palabras*	*con ~ noutras palabras*	*en otras palabras*
16		*cruzar dúas palabras ~ (unha) palabra con*	*cruzar dos palabras con / media docena de palabras con /(una) palabra con*
17	*cumprir / manter a súa palabra [u.p.]*	*cumprir ~ manter a súa palabra*	*cumplir / mantener su palabra [u.p.]*
18	*dar a palabra do morto [u.p.] / do mudo*	*dar a palabra do morto ~ do mudo*	*(callar) como un muerto*
19	*dar a súa palabra de honor [u.p.]*	*dar (a súa) palabra; dar palabra de home ~ de honor [u.p.]*	*dar (su) palabra (de caballero/de honor)*
20	*dar palabra [u.p.]. empeñar a súa palabra*		
21	*dar palabra de casamento [u.p.] darse palabra de noivos*	*dar palabra de casamento; darse palabra de noivos*	*(dar /darse) palabra de matrimonio*
22	*de palabra*	*de palabra*	*de palabra*
23	*ser [u.p.] de poucas palabras*	*(ser) de poucas palabras*	*ser [u.p.] de pocas palabras*
24	*deixar coa palabra na boca [u.p.a alguén]*	*deixar coa palabra na boca*	*dejar con la palabra en la boca*
25		*dirixirlle a palabra*	*dirigir la palabra*
26	*dúas palabras*		
27	*dúas ~ catro palabras; unha palabra*		
28	*en breves ~ catro ~poucas palabras*	*en breves ~ poucas ~ dúas ~ catro palabras*	*en breves ~ dos~ pocas palabras*
29	*en poucas palabras / nunha palabra*	*en poucas palabras / nunha palabra*	*en pocas palabras / en una palabra*

30	*estar no uso da palabra / facer uso da palabra / ter a palabra / tomar a palabra*	*estar no uso da palabra / ter a palabra*	*estar en el uso de la palabra / tener a palabra*
31		*facer uso da palabra / tomar a palabra*	*hacer uso de la palabra / tomar la palabra*
32	*faltar á súa palabra / vir contra a súa palabra*	*faltar* á *(súa) palabra / non ter palabra / vir contra a (súa) palabra*	*faltar a su palabra / no tener palabra*
33		*faltarlle palabras / non encontrar ~ ter palabras*	*faltarle palabras / no encontrar ~ tener palabras*
34		*gastar palabras*	*gastar palabras /gastar saliva (en balde)*
35		*haber máis ca palabras*	*haber más que palabras*
36		*ferir ~ ofender de palabra*	*maltratar ~ ofender de palabra*
37	*medias palabras*	*medias palabras*	*medias palabras*
38	*medir as palabras [u.p.]*	*medir as palabras*	*medir las/ sus palabras [u.p.]*
39	*mollar a palabra*	*mollar a palabra ~ a palleta; botar un(s) trago(s)*	*mojar ~ remojar el gaznate /remojar la palabra*
40		*cortarlle as falas / negarlle ~ retirarlle a palabra / negarlle ~ retirarlle o saúdo*	*negar ~ retirar la palabra /negar ~ quitar el habla /retirar el saludo /la palabra*
41	*[non dicir /entender u.p.] (nin) palabra* *(nin) media palabra / (nin) unha palabra*	*nin (media /unha) palabra; non dar chío ~ un chío; non dicir (unha) palabra*	*ni (media / una) palabra; ni mu /pío*
42		*nin unha palabra máis*	*ni una palabra más. no se hable más (del asunto)*
43	*non dicir [u.p.] unha palabra que non cadre coa outra*		
44	*non encontrar palabras [u.p.]* *non haber palabras* *non ter palabras [para algo]*		

45	*non lle arrincar palabra [u.p. a alguén].*		
46	*non perder (unha) palabra;*	*non perder (unha) palabra; non perder puntada*	*no perder ripio; no perder (una) palabra*
47		*non saír palabra da boca ~ dos labios de*	*estar ~tener los labios sellados*
48	*non ter máis que unha palabra [u.p.].*	*non ter máis que unha palabra; ser a súa palabra unha escritura; ser de palabra; ter palabra*	*no tener más que una palabra [u.p.]; ser de palabra / ser su palabra un evangelio; Su palabra va a misa; tener palabra*
49		*palabra a ~ por palabra*	*palabra a ~ por palabra*
50	*palabra de home ~ de honor*	*palabra de home ~ de honor*	*palabra de honor*
51	*palabra de honra*		
52	*palabras maiores/*	*palabras maiores*	*palabras mayores*
53		*Palabras puxan palabras*	*Una cosa lleva a otra*
54		*palabras que leva o vento; papel mollado; promesas de mariñeiro* (s.v. *promesa*)	*palabras que se lleva el viento ~ papel mojado*
55		*pasar das palabras aos feitos ~ pasar dos ditos aos feitos*	*pasar de las palabras a los hechos*
56	*pedir a palabra [u.p.].*	*pedir a palabra*	*pedir la palabra*
57		*pisarlle as palabras*	*pisar(se) las palabras ~ quitarse las palabras de la boca*
58		*poñer en palabras*	*poner palabras a; traducir en palabras*
59		*quedar coa palabra na boca*	*quedarse con la palabra en la boca*
60	*quererlle unha palabra [u.p. a alguén].*		
61	*quitarlle a(s) palabra(s) da boca [u.p. a alguén].*	*quitarlle ~sacarlle a palabra da boca* [u.p. a alguén]. *Quitarlle a(s) palabra(s) da boca. Se é pan, quítasmo da boca.*	*quitar(le) la(s) palabra(s) de la boca*

62	*sacar /tirarlle [u.p.] as palabras da boca cun *sacacorchos*		
63		*se se me permite a palabra / unha palabra* + adx.	*si se me permite la palabra / una palabra* + adj.
64	*sen articular (unha soa) palabra /sen dar unha palabra máis /sen dicir palabra /sen gurgutar (unha) palabra*	[frío] *que afeita o fociño / corta coma a folla de afeitar / pela / tolle*	[frío] *que hiela las palabras*
65	*sen mediar palabra*	*sen mediar palabra*	*sin mediar palabra*
66	*[deixar u.p./u.c. a alguén] sen palabras* *[quedar u.p.] sen palabras*	*[deixar u.p./u.c. a alguén] sen palabras*	*[dejar u.p./u.c. a alguien] sin palabras*
67		*(ser) de poucas palabras*	*(ser) de pocas palabras*
68	*ser (persoa) de palabra / ter palabra [u.p.]*		
69	*ter a palabra [u.p.]*	*ter a palabra*	*tener la palabra*
70		*ter palabras ~ palabriñas de santo e unllas de gato*	*halagar con la boca y morder con la cola*
71	*ter unhas palabras [con alguén u.p.]*	*ter unhas palabras con*	*tener unas /dos/más de dos palabras con*
72		*unha ~ dúas ~ catro palabras*	*una ~dos~ cuatro palabras*
73	*[non dar /ter u.p.] unha mala palabra / / unha palabra máis alta que outra*	*unha fala~palabra máis alta ca outra ~que non cadre coa outra / unha fala*	*una palabra más alta que otra*
74	*volver atrás a palabra [u.p.] / volverse atrás na palabra*	*volver a palabra atrás /volverse atrás na palabra*	*retirar lo dicho. venir contra su palabra. volverse atrás.*
	49 lemas + 36 variantes	**56** lemas + 44 variantes (25 casiñas que non había no *DFG-2008*)	**59** lemas + 50 variantes

Como se ve neste cadro sinóptico, dos 49 lemas galegos + 36 variantes do *DFG-2008* as fraseógrafas pasaron ós 56 lemas galegos + 44 variantes e ós 59 lemas casteláns + 50 variantes do *DF GC CG-2020.* O volume de información aumentou e, a falta dun

cómputo completo que só as autoras poden ofrecer, parece verosímil que o volume de información aumentase nesa proporción no conxunto desta obra. Con todo observamos que dos tres sinónimos ***palabra de home ~ de honor ~ de honra*** (*DFG-2008*) pasamos a ***palabra de home ~ de honor*** (*DF GC CG-2020*), quedando eliminada a terceira variante.

Son consciente de que esta mostra aleatoria podería non ser matematicamente representativa do conxunto deste *Dicionario,* pero coido que representa ben a dirección das modificacións e das melloras entre o *DFG-2008* e o *DF CG CG-2020*. A razón é que, máis alá dos números*,* tamén se percibe no *DF CG CG-2020* un criterio máis afinado na selección de fraseoloxismos, porque prescindiron de 25 entradas que neste tema *palabra* estaban no *DFG-2008*: cousa que, se acontece no tema *palabra*, é verosímil que aconteza tamén na maioría dos lemas, porque se percibe con claridade que as fraseógrafas manexan agora un corpus fraseolóxico sensiblemente maior, pero máis aquilatado nas dúas linguas.

5. O pé na fraseoloxía galega e na fraseoloxía castelá

Non sorprende que un membro tan esencial do corpo humano como ***o pé*** produza 110 fraseoloxismos: de feito neste *Dicionario* ocupa algo máis de 10 columnas (nas páxinas 518–523).

Táboa 4. O *pé* nos fraseoloxismos do Dicionario monolingüe *(DFG-2008)* e no Dicionario bilingüe *(DF GC CG-2020)*.

GALEGO	SINÓNIMOS	CASTELÁN
a darlle co pé	*a darlle co zoco*	*a paletadas /punta (de) pala*
a pé	*de ~ en pé*	*de ~ en pie*
a pé de		*a pie de*
a pé de páxina		*a(l) pie de página*
a pé dereito ~ firme ~quedo		*a pie firme ~ quedo ~ quieto*
a pé enxoito		*a pie enjuto*
a pé enxoito		*a pie llano*
a pé feito		*a ciencia cierta*
a pé fixo		*a tiro fijo ~ hecho*
a pé fixo	*a pés xuntos*	*a pie juntillo ~ pies juntillas*
a pé manco	*a pata coxa*	*a la pata coja; a pie cojito*
a ~ de pé feito		*a propio intento / a propósito*
a~ao pé de	*pé de*	*a la orilla de /al lado de ~pie de / junto a*

a catro pés	*a catro patas*	*a gatas; a cuatro patas ~pies*
(andar) a pés forzados ~ aos catro pés ~ do pé	*bater ~dar cos pés no cu; correr a pé pión; non haber pés que o pillen; non poñer ~pousar os pés no chan; (correr) a dar coas zocas no cu*	*correr que se las pela; no poner los pies en el suelo*
(andar) con pés de chumbo/ con pés de ferro	*andar con pés de la /cos pés no aire / en pés de manteiga*	*(andar) con pies de plomo ~ con zapatos de fieltro*
ao pé da letra		*al pie de la letra*
(ao) pé de		*al pie (de) /alrededor de / cerca de*
ao pé de		*en torno a*
aos pés de		*a los pies de*
aos ~polos pés dos cabalos		*a los pies de los caballos*
apelar aos pés; chamarlles aos pés candóns ~ compadres~ compañeiros	*(saír) a catro pés ~ por pés*	*coger~tomar las de Villadiego; poner pies en polvorosa; salir por patas~piernas~pies; salir zumbando*
aqui dos meus pés	*pés de puta; pés que te criou*	*Pies, para que os quiero*
atar de pés e mans		*atar de pies y manos*
atoparlle o pé coxo	*saber de que pé coxea*	*saber de qué pie cojea ~los puntos que calza*
bailar enriba dun pé ~ nun pé		*dar palmas con las orejas*
bailarlle os pés		*írsele los pies*
bicar por onde pon o pé	*bicar as pisadas*	*besar por donde pasa ~pisa*
botar os pés por alto	*levantarse dos pés de atrás*	*echar las patas ~ los pies por alto*
botar un pé atrás		*dar marcha atrás; echar el pie atrás; recoger velas*
botar~poñer o pé fóra (de)		*poner el pie fuera (de)*
botarlle ~ poñerlle o pé diante	*non haber quen lle pise o risco*	*poner ~ echar el pie delante*

buscarlle os cinco ~tres pés ao gato		*buscar cinco ~tres pies al gato*
caer de pé (coma o gato)	*poñerse de pé coma os gatos*	*caer de pie; caer parado*
calcetar cos pés		*andar con los pies mirando a los portales*
catro~tres pés para un banco	*boas pezas*	*cuatro~tres pies para un banco. ¡que tres pugas para un arpo!*[44]
chamarlles aos pés alforxas	*chamarse andaina*	*hacerse el loco ~ el sueco; llamarse (a) andana*
coma o pé dun muíño		*como punta de colchón*
co pé dereito ~ esquerdo	*con bo ~ mal pé*	*con buen ~mal pie; con el pie derecho ~ izquierdo*
comungar con pés de muíño		*comulgar con ~tragar ruedas de molino*
cos pés		*con el culo; con los pies*
cos pés para ~ por diante	*por pés alleos*	*con los pies por delante*
cos pés redondos		*como una cuba*
coxear do mesmo pé		*cojear del mismo pie*
dar co pé		*hacer de menos; mandar a paseo.*
dar pé		*poner el pie (en tierra)*
dar pé, facer pé		*hacer pie*
dar pé a ~para		*dar pie a ~para*
darle o pé e coller a man		*darle el pie y coger~tomarse la mano; darle la mano y coger ~ tomar el pie*
darlle polo pé	*darlle polo pau*	*dar en la yema del gusto; dar por el palo (del gusto); seguirle la corriente*
de a pé	*xente da rúa*	*de a pie*
de pé e perna		*de pies a cabeza; en piernas*
de pés a boca (con)		*de manos a boca con*
deixar a pé		*colársela; jugársela*

[4] Ignoro o que é un *arpo*. ¿Podería ter que ver co arpón de arpoa-lo peixe no mar para capturalo? Pero fala de *pugas*, é dicir, parece ser asunto de *enxertos. Arpar* en castelán «**1.** tr. Arañar o rasgar con las uñas. **2.** tr. Hacer tiras o pedazos algo» (DRAE).

discorrer máis cos pés ca coa cabeza	*pensar cos pés; ter o sentido nos pés*	*pensar con los pies; tener los sesos en los calcañales*
dos pés á cabeza		*de los pies a la cabeza; de pies a cabeza; desde los pies hasta la cabeza ~hasta la punta del pelo*
en pé		*en pie*
en pé de guerra		***estar** en pie de guerra*
en pé de igualdade		*en pie de igualdad*
estar cos pés na terra ~no chan	*ter os pés na terra ~no chan; baixar a terra*	*estar con los pies en el suelo ~ en la tierra; tener los pies en el suelo ~ en la tierra*
(estar) cos pés para a cova~ cun pé aquí e outro acolá ~ cun pé na cova;	*ter os pés á porta do cemiterio*	*estar a las puertas de la muerte ~ al borde de la fosa ~ con un pie en el estribo ~ con un pie en el hoyo ~ con un pie en la sepultura*
estar de pé atrás		*andar con la mosca (de)tras **[de]** la oreja*
estender máis o pé que cobre a manta	*estirar o pé máis do que dá a manta*	*estirar el pie más de lo que da el zapato; estirar el pie más de lo que da la manta ~ la sábana*
esvararlle o pé / os pés /un pé		*dar un mal paso ~un patinazo; írsele los pies*
facer pé		*hacer hincapié*
facer pé un co outro		*ser uña y carne*
facer un pé		*faltar un pie (en esa mesa)*
falar a pé feito		*hablar largo y tendido; hablar todo lo que se quiera*
lamber os pés		*lamer el culo; lamer las botas*
máis antigo ~ vello ca (o) andar a pé		*más antiguo ~ viejo que andar a pie*
máis parvo ca andar a pé		*más tonto que Pichote*
meter o pé na argola ~polas mangas	*meter o zoco*	*meter la pata*
nacer de pé		*nacer de pie(s)*

non dar a pé nin (a) man ~perna; non mover nin pé nin man	*non dar una torna*	*no bullir pie ni mano; no mover un músculo*
non dar pé con bóla		*no dar pie con bola*
non estar a pé nin a cabalo		*(estar) entre Pinto y Valdemoro*
non nacer ao pé dun fento		*no crecer en los árboles; no encontrarse en cualquier esquina*
(non) se ter de~en pé		*(no) tenerse en pie*
non ter (nin) pés nin cabeza		*no tener (ni) pies ni cabeza*
non ter pés para gaiteiro		*ser el~un pato mareado*
pararlle os pés		*pararle los pies*
pé ante pé	*pé tras pé*	*a golpe de alpargata ~ calcetín; paso a paso; un pie tras otro*
perder pé		*perder pie*
pés de barro		*pies de barro*
pés de galiña ~ paxaro	*pernas de cabra*	*piernas como palillos*
petar cos pés no cu		*dar saltos de alegría*
polo pé		*al completo; en pleno*
polo seu pé		*por su (propio) pie*
poñer de pés na rúa		*poner de patas~ patitas en la calle*
poñer en pé		*poner de pie*
poñer(lle) o pé no pescozo	*ter debaixo do pé*	*tener (con) el pie sobre el cuello~pescuezo; tener en un puño*
poñer o(s) pé(s) + C.ADV.		*poner los pies* + C.ADV.
poñer pé no asunto		*tomar cartas en el asunto*
rodar polos pés	*a pote*	*(haber) para dar y tomar*
sacar ~ quitar os pés das alforxas		*sacar los pies de las alforjas~ del plato ~del tiesto*
(saída) de pé de banco	*(saída) de pé de pote*	*(salida) de pata de banco ~ de pata de gallo ~ de pie de banco*
sen pés nin cabeza	*sen xeito nin dereito*	*sin pies ni cabeza*

ser calzado do pés todos catro	*(ser) de rabo de rula*	*ser bragado; ser de armas tomar*
(ser) coma o pé dun banco		*más agarrado que un pasamanos; tener la mano manca*
ser o dos pés marelos		*quedarse para tía ~ para vestir santos*
ser os pés e as mans de		*ser los pies y las manos de*
ser pé para todo		*apuntarse a un bombardeo*
ter de pé na boca do estómago		*no entrarle de los dientes a dentro; tener atragantado ~entre ceja y ceja*
ter un pé en~ dentro		*meter un pie; tener un pie (dentro)*
tirar o pé da lama e metelo no atoleiro		*escapar del trueno y dar en el relámpago*
un pé aquí e outro alá	*(c)unha perna aquí e outra alá*	*en un vuelo; ir volando*
vir polo seu pé		*venir de suyo*

6. ¿*Cortesía do galego* (en galego), *vergüenza del gallego* (en castelán) ou *a última bolacha do pacote* (en portugués)?

Táboa 5. Fragmentos das entradas *vergonza* e *vergüenza.*

s.v. Vergonza; p. 685 b	s.v. Vergüenza; pp. 1174–1175
Neste dicionario aparece na parte G/C **GAL.** col. ***A vergonza do galego***. *Queda unha croqueta no prato... A vergonza do galego.* O último anaco de comida que queda no prato en que todos petiscan e que ninguén se decide a coller. CAST. ***El de la vergüenza*** Vergonza; p. 685 b	**CAST.** ***El de la vergüenza.*** *La última se queda en el plato (...). Hasta que alguien dice eso de "bueno, queda la de la vergüenza" y entonces hay que dividir la croqueta en siete minúsculos pedazos*. Dise cando queda no prato ou na fonte en que todos petiscan unha soa unidade e ninguén se atreve a collela. ***GAL. A cortesía/vergonza do galego***. Loc. ***A mostra do galego*** *Queda unha croqueta no prato... A vergonza do galego.* O último anaco de comida que queda no prato en que todos petiscan e que ninguén se decide a coller. *CAST.* ***El de la vergüenza*** Vergonza; p. 685 b

A atávica reticencia de moitos galegos a colle-la última porción de comida, que quede na mesa común, para nós os galegos é unha simple cortesía: aínda que nos apeteza, deixámola para que a coma outra persoa (*cortesía do galego*) igual que lle cedémo-lo paso ou o asento a unha persoa maior. Para os casteláns, en xeral, esta nosa cortesía é unha mostra de vergoña e chámanlle *la vergüenza del gallego* ou *la de la vergüenza*. ¿Vergoña de qué? Algunha vez ténseme dado o caso de oír isto fóra de Galicia e poder pregunta-lo por qué. E a resposta foi *que, siendo vosotros un pueblo emigrante os dá vergüenza el hambre ante gente que no tiene que emigrar*. Non revelarei nin sequera a provincia onde tal me responderon. ¿Vergoña de que vexan que temos fame, porque a fame, diante de xente rica, evidencia que somos pobres e iso resulta humillante?[55] A verdade é que, cando nunha mesa se me deu esa situación, nunca a miña abstinencia —por dicilo dalgún xeito— tivo que ver coa miña autoestima, senón ó contrario, coa estima doutras persoas que estaban sentadas á mesma mesa. No fondo daquela interpretación estaba que nós sómo-los pobres, que temos conciencia atávica da fame e que ter fame é unha vergoña de toda a nosa familia ou de todo o pobo galego, fronte ós outros que, por exclusión e milagrosamente, serían todos ricos. Como isto non ten sentido, coido que o verdadeiro sentido desta *vergoña* está na palabra latina da que procede: *verecundia* designa en latín a «vergoña, timidez e modestia» pero tamén «delicadeza, respecto, consideración»; e *verecundus* é a persoa que mide as súas palabras e accións de maneira que non haxa nelas nada que ofenda a honestidade; e por iso v*erecundus* en latín é sinónimo de *castus.* De feito, aínda hoxe a segunda acepción da palabra *vergüenza* no DRAE é «Pundonor, estimación de la propia honra. *Hombre de vergüenza*». Literal. E, por iso, quen ten *vergüenza* é o contrario dun *sinvergüenza.* Este é o centro do asunto. Por iso este Dicionario recolle en Galicia eses dous sinónimos: *a mostra do galego* e *a cortesía do galego* que designan mellor o sentimento que impulsa esa acción da nosa tribo.

E quero engadir que o mesmo comportamento cortés existe noutros países entre xente amable e educada. Teño comprobado que tamén existe en Portugal, pero, curiosamente, en Lisboa, onde hai tantos galegos e oriúndos de Galicia, este mesmo feito creou unha expresión que non se refire despectivamente ós galegos, senón, en dirección contraria, a quen se considera estupidamente imprescindible: *El pensa que é a última bolacha do pacote* ('a última galleta' ou 'o último pastel da bandexa'), é dicir «o máis desexado». Debo esta información ó doutor José Artur Marques Valente e nela vese que en Portugal (Estado soberano e conquistador) o mesmo comportamento dalgúns comensais deu lugar a unha variante distinta, na forma e no fondo, máis neutra ou simplemente matemática: como é sabido, en portugués a palabra *bolacha* designa a galleta ou o bolo / pastel, así que esta locución portuguesa (*ser a última bolacha do pacote*) xa non fala de galegos nin de persoas famentas, senón de calquera persoa que, nun grupo social, se considere a si mesma como a persoa máis apreciada, a máis desexada, a máis importante, a imprescindible:

[5] Menos agresivo é aquel epigrama de Juan Martínez Villergas (Gomeznarro 1816 - Valladolid 1894) que dicía: *Varias personas cenaban / con afán desordenado, / y a una tajada miraban / que, habiendo sola quedado, / por cortedad respetaban. / Uno la luz apagó / para atraparla con modos; / su mano al plato llevó, / y halló... las manos de todos, / pero la tajada, no.* Neste caso a *vergüenza* é *cortedad,* pero curiosamente non se menciona que naquela mesa houbese un galego.

neste caso é cando os portugueses din con ironía *acha que [el/ela] é a última bolacha do pacote* («pensa que el é o último pastel do paquete»). A variante portuguesa xa non fala nin dos comensais, nin da cortesía nin da fame: fala da propia *bolacha,* obxecto desexado, que se converte en personificación ou metáfora da egolatría e petulancia dunha persoa que se considera desexada e imprescindible para todo o mundo.

Velaí como unha mesma realidade-imaxe ten tres significados distintos; un positivo: cortesía e amabilidade (en galego) e dous negativos: vergoña da propia fame (en castelán) e excesiva autoestima (en portugués).

7. As autoras

Carme López Taboada e M.ª Rosario Soto Arias,[6] catedráticas de Lingua e Literatura Galega en Institutos da Coruña, forman parte do grupo de filólogos e filólogas que no último decenio do século XX deu un impulso cuantitativo e cualitativo á recolleita, estudo, sistematización e difusión da fraseoloxía galega. As dúas filólogas son as reactivadoras dos traballos fraseolóxicos ou, máis ben, fraseográficos en Galicia. Carme López Taboada é pioneira dos traballos fraseolóxicos galegos nese decenio de fin de século: no ano 1995 aparecera a súa obra *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica,* que contén unha escolma de máis de mil expresións idiomáticas artelladas por temas que permiten un traballo rico pedagoxicamente.

No 2003 María Rosario Soto Arias publica as súas «Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán castelán-galego» en *Cadernos de Fraseoloxía Galega,* 3 (2003). Nesta obra ofrece equivalencias castelás duns 4.400 refráns galegos e as equivalencias galegas duns 4.100 refráns casteláns: equivalencias, non traducións, correspondencias semánticas con paremias xa rexistradas como tales en cada unha das dúas linguas.

Carme López Taboada e M.ª Rosario Soto Arias, xa conxuntamente, presentaron no ano 2008 á sociedade galega o *Dicionario de fraseoloxía galega*, obra soñada por moitos, pero realizada por elas e construída con rigor estrutural e riqueza de fontes. E doce anos despois (2020) e na mesma editorial as mesmas fraseógrafas presentáronnos este *Dicionario de Fraseoloxía Galego-Castelán, Castelán-Galego*. Aínda que sexa con retraso, nesta revista (que len e na que escriben fraseólogos e fraseólogas de diversos países e de varios continentes) quero compartir coas persoas que teñen a nosa mesma paixón pola fraseoloxía que a lingua galega leva xa dous anos no grupo de linguas que neste momento dispoñen dun dicionario fraseolóxico monolingüe e, polo menos, doutro bilingüe reversible ou bidireccional: neste caso galego-castelán (español) – castelán (español)-galego. Ben sei que Carme López Taboada e M.ª Rosario Soto Arias vanme

[6] As dúas profesoras e investigadoras teñen abundante produción fraseolóxica. Véxanse os datos que ofrecen os buscadores da Universidade de Santiago e da Universidad de la Rioja: http://iacobus.usc.es/search*gag/X?SEARCH=(L%C3%B3pez%20Taboada%2C%20Carme)&SORT=D; https://dialnet.unirioja.es/buscar/documentos?querysDismax.DOCUMENTAL_TODO=L%C3%B3pez+Taboada%2C+Carme; http://iacobus.usc.es/search*gag/X?SEARCH=(Soto%20Aria%2C%20M%C2%AA%20Rosario)&SORT=D; https://dialnet.unirioja.es/buscar/documentos?querysDismax.DOCUMENTAL_TODO=Soto+Arias%2C+Rosario.

dicir, coma os nosos vellos, que *As cousas que non se empezan son as que nunca se acaban.* E eu digo que teñen toda a razón.

8. Observacións fraseolóxicas

8.1. Fraseoloxía: o lado menos arbitrario e máis imáxico dunha lingua

Un dicionario común define ou desvela o significado «arbitrario» dunha palabra. Pero na fraseoloxía moitos significantes están construídos con imaxes que se ven ou se escoitan ou se apalpan e que, en consecuencia, motivan o significado, de xeito que un dicionario fraseolóxico vén sendo un dicionario das imaxes dunha lingua. Este dicionario (*DF GC CG-2020*) confronta as imaxes da lingua galega e da lingua española e vai permitir que alguén redacte un traballo paralelo a un dos magníficos libros do Valerij Mokienko, *As imaxes da lingua rusa*, que se pode descargar e reler neste enderezo: http://cirp.gal/publicacions/pub-0053.html.

Este Dicionario fraseolóxico bilingüe desvela con plena solvencia os segredos fraseolóxicos da lingua oral (algo así como o sistema operativo do noso cerebro) e faino comparando fraseoloxismos das dúas linguas. E, cando para un mesmo concepto a imaxe fraseolóxica da lingua galega e da lingua castelá son a mesma, sempre nos queda a curiosidade diacrónica de saber cal das dúas linguas crearía esa imaxe, cal a transmitiría á outra ou se ambas a recibirían dunha lingua anterior. Pero moitas máis veces acontece que expresámo-lo mesmo concepto con imaxes distintas ou contrapostas en cada lingua. E nese caso, a pregunta é máis intrigante.

Resulta curioso que, para dicir que mantemos firme a nosa postura, porque consideramos que é a máis xusta e digna e que as consecuencias non nos importan nada, en castelán úsase o fraseoloxismo ¡Salga el sol por *Antequera* ou *...por donde quiera!* Nesa mesma situación en galego dicimos *¡Por min, que chova!* (menos frecuentemente *¡Por min, que neve!*).

O clima seco do territorio castelán e o clima húmido do territorio galego crearon e asentaron para a mesma función (firmeza na decisión e aceptación das consecuencias incómodas) un fraseoloxismo que expresa o habitual (e, polo tanto, o insignificante): o sol na lingua da Castela seca e a choiva na lingua da Galicia húmida. Velaí temos a igualdade semántica (indiferenza) dentro da desigualdade imáxica (día soleado, día chuvioso) porque o habitual, aquilo ó que estamos afeitos e que xa nos é indiferente, é o día de sol en Castela e o día húmido en Galicia.

En casos coma este, no que as imaxes de cada lingua son distintas e heteroxéneas, non hai dúbida de que as nosas fraseólogas atoparon un tesouro, porque son numerosísimos os exemplos de imaxes asimétricas que nunha lingua e na outra expresan o mesmo concepto. Neste caso, a diferenza si que é un detector de veracidade e, polo tanto, de calidade.

A diferenza entre os fraseoloxismos dunhas linguas e doutras é complementaria e paralela das diferenzas fonéticas, morfolóxicas, sintácticas e, sobre todo, léxicas entre unhas linguas e outras; visualiza diferenzas étnicas na maneira de analizar e de expresa-la

realidade; visualiza matices que nos identifican (neste caso, ós galegos entre nós) tanto como as equivalentes formas castelás, inglesas ou rusas identifican, respectivamente, os casteláns, os ingleses, os rusos entre eles; e supoño que nos aglutinan tanto como as linguas indíxenas aglutinan os seres humanos indíxenas do Canadá, de Angola ou do Brasil entre eles. Pero a coincidencia nas imaxes dos fraseoloxismos entre os falantes tamén fai visibles coincidencias ou contactos dos pobos deses falantes con outras áreas culturais. Así tamén nolo aprendeu a percibir no ano 2000 na lingua rusa e nas linguas eslavas o fraseólogo ucraíno Valerij Mokienko —catedrático da Universidade de San Petersburgo— nos seus libros *As imaxes da lingua rusa* (2000a) e *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas* (2000b), dúas obras cimeiras libremente accesibles en versión galega.

É obvio, pero cómpre insistir explicitamente en que as equivalencias fraseolóxicas entre dúas linguas non son traducións, senón cristalizacións independentes de diferentes maneiras de ver e de analiza-la realidade, que se suman, a un lado e a outro da fronteira lingüística, con moitas outras coincidencias semánticas de orixe anónima que veñen da noite dos tempos e que son psicoloxicamente identificadoras a un lado e a outro da fronteira lingüística. E por iso, moitas veces son asimétricas e intransferibles.

8.2. Fraseoloxía: un escudo de supervivencia para a lingua

En certa medida un dicionario fraseolóxico bilingüe reversible, coma este, é un escudo ou un equipo de supervivencia porque, confrontando os imaxinarios de dúas linguas (non necesariamente contiguas), fai visible e palpable a orixinalidade e a personalidade de cada lingua, que, polo tanto, teñen idéntica dignidade, mesmo se, neste momento, son linguas de comunidades de diferente poder social. E, cando se fai visible a orixinalidade e a personalidade dunha lingua con menos poder, axuda a reconstruí-la súa valoración e a que non a devoren as imaxes da lingua contigua do grupo economicamente e institucionalmente máis poderoso. Por esa razón, nunha Humanidade democrática, tódalas linguas dun mesmo Estado e en tódolos Estados do mundo debían estar dotadas dun dicionario fraseolóxico bilingüe coma este por mandato constitucional. Ende mal, isto parece estar moi lonxe das prioridades de moitos gobernantes e de non poucos Gobernos, especialmente de Estados que prescinden do feito de que no propio territorio exista unha, varias ou moitas linguas indíxenas. Na realidade no mundo hai uns poucos centos de linguas soberanas, pero hai moitas máis linguas, case sempre as indíxenas, para as que frecuentemente non hai nada previsto máis có silencio, a total falta de dereitos e, en moitos casos, o desapiadado exterminio: pénsese, por exemplo, nas máis de 150 linguas indíxenas vivas do Brasil, case todas desprovistas de todo dereito nun Estado tan grande como dúas veces a Unión Europea.[7] A inmensa maioría das linguas do mundo carecen de dicionarios fraseolóxicos e mesmo de calquera tipo de dicionarios, porque a democracia lingüística no mundo é aínda moi fraca. Os europeos, especialmente, debiamos meditar que esta desiguladade é obra de europeos en beneficio de linguas europeas.

[7] Brasil ten unha extensión de 8.515.770 km^2 fronte aos 4.237.473 km^2 da Unión Europea (https://pib.socioambiental.org/es/%C2%BFQui%C3%A9nes_son%3F).

Gustaríame que a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación, pero tamén os representantes do Parlamento Galego e do Parlamento Español se reunisen con este dicionario nas mans e que meditasen a fórmula para que este dicionario bilingüe entre nas aulas de lingua española, nas aulas de lingua galega (e eventualmente nas de lingua latina) porque axudará a percibi-la continuidade do pensamento occidental, a orixinalidade de cada unha das tres linguas e a equilibra-la valoración social das tres. Axudará a coñecer mellor as nosas peculiaridades, posibilitará o recíproco respecto; construirá o futuro. Xa no século XIII dicía Duns Scoto *Nihil volitum quin praecognitum*, «Non se pode ama-lo que aínda non se coñece», que vén sendo que o coñecemento precede ó amor, aínda que a Unamuno (en *Niebla*), no século XX, parecíalle mellor modificalo en *Nihil cognitum quin praevolitum*, «Nada se coñece, se antes non se ama». E nesta anécdota vese a cantidade de osíxeno exterior que unha simple frase destas pode introducir nunha aula. Velaí outra funcionalidade para unha docencia máis inclusiva e democrática, máis confraternizadora, como imaxino que é a que durante anos inspirou o traballo destas dúas profesoras e fraseólogas. Estas non son cuestións marxinais.

8.3. ¿A fraseoloxía é arbitraria ou motivada?

A lingua galega foi lingua de alta cultura na Idade Media, xa que era a lingua literaria do rei Afonso X nas *Cantigas de Santa María* (1270-1283); era a lingua da lírica peninsular con preciosos manuscritos do século XIII ó XVI, seguía sendo a lingua da *Crónica Troiana* (1373) e doutros *Cancioneiros* medievais (séc. XV-XVI), algúns hoxe lonxe de Galicia. Pero, cando Galicia perdeu a súa independencia política, a lingua galega pouco e pouco foi quedando reducida a lingua oral e propia das clases traballadoras (maiormente rurais ou mariñeiras). É ben sabido que no Concilio de Trento se creou o catecismo as homilías e os rezos básicos nas linguas modernas [8] pero esa norma non se aplicou en Galicia.

Un movemento de «rebeldía» intelectual, que podemos dicir que empeza na cela do P. Sarmiento en Madrid no século XVIII, que pasa por Rosalía de Castro e Curros Enríquez no XIX, que simbolizamos en Castelao no XX e que chega activo ó século XXI, fixo que boa parte dos intelectuais creativos galegos asumisen como propia a *lingua proletaria do meu pobo*, como di o verso de Celso Emilio Ferreiro.

E ese concepto apóiase na evidencia de que boa parte da fraseoloxía galega actual contén imaxes extraídas da experiencia proletaria (agrícola ou mariñeira): é dicir, boa parte da fraseoloxía ten no mundo da natureza e do traballo a súa motivación. E unha

[8] Lutero dicía que a liturxia non servía para forzarmos a Deus a que nos concedese a súa graza senón só para formarnos nós na fe. Por iso a liturxia luterana nace xa nas linguas modernas, sen uso do latín, para que a xente entenda o que di e o que fai. Pero, cando, ante o desafío que representa a doutrina de Lutero, o Concilio de Trento reorganiza a Igrexa e o 11.11.1563 aproba o *Decretum de reformatione,* mantén a liturxia en latín (para facer patente que Deus concede a súa graza gratuitamente sen que nós poidamos facer nada por obrigalo a que nola conceda), pero introduce o catecismo e diversos rezos nas linguas modernas para formarnos na fe. Esta norma do Concilio serviu para que, por exemplo, os sacerdotes vascos empezasen masivamente a ensina-lo catecismo, predicar e rezar en euskera. En Galicia, en cambio, non hai constancia de que os bispos suxerisen ou facilitasen os rezos en galego; pola contra, publicaron o catecismo e as oracións básicas en castelán e as preceptivas homilías difundíronse en castelán. E a liturxia seguiu en latín ata que o Concilio Vaticano II aproba a *Constitución Sacrosanctum Concilium* (4.12.1963).

persoa urbana que careza de contacto co mundo rural e mariñeiro, se nunca viu diante un *fuso* ou a *rabela* dun arado, cando bate con estes dous fraseoloxismos *dereito coma un fuso* e *dereito coma a rabela do arado*[98] (que significan exactamente o contrario), probablemente non comprenderá a motivación e poderá interpretar mal algún dos dous fraseoloxismos ou pensará que está ante a arbitrariedade do signo lingüístico.

O fuso, no que as fiandeiras van recollendo e enleando o fío que formaron retorcendo coa man dereita as fías de liño, é de madeira de castiñeiro, ten forma máis ou menos cónica e, dende logo, cunha altura que debe multiplicar por 12 o seu diámetro inferior. Metaforicamente unha persoa é *dereita coma un fuso*, cando é *moi dereita*, é dicir, cumpridora, incorruptible, plenamente fiable: polo tanto, unha persoa recta.

Pola contra, a *rabela do arado* é unha peza curva de madeira situada na parte alta e posterior do arado, por onde o labrego agarra o arado presionando para que a rella do arado entre suficientemente na terra e vaia abrindo o rego segundo vai avanzando, de maneira que quede arriba a terra que estaba en baixo e deixe feito o rego no que posteriormente el botará a semente e que, finalmente, tamén el tapará con terra para que a semente xermine. Controlando con enerxía a rabela consegue que os bois vaian dereitos, que os regos teñan a fondura necesaria e que sexan paralelos. Deste xeito, *dereito coma un fuso* significa «dereito» (sen ningunha curva) e, cando se aplica metaforicamente a unha persoa, significa que é «recta, fiable, estrita cumpridora dos deberes e compromisos, incorruptible» e tamén combina cos adx. *ergueito* ou *teso*. Pola contra, *dereito coma a rabela do arado* é unha metáfora irónica que, aplicada a unha persoa, significa «retorcida, non fiable, traidora».

A fraseoloxía ten un compoñente esencial, que é describi-la vida coas imaxes que nos ofrece o espello da xeografía, da historia oral e, sobre todo, o espello da experiencia humana predominante (no noso caso, a actividade agrícola, mariñeira e obreira urbana). A fraseoloxía é un corpus de signos lingüísticos motivados e escasamente arbitrarios (ó revés das palabras) como *morrer vestido* (de xeito violento) ou *andar á moina* «vivir á conta doutras persoas; andar ocioso, sen traballar» (expresión popular que só pode vir do francés *moine,* 'monxe', en probable alusión antiga ós frades *mendicantes* «que vivían da esmola da xente»).

Unha persoa, nacida e criada nun ambiente urbano e de mente exclusivamente urbana, pode descoñecer esa motivación, pero esa motivación é transparente para a xente rural ou mariñeira ou obreira e esa maioría demográfica de uso motivado mantén vivo o uso social do fraseoloxismo. Na Galicia urbana aínda son minoría os cidadáns nados en Galicia que *non teñan aldea* na que, polo menos, estean algúns días ou semanas cada ano. E na aldea todos (non só os eruditos) coñecen a motivación da maior parte dos fraseoloxismos galegos. En calquera caso, os fraseoloxismos perduran no tempo, porque, afeitos como estamos os falantes a que o signo lingüístico sexa arbitrario, chegamos

[9] A *rabela*, tal como a define o DRAG, é unha «Peza curva de madeira situada na parte posterior do arado, por onde se agarra para dirixilo». É dicir, *dereito coma a rabela do arado* é irónico e aplícase a persoas retorcidas («de carácter difícil ou de malas intencións»).

a detectar algunha vez o uso correcto do fraseoloxismo irónico *dereito coma a rabela do arado* en persoas urbanas, que nunca araron nin viron arar e que, polo tanto, xa non saben ben como é nin o que é a rabela do arado: pero, aínda que xente urbana que nunca arou nin viu arar descoñeza a imaxe motivante, coñece a intención irónica con que o din ou dicían os seus pais, e a lembranza dese uso irónico vivo pode manter vivo o fraseoloxismo do mesmo xeito que usamos co seu significado correcto a maior parte das palabras, das que descoñecémo-la etimoloxía.

Precisamente este carácter de signo lingüístico motivado é o que nos leva a unha consecuencia importante para a didáctica das linguas: a fraseoloxía debe formar parte do programa didáctico de calquera lingua. E non se entende como foi posible que ata agora dependese da sensibilidade persoal dos e das profesoras que ensinan esas linguas. A aparición deste dicionario fraseolóxico bilingüe, convertido en Galicia en material de uso habitual nas aulas de galego e de castelán, fará que mellore a percepción contrastiva das dúas linguas e que, deste xeito, aumente o correcto uso das dúas. E, por ser un dicionario que compara a fraseoloxía galega coa castelá, debería estar presente nos Centros de ensino de idiomas de toda España.

9. As imaxes da lingua galega

Unha lingua non é só palabras e gramática: unha lingua é tamén un repertorio abundantísimo de imaxes. Dende a Idade Media ó día de hoxe os nosos devanceiros e devanceiras, os nosos escritores e escritoras, pero, sobre todo, as avoas e nais, os avós e os pais na vida de cada día, coa súa maneira de falar foron creando na nosa cabeza un repertorio de imaxes que nos permiten expresar con arte e con gracia as situacións, ideas e sentimentos máis dispares, sexan delicados ou vulgares. Esas imaxes (fraseoloxía e paremioloxía) son un recurso artístico inmaterial que converte en ocasión de arte as nosas necesidades expresivas ordinarias ou extraordinarias.

Un fraseoloxismo, como se puido ver nos cadros anteriores, impacta pola viveza da súa imaxe e pola contundencia con que nun contexto concreto (delicado ou non) expresou un pensamento atinado e é por iso polo que se grava na nosa memoria asociado a aquel contexto e a aquela persoa (frecuentemente maior) que o dixo. E, cando a vida nos fai vivir a nós unha situación parecida a aquela, de repente aquelas palabras resucitan na nosa cabeza e veñen de seu á nosa boca e tamén as dicimos. A fraseoloxía da lingua propia apréndese na vida e, por iso, os vellos usan máis fraseoloxismos cós rapaces e xa era así, cando os nosos vellos eran rapaces. Lembro que na miña adolescencia, cando un neno ou nena dicía un fraseoloxismo (maiormente se era unha fórmula), a xente adulta comentaba con cariño *fala coma un velliño,* se era un neno, e *fala coma unha velliña,* se era unha nena. Isto indica que a xente sempre percibiu que os vellos usaban máis fraseoloxismos cós mozos, pero tamén que o caudal fraseolóxico e paremiolóxico dun neno ou dunha nena vai aumentando segundo vai medrando: hoxe, coma daquela, a fraseoloxía da lingua propia apréndese en contexto, apréndese por experiencia, apréndese de oído; memorízase sempre asociada a algo que unha persoa adulta concreta dixo nun momento e contexto concretos. Por iso o uso da fraseoloxía aumenta coa idade. Dicionarios coma

este son providenciais, porque hoxe os medios de comunicación fannos vivir oíndo máis linguas do que acontecía antes e, se temos á man repertorios ben organizados coma este dicionario fraseolóxico bilingüe, podemos aprende-la fraseoloxía de segundas ou terceiras linguas, confrontando e conservando a fraseoloxía da lingua propia. Por iso este libro é providencial: gañamos linguas sen perde-la propia.

A fraseoloxía galega xa estaba operativa nos diferentes xéneros da nosa literatura medieval. Tamén estaba operativa no século XVIII, cando o pontevedrés Fr. Martín Sarmiento, que viviu en Madrid, fixo algunhas reflexións sobre os ditos e refráns galegos; estaba presente nos escritos de Rosalía de Castro no XIX e nos pés dos debuxos de Castelao no XX. Tanto ou máis importante que todo iso é que hoxe, no século XXI, a fraseoloxía segue estando operativa na boca das nosas avoas e nais e dos nosos avós e pais. É un patrimonio intelectual que se converte en espectáculo espontáneo e gratuíto en calquera conversa ou discusión. E así, de maneira incontrolada, este código lingüístico, cheo de imaxes polícromas, segue fluíndo de avós a netas e de avoas a netos, sen que, ata tempos recentes, empezase a tomarse en consideración no ensino das linguas que tódolos días falamos.

Calquera lector que colla nas mans este dicionario fraseolóxico bilingüe verá que é un inmenso arquivo de imaxes moi expresivas (galegas e castelás) que aquí aparecen emparelladas por teren significado idéntico nas dúas linguas, pero que expresan ese significado case sempre con imaxes heteroxéneas: a distancia das correspondentes imaxes nunha lingua e na outra mide a calidade do dicionario que estamos manexando.

O máis sorprendente e importante é que a fraseoloxía galega, sen formar parte (nin residual) dos programas de estudo ata tempos moi recentes, segue estando operativa na expresión das avoas, dos pais, das mociñas e, pouquiño a pouco, na dos netos do século XXI. Algo moi profundo hai aquí, cando a fraseoloxía se difunde sen escolas, coma o toxo no monte e coma a herba nas brañas ou cando alguén exclama *¡Vaiche boa*! e, sen estudo regulado, todos captámo-lo que quere dicir, tendo esa fórmula varios significados que dependen do contexto de uso. A fraseoloxía é un milagre intelectual, porque segue aprendéndose de oído, nas conversas e en contexto: aínda non é un asunto dirimente no ensino regulado das linguas.

A fraseoloxía galega constitúe, coas súas imaxes, a parte máis espectacular do código de comunicación: non son palabras (signo lingüístico arbitrario), senón combinacións fixas de palabras, son fraseoloxismos imáxicos, son signos lingüísticos motivados e expresivos, que, aínda insuficientemente recollidos, están perfectamente activos nas rúas, nas prazas, na cidade, no campo e no mar (e algúns deles xa estaban presentes na nosa poesía medieval e están na literatura de hoxe). Todo isto faise visible en tódalas recadádivas editadas nestes *Cadernos de Fraseoloxía Galega* ou noutras publicacións. E aínda hai algunhas recadádivas (por certo, importantes) que seguen infelizmente inéditas.

Este dicionario que confronta semanticamente e funcionalmente a fraseoloxía galega e castelá é, polo tanto, un libro novidoso, excepcional; un libro especialmente útil para escritores e tradutores, para profesores de galego e de castelán, para xornalistas e psicolingüistas, para xuristas e para confesores. Obra estratéxica para estas dúas linguas en

contacto e intercambio habitual recíproco. Merece unha *Medalla Castelao* e ben merecía no momento da edición un Premio Nacional de Cultura en Madrid. Indispensable, por exemplo, para tradutores de películas.

10. Falar unha lingua tamén require coñecemento das imaxes desa lingua

Falar galego e falar castelán, polo tanto, non é só cuestión de fonética, morfoloxía, sintaxe e léxico. Galego e castelán tamén son (e de maneira esencial) un repertorio riquísimo de imaxes propias (moitas veces exclusivas) de cada unha das dúas linguas. A fraseoloxía é o imaxinario esencial dun pobo: neste caso, a fraseoloxía galega é o imaxinario mínimo e esencial do pobo galego como a fraseoloxía castelá é o imaxinario mínimo e esencial do pobo que fala castelán. Se a persoa que vai abrir este dicionario proba antes a dicir directamente con palabras castelás 20 ditos galegos (coma o referido *¡Vaiche boa!*) verá que o simétrico **Te va buena!* non funciona en castelán; verá incluso que lle dará a risa: é dicir, que é ridículo. Fóra de Galicia preguntaríanlle enfaticamente *¿Qué dices?* Iso significa que nesa fórmula *¡Vaiche boa!* hai algo asimétrico exclusivo e patrimonial: algo que non se entende na outra lingua, con ser unha lingua próxima. Se a tradución literal de *¡Vaiche boa!* non funciona en castelán, probe a repeti-la experiencia en dirección contraria, poñendo literalmente en galego expresións castelás (como *vino de solera*), e verá que, na maior parte dos casos, a tradución literal tamén produciría risa por disparatada. O sentido figurado de moitos fraseoloxismos produce curtocircuítos na comunicación, cando o que os escoita non sabe que son de uso figurado. Unha vez máis, aí percíbese que a imaxe tamén é patrimonial. Por iso a fraseoloxía acaba sendo asunto esencial da lingua, como o son a gramática e o léxico.

Unha lingua, polo tanto, non é só léxico e gramática: tamén é un **repertorio de imaxes identificadoras.** Por iso este *DF GC CG-2020* vai ó fondo da cuestión e **confronta imaxes con significados**. Con frecuencia o mesmo concepto cada lingua exprésao con imaxes propias e exclusivas: así, tendo en conta que a cuncha do mexillón é negra, en galego podemos dicir, que alguén ten o pelo *negro coma un mexillón*, que en castelán sería pelo *negro como ala de cuervo* ou *como el carbón*. Por iso, falando o galego, ocasionalmente pode provocar estrañeza ou risa que alguén use a tradución literal dunha imaxe castelá, como *poner pies en pared* (que sería en galego *poñerse teso, (poñer) man dura*) ou que alguén adapte literalmente ó galego *caer en el garlito* (o *garlito* en castelán é unha especie de nasa) que en galego estaría mellor como *caer na gateira.*

Insisto en que moitas veces o mesmo concepto exprésase con imaxes diferentes en cada lingua. Por iso, aínda que sabemos que **unha lingua é un léxico e mais unha gramática,** hoxe temos conciencia de que **tamén é un repertorio de imaxes fixadas** na memoria activa dos falantes. Esa é a razón de que nazan dicionarios fraseolóxicos coma este.

E quero dicir que ata onde eu cheguei na lectura contrastiva das dúas fraseoloxías neste *Dicionario* só vin equivalencias semánticas sólidas, atinadas e luminosas que, en non poucos casos, sorprenden pola **distancia imáxica** que hai entre as imaxes dos fraseoloxismos de cada lingua. Isto é indicio de moita meditación.

11. Para unha valoración final

O cambio de milenio trouxo o froito de longos e silenciosos traballos anteriores, que se concretaron no ano 2000, no 2001, no 2008 e no 2020:

Colectivo Manuel Leiras Pulpeiro. (2000). *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Dirección, ordenación e introdución: R. A. Martínez Seixo. A Nosa Terra; 207 páxs.

Pena, X. A. (2001). *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas: castelán-galego*. Edicións do Cumio; XXX + 927 páxs.

López Taboada, C. e Soto Arias, M.ª R. (2008). *Dicionario de Fraseoloxía Galega.* Xerais; XIX+650 páxs.

López Taboada, C. e Soto Arias, M.ª R. (2020). *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán castelán-galego.* Xerais; XVI+1190 páxs.´

Simultaneamente outras persoas traballaban na incorporación da fraseoloxía e da paremioloxía galegas á didáctica da lingua galega e desta preocupación son froito as dúas seguintes obras:

Losada Aldrey, M.ª C.; Cid Fernández, A.; Fernández Carballido, X. e Corujo Martínez, E. (2016). *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega*; 292 páxs. [http://cirp.gal/publicacions/pub-0432.html].

Iglesias González, X. (2019). *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas*. Ilustración: J. M. Castro Méndez; Revisión lingüística: S. Villar Aira. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 207 páxs. [https://www.cirp.gal/pub/docs/frase/coa_palabra_na_boca.pdf].

Estas seis obras, cada unha no seu ámbito, son valiosas e providenciais para a lingua galega, para a lingua castelá e para a didáctica das dúas linguas. E mostran que aquel *I Coloquio Galego de Fraseoloxía* de 1997 foi aglutinador e estimulante para entre todos facermos máis visible e máis operativa a fraseoloxía e a paremioloxía galega, para facer máis operativa a nosa lingua galega, independentemente da ubicación institucional e lingüística das investigadoras e dos investigadores. E, aínda que as dúas fraseólogas, autoras deste ***DF GC CG 2020***, son membros do Consello destes *Cadernos de Fraseoloxía Galega,* insisto en que este dicionario fraseolóxico bilingüe e bidireccional é froito de saberes e de esforzos persoais e empresariais realizados fóra do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Esta sinerxía de diferentes é precisamente o que enriquece tamén os *Cadernos de Fraseoloxía Galega,* obra de máis de 200 investigadores de 26 países, unidos nunha canle de fraseoloxía interlingüística. Espero que algún día o *Tesouro Fraseolóxico e Paremiolóxico Galego* (TFG e TPG respectivamente) en proceso no Centro Ramón Piñeiro poida ve-la luz en formato electrónico e en acceso libre, porque será outra ferramenta que consolide este *DF GC CG 2020* impreso que comento.

Quedamos admirados no ano 2008 cando atopamos nas librerías o *Dicionario de Fraseoloxía Galega*, marabilloso agasallo destas dúas fraseógrafas para cantos amámo-la riqueza fraseolóxica dos nosos pais, nais, parentes, veciños e desta patria constituída esencialmente por unha xente que vive, traballa e soña nesta lingua nun territorio

farturento, pero que nada nos dá sen esforzo. Quedamos admirados do traballo de idear, documentar, redactar e corrixir aquela obra que só é frecuente que teñan as chamadas *linguas de Estado*. Admiración e gratitude que se multiplicou no ano 2020 con estoutro *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán castelán-galego*, agora bilingüe reversible, que xa non hai diñeiro que o pague, polo esforzo documental e pola meditación e intelixencia que puxeron en cada liña ata conseguiren unha obra chea de equivalencias luminosas entre os fraseoloxismos galegos e os fraseoloxismos casteláns e viceversa.

Estoutro dicionario é unha *ferramenta* azosa para xornalistas, escritores, profesores, tradutores e para simples falantes que, cando temos unha dúbida ou curiosidade fraseolóxica, comprobamos aquí que alguén xa meditou por todos nós ese asunto e para todos nós resolveu moi variadas dúbidas fraseolóxicas á hora de escribirmos e mesmo de falarmos. As nosas fraseógrafas, Carme e M.ª Rosario, xa o pensaron todo por nós e antes de nós. Este libro ten traballo e brillantez, dúas calidades que non sempre van pola man. Quero insistir en que o Ensino Medio (no que elas traballaron sempre) non está pensado nin reserva tempo laboral para que profesoras e profesores redacten libros de XX + 650 páxinas (coma o *DFG-2008*) ou de XVI + 1190 páxinas, coma este (*DF GC CG-2020*), que cheguen ó mercado e que, como se di comercialmente, *funcionen*, é dicir, que se vendan coma os libros dos profesionais da publicación. Quedei feliz cando puiden ter este dicionario nas mans. Feliz, porque agora, con el na man, xa é moito máis seguro e máis rápido traducir unha película de cine, unha serie de TV, unha novela ou un atestado xudicial. Esta obra e os dous anteriores dicionarios fraseolóxicos (o bilingüe castelán galego de Xosé Antonio Pena Romay e o monolingüe das mesmas autoras) forman parte esencial da fraseografía galega e danlle vida a estes *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, abertos a tódalas fraseoloxías do mundo.

11.1. A fraseoloxía na didáctica da lingua galega e da lingua castelá

Se eu hoxe fose profesor de lingua galega, levaría tódolos días media ducia de entradas deste dicionario para abri-la clase, escolleitas por materias (hai volume) ou por dificultade gramatical (tamén hai variedade) e propoñeríalles ós alumnos que desen a súa persoal tradución á outra lingua. A selección de textos xoga moito na motivación dos alumnos, fai a clase interesante e nun curso poderíanse ter 650 fraseoloxismos galegos e casteláns ben perfilados, ben contrastados e ben asentados na mente dos estudantes. Alumnas e alumnos aprenderían a ve-la riqueza que eles teñen na fala das súas avoas e das súas nais; incluso da xente máis pobre da súa contorna. Aprenderían a ver que a norma da lingua ten as raíces na propia casa deles. Non sería pouco proveito sumando, como mínimo, os anos da educación secundaria. Esta didáctica producirá amor á lingua; téñano presente.

Lembremos que unha das autoras deste *DF GC CG-2020,* Carme López Taboada, empezou os seus traballos fraseolóxicos precisamente pola utilidade didáctica coa obra LÓPEZ TABOADA, C. (1995a): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica.* Galinova: A Coruña; 278 páxs.

E nunca me cansarei de chama-la atención sobre o atractivo das imaxes fraseolóxicas, que poñen sempre unha pinga de color ou de humor na expresión. Convido a quen lea

isto a entrar na amena sección fraseolóxica que mantén na internet o fraseógrafo que nos deu o primeiro dicionario fraseolóxico bilingüe castelán-galego (Xosé A. Pena Romay) [*https://www.galiciaconfidencial.com/tema/fraseoloxa*]. Convido a repasar tamén os pés dos debuxos humorísticos de Castelao ou os do Carrabouxo. A fraseoloxía e a paremioloxía son un tesouro estético e un utilísimo recurso expresivo. Estou convencido de que nos próximos decenios ampliarán a súa presenza na didáctica das linguas, como xa acontece en Galicia.

11.2. Felicidade final

Este *Dicionario* fraseolóxico bilingüe forma parte desas cousas, que non se poden medir nin pagar, pero que fan grande un País e que ennobrecen para sempre unha lingua. Os que nacemos nunha atmosfera de banalización e de afogamento institucional da lingua galega sentímonos especialmente felices, vendo agora, próximos ós oitenta anos, esta nosa lingua proletaria dotada das mellores ferramentas, que ata agora, como dixen, só tiñan as linguas de Estado.

Que as autoras eran dúas profesoras intelixentes e dinámicas e que sintonizaban coa fraseoloxía xa o sabiamos, porque as dúas (Carme López Taboada e M.ª do Rosario Soto Arias) xa participaran do 15 ao 20 de setembro de 1997 no *I Coloquio Galego de Fraseoloxía,* que nos permitiu escoitar en Compostela unha embaixada dos mellores fraseólogos procedentes de Rusia, de Alemaña, de Francia, de Inglaterra, de Portugal, de Colombia, de Cuba e das catro linguas de España. As actas están dispoñibles en acceso libre na seguinte ligazón: http://www.cirp.es/pub/docs/frase/actas_coloquio_frase.pdf. Nese Coloquio internacional a profesora Soto Arias presentou un informe titulado «A fraseoloxía no ámbito non universitario» (1997, pp. 283-287).

E, cando o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades puxo en marcha un proxecto de fraseoloxía galega, cun medio de publicación propio (*Cadernos de Fraseoloxía Galega*), pero aberto a tódalas fraseoloxías do mundo, as dúas autoras xa traballaban neste eido (como dixen no apartado 8) e forman parte do Consello desta revista. M.ª do Rosario Soto Arias, en poucos anos, entregou para publicación un magnífico traballo que, con título modesto, se denominaba *Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán galego*, que mereceu ser un número monográfico dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega,* 3 (2003); 347 páxs.; dispoñible en https://www.cirp.gal/publicacions/pub-0140.html.

As súas dúas obras conxuntas, o *DFG 2008* e o *DF GC CG-2020* (sobre todo, a segunda), son unha proeza intelectual, porque cada fraseoloxismo dunha lingua require moito tempo de meditación no contido semántico que está debaixo da imaxe e sobre os posibles usos na conversa ata darlle atopado un irmán xemelgo na fraseoloxía da outra lingua.

Coma nas competicións olímpicas de salto, o listón fórono situando cada vez máis alto. E neste segundo desafío afrontaron supera-lo *Dicionario de Fraseoloxía Galega* coa parella bilingüe *galego castelán* e *castelán galego.* Isto é o que agora xa temos nas mans. Benia as nais e os pais que as trouxeron ó mundo neste País, moitas veces, desventurado pero afeito tamén a erguerse sempre.

11.3. Outra anécdota para pecharmos este libro

Nos tempos, que eu acordei, nos que o latín era a lingua vehicular do ensino filosófico e teolóxico nos Seminarios, contábase que, en certa ocasión, no Seminario de Toledo, un seminarista de nome Ignacio Calvo cometera unha infracción importante e que os superiores, como correctivo, impuxéranlle o castigo de traduci-lo *Quixote* ó latín. Se o castigo for certo, a trasnada non debera ser pequena. O alumno, que era vivo coma moitos rillotes, non se desmoralizou: cumpriu o castigo, pero abreviando a obra cervantina e, sobre todo, traducíndoa a ese híbrido humorístico de latín e castelán que chamamos *latín macarrónico* (un lingua inexistente que mestura palabras latinas e palabras castelás para lograr un efecto cómico) co que os seus superiores tiveron moito que rir e do que hai unha versión publicada en 1905[10] e xa algunhas variantes orais. Este é o relato oral que circulaba e non sei se é histórico ou fantástico, pero o certo é que existe o relato oral e existe ese humorístico *Quixote* en presunto latín asinado por Ignacio Calvo. Aquel inicio do Quixote *En un lugar de la Mancha de cuyo nombre no quiero acordarme*, no *latín macarrónico* do seminarista infractor, soaba así: *In quodam loco manchego pro cuius nomine non volo calentare cascos...* O *acordarme* de Cervantes traducíao macarronicamente como **calentare cascos*, inexistente en latín, pero que pretendía dicir, «quentar a cabeza». Todo o texto latino era máis ou menos así de disparatado[11] e así de cómico. Pecho esta nota marxinal e humorística dicindo que hai outra versión do Quixote en verdadeiro latín, obra de Antonio Peral Torres.[12]

Ben, pois este *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán castelán galego,* de Carme López Taboada e de María Rosario Soto Arias, ten milleiros de receitas para que nin os galegos falemos en *castelán macarrónico* nin os casteláns nos falen en *galego macarrónico.* Un libro para que os topógrafos lingüísticos midan agora os lindeiros imáxicos das dúas linguas. Un libro para que corra polas Academias de Idiomas de toda España e, por fin, poida empezar a haber persoas de fóra de Galicia que queiran aprender ben os primores da nosa lingua. Un libro para que os especialistas noutras linguas nos acaben dando dicionarios fraseolóxicos galegos bilingües comparados a esas outras linguas. Non podo dicir que a metade do camiño estea xa andada, porque o que unha lingua X demanda na comparanza cunha lingua Y é distinto do que esa mesma lingua X vai demandar na comparanza cunha lingua Z, porque os imaxinarios das linguas son asimétricos. Pero,

---

[10] *Historia Domini Quijoti Manchegui, traducta in latinem macarronicum per Ignatium Calvum, curam misae et ollae*. Madrid: Imp. del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús, 1905; segunda edición, 1922; reimpreso varias veces máis. [https://es.wikipedia.org/wiki/Ignacio_Calvo].

[11] En diferentes lugares da internet podemos ler longos fragmentos dese Quixote nese latín remedado e disparatado de Ignacio Calvo (que figura se-lo primeiro "tradutor"). Pero tamén podemos ve-lo mesmo texto cervantino traducido ó latín con outra dignidade, debido a Antonio Peral Torres (1922-2000), un sacerdote políglota de maior e mellor formación latina. Os enlaces na internet son, respectivamente: https://cvc.cervantes.es/trujaman/anteriores/abril_05/04042005.htm e, sobre todo, estoutro: https://oporteteditores.com/el-traductor-traducido-o-alguacil-alguacilado-ii/ Neste segundo enlace compáranse o texto da anécdota inicial cunha alternativa redactada xa nun latín case correcto.

[12] A CERVANTES SAAVEDRA, Michael (1547-1616) (1998): *Historia domini Quixoti a Manica.* Versio latina ab Antonio Peral Torres. Centro de Estudios Cervantinos; 714 p. ISBN 84-88333-24-2.

consultando este libro, parece verosímil que unha parte importante dese camiño estea xa andada. Ou, como dicía, nestes casos, miña nai, *Sobre un ovo pon a galiña*.

12. Referencias bibliográficas:

Calvo, I. (1905). *Historia Domini Quijoti Manchegui, traducta in latinem macarronicum per Ignatium Calvum, curam misae et ollae.* Imp. del Asilo de Huérfanos del S. C. de Jesús.

Colectivo Manuel Leiras Pulpeiro (2000): *Dicionario fraseolóxico galego. Unha achega desde o galego vivo*. Dirección, ordenación e introdución: R. A. Martínez Seixo. A Nosa Terra.

Feixó Cid, X. (coord.); Mera Herbello, H.; Rodríguez Alonso, M. e Rodríguez Barcia, M. (2007). *Dicionario fraseolóxico castelán-galego e de correspondencias galego-castelán Século 21*. Galaxia / Edicións do Cumio.

García Barros, M. (1972). *Aventuras de Alberte Quiñoi.* Edicións Castrelos.

López Taboada, C. (1995a). *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica.* Galinova.

(1995b). *Do falar e do escribir.* Fontel.

López Taboada, C. e Soto Arias, M.ª R. (2008). *Dicionario de Fraseoloxía Galega.* Xerais.

(2020). *Dicionario de fraseoloxía galego-castelán castelán-galego.* Xerais.

Mokienko, V. (2000a/1986). *As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.* [Trad. E. Lossik]. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en http://cirp.gal/publicacions/pub-0053.html.

(2000b/1989). *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.* [Trad. E. Guerbek]. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en https://www.cirp.gal/publicacions/pub-0052.html.

Pena, X. A. (2001). *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas: castelán-galego*. Edicións do Cumio.

Soto Arias, M.ª R. (1997). A fraseoloxía no ámbito non universitario (pp. 283-287). En X. Ferro Ruibal (coord.), *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía. 1997.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en https://www.cirp.gal/publicacions/pub-0030.html.

(2003). Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán castelán-galego. *Cadernos de Fraseoloxía Galega,* 3. Dispoñible en http://cirp.gal/publicacions/pub-0140.html.

Xesús Ferro Ruibal
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
https://orcid.org/0000-0002-3516-2814
ferro.ruibal@gmail.com

MAKINO, Seiichi & OKA, Mayumi (2017): 日英共通メタファー辞典 —*A Bilingual Dictionary of English and Japanese Metaphors*. Tokyo: Kurosio. ISBN: 978-87-424-745-7; 744 páxinas.



日英共通メタファー辞典[1] — *A Bilingual Dictionary of English and Japanese Metaphors* é, como o seu nome indica, un dicionario no que, *a priori,* se presentan unha serie de 'metáforas' xaponesas xunto co seu equivalente inglés e viceversa. Asinan a autoría Seiichi Makino —doutor en Lingüística pola University of Illinois, profesor emérito de xaponés na Princeton University e un dos autores do prestixioso *Kodansha's Basic English-Japanese Dictionary*— e Mayumi Oka —directora do programa de Estudos Xaponeses da University of Michigan, experta en pedagoxía do xaponés e coautora do afamado método de aprendizaxe de xaponés *Tobira*—.

A obra está composta por unha detallada introdución e polo material lexicográfico en si, presentados os dous sen ningunha separación entre eles. Así mesmo, ao contrario que na maioría dos dicionarios bilingües, neste caso os contidos non veñen divididos segundo a lingua de traballo en dúas seccións claramente diferenciadas —unha para o inglés e a outra para o xaponés—. Porén, as linguas conviven nun mesmo espazo grazas á constante alternancia das mesmas nun formato a dobre páxina, onde unha páxina (a esquerda) se dedica á lingua A e a seguinte (a dereita), á lingua B, o que dá como resultado unha sorte de tradución comparada de fácil consulta e análise. Ademais, o sentido de lectura ou 書字方向 (*shojihōkō*) é o propio da maioría das linguas indoeuropeas: de esquerda a dereita, denominado 左横書き (*hidariyokogaki*, lit. 'escritura horizontal de esquerda a dereita') en Xapón, o que fai máis doado o manexo desta obra para o usuariado menos afeito a traballar con textos xaponeses.

A introdución ao dicionario está composta por un prefacio escrito polos propios autores, a delimitación conceptual do fenómeno metafórico (i.e.: definición de 'metáfora' e clasificación), a guía de uso e a relación de abreviacións e símbolos empregados. Nesta presentación, Makino e Oka salientan que a preparación do dicionario lles levou preto de vinte anos e que nel influíron diferentes acontecementos históricos, como o 11-S ou o tremor de terra e posterior tsunami que en 2011 asolaron a rexión de Tohoku no Xapón. O influxo da historia na configuración do dicionario non é casual nin tendencioso: os propios autores sinalan que «the world today is radically different than it was two decades ago. And along with this transformation came a considerable shift in the way people express themselves»[2] (p. 3). Isto é, o impacto nas sociedades[3] dos distintos

[1] Transcrito mediante o sistema de romanización Hepburn como *Nichi-Ei kyōtsū metafā jiten.*

[2] Tradución propia: «o mundo actual é totalmente diferente ao de hai dúas décadas; e, xunto con esta transformación, houbo tamén un cambio considerable na forma na que a xente se expresa».

[3] Falamos aquí de 'sociedades' en plural porque o dicionario afonda tanto na xaponesa como nunha hipotética amálgama case-homoxénea de anglofalantes, sen distinguir as súas procedencias.

acontecementos históricos fixo que a lingua —o xeito de expresarse— mudase tamén, pois «the experience of creating this dictionary has made us feel more strongly than ever that language is a living, breathing entity whose spirit persists throughout the ages»[4] (p. 3). En consecuencia, se o idioma evoluciona co paso do tempo, isto implica que «each language's metaphorical expressions are imbued with the unique culture, history, and life experiences of their users»[5] (p. 3). Esta observación, froito da experiencia dos autores, vese apoiada por investigacións recentes como a de Ortiz Alvarez sobre a relación entre cultura e fraseoloxía: «a lingua ten o papel de representar as prácticas empregadas polas persoas, pois manifesta as actitudes, coñecementos, crenzas, ideoloxías, comportamentos e valores dunha determinada comunidade lingüístico-cultural» (2021, p. 66).

Quizais o aspecto máis espiñento da obra sexa o argumento esgrimido por Makino e Oka para xustificar o uso do termo 'metáfora'. Segundo eles, «in a basic sense, metaphors are comparisons that we make to express concepts in terms that are familiar or easy to understand»[6] (p. 3). Non obstante, en galego, inglés ou español, a metáfora non é unha comparación ('A é como B'), senón o transvase dun sentido 'recto' a outro 'figurado' ('A é B'), polo que no noso contexto cultural a definición proposta polos autores nesta obra resulta, cando menos, sorprendente. Para entender que sucedeu, hai que avanzar ata a páxina 10, onde afirman que «while *metaphor* primarily refers to words or phrases used to represent something other than their literal meanings, considering that most figures of speech are metaphors, this word is often used in the more general sense of 'a figurative expression'».[7] Neste punto da lectura, queda claro que o problema desta definición é fundamentalmente tradutolóxico: Makino e Oka conceptualizan a metáfora dende o punto de vista xaponés, onde o termo 比喩 (*hiyu*) amalgama símiles, metáforas, alegorías, parábolas e mesmo fábulas e onde, na súa forma desenvolvida 比喩表現 (*hiyuhyōgen*), fai referencia directamente ás 'expresións figuradas' (Jisho, 2022). Porén, obviaron que na lingua inglesa o termo *metaphor* non se utiliza do mesmo xeito: malia que, como eles afirman, este pode empregarse co sentido de 'linguaxe figurada' en ámbitos non especializados, neste uso non se incluiría o concepto de 'símil' ou comparación (Merriam-Webster, 2022). Deste modo, se ben é certo que a metáfora é «uno de los procedimientos de creación léxica más empleados por la fraseología en casi todos los idiomas para formar unidades tales como modismos, locuciones, refranes, proverbios, etc.»[8] (García-Page, 2008, en Penas Ibáñez & Xiao, 2014, p. 207), todo apunta a que neste caso foi a falta de paratradución do concepto da lingua orixe (*hiyuhyōgen*) cara ao inglés

[4] Tradución propia: «a experiencia de crear este dicionario fixonos sentir con máis forza que nunca que a lingua é unha entidade viva, que respira, e cuxo espírito pervive no tempo».

[5] Tradución propia: «as expresións metafóricas de todas as linguas están impregnadas da cultura, historia e experiencias vitais singulares das persoas que as empregan».

[6] Tradución propia: «basicamente, as metáforas son comparacións que creamos para expresar conceptos de xeito que nos resulten familiares ou fáciles de comprender».

[7] Tradución propia: «aínda que a *metáfora* fai referencia, fundamentalmente, ás palabras ou frases empregadas para representar algo alén do seu sentido literal, se temos en conta que a maior parte das figuras literarias son metáforas, este termo tende a utilizarse co sentido máis xeral de 'expresión figurada'».

[8] Tradución propia: «un dos procedementos de creación léxica máis empregados pola fraseoloxía en case todos os idiomas para formar unidades tales como modismos, locucións, refráns, proverbios etc.».

o que deu lugar a un erro conceptual na lingua meta que podería restarlle atractivo ao dicionario para aquelas persoas que sexan especialistas no eido da fraseoloxía. Quizais a forma máis doada de solucionar esta imprecisión terminolóxica fose cambiar, na versión inglesa, o termo 'metáfora' por 'expresión figurada' ou mesmo 'fraseoloxismo', o que evitaría a inexactitude e, asemade, xustificaría a presenza de símiles no dicionario. Co fin de manter a coherencia, nesta recensión empregaranse, sempre que sexa posible, os termos 'fraseoloxismo' e 'unidade fraseolóxica', así como os seus sinónimos, para facer referencia ao que no dicionario se denomina 'metáfora'.

No tocante ás categorías da linguaxe figurada, os autores sinalan que só se tiveron en consideración aquelas compartidas polo xaponés e o inglés: *símil, metáfora, sinécdoque, metonimia, personificación* e *sinestesia.* Deste xeito, reducen de novo á metáfora ao seu sentido orixinal, diferenciándoa claramente do símil, o que reforza a nosa proposta de optar por opcións como 'expresión figurada' ou 'unidade fraseolóxica' para referirnos ao conxunto de expresións recollidas neste dicionario. Na seguinte táboa, preséntanse fraseoloxismos extraídos da propia obra (pp. 10-11) e propostos polos autores como exemplos de cada unha das devanditas categorías; a maiores, engadimos unha columna coa tradución literal da expresión bilingüe e outra co equivalente funcional galego:

Táboa 1. Exemplos das categorías de 'linguaxe figurada' propostos polos autores (adaptación)

Categoría	**Inglés**	**Xaponés**	**Galego (tradución literal)**	**Galego**
Símil	[as] free as a bird	鳥のように自由 ('tori no yō ni jiyū')	*(tan) libre coma un paxaro	libre coma un paxaro
Metáfora	cotton candy	綿あめ ('men ame')	*doce de algodón	algodón de azucre
Sinécdoque	pots and pans	鍋釜 ('nabekama')	*potes e tixolas	utensilios de cociña
Metonimia	to bite one's lip	唇を噛む ('kuchibiru wo kamu')	*morderse o beizo	morder a lingua
Personificación	money talks	金がものを言う ('kane ga mono wo iu')	*os cartos falan	Poderoso cabaleiro é don Diñeiro / O diñeiro abre todas as portas
Sinestesia	bitter experience	苦い経験 ('nigai keiken')	*experiencia amarga	amarga experiencia

Emporiso, consideramos necesaria algunha mención á fonte na que basearon a súa clasificación, así como unha explicación de cal foi a metodoloxía empregada para

establecer esas categorías que xustifique cales quedaron fóra e por que. Neste sentido, unicamente se fai mención a que no dicionario só se incluíron aquelas unidades fraseolóxicas que comparten símbolo entre o xaponés e o inglés, un fenómeno que, para Makino e Oka, dá forza á teoría de Chomsky segundo a cal todas as linguas comparten unha serie de elementos universais, «for if the same metaphorical expressions exist across multiple cultures and languages, perhaps there are no major distinctions in the underlying conceptual framework that shapes our way of thinking»[9] (p. 3).

Como xa se explicou ao comezo desta recensión, a macroestrutura do material lexicográfico é sinxela: a organización é alfabética para as entradas en inglés e permítese a rápida localización dos contidos nesta lingua grazas a un índice alfabético lateral situado nas marxes e destacado en cor gris; a información —segundo os propios autores, uns 750 fraseoloxismos que dan lugar a preto de 1500 entradas— disponse a dobre páxina, situando na esquerda a información en inglés e, na dereita, aquela en xaponés. As entradas inclúen os mesmos datos nas dúas linguas e, ademais, na versión xaponesa os *kanji*[10] dos apartados máis relevantes van acompañados de *furigana*[11] para facilitar a súa lectura. Con este sistema, os autores agardan que a obra permita aos lectores «to advance their studies and improve their fluency while comparing the two languages side by side»[12] (p. 3). Aínda así, a pesar da sinxeleza da busca dos fraseoloxismos ingleses, pode que o usuariado considere máis incómodo o método de busca das expresións xaponesas, xa que estas están dispostas segundo a orde das entradas en inglés e, en consecuencia, para localizalas sen recorrer á outra lingua é necesario consultar un índice situado ao final do volume.

Seguindo coa microestrutura do dicionario, cada unha das entradas segue unha configuración similar, coa unidade fraseolóxica destacada en negriña nun tamaño de letra maior, seguida da categoría gramatical (p. ex.: substantivo, verbo, adxectivo...) e da clasificación segundo o tipo de 'metáfora' (i.e.: símil, metonimia, sinestesia...). Xusto debaixo, tamén destacada en negriña, está a definición. En ocasións, tamén pode aparecer a continuación un recadro destacado introducido polo código «REL» con sinónimos ou variantes. O seguinte apartado da entrada coñécese como «Examples» e mostra o uso do fraseoloxismo en contexto, tanto dentro dun diálogo como de oracións illadas. Finalmente, preséntanse anotacións e observacións sobre a unidade fraseolóxica e, de ser necesario, sobre os sinónimos e variantes. Como exemplo, incluímos a seguir unha adaptación (figuras 1 e 2) da entrada bilingüe *capture s.o.'s heart* / 心を捕らえる [lit.: *cativar o corazón*] (pp. 138–139):

[9] Tradución propia: «se as mesmas expresións metafóricas existen en múltiples linguas e culturas, quizais non haxa grandes diferenzas no marco conceptual subxacente que dá forma á nosa forma de pensar».

[10] Caracteres xaponeses de orixe chinesa.

[11] Inclusión de caracteres silábicos *kana* enriba ou debaixo dos *kanji* (uns caracteres de maior complexidade) para facilitar a súa lectura.

[12] Tradución propia: «avanzar nos seus estudos e mellorar a fluidez ao comparar as dúas linguas, unha ao carón da outra».

Figura 1. Extracto da páxina 138 (adaptación)

capture s.o.'s heart / phr. / metaphor

for {s.o./s.t.} to cause s.o. else to have a strong interest in {him/her/it}

REL {capture/win} the hearts and minds of ~; capture s.o.'s imagination

Examples

Mike: I went to Okinawa last week. The beach and sky were so beautiful, I didn't wanna come back.

Saya: Sounds like Okinawa really captured your heart, huh?

Mike: Yeah, I totally wanna live there now.

(a) Mozart's music captures my heart and transports me to another world.

(b) Indian dance has captured my heart.

NOTE

In English, *capture s.o.'s heart* is an active phrase, but the Japanese expression can be use in the passive form, i.e., *toraerareru*, as in (b). Generally speaking, passive constructions tend to be avoided in English, but they tend to be preferred in Japanese.

REL

1. The English REL, *{capture/win} the hearts and minds of ~,* means "to earn the {admiration/support} of a group." The Japanese REL *kokoro o tsukamu* is interchangeable with *kokoro o torareru*.

(1) The Pope's sermon {captured/won} the hearts and minds of people around the globe. 法王の説教は世界中の人々の心を｛捕らえた / つかんだ｝。

2. Japanese also has the expression *kokoro o ubau*. The passive form of this expression, *kokoro {ga/o} ubawareru*, is used more often than *kokoro o toraerareta* in sentences such as (b).

Figura 2. Extracto da páxina 139 (adaptación)

心を捕らえる/ phr. / 隠喩

｛誰か/何か｝に強い興味を持たせる、強く関心を引く

関 心をつかむ、心をうばう

例文

マイク： 先週、沖縄に行ってきたんだけど、空も海もきれいで最高だったね。帰ってきたくなかったよ。

さや： 沖縄がマイクの心を捕らえたってわけね ？

マイク： そう、あそこに住みなくなちゃったよ。

(a) モーツァルトの音楽は私の心をとらえ、別世界に運んでいってくれる。

(b) 私はインドのダンスに心を捕らえられてしまった。

解説

英語の*capture s.o.'s heart* は能動形であるが、日本語では（b）にあるように受動形「捕らえられる」が使われることもある。一般には英語は受動形を避ける傾向にあり、日本語は好んで使う傾向がある。

関　連　語

1.日本語の関連表現の「心をつかむ」は見出しと置き換え可能である。英語の *{capture/win} the hearts and minds of* ~ は "集団の｛感嘆 / 支持｝を得る" ことを意味する。□ REL (1)

2.日本語には「心を奪う」という表現がある。この表現の受動形「心｛が / を｝奪われる」は（b）のような文では「心を捕らえられた」よりもよくつかわれる。

Ademais dos 695 pares de entradas ao uso, denominadas polos autores *shared metaphorical expressions*, no dicionario tamén se incluíron 45 pares de expresións homógrafas —é dicir, aquelas que presentan unha forma similar nas dúas linguas, pero que non comparten significado— pertinentemente destacadas baixo a etiqueta 'homograph'. Como é lóxico, estas entradas adoitan ser máis breves, pois a falta de relación entre o significado da versión inglesa e o da xaponesa impiden afondar en cuestións como a sinonimia, a antonimia e outra información relacionada. Porén, para facilitar a aprendizaxe das dúas linguas que os autores buscan con este dicionario,[13] xusto debaixo da definición engadiuse o equivalente funcional en inglés ou xaponés (segundo corresponda). Como exemplo, pode consultarse a adaptación (figuras 3 e 4) da entrada bilingüe *be in the same boat* / 呉越同舟 [lit.: *estar no mesmo barco*] (pp. 52 e 53):

Figura 3. Extracto da páxina 52 (adaptación)

homograph

be in the same boat / **phr. / metaphor**

to be in the same unpleasant or difficult situation

同じ悪い状況に｛ある / いる｝

Example

Don't complain about your salary. We're in the same boat.

給料のことについて不平を言うなよ。僕らは同じ状況なのだから。

[13] Como eles mesmos afirman, «we are confident that learning to convey your thoughts using figurative expressions will increase your linguistic dexterity» (p. 3). Isto é, «estamos seguros de que aprender a expresar as túas ideas mediante expresións figuradas incrementará a túa destreza lingüística».

Figura 4. Extracto da páxina 53 (adaptación)

同形異義語

呉越同舟 / comp. n. / 隠喩

敵同士が同じ場所にいあわせる、困難な状況で共に協力し会う

For enemies to be in the same place; to cooperate in a difficult situation

例文

ライバル同士の二人の社長が同じパーティにいあわせ、まさに呉越同舟だった。

I heard that those two CEOs happened to attend the same party. It's like two enemies suddenly found themselves stuck with one another.

Para rematar coa descrición da estrutura do dicionario, resulta conveniente sinalar que, tras os índices de fraseoloxismos xaponés-inglés (onde se indica a unidade fraseolóxica na lingua A seguida da súa equivalente na lingua B e acompañada do número de páxina) e inglés (onde só se incluíu a expresión en inglés), os autores tiveron a ben engadir unha pequena bibliografía bilingüe coa que xustificar as súas decisións, aínda que sería máis oportuno que citasen as devanditas referencias tamén na presentación do dicionario para deixar claro dende o primeiro momento cales son os estudos nos que se basean para facer as afirmacións que na introdución se recollen.

Por último, é necesario destacar a boa presentación do libro, en formato de tapa branda, que reduce enormemente tanto o peso como as dimensións do dicionario e que o fai moi manexable e resistente, pois a flexibilidade da cuberta permite, *a priori,* consultalo sen temor a que rompan as tapas ou se despeguen as páxinas por un uso excesivo.

En definitiva, é innegable o esforzo de Makino e Oka por presentar un dicionario destas características, útil en dous contextos lingüístico-culturais que presentan necesidades diferentes no referente á consulta do volume e que, ademais, conta con case 750 pares de entradas que lles permiten acadar arredor de 1500 fraseoloxismos. Como sinalabamos ao comezo desta recensión, o uso do termo *metáfora* non parece o máis acertado para un dicionario deste tipo, no que se recollen expresións como *reach (an agreement)* ou *shake one's head* —definida esta última como «a gesture that indicates {disagreement/disapproval}»—, ambas de aspecto máis literal ca metafórico, ou símiles do tipo *(as) red as blood*; *rise like a phoenix (from the ashes); (as) hard as steel* etc., todos eles inclasificables coma metáforas por seren comparacións.[14] En calquera caso, se deixamos a un lado as imprecisións terminolóxicas da introdución e temos en conta que este libro se

[14] Tradución propia dos fragmentos en inglés introducidos neste parágrafo: *reach (an agreement) = chegar a un acordo; shake one's head = negar coa cabeza;* «a gesture that indicates {disagreement/disapproval}» = «un xesto que indica {disconformidade/desaprobación}»; *(as) red as blood = vermello como o sangue; rise like a phoenix (from the ashes) = rexurdir (das cinsas) coma un fénix; (as) hard as steel = duro como o aceiro.*

dirixe maioritariamente a un público non especializado, 日英共通メタファー辞典 — *A Bilingual Dictionary of English and Japanese Metaphors* sobresae como unha completa obra de obrigada referencia tanto para as persoas que están a aprender calquera dos dous idiomas traballados nela como para os estudosos da fraseoloxía, da tradutoloxía e de calquera outro ámbito relacionado con estas disciplinas. As e os especialistas que consulten este dicionario verán, sen dúbida, que paga a pena debullar as unidades fraseolóxicas recollidas nel para afondar aínda máis nos estudos sobre fraseoloxía comparada.

Referencias bibliográficas:

Hiyu. (2022). En Jisho.org. Recuperado o 13 de xuño de 2022 de https://jisho.org/search/hiyu.

Hiyuhyōgen. (2022). En Jisho.org. Recuperado o 13 de xuño de 2022 de https://jisho.org/search/hiyuhyougen.

Merriam-Webster. (2022). Metaphor. En *Merriam-Webster.com*. Recuperado o 13 de xuño de 2022 de https://www.merriam-webster.com/dictionary/metaphor#note-2.

Ortiz Alvarez, M. L. (2021). Léxico, identidade e discurso nas expresións idiomáticas brasileiras. *Cadernos de fraseoloxía galega, 21*, pp. 65–92, https://doi.org/10.52740/cfg.21.21.03.00004.

Penas Ibáñez, M. A. & Xiao, Y. (2014). Metáfora y fraseología. Estudio tipológico contrastivo entre el chino y el español. *CAUCE. Revista Internacional de Filología, Comunicación y sus Didácticas*, *36-37*, pp. 207-235.

Alba Quintairos-Soliño[15]
Universidade de Vigo / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
https://orcid.org/0000-0003-0064-1695
alba.quintairos.solino@uvigo.gal / aquisol@cirp.gal

[15] Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

MARTINS, Vicente de Paula da Silva (2020). *Guia teórico para o estudo da fraseologia portuguesa*. São Carlos: Ed. Pedro & João. ISBN 978-65-86101-99-7, 121 pp.[1]



O libro *Guia teórico para o estudo da fraseologia portuguesa,* publicado en 2020, da autoría de Vicente de Paula da Silva Martins, presenta un panorama dos estudos feitos sobre fraseoloxía e auxilia na comprensión dalgúns termos comúns nese campo, como unidade fraseolóxica, expresión idiomática, convencionalidade ou idiomaticidade, entre outros. O autor, Vicente Martins, é doutor en lingüística pola Universidade Federal do Ceará (UFC) coa tese *Estratégias de Compreensão de Expressões Idiomáticas por Não Nativos do Português Brasileiro* de 2013. Desde 1994, traballa como profesor de Lingüística, fonética e fonoloxía, Adquisición de linguas e Lingua Portuguesa no curso de Letras na Universidade Estadual Vale do Acaraú (UVA), municipio de Sobral (Ceará – O Brasil). Na altura da publicación do libro, o autor estaba realizando a súa segunda fase de posdoutoramento pola UFC (2019-2020), na área de lingüística, cunha investigación sobre «Os Culturemas no Discurso Lítero-Musical das Letras de Canção Brasileira». Ademais do libro obxecto desta recensión, o autor tamén publicou outros sobre lingüística, educación ou lingua portuguesa, alén de poemas.

O libro *Guia teórico para o estudo da fraseologia portuguesa* conta con dous prefacios escritos por profesoras de renome na área da fraseoloxía española, un da autoría da profesora Dra. Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela), que trata da fraseoloxía en lingua portuguesa, e outro de autoría da profesora Dra. M.ª Isabel González-Rey (Universidade de Santiago de Compostela), que trata do fenómeno fraseolóxico. Na súa introdución, Mellado Blanco menciona o crecemento dos estudos no campo da fraseoloxía de lingua portuguesa, principalmente no Brasil. De acordo coa profesora Carmen Mellado, Vicente Martins soubo sintetizar en que punto se encontran actualmente no Brasil os estudos fraseolóxicos, conciliando investigacións de diferentes correntes da lingüística. González-Rey, pola súa parte, destaca como o traballo de Martins contribuíu para paliar a carencia de investigacións no ámbito da fraseodidáctica ao tentar entender como funciona a mente do falante non nativo cando necesita acceder a unha memoria cultural para comprender expresións idiomáticas.

Ademais dos prefacios, o libro conta con sete capítulos, seguidos das «Considerações Finais». A primeira parte do libro, de carácter teórico, presenta os capítulos: «Fraseologia, léxico e linguística»; «Fraseologia, afinal, o que é?»; «Bases teóricas para o estudo das unidades fraseológicas»; «Conceitos fraseológicos» (dividido en

[1] Tradución ao galego por Ramón Martíns Seixo.

catro subcapítulos: «O conceito de Fraseologia», «O conceito de unidade fraseológica», «O conceito de expressão idiomática» e «O conceito de locução») e «As propriedades fraseológicas» (dividido en cinco subcapítulos: «A polilexicalidade», «A frequência», «A fixação», «A idiomaticidade» e «A convencionalidade»). A seguir, o autor interrompe a teoría para expor os principais resultados de súa pescuda no capítulo «As estratégias de compreensão idiomática». Após ese relato, Martins presenta o capítulo «Os culturemas», tamén de carácter teórico e, por fin, as «Considerações Finais».

No primeiro capítulo, «Fraseologia, léxico e linguística», Martins define fraseoloxía como a subdisciplina do campo da lexicoloxía que «Ocupa-se das combinações estáveis de unidades léxicas, constituídas por mais de duas palavras gráficas» (Martins, 2020, p. 15). O autor destaca que o interese polas unidades fraseolóxicas vén aumentando tanto en investigacións teóricas como en aplicadas, e que os estudos sobre fraseoloxía avanzaron moito desde 1970. O autor revisa teses de doutoramento producidas en Portugal, España e O Brasil nos últimos 25 anos para demostrar que, na maioría dos casos, o enfoque abordado presenta aspectos morfosintácticos, semánticos, lexicográficos ou tradutolóxicos das expresións. Tanto en Europa como no Brasil, son raras as teses que tratan especificamente dos aspectos psicolingüísticos na comprensión de expresións idiomáticas e, as que o fan, céntranse principalmente na compresión por parte de falantes nativos. Desta feita, a pescuda realizada para o libro está xustificada, pois «Saber o que se passa na mente de um não nativo de uma língua, durante o processo de compreensão das expressões idiomáticas, é, em termos de pesquisa científica, uma carência informacional que deve ser preenchida com novas pesquisas sob a égide da Psicolinguística» (Martins, 2020, p. 18). Daquela, o obxectivo que se propón e consegue cumprir con mestría, é «[...] contribuir, teoricamente, para os estudos de fraseologia à luz de hipóteses psicolinguísticas já consagradas nos meios acadêmicos, mas com o seguinte diferencial: fizemos e fazemos experimentos psicolinguísticos com não nativos, estudantes universitários de países africanos lusófonos» (Martins, 2020, p.18).

O profesor fai un breve percurso polos estudos lingüísticos sobre «frases feitas», «idiomatismos» e «expressões fixas» mostrando como estudos de diferentes correntes, como o estruturalismo, o xerativismo etc, foron contribuíndo para o coñecemento que se ten hoxe a respecto do que son e como se comportan as expresións idiomáticas. De maneira xeral, pódese entender que as expresións fixas son almacenadas e utilizadas como un bloque, entendidas cun sentido diferente á suma das súas partes e que non son creacións novas de cada falante, senón un discurso que xa foi producido anteriormente. Esas características poden carretar problemas na comprensión, principalmente por parte dos non nativos que tentan procesar a expresión de forma literal.

Debido a eses aspectos, as expresións idiomáticas intrigan tanto aos lexicógrafos, por se tratar dun conxunto de palabras que precisa ser entendido polo todo e non pola suma das súas partes, como aos psicolingüistas, xa que o falante, sexa de lingua materna ou estranxeira, precisa comprendelas de forma non literal. Para o autor, «Aproximar a Fraseologia da Psicolinguística (ou vice-versa) é, sem dúvida, muito

relevante e nos incita, vivamente, a explorar as relações entre expressões idiomáticas e processos de compreensão» (Martins, 2020, p. 27). Iso acontece pois ambas as áreas de estudo procuran responder a cuestións sobre o procesamento, o almacenamento ou as funcións desas unidades na interacción.

Martins trata dun debate que xa hai algún tempo permea os estudos da fraseoloxía: o que é unha expresión idiomática e cales son as súas características. Como ficou estabelecido na área, hai un contínuum nas unidades fraseolóxicas que inclúe fórmulas rutineiras, clixés, frases feitas, ditos populares, expresións idiomáticas, proverbios etc. Sen desatender os outros tipos de unidades fraseolóxicas, o autor infórmanos que optou por estudar as locucións verbais cristalizadas por elas presentaren maior consenso entre os especialistas, dado que están consagradas polo uso nunha comunidade, estando, mesmo, rexistradas en dicionarios e non representan enunciados, senón que funcionan como elementos oracionais. Por eses motivos, Martins tamén considera que as expresións idiomáticas son as mellores unidades fraseolóxicas con que realizar tests psicolingüísticos. No contexto da investigación relatada, o autor decide usar os termos «unidades fraseológicas» e «expressões idiomáticas» como sinónimos, por tanto, farei o mesmo nesta recensión.

Un dos puntos fortes do traballo de Martins é dar a coñecer a visión de moitos investigadores da área no momento de definir teoricamente fraseoloxía, unidade fraseolóxica e expresión idiomática. Desta maneira, mostra aos lectores a complexidade do campo e a produtividade dos estudos sobre este tema. Así, a primeira parte do libro proporciona coñecemento tanto para quen está iniciando os seus estudos na fraseoloxía como para quen ten interese en consolidar o que xa vén estudando, porén, é importante mencionar que se trata dun libro introdutorio, que non pretende discorrer ou discutir exhaustivamente sobre a fraseoloxía da lingua portuguesa ou as características das unidades fraseolóxicas. Por iso, dos moitos atributos das unidades fraseolóxicas, como afectividade, anomalía, convencionalidade, cristalización, estabilidade, estrutura non oracional, expresividade, figuración, fixación, frecuencia, gradualidade, idiomaticidade, inflexibilidade, institucionalización, lexicalización, non composicionalidade, pluriverbalidade, variabilidade, entre outras, Martins opta por profundar en cinco delas, nomeadamente: polilexicalidade, frecuencia, fixación, idiomaticidade e convencionalidade. Nos parágrafos seguintes resumirei eses trazos.

Para o autor, a polilexicalidade é condición esencial para a existencia das expresións idiomáticas, dado que non existe unha expresión idiomática composta soamente por unha palabra. Devido a esta propiedade, as expresións idiomáticas presentan características sintácticas na súa formación que relacionan a polilexicalidade con outra propiedade, a fixación, que será vista despois. A pesar de ser polilexical, a unidade fraseolóxica, cando é recuperada na memoria dos falantes ou cando é analizada semanticamente, compórtase como unha palabra soamente, ou sexa, ao recuperar unha expresión idiomática para a usar no discurso, non se procesa cada unha das palabras separadamente, senón que se recupera todo como un bloque de sentido.

A frecuencia tamén é considerada fundamental, dado que sen ela non podemos falar de convencionalidade, pois coa recorrencia vén o recoñecemento do sentido idiomático en determinadas combinacións de palabras. A frecuencia, de acordo co autor, tamén explica que, no caso de expresións ambiguas, moitas veces predomine o sentido figurado como o primeiro a que acceden os falantes en detrimento do literal.

A fixación, tamén coñecida como cristalización, refírese ao feito de que as expresións idiomáticas tenden a non admitir modificacións na súa forma, como a alteración na orde dos constituíntes ou mudanzas sintagmáticas, no entanto, o autor menciona a existencia de distintos graos de fixación. É relativamente común que haxa variación nos verbos utilizados en moitas expresións, como por exemplo, «estar/ficar no mato sem cachorro», «estar/andar com pedra no sapato», entre outras. O autor explica que esas variacións son consideradas diferentes realizacións da mesma expresión. Outra forma de modificación admitida moitas veces, é cando se ten por obxectivo intensificar o que se di, por exemplo, «abrir o *maior* bocão», «ser *muito* bom de estômago».

A cuarta característica das expresións idiomáticas que comenta Martins é a idiomaticidade, que na fraseoloxía se refire á opacidade ou non composicionalidade semántica. Neste sentido, a opacidade oponse á transparencia dunha expresión, ou sexa, á capacidade que un falante posúe de entender unha expresión idiomática a través dos seus constituíntes, mesmo sen nunca a ter visto ou ouvido antes. Unha persoa pode ouvir a expresión «brigar feito cão e gato» e deducir o que significa, por tanto, é unha expresión máis transparente. Esa propiedade tamén pode ser denominada como non composicionalidade, xa que, en moitas expresións, a suma das súas partes non contribúe para a comprensión do significado, como en «tirar o cavalinho da chuva», na cal non é posíbel chegar ao significado «desistir» sumando o significado das palabras da expresión. Segundo o autor, tamén é posíbel considerar a idiomaticidade un fenómeno gradual, pois nalgunhas expresións pódese deducir o significado a partir dalgunha palabra, en canto que outras son completamente opacas e teñen unha interpretación arbitraria dos seus compoñentes.

A última propiedade presentada é a convencionalidade, que, de acordo con Martins, é a única das cinco que é extralingüística, isto é, está relacionada co falante e a sociedade. Iso quere dicir que o significado atribuído ás expresións idiomáticas non está relacionado coas súas propiedades lexicais, senón que foi, dalgunha maneira, convencionalizado ou acordado polos falantes de determinada comunidade.

As características que escolle Martins para profundar nelas, de feito, son propiedades fundamentais e que axudan a definir as expresións idiomáticas prototípicas, o que demostra o profundo coñecemento do autor sobre o tema e axuda as persoas que están iniciando os seus estudos a entender o que son as expresións idiomáticas e como as diferenciar doutras formas de linguaxe figurada.

No capítulo «Estratégias de compreensão idiomática» é cando Martins comeza, de feito, a falar dos seus estudos psicolingüísticos. Na investigación, levada a cabo en 2013, foron feitos tests psicolingüísticos a fin de constatar as estratexias de procesamento de unidades fraseolóxicas por estudantes universitarios. A mostra contou con 20

participantes, 10 caboverdianos (5 mulleres e 5 homes) e 10 guineanos (5 mulleres e 5 homes), todos falantes de portugués como lingua segunda. Os participantes deberían interpretar o sentido das expresións idiomáticas que foron presentadas en contexto escrito de circulación nacional (xornais). O investigador utilizou o protocolo verbal *think aloud* para recoller datos de tres experimentos psicolingüísticos aplicados a todos os informantes. Desa forma, obtivéronse 20 audios que, ao seren transcritos, xeraron ao redor de mil páxinas.

Relatamos a seguir, de maneira non exhaustiva, algúns dos resultados obtidos nos experimentos e descritos no libro. Os experimentos contaron con tarefas de identificación fraseolóxica, memoria fraseolóxica, idiomaticidade fraseolóxica e frecuencia de uso de tácticas e estratexias de comprensión idiomática. No primeiro experimento, foron utilizadas as expresións «matar cachorro a grito», «não pagar mico», «tirar mais água do joelho», «pôr a boca no trombone», «saber com quantos paus se faz uma canoa» e «chutar o pau da barraca».[2] No segundo experimento, as expresións utilizadas foron «engolir sapos», «fazer gato e sapato», «esquentar a cabeça», «pegar em um rabo de foguete», «botar as manguinhas de fora» e «rasgar seda»[3]. Finalmente, o terceiro experimento examinou as expresións «ir pentear macaco», «fazer boca de siri», «comer com os olhos», «falar pelos cotovelos», «pisar em ovos» e «encher linguiça»[4].

A hipótese dos investigadores era que os zoomorfismos (expresións con nomes de animais) e os somatismos (expresións con partes do corpo) terían idiomaticidade fraca e poderían ser entendidas polos participantes, no entanto esa hipótese non foi completamente confirmada. A expresión «matar cachorro a grito», por exemplo, foi entendida no seu sentido literal e a expresión «não pagar mico» non foi comprendida, pois os suxeitos non sabían o que era mico, o mesmo pasou con «fazer boca de siri». Cómpre mencionar, no entanto, que a maioría das expresións zoomórficas, si, foron consideradas fáciles de deducir. As expresións con partes do corpo tamén foron identificadas en gran parte, porén, moitas delas existen nos crioulos falados polos participantes, o que influíu no recoñecemento e comprensión do sentido.

---

[2] Significados: *matar cachorro a grito* (estar nunha situación angustiante ou desesperada), *não pagar mico* (pasar vergoña), *tirar mais água do joelho* (urinar), *pôr a boca no trombone* (reclamar, protestar; denunciar algo; responsabilizar publicamente alguén por un erro, inxustiza etc.), *saber com quantos paus se faz uma canoa* (ser castigado, ser reprendido, recibir unha lección), *chutar o pau da barraca* (deixar de medir as consecuencias dalgún acto; abandonar, desistir dun proxecto).

[3] Significados: *engolir sapos* (tolerar cousas ou situacións desagradábeis sen responder por incapacidade ou conveniencia), *fazer gato e sapato* (tratar con desprezo, ridiculizar; tratar mal; humillar; facer o que se quere de alguén), *esquentar a cabeça* (preocuparse; aflixirse), *pegar em um rabo de foguete* (asumir un problema difícil, unha situación problemática), *botar as manguinhas de fora* (revelar calidades ou actitudes enérxicas, decididas etc., especialmente quen parecía incapaz de o facer), *rasgar seda* (usar excesiva cortesía; trocar amabilidades).

[4] Significados: *ir pentear macaco* (Dise para mandar retirarse [a unha persoa], para librarse de alguén ou algo que importuna), *fazer boca de siri* (calar; pedir segredo absoluto sobre determinada revelación ou feito), *comer com os olhos* (desexar moito, cobizar; ollar avidamente unha persoa ou obxecto desexado), *falar pelos cotovelos* (falar excesivamente e con desembarazo), *pisar em ovos* (actuar con moito coidado), *encher linguiça* (conversar ou pronunciar un discurso longo e baleiro de ideias só para ocupar o tempo; gastar o tempo con asuntos moi diferentes do esperado ou proposto).

A investigación mostrou algunhas das estratexias a que recorreron os informantes no procesamento fraseolóxico, como a utilización do contexto, o coñecemento previo dos participantes e os coñecementos lingüísticos na L1. Os participantes tamén referiron que coñecer un ou máis dos termos utilizados axudou a chegar ao significado nalgunhas expresións, o que mostra que nalgúns casos os constituíntes poden revelar pistas do sentido. É importante destacar, con todo, que algunhas das expresións examinadas son utilizadas non só no Brasil, senón tamén nos países dos entrevistados, sexa en portugués, sexa nas L1 (crioulo caboverdiano e crioulo guineano), por tanto había expresións que xa eran familiares para os participantes e tiveron influencia nos resultados dos experimentos. Por outro lado, a influencia do idioma prexudicou a comprensión da expresión «rasgar seda», xa que «seda», nalgúns países africanos de lingua portuguesa, é unha forma de denominar o diñeiro.

Neste capítulo, o profesor non relata todos os detalles das descubertas da súa pescuda e, entón, o lector pode ficar incitado a querer entender mellor os resultados, principalmente sobre como eran os experimentos ou como foron identificadas as estratexias de comprensión das expresións idiomáticas. Para iso, será necesario ler a tese de doutoramento, publicada en 2013 e que contén todos os resultados explicados con máis profundidade.

A análise presentada conta cunha mostra pequena de participantes (20) e tamén de expresións (18), no entanto, o propio autor recomenda que se fagan futuros estudos cunha mostra maior e composta, preferentemente, por participantes con até un ano de residencia no Brasil. Martins tamén suxire estudar o papel do contexto na presentación das expresións idiomáticas, xa que, segundo el, o recurso ao contexto foi a principal estratexia *top-down* a que os suxeitos recorreron para comprender as expresións.

A obra tenta promover a proximidade entre o Brasil e os outros países de lingua portuguesa e percíbese, a través da bibliografía citada, que o autor realizou unha investigación extensiva sobre a influencia das linguas africanas no portugués do Brasil. Por outra parte, canto ás referencias bibliográficas, o autor mostra unha longa lista de materiais consultados, o que proba a afirmación feita no inicio do libro de que a fraseoloxía é un campo en crecemento. Entre esas referencias, destacan as das autoras españolas, que xa teñen tradición na área, mais chaman tamén a atención as obras sobre terminoloxía e unidades fraseolóxicas producidas no Brasil nos últimos anos. Na bibliografía encóntranse diversas teses, disertacións, dicionarios, artigos etc. que teñen como asunto a fraseoloxía xeral no portugués brasileiro e tamén sobre fraseoloxía en contextos específicos (dicionario de xergas, vocabulario popular cearense, expresións idiomáticas corporais, colocacións en contratos sociais etc). Desa forma, pódese apreciar a diversidade e produtividade que este campo está a presentar. No caso de que ese crecemento continúe, será posíbel comprender mellor tanto a parte psicolingüística sobre como ocorre o procesamento das unidades fraseolóxicas, como desenvolver abordaxes cada vez máis efectivas no dominio da fraseodidáctica. O ensino da fraseoloxía das linguas é un tema complicado e, por ese motivo, moitas veces é deixado de lado. Investigacións como as de Martins son importantes pois

botan luz sobre eses tópicos e axudan os investigadores e docentes a entender o procesamento das unidades fraseolóxicas e a encontrar maneiras de sistematizar o ensino da fraseoloxía.

Andrea de Araújo Rubert
Universidade do Minho
https://orcid.org/0000-0001-8283-4145
rubert.andrea@gmail.com

KAUFFER, Maurice e KEROMNES, Yvon (2018): VERBUM [Tome XL]. *Phraséologie et pragmatique,* n.º 1. Nancy: Éditions Universitaires de Lorraine. ISSN: 0182-5887; 131 pp.[1]



Coordinado por Maurice Kauffer e Yvon Keromnes e aparecido no tomo XL da revista de lingüística VERBUM, este número especial, *Phraséologie et pragmatique* n.º 1, publicado en 2018, conságrase ás relacións entre fraseoloxía e pragmática, temática abordada nunha xornada de estudo organizada o 7 de outono de 2016 pola GLFA no ATILF en Nancy. Trátase dunha compilación de artigos sobre a fraseoloxía e a pragmática, algúns inéditos e outros aparecidos previamente en revistas científicas ou en simposios. O compendio aborda as relacións entre a fraseoloxía —especialmente os actos de fala estereotipados, os pragmatemas e as estruturas pseudo-escindidas— e a pragmática, ao mesmo tempo que establece ligazóns con outros ámbitos como a lexicoloxía, a semántica ou a didáctica. Esta obra inclúe principalmente expresións idiomáticas en francés, aínda que nun dos artigos se presenta unha análise contrastiva francés-alemán e noutro o autor emprega exemplos en francés e por veces en alemán para ilustrar os seus obxectivos en fraseodidáctica e o proxecto de lexicografía bilingüe (francés-alemán) que abordaremos máis adiante.

En *Présentation*, os coordinadores ofrecen un balance do proceso de elaboración do número e da súa organización temática a través dun resumo dos sete artigos que o integran e das referencias bibliográficas empregadas para a redacción desta primeira parte. Procederei de seguido a revisar, seguindo a súa orde de aparición, cada un dos artigos incluídos neste número da revista *Verbum* consagrado á fraseoloxía e á pragmática. Os títulos dos sete artigos, así como as informacións pertinentes referidas aos seus autores, incluiranse ao longo desta recensión.

No primeiro artigo incluído neste número, Salah Mejri, profesor na Universidade de Lorraine e membro do CNRS e do ATILF, subliña o carácter problemático do espazo marxinal no que ficou relegada a fraseoloxía ao longo da historia, desatendida e integrada nun primeiro momento no eido da lexicoloxía. O autor de *Les pragmatèmes et la troisième articulation du langage* pretende mostrar a dimensión real da fraseoloxía como disciplina propia cun obxecto de estudo concreto. Sinala que: «unha especialidade non pode nacer sen ter, ao menos, un obxecto específico e unha metodoloxía ben elaborada» (Mejri, p. 9).[2] [3] Mejri propón un percorrido terminolóxico sobre a historia da fraseoloxía co fin

[1] Tradución ao galego por Martázul Busto Núñez.

[2] Cando cito o número *Phraséologie et pragmatique*, en vez de indicar a data de publicación —enténdese que se trata de 2018—, despois do autor, sinalarei a páxina.

[3] Texto orixinal: «une spécialité ne peut pas naître sans qu'il y ait au moins un objet spécifique et une méthodologie bien élaborée».

de esclarecer o que define como a «terceira articulación da linguaxe» que emerxe dos principios de congruencia e de fixación presentes nas linguas vivas.

Mejri define o concepto de colocación mudando a terminoloxía enunciada por Bally en 1921, «series», pero conservando as súas características definitorias. Para Mejri, os pragmatemas constitúen enunciados de natureza predicativa cunha particularidade: a súa significación vai máis aló do enunciado lingüístico, trátase máis ben da adecuación dos enunciados ao contexto que lles concederá a súa plena significación. Os pragmatemas *à vos souhaits* (despois de esbirrar), *défense de fumer* ou *Haut les mains !* son unidades compositivas pertinentes nun contexto concreto malia a transparencia lingüística das dúas últimas.

A terceira dimensión inclúe unha pertinencia lexical, mentres que a segunda e a primeira posúen unha pertinencia morfémica e fonémica respectivamente. Esta terceira dimensión retoma o concepto de «preconstruto lexical» e considera algunhas unidades lexicais máis congruentes ca outras. É o caso dos grupos polilexicais que dan lugar a unidades máis pertinentes a nivel de combinatoria ca outras cun significado similar como *commettre un crime, faire preuve de courage*, algúns sintagmas nominais como *essai philosophique, bibliographique* ou combinacións que integran unha dimensión cultural indisociable como *bonne soirée* no canto de *bonne nuit* agás para ir durmir, entre outros.

Françoise Hammer, da Universidade de Karlsruhe, no seu artigo *Regards sur les séquences semi-figées : l'exemple de « Mon Dieu »* analiza esta expresión desde un punto de vista fraseolóxico e praxemático para categorizala e discernir as similitudes e diverxencias con relación ás colocacións, tal e como Bally as concibe, aos pragmatemas, segundo Blanco et Mejri (2018), e aos actos de fala estereotipados, segundo Kauffer. Con este obxectivo, a autora estrutura a súa publicación en tres eixos temáticos entrelazados : características definitorias dos frasemas pragmáticos e das interxeccións a respecto da expresión « mon Dieu », as converxencias e diverxencias entre « mon Dieu » e os actos de fala estereotipados e, finalmente, a progresión discursiva na enunciación da fórmula interxectiva (FI) « mon Dieu » que evidencia a dificultade da adscrición a unha categoría fraseolóxica.

Ao longo do seu artigo, Hammer realiza unha análise contrastiva da fórmula interxectiva « mon Dieu » con outras categorizacións fraseolóxicas con características semánticas e pragmáticas moi cercanas. No caso dos frasemas pragmáticos, a autora subdivide esta tipoloxía en dous : as fórmulas de rutina (Coulmas, 1981) ou pragmatemas (Féchon, 2012, Mel'čuk, 2015 e Blanco, 2015) e as fórmulas conversacionais (Hyvärinen, 2011), situando a FI máis preto das primeiras, especialmente dos pragmatemas locucionais, en función do seu carácter sintacticamente autónomo e do seu valor semántico situacional restrinxido, tal e como Blanco describe os pragmatemas «enunciados autónomos restrinxidos no seu significado pola situación de comunicación»[4] (2015, p. 8, citado por Hammer). Segundo Hammer, os actos de fala estereotipados, autónomos e con valor ilocutivo poderían corresponderse coas características da FI « mon Dieu ». Porén, en converxencia cos actos de fala estereotipados, aquela non posúe unha autonomía de enunciado, o que a excluiría desta categoría. Hammer ilustra as súas afirmacións con exemplos nos que se substitúe

[4] Texto orixinal: «énoncés autonomes restreints dans leur signifié par la situation de communication».

a FI « mon Dieu » por un acto de fala estereotipado e/ou por un xuramento, feito que conduce a varias conclusións: « mon Dieu », semanticamente máis vago, pode intervir nun maior número de situacións mentres que o valor dos actos de fala estereotipados é máis preciso e os xuramentos, que apenas poden marcar a avaliación ou a constatación, son incluso por veces insubstituíbles. En calquera caso, tal e como afirma o autor, atopar unha clasificación fraseolóxica que coincida formalmente con esta FI non é tarefa sinxela, nin sequera se nos referimos a frasemas pragmáticos ou praxemas con función pragmática máis precisa, que permiten incluso o parafraseo fóra de contexto.

Maurice Kauffer, responsable do grupo de investigación GLFA do ATILF, da Universidade de Lorraine, propón unha síntese das investigacións realizadas en torno aos actos de fala estereotipados até hoxe, na procura dunha definición precisa do concepto de «actos de fala estereotipados» a partir de tres criterios: a categoría de enunciado (no nivel discursivo), a idiomaticidade semántica (no nivel semántico) e a función pragmática (no nivel pragmático). Esta clasificación recente móstrase prometedora xa que comprende estudos empíricos realizados no marco do GLFA e do ATILF que sustentan os traballos propostos por René Métrich.

Segundo Kauffer, un acto de fala estereotipado pode ser sempre un enunciado, ora unha «unidade comunicativa mínima» (Zifonun, Hoffmann e Strecker, 1997, p. 86, citado por Kauffer), ora simplemente unha parte de enunciado. No nivel semántico, un acto de fala estereotipado é idiomático, dado que non é posible derivar completamente o senso global da suma do seus compoñentes. Con todo, cómpre distinguir a «idiomaticidade intralingüística» da «idiomaticidade interlingüística» (González-Rey, 2014, pp. 228–232) tema sobre o que volveremos máis adiante. No nivel pragmático, o feito de elaborar unha listaxe completa e exhaustiva dos actos de fala estereotipados semella unha tarefa pesada, mesmo utópica. Así e todo, tendo conta das variacións pragmáticas dos actos de fala estereotipados en función do contexto no que se escriben ou pronuncian, Kauffer ofrece unha clasificación: o rexeitamento, a aprobación, a ameaza, a banalización, o asombro, a indignación e o escepticismo son funcións comunicativas que poden representarse a través dos actos de fala estereotipados.

Kauffer, en *Qu'est-ce qu'un ALS ?* propón exemplos que se apoian sobre cada acto de fala a fin de subliñar os matices propios dos actos de fala estereotipados que os diferencian doutras categorías. O artigo estrutúrase así para se interrogar sobre as características supostamente inherentes aos actos de fala estereotipados de xeito que se confirme ou rexeite a súa pertenza a esta categoría. Entre preguntas pechadas, reflexiona sobre a fixación dos actos de fala estereotipados, a súa idiomaticidade, a súa pertenza á categoría de fraseoloxismo e/ou pragmatema e incluso a súa consideración como tales actos de fala. No que atinxe á idiomaticidade intralingüística, é dicir, á non composicionalidade ou á non deducibilidade, Kauffer afirma que nun acto de fala estereotipado aquela é máis ou menos forte. Se tomamos como exemplo « tu parles », do punto de vista lingüístico pode ter dous sensos: literal (resposta) ou fraseológico (dúbida ou desprezo) mentres que desde o punto de vista psicolingüístico, este acto de fala estereotipado podería ser interpretado para un estudante de FLE como transparente, sen opacidade semántica aparente. A fixación dos actos de fala

estereotipados entendida como «o que dificulta a mobilidade de calquera combinatoria»[5] (Perrin, 2013, p. 185, citado por Kauffer) é clasificada por Kauffer por unha banda en función do seu carácter multifactorial e, por outra, polo seu carácter gradual. O autor incide neste último para subliñar o carácter «a miúdo gradual» e «non só a fixación global», apoiándose sobre os principios de fixación morfo-sintáctica. A partir dunha serie de tests, Gross (1996) evidencia o carácter gradual da fixación a través de categorías como: o modo, o tempo, a persoa ou o número. No aspecto semántico, a fixación dos actos de fala estereotipados «é bastante variable […] sen dúbida un índice da función pragmática particular dos actos de fala estereotipados»[6] (Kauffer, p. 39) Trátase de comprender os actos de fala estereotipados no contexto no que son empregados para, a partir dun proceso semasiolóxico, descubrir os matices de fixación entre a palabra e o concepto representado, así como levar a cabo a descodificación onomasiolóxica do significado (idea) e do significante (palabra, forma).

Os actos de fala estereotipados constitúen actos de fala tal e como os clasifican Austin e Searle ? Segundo Kauffer, a integración dos actos de fala estereotipados nesta clasificación non constitúe unha tarefa sinxela por mor de contradicións taxonómicas importantes. «O acto de fala estereotipado non é só un acto de fala con valor ilocutivo senón que pode tamén expresar un sentimento, un estado psicolóxico […].»[7] (Kauffer, p. 43). Deste xeito, «tu vas voir» pode expresar ameaza, pero tamén ira, tal e como desvela o seguinte exemplo: «Tu vas voir si je vais te battre! crie Zora, et son visage est maintenant un peu coloré».[8]

Neste senso, os actos de fala estereotipados constitúen actos de fala en función do seu valor ilocutivo que define o valor perlocutivo do enunciado escrito e/ou pronunciado. Pola contra, cando abordamos a noción de contexto en relación cos actos de fala estereotipados, mentres que no caso dos pragmatemas xoga un rol fundamental ao estaren ligados a situacións precisas, os actos de fala estereotipados non están ligados a situacións precisas; poden utilizarse en calquera contexto. Efectivamente, os pragmatemas, nun senso máis amplo da fraseoloxía, denomínanse «fórmulas de rutina» xa que están ligados a situacións concretas como os saúdos e agradecementos, entre outras. Para os actos de fala estereotipados non existe normalmente un uso rutineiro, á diferenza do que acontece na utilización contextual dos pragmatemas.

En xeral, Kauffer pregúntase se os actos de fala estereotipados poderían formar parte da fraseoloxía ou se as súas características diferencian estas unidades das fraseolóxicas. En función disto, establece tres criterios para caracterizar un fraseoloxismo: a polilexicalidade, a fixación e a idiomaticidade ou non-composicionalidade. O primeiro, a polilexicalidade ou carácter non-libre dos fraeoloxismos, non está sempre representado nos actos de fala estereotipados, nin sequera nos pragmatemas que se conforman a miúdo como unidades

[5] Texto orixinal: «ce qui entrave la mobilité de toute combinatoire».

[6] Texto orixinal: «Le figement sémantique, assez variable, est assez variable [...] sans doute un indice de la fonction pragmatique particulière de l'ALS».

[7] Texto orixinal: « L'ALS n'est pas seulement un acte de langage ayant une valeur illocutoire mais peut aussi exprimer un sentiment, un état psychologique […] ».

[8] É un fragmento de Le Clézio, 190, citado por Kauffer.

monolexicais: «bonjour», «allô» ou «feu», a modo de exemplo. Poderiamos dicir que os actos de fala estereotipados se integran no ámbito da fraseoloxía mesmo implicando matices que os sitúan na periferia desta disciplina. Aínda queda traballo científico por facer en torno ás fórmulas de rutina como os pragmatemas ou, máis recentemente, sobre os actos de fala estereotipados. Tal e como Mejri explica, «unha especialidade non pode nacer sen que exista alo menos un obxecto específico e unha metodoloxía ben elaborada» (Mejri, p. 9), que é o que acontece con estes «novos» conceptos que se difunden cada vez máis entre os fraseólogos.

Neste número, Anne-Marie Nahon e Anja Smith con *Les ALS allemands et français : un inventaire* e Caroline Pernot con *Approche lexicographique en didactique des actes de langage stéréotypés* propoñen exemplos dos actos de fala estereotipados non só en francés, senón tamén en alemán; os primeiros sobre todo en lexicografía e tradutoloxía, mentres que Pernot subliña o carácter didáctico do seu artigo deixando de lado as traducións de expresións alemás ao francés e viceversa.

No cuarto artigo de este tomo XL, *Les ALS allemands et français : un inventaire*, Anne-Marie Nahom e Anja Smith, membros das equipas de investigación de léxico e de discurso respectivamente na sede do ATILF, propoñen un inventario dos actos de fala estereotipados francés-alemán que se apoia sobre unha lista constituída polo GLFA para a elaboración dun dicionario, o que lles permitirá analizar as características formais dos actos de fala estereotipados a partir do corpus. Os items están extraídos de Frantext no dicionario electrónico TLFi e de dicionarios fraseolóxicos. Para integrar os diferentes fraseoloxismos na súa lista, as autoras guiáronse polos tres criterios definitorios mencionados anteriormente por Kauffer: o status enunciado, a idiomaticidade e a función pragmática.

A análise do corpus bilingüe está rexida por dúas vertentes ben diferenciadas: formais e funcionais. Os resultados obtidos das primeiras anuncian que a meirande parte dos items analizados na listaxe inicial no caso do alemán repousan sobre grupos verbais (GV), chegando a resultados similares no caso dos items en francés (aproximadamente o 78 %). As autoras destacan o valor ilocutivo dos actos de fala estereotipados en alemán que teñen como principal obxectivo impoñerse ao interlocutor expoñendo o punto de vista entre os actos de fala estereotipados (en concreto ¼ dos items analizados) en segunda persoa para interpelar ao interlocutor. Estamos polo tanto diante de expresións con connotacións negativas na súa meirande parte. Os resultados mostran a presencia do subxuntivo nos actos de fala estereotipados estudados co fin de abordar a dimensión retórica ou argumentativa dos actos de fala estereotipados en alemán. No caso dos items franceses analizados, as autoras formulan a seguinte pregunta: sería preciso integrar as interxeccións na listaxe? Elas apoiáronse no principio da polilexicalidade dos enunciados fraseolóxicos, así como no valor perlocutivo. Volvemos aquí ao *tu parles* proposto por Kauffer que pode ser interpretado no seu senso literal ou no fraseolóxico. Na monolexicalidade fraseolóxica, as autoras subliñan os seguintes exemplos : «merde» (no senso literal, admiración, e no senso fraseolóxico, negación ou necesidade de cortar unha conversación) e «ouais» (no senso literal, simplemente 'si', e no senso fraseolóxico, a dúbida ou a incerteza). Os

dous exemplos de actos de fala estereotipados monolexicais presentados poden constituír fraseoloxismos ou enunciados libres en función do contexto no que se integren.

As características funcionais dos actos de fala estereotipados, tanto en alemán como en francés, permitiron establecer unha clasificación en cinco categorías de todos os items analizados en francés (410) e en alemán (303): xuízos de valor (9/75), fórmulas ritualizadas (17/8), sentenzas e refráns (27/6), comentarios (200/261) e «casos difíciles» (50/60). Os números entre paréntese indican os resultados en alemán e en francés respectivamente. A interpretación destes datos conclúe un gran número de «casos difíciles» que as autoras clasifican como «enunciados de idiomaticidade semántica demasiado feble para inscribirse de entrada na categoría de actos de fala estereotipados»[9]. Para exemplificar isto seleccionaron as expresións «je connais ça !» e «je connais la chanson». A primeira comporta un grado de idiomaticidade demasiado feble e a segunda representa un comentario que, fóra de contexto, fica desprovisto de valor ilocutivo ou, cando menos, este está representado de forma débil. Na análise das listaxes, tras reflexións definitorias variadas, o grupo de investigación do GLFA decide eliminar as fórmulas ritualizadas e as sentenzas e refráns xa que logo este tipo de fórmulas rutineiras está máis ben ligada aos pragmatemas.

A modo de conclusión, as autoras presentan a súa investigación coma un traballo cun obxectivo duplo. Dunha banda, está o obxectivo de propoñer unha clasificación bilingüe formal e funcional dos actos de fala estereotipados e establecer categorías (finalmente tres) entre as que as autoras destacan *Comentarios* por ser os máis numerosos e, polo tanto, os máis importantes nas dúas linguas. Destácase a complexidade do traballo proposto, en especial a elaboración de listas que as propias autoras recoñecen como incompletas e provisionais. A dificultade de clasificación reside especialmente na función pragmática dos actos de fala estereotipados, condicionada en grande parte polos trazos prosódicos que rodean calquera enunciado. Neste senso, «ça tombe bien» ou «tu tombes bien» poden constituír xuízos positivos ou negativos segundo a prosodia, o contexto ou a SIT, esta última máis próxima dos pragmatemas. En calquera caso, os actos de fala estereotipados son marionetas que danzan en función do contexto no que aparecen. Porén, os pragmatemas pronúncianse nun contexto concreto no que van xogar unha función de fala precisa. Por outra banda, está o obxectivo de romper as fronteiras cara a outros estudos similares que complementan este e que conducen a novas e enriquecedoras listaxes que poderían resultar útiles en ámbitos de investigación variados.

Caroline Pernot, membro da unidade de investigación CREM da Universidade de Lorraine, indica no seu artigo *Approche lexicographique et didactique des actes de langage stéréotypés* a especificidade dos actos de fala estereotipados considerados como frasemas pragmáticos. A autora analiza os obxectivos da fraseodidáctica para finalmente mostrar en que aspectos a cuestión da persoa require ser tratada de xeito detallado nas aplicacións didácticas e lexicográficas da fraseoloxía pragmática. Poderiamos dividir o seu artigo en dúas partes ben diferenciadas : a delimitación do concepto de frasema

[9] Texto orixinal: « énoncés dont l'idiomaticité sémantique est trop faible pour qu'ils soient affectés d'emblée à la catégorie des ALS ».

pragmático[10] e o papel da fraseoloxía pragmática en didáctica e a problemática que a rodea.

No que atinxe á primeira parte, Pernot reduce a catro os criterios definitorios dos FP: pragmático, discursivo, semántico e lexical, morfolóxico e sintáctico, este último entendido como gradual. No nivel pragmático, a fixación ilocutiva diferencia os FP doutros frasemas e dos enunciados libres. O criterio discursivo pon en evidencia o carácter rutineiro e convencional dos FP. Neste senso, a autora distingue os frasemas frásticos (cun status de enunciado) dos frasemas intrafrásticos (dependentes doutros enunciados modalizados por eles e dos que son membros). Para os seus corpus, Pernot traballará cos primeiros sen desprezar algúns grupos verbais como « tu vas voir » ou nominais « mon œil ». A autora propón exemplos moi pertinentes que demostran como un mesmo enunciado pode preservar ou non, en función do contexto, a súa condición de FP. Non nivel semántico, distingue entre enunciados semanticamente opacos, dos que non se pode deducir o senso, dos compoñentes e enunciados semanticamente transparentes, tal e como Mel'čuk (1993) as concibe.

A segunda parte do seu traballo conságrase ao ámbito da fraseodidáctica e da problemática da didáctica no caso dos FP. Pernot presenta a noción de fraseodidáctica e de « Phraseodidaktik » en alemán, unha disciplina que desde hai máis de vinte anos está en emerxencia e ocúpase da didactización da fraseoloxía especialmente en linguas estranxeiras. Distingue os frasemas figurativos e metafóricos, que desfrutaron nun primeiro tempo dun trato privilexiado, e os frasemas que están cada vez máis presentes en fraseodidáctica. Efectivamente, Pernot cita a Hallsteinsdóttir (2011) para recordar que as unidades fraseolóxicas piden ser didactizadas como un todo, e non a partir dos seus compoñentes, desde o inicio da aprendizaxe, integradas na progresión didáctica. A autora acude ao concepto de frasema cultural ou culturema para insistir sobre a importancia de abordar as unidades fraseolóxicas na didáctica das linguas incluso para unha adquisición satisfactoria de elementos sociais, culturais ou históricos propios da lingua meta. A partir da análise de varias expresións, Pernot busca explicar a problemática da adquisición de frasemas xa que nalgúns casos existe unha invariabilidade da función ilocutiva ligada ás formas persoais, a miúdo, mais non sempre, relacionada coa 2ª persoa do singular. Estes matices fan dos frasemas unidades que deben ser estudiadas de forma diferenciada no proceso de ensino-aprendizaxe das linguas. O feito de subestimalos fai que este proceso sexa incompleto e deixa de lado os trazos socio-culturais que deben ser aprehendidos de forma progresiva, o que constitúe para a autora un desafío no ámbito da didáctica das linguas estranxeiras.

O sexto artigo que integra este número foi escrito por Denis Apothéloz, profesor emérito de lingüística de Lorraine e membro do ATILF. A súa contribución, *Deux exemples de noyaux potentiellement phraséologiques : les pseudo-clivées et « déjà » justificatif*, engloba dous estudos de caso: as estruturas pseudo-escindidas e o adverbio «déjà» empregado como marcador argumentativo. As primeiras, integradas na macro-sintaxe, e

[10] Para Caroline Pernot, os actos de fala estereotipados (ALS) como os denominan outros autores son os frasemas pragmáticos (FP a partir de aquí).

o segundo, simplemente un adverbio, poden alterar ou máis ben inducir particularidades do discurso circundante, actuando como «frasemas» que culminan nun valor ilocutivo do discurso concernido.

Apothéloz estrutura a súa publicación delimitando de entrada o termo «pseudo-escindidas» e o seu segundo núcleo fraseolóxico, o «déjà» xustificativo. Co fin de esclarecer a súa teoría, céntrase na argumentación e nas teorías arredor do xénero, poñendo o acento sobre os dous niveis que, segundo el, calquera teórico podería extraer do xénero argumentativo: os «obxectos do discurso» enunciados por Grize (1983) e o emprego de conectores para articular o discurso, é dicir «o encadeamento máis ou menos regulado de proposicións» (Apothéloz, 2018, p. 96). A modo de conclusión, o autor distingue os matices existentes entre os dous núcleos argumentativos que ilustra ao longo do seu texto. Segundo el, trátase de unidades complexas que contribúen ao discurso argumentativo en dous niveis diferentes que se complementan.

Este número aborda a fraseodidáctica especialmente en dous artigos, o primeiro corresponde ao quinto, de Carolina Pernot, e o segundo toma forma no sétimo e o último que compila *Fraseoloxía e pragmática.* Trátase do artigo *Questions de genres à l'école : les compétences langagières à travers l'exemple de la narration et de l'argumentation*, de Marie-Noëlle Roubaud e Christina Romain, profesoras da Universidade de Aix-Marseille, membros do ADEF e do CNRS respectivamente. A súa publicación concirne á posta en práctica de diferentes xéneros na escola (crianzas de 8 a 10 anos), sobre todo o narrativo e o argumentativo, para adquirir e/ou mellorar as competencias lingüísticas comúns aos dous xéneros abordados.

As autoras introducen en primeiro lugar o concepto de xénero textual no ensino en Francia comparando o tratamento que del se fai en secundaria e na escola primaria. Mentres que en secundaria o xénero constitúe un elemento determinante desde 2008, en primaria é necesario agardar ata 2015 para que a palabra «xénero» apareza na lexislación educativa francesa. O estudo das autoras aspira a demostrar como as súas escollas metodolóxicas poderían conducir a melloras notables na escritura dos estudantes a través da análise de textos producidos por catro cursos dos que dous non recibiron ningunha formación, nin en xéneros argumentativos, nin en xéneros narrativos.

Tras clarificar a noción de xénero e os xéneros escolares estudiados en secundaria e en primaria en Francia ata o momento, as autoras explican as súas escollas metodolóxicas. Por unha banda o procedemento pedagóxico tripartito que implica: a deconstrución dun texto, a escritura colectiva e, finalmente, a escritura dun texto do mesmo xénero. Este procedemento foi levado a cabo en dous cursos: un traballou o texto argumentativo *(Le plan « ours » dans les Pyrénées)* e o outro o narrativo *(Hansel et Gretel)* como elementos detonantes da escritura. Porén, esta investigación afectou a outros dous grupos nos que non se traballou sobre un texto modelo como elemento detonante. No referente aos marcadores de organización desta experiencia, as autoras estudaron separadamente os dous xéneros implicados. Para o xénero narrativo, elas subliñan, citando a Adam (1984) e Schneuwly, Rosat e Dolz (1989), a presencia de conectores de dobre funcionalidade discursiva, así como doutros organizadores textuais que informan sobre a estruturación do

relato e, en definitiva, sobre a progresión dos acontecementos. Volvendo á lexislación en materia educativa en Francia, Roubaud e Romain apelan á progresión temática do texto que garante a coherencia e a cohesión textuais que esixen os documentos oficiais. Para o xénero argumentativo, as autoras explican como este é abordado na lexislación francesa. Expoñen despois a súa escolla entre os indicadores existentes do xénero argumentativo para analizar os resultados da práctica didáctica.

Para analizar os resultados, as autoras comparan os textos producidos sen adestramento (clases de control) e con adestramento (clases adestradas) apoiándose sobre os parámetros cuantitativos para os textos narrativos: número e tipo de conectores, emprego diversificado dos procedementos anafóricos, progresión temática, repartición dos tempos verbais empregados e estrutura narrativa. Finalmente, propoñen unha media de datos anteriores que denominan «combinación dos diferentes indicadores» a modo de síntese e resultado final. Con relación aos textos argumentativos, as autoras fixeron un repertorio e analizaron o número de conectores argumentativos e de argumentos empregados polos estudantes, así como a presencia de elementos propios da estrutura do texto argumentativo nas producións escritas estudiadas. Para concluír, as autoras subliñan tres constatacións como resultado da súa experiencia didáctica: existe unha correlación entre a conducta e o traballo preliminar nos dous xéneros, este traballo favorece a utilización dos marcadores representativos do xénero concernido e a terceira, e a máis esencial, é crucial alimentar a escritura pola lectura de textos pertencentes ao xénero obxecto de estudo que sirvan de modelo para as producións propias dos estudantes e que, sen lugar a dúbidas, contribúen ao desenvolvemento das competencias lingüísticas descritas na lexislación francesa en materia educativa.

A modo de conclusión, poderíamos afirmar que a obra non perde de vista as nocións de actos de fala estereotipados e de pragmatemas, sempre desde un punto de vista científico que analiza as súas características definitorias así como o lugar ocupado por elas no eido da fraseoloxía. Este número especial complementa os estudos aparecidos nos últimos anos no ámbito da fraseodidáctica, dado que presenta estudos de casos e prácticas innovadoras que contribúen á mellora das competencias lingüísticas na lingua meta dos estudantes de lingua estranxeira. Estamos ante unha obra moi pertinente e enriquecedora que retén a atención do lector, especialmente pola súa riqueza temática así como pola diversidade de achegas e apreciacións abordadas polos autores concernidos.

Referencias bibliográficas

Blanco Escoda, X. & Mejri, S. (2018). *Les pragmatèmes.* Classiques Garnier.

González-Rey, M. I. (2014). Le « double » principe d'idiomaticité en traduction littéraire. *Revista de Filología*, 32, 227–244.

María del Carmen Parra Simón
Universidade de Alicante
https://orcid.org/0000-0002-1896-652X

MELLADO BLANCO, Carmen; HOLZINGER, Herbert; IGLESIAS IGLESIAS, Nely & MANSILLA PÉREZ, Ana (eds.) (2020): *Muster in der Phraseologie. Monolingual und kontrastiv*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač. ISBN: 978-3-339-11432-7, 276 páxs.[1]



A lingüística de corpus abriunos a porta á detección de padróns que non sempre foran evidentes para o ollo (ou o oído) humano. Tamén nos permitiu analizar o uso real da lingua. Os editores do presente volume aproveitaron estas premisas para proporen unha análise da fraseoloxía desde unha nova perspectiva, sen caracterizala polas súas «anomalías», senón polas súas regularidades. De aí o seu título *Muster in der Phraseologie* (padróns, regularidades, recorrencias na fraseoloxía). Escrito en alemán, como o seu nome indica, e centrado nesta lingua, aínda que con algunhas achegas contrastivas co eslovaco, o francés e o ruso, trátase dun compendio moi interesante de capítulos unidos pola metodoloxía, a noción de recorrencia e o interese pola fraseoloxía.

Muster in der Phraseologie é un volume colectivo que recolle trece artigos sobre os padróns fraseolóxicos, con énfase na súa produtividade. O obxecto de estudo, así como a perspectiva escollida, entroncan coas novas tendencias en investigación lingüística procedentes da gramática de construcións, a lingüística cognitiva e a lingüística da interacción. Neste senso, en lugar de se centrar nos postulados da fraseoloxía tradicional, que destacaba as irregularidades sintácticas e semánticas das unidades pluriverbais, o volume pretende abrir novos camiños na investigación fraseolóxica. Con este obxectivo, adopta a metodoloxía da análise de datos extraídos de corpus, feito que permite detectar padróns e probar, xa que logo, o carácter regular e repetitivo dos fraseoloxismos e proverbios. Neste cambio de perspectiva cómpre salientar o uso de mostras reais de lingua, tanto orais coma escritas, e a incorporación dunha perspectiva sintáctica, semántica e pragmática.

O volume está dividido en tres grandes bloques: padróns e metáforas, padróns sintáctico-semánticos e modificacións. No primeiro bloque atopamos tres contribucións de corte semántico que tratan as estruturas (poli)léxicas en relación coa fraseoloxía e a neoloxía, a Teoría da Metáfora Conceptual (Lakoff e Johnson, 1980/2017) e a semántica de marcos e escenas (Fillmore, 1977). Iníciase cun artigo de Gudrun Bukies (Università di Cagliari) sobre o léxico da beleza en alemán desde os anos 60 ata a actualidade empregado en textos especializados e mediáticos. O seu estudo, baseado no corpus, observa a incidencia da cirurxía estética neste campo, que provoca a aparición de novas combinacións de palabras, así como o cambio de significado dalgunha delas. Destaca tres áreas que

[1] Tradución ao galego por Juan Manuel Fischer.

xeraron neoloxismos: fenómenos vencellados co envellecemento da pel; cirurxía plástica e materiais; e efectos/percepción da cirurxía estética.

O seguinte capítulo, a cargo de Jürgen Ehrenmüller (Západočeská univerzita v Plzni), analiza a visión do mundo que transmiten as metáforas do dominio conceptual «xogo» en alemán. A súa metodoloxía é circular, xa que parte da lingua no uso, xera abstraccións e volve aos corpus para validalas. Resúmese en tres pasos: sistematización das metáforas do xogo e identificación dos subconceptos abstractos, formulación destes subconceptos e validación. No seu estudo, analiza 320 expresións metafóricas que parten de 69 metáforas conceptuais ligadas ao xogo.

O derradeiro artigo deste bloque, escrito por Rosemarie Lühr (Humboldt Universität zu Berlin), ocúpase dos adaxios de Erasmo de Rotterdam en relación coa metáfora. Con este fin, determina a información relevante para o emisor (dominio meta [*loci*], dominio orixe [escena] e palabra [campo semántico e marco]), para a lingua (o adaxio) e para o receptor (interpretación metafórica e metáfora conceptual construída). En concreto, céntrase nos adaxios truncados —sen verbo— que chaman a súa atención polo feito de seren intelixibles para os receptores malia non conter toda a información. Neste senso, pregúntase ata que punto os padróns truncados reflicten o dominio orixe e analiza que padróns representan determinados contidos metafóricos. Para descubrilo, primeiro relaciona os dominios meta, declarados nos *loci*, cos dominios orixe derivados das escenas e, posteriormente, calibra a produtividade dos padróns detectados.

O segundo bloque é o máis extenso, xa que recolle oito contribucións que versan sobre os padróns sintáctico-semánticos. Peter Ďurčo e Jana Tabačeková (Univerzita sv. Cyrila a Metoda v Trnave) preséntannos un estudo sobre as combinacións preposicionais en alemán, máis concretamente sobre os padróns preposición+substantivo para expresar INMEDIATEZ, e os seus equivalentes en eslovaco. Mediante a observación do uso destas combinacións, confírmase que o feito de non presentar ningún artigo apunta un maior grao de fixación. Ademais, afóndase nos graos de variación externa e interna que presentan para chegaren á conclusión de que sen contexto non se pode facer ningunha proposta válida de equivalencia.

Simona Fraštíková e Monika Hornáček Banášová (Univerzita sv. Cyrila a Metoda v Trnave) seguen esta mesma liña de investigación, aplicándoa ás combinacións *Im Kurs – Außer Kurs*. Do seu estudo despréndese que non existe unha oposición simétrica no tocante á semántica e o uso destas expresións. En todo caso, poderíase apreciar este trazo cando se combinan cun verbo; por exemplo, nos casos de *hoch im Kurs stehen* ('ser moi valorado')/*außer Kurs setzen* ('descartar/sacar de circulación'), onde desenvolven a función de complemento adverbial. De novo, ponse o foco na análise detallada do uso das combinacións, que posteriormente se plasma nas propostas de equivalencia en eslovaco.

No seguinte capítulo, Herbert J. Holzinger (Universidad de Valencia) estuda o padrón temporal *auf*+substantivo [auf X] en alemán, como no exemplo *Auf Jahrhunderte unbewohnbar*, que designa unha cantidade de tempo que comprende máis dun dos períodos consignados por X. O uso de corpus permítelle determinar que substantivos poden actualizar o X, con que elementos adoita aparecer e ata que punto se trata dunha expresión fixa ou

variable. A partir dun corpus especializado de páxinas web de hoteis de Alemaña, Austria e Suíza, Maricel Esteban-Fonollosa (Universidad de Valencia) estuda o padrón [in + DET + NOM_{Dat} + von/NOM_{Gen}], esquema que corresponde a ocorrencias como *in der Mitte von*, *im Zentrum von* ou *im Herzen von*. Ademais de observar que é unha estrutura recorrente, a investigadora constata que se insire noutras estruturas tamén recorrentes. Coa súa achega revela o comportamento formulaico da lingua da descrición de hoteis.

Vanessa González Ribao (Leibniz-Institut für Deutsche Sprache, Mannheim), pola súa parte, analiza a secuencia [V_{Imp} $PROP_{ReflexivDat}$ NP_{Akk}] ($Verbo_{imperativo}$ + $pronome_{ReflexivoDativo}$+ sintagma nominal $_{acusativo}$) desde unha perspectiva sintáctica e semántica. Detecta que, nun principio, se actualizaba con verbos de adquisición como *anschaffen* ('adquirir'), pero que na actualidade tamén se utiliza con verbos de comunicación do tipo *bloggen* ('escribir nun blog') ou *facebooken* ('publicar en Facebook'), como no exemplo: *Blogg Dir deinen Urlaub nach Tunesien*! (literalmente: '*bloguéache* unhas vacacións a Tunes!', é dicir, 'consegue unhas vacacións en Tunes mediante o teu blog!'). Mesmo atopa ocorrencias co verbo de contacto *rubbeln* ('fretar, refregar'). O feito de que verbos de acción aparezan en esquemas resultativos indícanos que se produciu unha adaptación conceptual, que a autora explica por medio da noción de coerción (Traugott/Trousdale, 2013, pp. 205–206; Goldberg, 1995, p. 159).

Meike Meliss (Universidade de Santiago de Compostela), no seu capítulo, estuda as expresións formulaicas nas interaccións orais en alemán, concretamente as que inclúen o lema *wissen* ('saber'). Na súa análise acha exemplos onde expresan vaguidade, non pertinencia, recoñecemento, dirección da atención e creación de coñecemento compartido/consenso. Estes resultados son froito dunha aproximación multifuncional orientada á acción para a descrición da interacción oral, que forma parte dun proxecto máis amplo sobre o léxico do alemán oral (*Lexik des gesprochenen Deutsch [LeGeDe]*). A clasificación funcional realizada pola investigadora ten, ademais, unha clara aplicación lexicográfica que non foi explotada ata o de agora.

O seguinte capítulo, de Martine Dalmas (Sorbonne Université), trata sobre a topicalización dun constituínte predicativo (infinitivo, participio ou adxectivo) nas oracións declarativas, como nos casos de *Verboten wurde…*, *Wichtig ist…* ou *An der Nase herumführen kann er...* O seu obxectivo é determinar o papel que teñen as funcións e as tipoloxías textuais nas eleccións léxicas, así como identificar as formas preferentes, tomando en consideración as restricións cognitivas que configuran este tipo de construcións. A continuación, Anja Smith (Université de Lorraine), ocúpase das fórmulas estereotipadas que se poden atopar nos actos de fala. O núcleo do seu capítulo é unha análise das expresións *Das ist leicht gesagt* y *C'est facile à dire*, con énfase na súa función e nas súas variacións contextuais. A autora defende que é importante adoptar unha perspectiva pragmática e integrar teorías de gramática baseadas no uso, actos de fala, gramática de construcións e análises da conversación, co fin de describir estas expresións en profundidade, propor equivalentes e recollelos en obras lexicográficas, especialmente as contrastivas alemán-francés.

O terceiro bloque conta con dúas contribucións adicadas á modificación de frasemas. A primeira, de Elena Krotova (Instituto de lingüística de Moscú), céntrase nas modificacións

sintácticas e léxico-sintácticas dalgúns frasemas alemáns baseados na metáfora da orientación (arriba, abaixo etc.). Mediante un programa informático desenvolvido pola autora, determínanse a frecuencia, distribución e regularidade destas modificacións. Os frasemas escollidos compáranse con outros semellantes en ruso, co obxectivo de observar se a metáfora de partida inflúe no uso. Por último, faise unha proposta de aplicación lexicográfica dos datos obtidos. O volume péchase coa achega de Lyubov Nefedova (Universidad Pedagógica Estatal de Moscú) sobre as modificacións (sintáctico-) semánticas do préstamo fraseolóxico *First Lady* en alemán e ruso. A análise desta expresión serve para exemplificar a integración de determinadas unidades en outras linguas e as transformacións semánticas que experimentan. Pónse o foco nas similitudes e diverxencias que se producen na modificación de frasemas a causa das diferenzas socioculturais dos países. Tamén se destaca o seu potencial creativo e lúdico.

Muster in der Phraseologie pódese ler tanto integramente coma por capítulos. Indubidablemente, resultará de gran interese para fraseólogos, pero tamén para aqueles lingüistas, tradutores e lexicógrafos que integren a lingüística de corpus e o estudo de mostras reais de lingua nas súas investigacións. Por unha parte, poderán acceder a unha serie de resultados relevantes sobre a lingua alemá e, por outra, atoparán suxestivas propostas para o estudo da fraseoloxía e da lingua en xeral.

Referencias bibliográficas:

Fillmore, C. J. (1977). Scenes and Frames Semantics (pp. 55–81). En A. Zampolli (ed.), *Linguistic Structures Processing*. North-Holland.

Goldberg, A. E. (1995). *Constructions: A Construction Grammar Approach to Argument Structure*. UCP.

Lakoff, G. e Johnson, M. (1980/2017). *Metáforas de la vida cotidiana*. Cátedra.

Traugott, E. C. e Trousdale, G. (2013). *Constructionalization and constructional changes*. Oxford University Press.

Elena Sánchez-López
Universitat d'Alacant
https://orcid.org/0000-0003-1235-8301

MENA MARTÍNEZ, Florentina Micaela e STROHSCHEN, Carola (eds.) (2020): *Teaching and Learning Phraseology in the XXI Century / Phraseologie Lehren und Lernen im 21. Jahrhundert Challenges for Phraseodidactics and Phraseotranslation Herausforderungen für Phraseodidaktik und Phraseoübersetzung*. Berlín: Peter Lang GmbH. 182 pp. ISSN 1436-1914.[1]

A presente antoloxía forma parte da colección «Estudos da lingüística románica e comunicación intercultural», editada por Gerd Wotjak, José Juan Batista Rodríguez e Dolores García-Padrón, e céntrase en dous aspectos importantes da investigación fraseolóxica: a fraseodidáctica e a fraseotradución. A obra presenta unha estrutura clara e consta do prefacio das editoras e de sete capítulos en alemán e inglés, escritos por científicos recoñecidos de España, Grecia, Suecia, Dinamarca e Alemaña.

Florentina Micaela Mena Martínez e Carola Strohschen destacan na introdución o papel da lingüística cognitiva e da construción gramatical para o desenvolvemento da fraseoloxía en xeral e, particularmente, da fraseodidáctica e a fraseotradución. Ao mesmo tempo, sinalan a necesidade de poñerse ao día nestes dous ámbitos. Con isto, a antoloxía trata de describir as innovacións na fraseodidáctica e fraseotradución, especialmente no contexto da lingüística cognitiva e da construción gramatical. Parte destas innovacións débense ao equipo de investigación PhraseoTic da Universidade de Murcia, xa que traballan no desenvolvemento de materiais e ferramentas didácticos para mellorar o manexo da fraseoloxía no ensino e na tradución. As editoras proporcionan tamén unha visión xeral das contribucións presentadas na antoloxía e explican os principios da súa disposición: dende as contribucións xerais e teóricas ata as contribucións prácticas con exemplos concretos sobre o seu uso.

O primeiro capítulo presenta un fundamento teórico para a antoloxía. Na contribución titulada «Sobre a teoría da fraseoloxía: cuestións fundamentais e aplicacións prácticas», Dmitrij Dobrovol'skij trata aspectos terminolóxicos da fraseoloxía, cuestións teóricas actuais sobre a investigación fraseolóxica, así como os desafíos da representación lexicográfica das unidades fraseolóxicas, e continúa coas súas consecuencias didácticas. O artigo comeza sinalando a inconsistencia conceptual e terminolóxica a través da definición e clasificación das unidades fraseolóxicas. A continuación, abórdanse os aspectos cognitivos da investigación idiomática: varios modelos para o almacenamento e procesamento idiomático, as relacións e os puntos de contacto entre a fraseoloxía e a construción gramatical. Na seguinte parte, descríbese unha selección de problemas de case-equivalencia e pseudoequivalencia semánticas entre frasemas de diferentes idiomas. A continuación, expóñense algunhas reflexións acerca da representación

[1] Tradución ao galego por Ana Lavandeira Abelaira.

lexicográfica das unidades fraseolóxicas, tanto nos dicionarios monolingües coma nos bilingües.

Dmitrij Dobrovol'skij tamén sinala os cambios na investigación fraseolóxica: grazas á accesibilidade a novos tipos de datos, estanse desenvolvendo novas formas de análise que, á vez, suscitan novos interrogantes. Isto fomenta o interese polas clases e tipos de termos «non tradicionais» máis comúns, que son máis ou menos constantes. Na súa opinión, unha teoría da fraseoloxía debe ser capaz de explicar a especificidade da semántica, da pragmática e da combinatoria de todo tipo de frasemas, así como as peculiaridades do seu comportamento discursivo. O autor destaca unha dispoñibilidade continua dos modismos para aplicacións lúdicas, especialmente para a activación simultánea da lectura literal e figurada. Desta maneira, o primeiro capítulo ofrece unha visión moi detallada dos traballos máis modernos nos campos da fraseoloxía e fraseografía, necesaria para comprender os adiantos máis avanzados neste campo de investigación.

No segundo capítulo, «Unha aproximación fraseotradutolóxica á tradución literaria», M.ª Isabel González-Rey aborda o problema da tradución da linguaxe idiomática. O punto central desta contribución é, a grandes trazos, que a tradución da linguaxe idiomática debe ter en conta máis aspectos que a mera tradución de diferentes tipos de unidades fraseolóxicas no texto. As diferenzas entre textos de distintos estilos e xéneros, ou escritos por diferentes autores, débense á proporción da idiomaticidade, que ao mesmo tempo debe considerarse como a interacción de diferentes elementos na composición do texto. A tradución literaria é a miúdo problemática, xa que as linguas teñen códigos lingüísticos e culturais diferentes. O artigo propón un algoritmo que permita alcanzar no texto final o mesmo nivel de idiomaticidade que no texto inicial, e que sirva de modelo no ensino para a tradución de unidades fraseolóxicas no texto literario. Ademais, débese ter en conta todo o texto para encontrar equivalentes e tomar decisións importantes nos casos de falta de equivalencia. No artigo, que se centra nos conceptos de fraseoloxización e idiomatización, a autora tamén distingue entre as correspondencias na fraseoloxía bilingüe e multilingüe e os equivalentes na fraseoloxía contrastiva. Esta contribución achega tamén unha valiosa inspección na historia da fraseotradución onde as explicacións se visualizan mediante varios esquemas.

O terceiro capítulo, «O ensino de modismos con fins tradutolóxicos: un glosario trilingüe baseado nun corpus aplicado á fraseodidáctica (ES/EN/DE)», de Gloria Corpas Pastor, Carlos Manuel Hidalgo Ternero e María Rosario Bautista Zambrana, tamén dedicado á tradución de frasemas, é, pola contra, moi práctico. Convértese nun glosario interactivo multilingüe baseado nun corpus (español, inglés e alemán) denominado Glossomatic, que se pode empregar na aula para futuros tradutores. Os somatismos en español, inglés e alemán reciben certo protagonismo. O glosario inclúe indicacións detalladas sobre as unidades fraseolóxicas en tres linguas: tipo de frasema, complementos que o acompañan, rexistro e clasificación, así como comentarios sobre as diferenzas entre os frasemas das distintas linguas. Desta forma, non só se permite a busca de equivalentes fraseolóxicos que figuran tamén no dicionario tradicional, senón tamén dos trazos, de

tal forma que, incluso no caso de equivalencia cero ou de modificacións lingüísticas lúdicas de fraseoloxismos no texto orixinal, se poida encontrar unha solución para a tradución. Isto permite reflectir os aspectos pragmáticos, semánticos e discursivos do significado idiomático na tradución. Na última parte do capítulo enuméranse estratexias e pasos concretos para a utilización do glosario a través de exemplos. O artigo é útil tanto para a fraseodidáctica como para a tradución, e resulta convincente non só pola súa estrutura clara e a súa sólida base teórica, senón tamén polos exemplos concretos de uso.

Por moi optimista que pareza o terceiro capítulo, un vólvese escéptico despois da lectura do cuarto, xa que se chega á conclusión de que o uso de novos coñecementos fraseolóxicos na práctica didáctica é máis ben unha excepción. O cuarto capítulo, de Heinz-Helmut Lüger e titulado «Que pode ofrecer o Marco Común Europeo de Referencia á fraseodidáctica?», aborda os puntos débiles do Marco Común Europeo de Referencia. Trátanse de forma crítica os seguintes aspectos: a delimitación dos distintos tipos de frasemas; a diferenza entre competencias produtivas e receptivas; a asignación dos diferentes frasemas e tipos de frasemas ás competencias; e finalmente a consideración das cuestións culturais e dos coñecementos máis recentes da fraseodidáctica, especialmente no que se refire ao mínimo e ao óptimo fraseolóxico. Despois de analizar os descritores do Marco Común Europeo de Referencia, o autor chega á conclusión de que, aínda que as competencias lingüísticas dos distintos niveis se presentan de forma moi detallada no MCER e o documento compleméntase e actualízase constantemente, o MCER non se basea nun concepto fraseodidáctico consistente. A definición do obxecto, é dicir, a definición dos distintos tipos de frasemas, así como a súa priorización en vista da súa diferente relevancia comunicativa e as posibilidades de progresión de frasemas no ensino, seguen sen estar claras. Tras a lectura é evidente que o MCER como instrución normativa contén moi poucos fundamentos e sistemática e demasiadas preguntas abertas. De igual forma o autor considera algúns aspectos importantes, como a frecuencia dos distintos frasemas e as súas condicións de uso, as restricións morfosintácticas, as limitacións en relación coa integrabilidade textual e as múltiples posibilidades de uso lúdico lingüístico dos frasemas. Isto pon de manifesto a complexidade das cuestións fraseodidácticas.

O quinto capítulo, de Marios Chrissou, títulase «Aspectos lingüísticos contrastivos da asignación de niveis para o ensino de alemán como lingua estranxeira: notas da práctica docente» e ten unha conexión lóxica co capítulo de Heinz-Helmut Lüger. O traballo propón que, á hora de preparar material didáctico sobre frasemas no ensino de linguas estranxeiras, se teña en conta a proximidade entre os frasemas estranxeiros e nativos, e que se vincule a dificultade do aprendizaxe co tipo de equivalencia interlingual. Preséntanse os resultados da revisión dunha asignación de niveis proposta anteriormente por Marios Chrissou, baseada no contraste de frasemas importantes na comunicación alemá dirixida a estudantes con grego como lingua materna na práctica da aula. Para determinar o nivel de dificultade dos frasemas, o autor investiga as estratexias de comprensión que empregan os alumnos (con alemán como lingua estranxeira) para decodificar os frasemas da lingua estranxeira con diferente proximidade á súa lingua

materna, e o seu rendemento no uso produtivo. A hipótese subxacente é que a dificultade de aprendizaxe dos frasemas está vinculada ao seu procesamento receptivo e produtivo e que isto se reflicte no rendemento do alumno. Da análise do rendemento mostrado no nivel receptivo e produtivo, deberían xurdir indicacións sobre a idoneidade da asignación de nivel dos frasemas didácticos. Cabe destacar que os alumnos non elaboran os frasemas como meras entradas de léxico, senón de forma activa no contexto de uso e aplicando métodos de traballo orientados ao corpus. O autor conclúe que, a pesar da limitada base de material e de mostra, a escala baseada no contraste lingüístico é plausible en xeral. Neste sentido, a adaptación do léxico fraseolóxico á lingua materna dos alumnos resolvería os problemas sinalados no capítulo catro e aos que tamén fai referencia Marios Chrissou, é dicir, a falta de priorización dos frasemas e a falta de descrición da progresión da aprendizaxe no Marco Común de Referencia Europeo. A determinación do nivel de dificultade dos frasemas orientada ao grupo meta é, polo tanto, unha tarefa fraseodidáctica importante.

O capítulo seis volve estar directamente relacionado coa contribución anterior, xa que tamén aborda os enfoques lingüísticos de corpus na fraseoloxía. No capítulo «Enfoques lingüísticos de corpus na fraseodidáctica para o alemán como lingua estranxeira», Erla Hallsteindótir destaca que os corpus de texto teñen un gran potencial sen explotar para o ensino de idiomas como primeira e segunda lingua ou como lingua estranxeira. Empréganse de dúas maneiras: por un lado, como fonte para determinar os frasemas para un vocabulario básico na elaboración de materiais didácticos e, por outro lado, como axuda na implantación didáctica da fraseoloxía na aula, empregando corpus ou datos dos corpus como ferramentas de aprendizaxe. Nesta contribución, Hallsteindótir utiliza exemplos concretos para ilustrar os retos que poden xurdir ao buscar frasemas nos corpus e cales son as solucións posibles e, así mesmo, ofrece un plan para varias unidades didácticas nas que os datos do corpus se utilizan como ferramenta para a investigación activa da 'lingua auténtica'. As tarefas correspondentes formúlanse de acordo co enfoque funcional da tradución, de maneira que os frasemas aparecen nunha tarefa de tradución que se asemella a unha encomenda real do mundo laboral. A autora tamén destaca que as solucións teórico-metodolóxicas presentadas no artigo non están, pola súa propia natureza, vinculadas a unha lingua e poden transferirse a outras.

O sétimo capítulo está adicado aos novos avances no campo da fraseodidáctica e é especialmente actual no contexto da crecente dixitalización. En «Potencialidades dos libros de texto electrónicos para a fraseodidáctica da lingua materna», Wenke Mückel analiza diversas formas de integrar os materiais didácticos dixitais na aula. Así, sinálanse os retos de traballar con libros de idiomas nas clases de alemán como lingua materna, de maneira que se fai evidente a necesidade dunha reorientación didáctica cara a tipos de tarefas contextualizadas e interactivas para que, deste xeito, os libros de texto respondan ao crecente uso de medios de comunicación por parte da xeración actual de alumnos. Tamén se esbozan os fundamentos dun concepto fraseodidáctico para un libro de texto electrónico. Daquela, igual que os dous primeiros capítulos, o sétimo proporciona un marco teórico para futuros desenvolvementos no campo da fraseodidáctica e, ao mesmo tempo, complementa os enfoques prácticos presentados na antoloxía.

En xeral, este volume é unha obra lograda e cuxos contidos presentan unha estrutura lóxica. Está recomendada para todas aquelas persoas que tratan a fraseoloxía na investigación e na docencia, pois proporciona valiosos elementos de reflexión e contén unha serie de solucións construtivas para o ensino de linguas estranxeiras e da tradución que poden aplicarse a moitos idiomas. A antoloxía ofrece así unha visión exhaustiva dos retos da fraseodidáctica e da fraseotradución no século XXI e permite enxergar o futuro destes campos de investigación.

Irina S. Parina
Universidade Lingüística Estatal Dobroljubow de Nischni Novgorod
https://orcid.org/0000-0003-3076-9403
parinai@yandex.ru

PLA COLOMER, Francisco Pedro e VICENTE LLAVATA, Santiago (2020). *La materia de Troya en la Edad Media hispánica. Historia textual y codificación fraseológica.* Madrid: Iberoamericana. ISBN 978-84-9192-151-6, 278 pp.



O interese da obra que aquí presentamos vén, en gran medida, por algo que sinalan os propios autores: «El análisis estilístico y contrastivo de la fraseología representada en los textos peninsulares de materia troyana constituye un ámbito de estudio inédito e inexplorado en el campo de la Filología hispánica» (p. 15). Por outra parte, tamén está no feito de tratar precisamente a materia de Troya, «uno de los universos textuales de mayor longevidad e influencia en la configuración simbólica de la civilización occidental» (p. 243). Alén disto, cómpre mencionar a relevancia que supón que Pla Colomer e Vicente Llavata conxuguen a literatura coa lingua, algo que fai deste libro un texto particular: a pesar da separación habitual que se fai destas áreas, estes investigadores reúnen aquí ambos os eidos a través dunha análise da fraseoloxía nos textos da península Ibérica da materia de Troia, é dicir, unen a codificación fraseolóxica xunto á historia textual.

A través dunha metodoloxía inspirada na tradición filolóxica desenvolvida desde comezos do século XX no contexto filolóxico de ámbito hispánico, e ao tempo que pretenden superar esa división estéril neses dous grandes ámbitos do saber (lingua e literatura), os autores desta obra propóñense un dobre obxectivo: establecer, a través do estudo contrastivo da fraseoloxía, un mapa preliminar das liñas de filiación textual tanto nun sentido vertical como tamén horizontal entre as testemuñas de materia troiana da península Ibérica e explicar diacronicamente como se foron institucionalizando algunhas das combinacións locucionais desta tradición (p. 16).

No preámbulo (pp. 9–11) os autores fan referencia a algúns antecedentes de relevancia para esta obra: por unha parte, o capítulo de «Historie de Troie» da obra *La bibliothèque du marquis du Santillane* de Mario Schiff, no que «se realiza un inventario exhaustivo del conjunto de versiones peninsulares de materia troyana que don Íñigo López de Mendoza logró reunir en su selecta biblioteca» (p. 9); e, por outra, varios contextos científicos significativos, como a nota de Ramón Menéndez Pidal a Rafael Lapesa intitulada «Dos voces oscuras de la "Historia troyana en prosa y verso"» para a súa publicación no número XXI do ano 1934 da *Revista de Filología Española* ou a memoria de licenciatura de Concepción Martín Muñoz, «Estudios sintácticos de la *Historia troyana polimétrica*», dirixida por Rafael Lapesa. Con todo, antes de saber destes contextos científicos, Pla Colomer e Vicente Llavata xa estudaran de maneira individual algúns textos peninsulares de materia troiana[1] e logo adoptaron a decisión de levar a cabo un traballo conxunto destes

[1] Pla Colomer presentou «Descripción fonético-fonológica de la *Historia troyana.* La rima y la métrica como fuente de reconstrucción» no *XI Congreso Internacional de la Asociación de Jóvenes Investigadores de*

textos a través das manifestacións fraseolóxicas contidas neles, uns estudos que foron progresivamente en aumento do corpus de traballo e expostos en diferentes xornadas e congresos[2] e que, finalmente, unha vez culminado o conxunto de testemuñas peninsulares, deron lugar a este libro. Nesta primeira parte queda manifesto o control e interese dos autores respecto ao tema que tratan na obra[3], cuxo propósito é que se inscriba «en la tradición filológica que concibe la historia textual de los testimonios literarios como un punto de partida y de llegada en la investigación diacrónica» (p. 243).

Logo da exposición de puntos como o estado da cuestión ou a estrutura da obra, os autores presentan xa a historia textual das versións peninsulares na segunda parte do libro, unha exposición pormenorizada para o interese que perseguen na que atenden non só a versións en castelán, senón tamén a outros textos escritos noutras linguas peninsulares como son o galego, o catalán ou o aragonés. Antes de adentrarse na filiación destes, realizan unha descrición dos documentos conservados sobre a materia troiana así como dos seus trazos lingüísticos máis característicos, co ánimo de enmarcalos no seu contexto filolóxico máis apropiado: os que proceden do *Roman de Troie* de Benoît de Sainte-Maure e os que proceden da *Historia destructionis Troiae* de Guido delle Colonne, principais documentos para a transmisión desta materia en Europa e, polo tanto, tamén na península Ibérica.

No libro explícase como esa obra de Benoît de Sainte-Maure, da corte de Enrique II e Leonor de Aquitania, é a fonte principal para o desenvolvemento desta materia na Idade Media panrománica, cuxas fontes son dúas obras gregas que se coñecen a partir de traducións latinas: *De excidio Troiae* de Dares e *Ephemeris belli Troiani* de Dictis. O autor de *Roman de Troie* introduce máis episodios amorosos e bélicos, mais reduce outras pasaxes. En canto á *Historia destructionis Troiae,* esta está baseada nunha das versións de *Roman de Troie* e preséntase como a obra máis importante desta materia na Europa medieval. Este texto, escrito por Guido delle Colonne, traduciuse na península Ibérica desde a segunda metade do século XIV ao catalán, aragonés, castelán e nunha obra parcial ao portugués.

A través destas explicacións, os autores pretenden amosar un mapa preliminar das liñas de filiación entre as diferentes versións peninsulares: por unha parte, as versións derivadas de *Roman de Troie* e, por outra, as derivadas da *Historia destructiones Troiae.* Cómpre mencionar que todas as versións están situadas entre os séculos XIII e XIV, o que lle

---

Historia e Historiografía de la lengua española celebrado no 2011 en Neuchâtel e Vicente Llavata presentou «Aproximación a la fraseología del aragonés medieval a partir del estudio de la *Crónica troyana* de Juan Fernández de Heredia» no *XIX Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas* no 2016 en Münster (2020, p. 11).

[2] Nas *II Jornadas Internacionales de Fraseología histórica,* celebradas en Valencia a finais do 2016, presentaron un traballo conxunto, ao que seguiu outro no *XXI Congreso de la Asociación Alemana de Hispanistas* en Múnich no 2017, outro no *Encuentro científico internacional «Historia contrastiva de la lengua castellana y su historiografía»* en Valencia no 2018 (mais neste último presentaron comunicacións por separado), posteriormente presentaron outro no *Coloquio Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval «Libros, lecturas y reescrituras»* en Zaragoza de cara a finais do 2018 e, finalmente, outro no *XVIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* en Barcelona no 2019.

[3] No preámbulo amosan especial agradecemento a Mª Teresa Echenique Elizondo e ao grupo HISLEDIA (*Historia e historiografía de la lengua castellana en su diacronía*), grupo de investigación ao cal pertencen.

outorga unidade ao estudo proposto, no que describen cada unha delas, presentan a súa transmisión textual e mesmo o que supuxeron na evolución da materia de Troia.

Dentro do primeiro grupo, engaden a *Historia troyana polimétrica*, obra de autoría anónima da que se conservan dúas testemuñas que acaban no verso 15567 do poema francés, e a partir de aí segue a *Crónica troyana* que mandou compoñer Afonso XI. A súa orixinalidade está na ampla variedade de estrofas que usa así como no feito de ser o primeiro na historia da literatura española en adecuar o significante das estrofas ao significado do contido de cada unha. É relevante tamén como os autores pormenorizan nun contraste métrico-estrófico co *Libro del Buen Amor*[4] co ánimo de constatar que a composición da obra é anterior á primeira metade do século XIV: quizais durante o final do reinado de Alfonso X (1252-1284) ou de Sancho IV (1284-1295). Outra obra deste primeiro grupo é a *Crónica troyana de Alfonso XI*, tradución completa do *Roman de Troie* composta a finais do seu reinado e comezos do de Pedro I.[5] A seguinte obra é *Historia troyana,* promovida por Pedro I na segunda metade do século XIV e inacabada por mor da guerra civil con Enrique de Trastámara, cuxas fontes son a *Primera Crónica General,* a *General Estoria* e a *Crónica troyana* castelá.[6]

A *Crónica troiana* galega é a última que se inclúe neste grupo, a cal está datada no século XIV, foi promovida por Fernán Pérez de Andrade e encargada a Fernán Martís (aínda que interveñen máis copistas) e deriva da obra castelá de Afonso XI. Para Pla Colomer e Vicente Llavata existen evidencias de que na segunda metade do trescentos hai diferenzas entre o galego e o portugués, polo que seguen a idea de Lorenzo (1985, p. 82, citado por eles na p. 50), quen pensa que o galego é a lingua vehicular empregada polos copistas. Por outra parte, os autores desta obra que reseñamos tamén coinciden con outras teorías que falan da existencia dunha testemuña occidental, que podería ser o leonés, derivado do poema francés e do que procederían as ramas castelás da *Crónica troyana* e da que, á súa vez, procede a galega.

Por outra parte, no que respecta ás versións derivadas da *Historia destructionis Troiae,* Pla Colomer e Vicente Llavata inclúen sete obras. Primeiramente falan de *Sumas de historia troiana,* datada sobre o 1350 e que tamén usa como fontes a *General Estoria* e a *Estoria de España* de Afonso X, así como tamén o xa mencionado *Roman de Troie,* cuxo autor, un tal Leomarte, non se sabe se foi quen a escribiu ou se era un autor ficticio. Outra obra dentro desta xénese é a *Corónica troyana,* obra anónima do último cuarto do século XIV e primeiro intento de traducir directamente a *Historia destructuiones Troiae* que quedou incompleto. A seguinte obra da que falan é a *Crónica troyana* promovida por Juan Fernández de Heredia*,* versión aragonesa e tradución selectiva centrada nos

[4] Un dos autores desta obra, Francisco Pedro Pla Colomer, publicou pola editorial Publicacions de la Universitat de València no 2013 un libro sobre a métrica, rima e oralidade desta obra: *Métrica, rima y oralidad en el Libro del Buen Amor.*

[5] Tal e como expoñen Pla Colomer e Vicente Llavata, hai teorías que defenden unha primeira tradución galega do poema francés, da que logo derivarían as casteláns (por outra parte, outra postula unha tradución intermedia leonesa).

[6] Como mencionan os propios autores, o manuscrito do scriptorium de Pedro I acaba en Galicia e foi restaurado, enchendo as lagoas existentes en lingua galega.

discursos e arengas, co fin de servir de modelo oratorio, para a que é posible que a versión catalá servise de intermediaria entre ela e a latina. Esta versión catalá, *Històries troianes* de Jaume Conesa, datada sobre os anos 1367–1374, é a primeira tradución completa na península Ibérica destinada a aquelas persoas interesadas no tema que non coñecían o latín.

A primeira tradución completa en lingua castelá aparece co *Libro de la historia troyana,* traducida por Pedro de Chinchilla en 1443 e exemplo de que, pese á chegada do Humanismo, seguía vixente o interese na obra de Guildo delle Colone. Outra obra un pouco posterior que tamén se inclúe neste grupo é a *Crónica troyana* impresa por Juan de Burgos*,* do ano 1480, que tivo un enorme éxito e serviu de base posterior para moitas obras que trataban o tema nos séculos de ouro. Os autores tamén mencionan a *Coronica troiana em linguajem purtuguesa,* obra anónima do século XVI que usa sobre todo a *Crónica troyana impresa por Juan de Burgos* para a copia.

Por último, os autores presentan, ademais, uns cadros detallados ao final do capítulo no que sintetizan os datos máis relevantes de todas as obras descritas, con información sobre: o autor, promotor ou impresor e tradutor ou refundidor, fontes directas e indirectas e testemuñas manuscritas ou impresas.

Na terceira parte da obra adentrámonos no estudo contrastivo fraseolóxico. Os autores escolleron aquelas partes cunha reprodución ben similar, isto é, cos mesmos motivos narrativos, posto que pretenden «llegar a resultados válidos a la hora de cruzar los múltiples resultados de traducción y adaptación en cada una de las versiones peninsulares de materia troyana» (p. 73). En cada unha das obras versionadas que se presentaron expoñen as pasaxes divididas en dous grandes grupos: sete referidas ao AMOR e outras sete referidas á MILITIA. Os autores manifestan tres criterios para esta selección: dispoñer de suficientes unidades lingüísticas caracterizadas pola súa vinculación á fraseoloxía (neste aspecto, centráronse nas expresións que se refiren a cada ámbito e nas «unidades complementarias de análise», que definen como elementos léxicos que reforzan a análise estilística), cubrir a trama argumental da historia troiana no seu núcleo temático fundamental (desde a expedición de Xasón e Hércules de Oecides ata a destrución de Troia) e, por último, intentar entrelazar os dous motivos temáticos escollidos: o AMOR e a MILITIA (pp. 75 e 76).

No referente ás pasaxes do AMOR atopamos situacións de personaxes diversos da materia de Troia: dous de Xasón e Medea (o namoramento de ambos e a espera dela na súa habitación), dous de Paris e Helena (a visión do amor e as palabras amorosas del a ela), un de Troilo e Briseida (a despedida), outro do amor de Diomedes e Briseida e, finalmente, outro do «amor hereos» de Aquiles a Políxena. Os autores, a través do estudo contrastivo da fraseoloxía destas partes nas versións peninsulares, amosan, por exemplo, elementos que se manteñen na tradución, como é o caso de MORIR + POR + INF, «elemento de innovación escrituraria en el proceso traductológico de ámbito peninsular que decide mantener el copista de la *Historia troyana bilingüe*» (pp. 78 e 79), ao tempo que amosan outras expresións fraseolóxicas presentes nos textos peninsulares que non teñen equivalente no texto francés, como aquelas referidas ao ámbito da VONTADE *de*

grado e *a su plazer* (p. 79). Por outra parte, nas pasaxes da MILITIA atopamos feitos relacionados co conflito dos aqueos contra os troianos, como a afronta do rei Laomedonte, a batalla entre o duque Néstor e o rei Laomedonte, a dor do rei Príamo ante a destrución de Troia, as palabras de consolo do rei Agamenón, o fragor da batalla entre os heroes gregos e troianos e a artimaña do cabalo e a destrución definitiva de Troia. Como remate da análise, os autores ofrecen unha táboa coas principais construcións fraseolóxicas "que parecen caracterizar cada uno de los discursos narrativos propios del ámbito de la MILITIA" (p. 222) das versións do *Roman de Troie* e das versións da *Historia destructionis Troiae*, construcións que presentan clasificadas en CASUS BELLI, UNIDADE, DOO, PRANTO, ARENGA e BATALLA.

Logo do contraste fraseolóxico pormenorizado das fontes hispánicas da materia de Troia ao redor deses dous eidos, os autores ofrecen, tal e como expoñen (p. 224), un estudo semántico-formal dos elementos expresivos propios de cada texto co ánimo de ver ata que punto a confluencia desas unidades fraseolóxicas poden indicar vinculacións das dúas liñas de recepción. Así, presentan os graos de converxencia e diverxencia no ámbito do AMOR (a través de campos semánticos como a paixón de amor, o sufrimento do namorado, a morte de amor, o amor como batalla etc.) e tamén no eido da MILITIA, campo semántico complexo que fai conveniente analizar as converxencias idiomáticas segundo os núcleos temáticos que definen este ámbito (p. 232; clasificación que se corresponde coa que presentamos ao final do parágrafo inmediatamente anterior a este).

Coa análise contrastiva ofrecida, Pla Colomer e Vicente Llavata evidencian «esas afinidades y rupturas estilísticas constatadas por medio de la contextualización paralela y alineada de las diferentes combinaciones locucionales en los pasajes seleccionados», así como tamén ofrecen unha explicación diacrónica ao redor do proceso de formación e desenvolvemento desas combinacións locucionais rexistradas (p. 244). En canto á historia textual, son relevantes conclusións ás que chegan como, por exemplo, o mantemento de tópicos e metáforas do AMOR en cada texto conservado, a orixinalidade da *Crónica troyana* promovida por Afonso XI na formación das combinacións fraseolóxicas, a alta fidelidade na adaptación dos campos semánticos da CUPIDITAS nos textos derivados da *Historia destructiois Troiae* (aínda que, como sinalan, é a versión catalá a máis próxima á fonte orixinal) ou a demostración dalgunhas vinculacións entre as dúas liñas de transmisión textual respecto ao uso de estruturas idiomáticas xenuínas referidas ao AMOR (pp. 244–250). Por outra parte, no referente a cuestións de codificación fraseolóxica, nas páxinas seguintes (pp. 251–256) os autores detéñense na delineación do proceso de institucionalización de unidades representativas dos eidos do AMOR e da MILITIA: «*arder en el amor de* (alguien), *tomar armas* y *sano e salvo*» (p. 251).

Por último, os autores presentan unha serie de propostas de estudo futuras, como o estudo contrastivo da fraseoloxía en dúas direccións: a través da atención ás fontes historiográficas nas que se integra a historia de Troia e ás versións peninsulares derivadas da *Historie ancienne jusqu'à César* e a través do estudo das versións románicas da *Historia destructionis Troiae* coas que completar o corpus de traballo de cara a unha visión máis global. Ademais, tamén mencionan a análise da fraseoloxía no marco da

liña de recepción culta, no Humanismo peninsular, así como a análise estilística das escrituras da materia troiana máis aló da Idade Media.

Podemos concluír que *La materia de Troya en la Edad Media hispánica. Historia textual y codificación fraseológica* é unha obra de interese tanto para a persoa interesada na filoloxía diacrónica, como para aquela investigadora da historia textual da literatura clásica e as súas versións, como tamén para persoas tradutoras e lingüistas interesadas na fraseoloxía. Os autores presentan de xeito claro e pormenorizado unha análise de grande relevancia que, ademais, deixa numerosas vías abertas para que se continúe na investigación desta materia de alto interese con moitos puntos seguros dos que poder partir.

Nuria García García[7]
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades /
Universidade de Santiago de Compostela
https://orcid.org/0000-0002-5320-0255
ngargar@cirp.gal / nuria.garcia.garcia@rai.usc.es

[7] Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Novas
News

NOVAS

1. Libros, revistas e artigos (excluídos os publicados neste volume)

ABDUJALILOVA, Feruza (2021): "Phraseological Meaning And Its Lexical-Semantic Features", en *The American Journal of Social Science and Education Innovation,* 3(1); 19-23.

ABDULOYEVNA, Bakayeva Nilufar (2021): "Cyclicity in the Perception of Time and the Image of Time in Japanese Linguoculture", en *ResearchJet Journal of Analysis and Inventions,* 2 (6); 355-364.

AGUILAR RUIZ, Manuel José (2021): "Fraseología histórica, dialectal y contrastiva: entrevista a M.ª Teresa Echenique Elizondo", en *Paremia*, 31; 19-34.

ALISHEROVNA, Mavlonova Nargiza (2021): "On the Comparative Study of Phraseology at the Present Stage", en *Central Asian Journal of Mathematical Theory and Computer Sciences,* 2(9); 4-8.

ALVARADO ORTEGA, M. Belén (2021): "Indicadores semánticos para el estudio del humor en la comunicación: el caso de la fraseología en los monólogos", en *Círculo de Lingüística Aplicada a la Traducción (CLAC),* 85; 1-7.

AN, Deming (2021): "Toward a New Orientation of Chinese Proverb Studies", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship,* 38; 1-12.

ANDREEVICH, Chukshis Vadim; MIKHAILOVNA, Shatilova Lyubov e ALEEKSEVNA, Kasatkina Olga (2021): "On the issue of the place of dialect phraseology in the ethnocultural space of Austria", en *Revista San Gregorio,* 44; 73-79, https://doi.org/10.36097/rsan.v1i44.1588.

ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units.* Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing.

ARSENTEVA, Elena e GOLOLOBOVA, Nailya (2021): "Phraseological Units with the Author's Transformations in the Works by D. H. Lawrence", en ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing; 103-122.

ARSENTEVA, Elena; VALLE DIAZ, Yetzaneth del e YARMAKEEV, Inkander (2021): "Occasional Transformations of Phraseological Units Designating Age in English, and Ways of their Translation into Russian: Experimental Study", en ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing; 304-321.

ARVIDSSON, Klara (2021): "Learning multiword expression in a second language during study abroad: the role of individual differences", en HOWARD, Martin (ed.), *Study abroad and the second language learner: expectations, experiences and development.* Londres: Bloomsbury Academic; 189-210, https://doi.org/10.5040/9781350104228.ch-010.

ASTARIANI, Putu Sandra Putri; BUDIARSA, Made e UDAYANA, I Nyoman (2021): "The Ethno Linguistics Study on Tupai and Kappa in Peribahasa and Kotowaza", en *IJELAL – International Journal of English Learning and Applied Linguistics,* 1 (2); http://dx.doi.org/10.21111/ijelal.v1i2.5806.

AUTELLI, Erica (2021): "The origins of the term 'phraseology'", en *Yearbook of Phraseology,* 12(1); 7-32, https://doi.org/10.1515/phras-2021-0003.

(2021): "Spunti per la fraseodidattica di italiano L2/LS in base al ritrovamento di 'fraseologie' storiche italiane", en *Italiano LinguaDue,* 13(1); 319-347.

AYUPOVA, Roza e GARIPOVA, Elza (2021): "Phraseological Units in Texts of English Fairy Tales and Difficulties of their Comprehension by Young Children", en ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units.* Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing; 185-201.

BAGHDASARIÁN, Hasmik (2021): "Algunas consideraciones sobre la traducción al italiano de las paremias de la novela *Rinconete y Cortadillo* de Cervantes", en *Paremia,* 31; 149-161.

BARBADILLO DE LA FUENTE, María Teresa (2021): "Epítomes de los artículos sobre paremiología y fraseología literaria en los veinticinco años de Paremia", en CASES BERBEL, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.), *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista Paremia.* Bari: Les Flâneurs Edizioni; 61-76.

BARRADO BELMAR, Mari Carmen (2021): "La paciencia en los proverbios italianos y españoles", en CASES BERBEL, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.), *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista Paremia.* Bari: Les Flâneurs Edizioni; 145-162.

BERTIN, Thomas (2021): "À contrecœur 'unwillingly', de bon cœur 'heartily', de tout cœur 'with all my heart': On the compositionality of idioms", en *Kalbotyra,* 74; 14-34, https://doi.org/10.15388/Kalbotyra.2021.74.1.

BOUGHABA, Mohammed (2021): "Consideraciones terminológicas sobre la fraseología y la lexicología árabes", en *Paremia,* 31; 239-247.

BOUSSAD, Rachid (2021, 13 de setembro): "La imagen de la mujer en el refranero amazigh", en *Letralia. Tierra de letras,* https://letralia.com/sala-de-ensayo/2021/09/13/mujer-en-refranero-amazigh/.

BRETT, David Finbar; LORANC-PASZYLK, Barbara e PINNA, Antonio (2021): "A corpus-driven analysis of adjective/noun collocations in travel journalism in English, Italian and Polish", en *MonTI. Monografías de Traducción e Interpretación,* 13; 114-147, https://doi.org/10.6035/MonTI.2021.13.04.

BUERKI, Andreas (2021): "Reading discourses through their phraseology: The case of Brexit", en TRKLJA, Aleksandar e GRABOWSKI, Łukasz (eds.)*, Formulaic language: Theories and methods.* Berlín: Language Science Press; 141–170.

BULJAN, Gabrijela e MARAS, Lea (2021): "'Shall I (compare) compare thee?' A corpus-based study of a special type of modification of English *as*-similes", en *Yearbook of Phraseology,* 12(1); 75-146.

BUSAU, Filip (2021): "Use of Proverbs and Similar Sayings in Recent Protests and Political Debates in Poland, Belarus, and Russia", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship,* 38; 13-28.

BYBEE, Joan e SOUZA, Ricardo Napoleão de (2021): "Predictability and prefab status: The case of adjective + noun sequences in English", en TRKLJA, Aleksandar e GRABOWSKI, Łukasz (eds.)*, Formulaic language: Theories and methods.* Berlín: Language Science Press; 3-30.

CABEZAS-GARCÍA, Melania e LEÓN-ARAÚZ, Pilar (2021): "Procedimiento para la traducción de términos poliléxicos con la ayuda de corpus", en CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.), *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares; 203-230.

CALERO FERNÁNDEZ, M.ª Ángeles (2019): "Diccionarios y enseñanza de ELE: el caso de las locuciones que expresan cantidad", en CALVO RIGUAL, Cesáreo e ROBLES i SABATER, Ferrán (eds.), *La investigación en lexicografía hoy: diccionarios bilingües, lingüística y uso del diccionario.* Anexo de *Quaderns de Filologia.* Valencia: Universitat de València; 187-200.

(2020): "Criterios de selección de las unidades fraseológicas y de su distribución en niveles en el MCER y el 'plan curricular': adecuación al uso real de la lengua", en GIMENO MENÉNDEZ, Francisco (coord.), *Lengua, sociedad y cultura: estudios dedicados a Alberto Carcedo González.* Alicante: Universitat d'Alacant; 109-127; http://hdl.handle.net/10459.1/70492.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2021): "Los verbos 'hablar' y 'callarse' en el refranero español", en CASES BERBEL, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.), *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista Paremia.* Bari: Les Flâneurs Edizioni; 249-264.

CARRIÓN GONZÁLEZ, Paola (2021): "Lingüística de corpus aplicada a la lexicografía haitiano-español: normalización y fraseología contrastiva", en CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.), *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares; 51-70.

CASTILLO BERNAL, María Pilar (2021): "Terminología y fraseología del texto técnico en alemán: características y problemas en la aplicación de la traducción automática", en *Mutatis Mutandis. Revista Latinoamericana de Traducción,* 14 (2); 283-306, https://doi.org/10.17533/udea.mut.v14n2a02.

CATALÁN MORCILLO, Susana (2021): "La diferenciación de género en la fraseología de El Carnero (1636-1638)", en CARRERA DE LA RED, Micaela e LUJÁN, Marta (eds.), *Orígenes y contactos del español de América.* Frankfurt: Iberoamericana Editorial Vervuert; 277-296.

CATALDO, Silvia (2021): "La desautomatización fraseológica como fuente de humor: propuesta de clasificación e implicaciones para la traducción entre italiano y español", en CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.), *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares; 1-16.

CATENA, Àngels (2021): "L'expression de l'extrême. Formes et fonctions de l'intensité dans Manon Lescaut", en *Estudios románicos,* 30; 163-179, https://doi.org/10.6018/ER.471211.

CHEN, Juanjuan (2021): "Constructing Chinese Paremiology: A Glimpse of the Past Seventy Years", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship,* 38; 29-46.

CHIANG, Chih-Ying (2021): "Le proverbe français peut-il s'interpréter par le chéng-yǔ ? — premier pas vers une étude contrastive", en *Paremia,* 31; 35-48.

CIRO, Lirian Astrid (2021): "El texto literario como corpus lingüístico: fraseología en novelas de García Márquez", en *Cuadernos de Lingüística Hispánica,* 47; 1-25.

CORPAS PASTOR, Gloria (2021): "Constructional idioms of 'insanity' in English and Spanish: a corpus-based study", en *Lingua*, 254; https://doi.org/10.1016/j.lingua.2020.103013.

CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.) (2021): *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares.

CORPAS PASTOR, Gloria e GABER, Mahmoud (2021): "Extracción de fraseología para intérpretes a partir de corpus comparables compilados mediante reconocimiento automático del habla",

en CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.), *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares; 271-289.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2021): "Epílogo", en CASES BERBEL, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.), *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista Paremia.* Bari: Les Flâneurs Edizioni; 303-304.

CSALOVÁ, Ol'ga; BURCL, Pavol; KOZÁROVA, Zuzana e ZELENICKÁ, Elena (2021): "Phraseology in the Headlines of News Websites' Reports on the Coronavirus in Slovakia", en ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units.* Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing; 241-263.

CUADRADO REY, Analía (2021): "Las lenguas originarias en la fraseología del español hablado en Argentina: un estudio basado en corpus", en *MonTI: Monografías de Traducción e Interpretación,* número especial 6; 355-385, https://doi.org/10.6035/MonTI.2020.ne6.11.

CUTLER, Stephan F. (2021): "Paths to formulaicity: How do L2 speakers internalise new formulaic material?", en TRKLJA, Aleksandar e GRABOWSKI, Łukasz (eds.)*, Formulaic language: Theories and methods.* Berlín: Language Science Press; 81-111.

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2021): "On some specific features of conventional figurative language (Acerca de algunas características específicas del lenguaje figurado convencional)", en *Estudios de Psicología,* 42(2); 373-398, https://doi.org/10.1080/02109395.2021.1913550.

DOYLE, Charles Clay (2021): "'A Nightingale Cannot Sing in a Cage' - Or Can It? A Proverb and Its Related Beliefs", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship,* 38; 47-56.

DRONOV, Pavel (2021): "'What Makes What Bedfellows?": Proverbs vs. Phraseoschemata", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship,* 38; 57-66.

DURÁN MUÑOZ, Isabel e JIMÉNEZ NAVARRO, Eva Lucía (2021): "Colocaciones verbales en el turismo de aventura: estudio contrastivo inglés-español", en CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.), *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares; 121-142.

DZAHENE-QUARSHIE, Josephine e OMARI, Shani (2021): "Viewing gender through the eyes of proverbs: Reflections of gender ideology in the Akan and Swahili societies", en *Journal of Pragmatics,* 174; 128-142, https://doi.org/10.1016/j.pragma.2020.12.020.

ESHKUVATOVNA, Holmuradova Leyla (2021): "National and Cultural Originality of English and French Phraseology and its Influence on the Development of the Mentality of the People", en *Annals of the Romanian Society for Cell Biology,* 25 (3); 4778–4784.

ESHMURATOVA, Dildor Urolovna (2021): "English Phraseology and Phraseological Units", en *Academic Research in Educational Sciences,* 2(9); 511-514.

FONTANA i TOUS, Joan e GARGALLO GIL, José Enrique (2021): "Refranes del calendario y meteorológicos en Paremia", en CASES BERBEL, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.), *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista Paremia.* Bari: Les Flâneurs Edizioni; 45-60.

FORSYTH, Richard (2021): "Cascading collocations: Collocades as correlates of formulaic language", en TRKLJA, Aleksandar e GRABOWSKI, Łukasz (eds.)*, Formulaic language: Theories and methods.* Berlín: Language Science Press; 31-52.

FOURNET-PEROT, Sonia (2021): "Coronavirus et refranero : l'histoire d'une contagion", en *Paremia,* 31; 173-182.

FOZILIYA, Muazzama (2021): "About phraseology with different components", en *Oriental Journal of Philology,* 1(1); 9-18, https://doi.org/10.37547/supsci-ojp-01-02.

FURQAT, Qizi Farmonova Naimaxon; YULDUZ, Safaraliyevna Abduqodirova e KHASAN, Qizi Kholmakhmadova Nilufar (2021): "The concept of phraseology and the basic types of phraseologic units due to the degree of idiomaticity", en *ACADEMICIA: An International Multidisciplinary Research Journal,* 11 (2); 987-990.

GALÁN MATEOS, Pilar (2021): "Corinto hijo de Zeus", en *Paremia,* 31; 195-204.

GALYAVIEVA, Leysan; VARMALOVA, Elena e SIRAZOVA, Liliia (2021): "Experimental Study of Phraseological Units with a Name of a Person by Profession as a Component in the English and Russian languages: Component/Components Substitution, Component/Components Deletion, and Phraseological Saturation of Context", en ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units.* Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing; 322-339.

GARCÍA BENITO, Ana Belén (2021): "Los marcos situacionales como estrategia para la traducción de enunciados fraseológicos del portugués y del español", en CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.), *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares; 31-50.

GARCÍA FERNÁNDEZ, Antonio (2021): "L'enseignement des structures préfabriquées en français langue étrangère à travers une approche actionnelle", en *Anales de filología francesa,* 29; 249-265, https://doi.org/10.6018/analesff.481991.

GARCÍA RODRÍGUEZ, Joseph (2021): "FRAESCAT: propuesta de un diccionario electrónico de fraseología bilingüe español-catalán", en *Zeitschrift für romanische Philologie,* 137 (2); 514-541, https://doi.org/10.1515/zrp-2021-0020.

GARCÍA ROMERO, Fernando (2021): "Personajes prototipo de necedad en los fraseologismos del griego antiguo", en *Paremia,* 31; 59-71.

GARCÍA-VIÑOLO, Miguel e NÍKLEVA, Dimitrinka G. (2021): "Unidad fraseológica de componente cultural religioso 'Colgarle a alguien el Sambenito' en periódicos digitales españoles: aplicación y uso para la enseñanza del español", en *Tonos Digital,* 40; http://hdl.handle.net/10201/105344.

GARGALLO GIL, José Enrique e FONTANA i TOUS, Joan (2021): "Xaneiro xeadeiro. Refranes mínimos en ParemioRom", en *Paremia,* 31; 49-57.

GICZELA-PASTWA, Justyna (2021): "Developing phraseological competence in L2 legal translator trainees: a proposal of a data mining technique applied in translation from an LLD into ELF", en *The Interpreter and Translator Trainer,* 15; https://doi.org/10.1080/1750399X.2020.1868177.

GÓMEZ ORTIZ, María-José (2021): "Identificación de fraseología cros disciplinar en el discurso académico de las ciencias del deporte", en CASES BERBEL, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.), *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista Paremia.* Bari: Les Flâneurs Edizioni; 111-124.

GONZÁLEZ COBAS, Jacinto (2021): "La fraseología con verbos de movimiento en el ALPI: acerca de llevar a cuestas", en *Dialectología,* IX (n.º especial); 151-192.

GONZÁLEZ PEREIRA, Andrea (2018): "Valoración do can por parte dos galegos. Análise de expresións figuradas galegas que retratan este animal", en DÍAZ FERRO, Marta; DIZ FERREIRA, Jorge; PÉREZ PÉREZ, Ania & VARELA SUÁREZ, Ana (eds.), *Novas perspectivas na lingüística aplicada.* Lugo: Axac; 53-64.

GONZÁLEZ-REY, M.ª Isabel (2021): *La nouvelle phraséologie du français (3e édition revue et augmentée).* Toulouse: Presses Universitaires du Midi (PUM).

(2021): "Phraséologie et idiomatologie: deux termes concurrents ou complémentaires ?", en *Roczniki Humanistyczne,* 69 (8); 17-38; https://doi.org/10.18290/rh21698-3.

(2021): "La place du tissu phraséologique dans l'élaboration des discours et sa didactisation", en *Phrasis: Rivista di studi fraseologici e paremiologici,* 5; 41-60.

(2020): "Idiomaticidad e idiomatización en traducción literaria", en *CLINA – Revista interdisciplinaria de traducción, interpretación y comunicación intercultural,* 6 (2); 33-50; https://doi.org/10.14201/clina2020623350.

(2020): "A Phraseotranslatological-based Approach to Literary Translation", en MENA, Flor e STROSCHEN, Carla (eds.), *Teaching phraseology in the XXI century: new challenges.* Frankfurt am Main: Peter Lang; 53-74.

(2020): "Une approche constructionniste à la composante pragmatique des pragmatèmes : le cas des pragmatèmes *apposés*", en *Romanica Olomucensia,* 21(1); 29-50.
(2020): "Didáctica del tejido fraseológico en el ámbito del Francés con Fines Universitarios (FFU)", en *Ciências do Léxico,* 9; 18-46.
(2020): "La phraséologie dans l'étude du français langue maternelle : des faits de langue d'Hippolyte-Auguste Dupont aux faits d'expression de Charles Bally", en *Yearbook of Phraseology,* 11; 171-197, https://doi.org/10.1515/phras-2020-0009.
(2019): "Le processus de conscientisation dans la phraséodidactique d'une L2", en *Repères DoRiF,* 18 – *Phraséodidactique : de la conscience à la compétence;* http://www.dorif.it/ezine/ezine_articles.php?id=424.
GRABOWSKI, Łukasz e GROOM, Nicholas (2021): "Grammar patterns as an exploratory tool for studying formulaicity in English-to-Polish translation: A corpus-based study", en TRKLJA, Aleksandar e GRABOWSKI, Łukasz (eds.), *Formulaic language: Theories and methods.* Berlín: Language Science Press; 171-190.
GRANGER, Sylviane e LARSSON, Tove (2021): "Is core vocabulary a friend or foe of academic writing?: Single-word vs multi-word uses of THING", en *Journal of English for Academic Purposes,* 52; 1-13, https://doi.org/10.1016/j.jeap.2021.100999.
GRZYBEK, Peter (2021): "Semiotic and Semantic Aspects of the Proverb", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship,* 38; 67-124.
GURYANOV, Igor; ARSENTYEVA, Yulia e ZAMALETDINOV, Radif (2021): "Bookish Phraseological Units in Russian and English: Experimental Study of their Recognition and Translation", en ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units.* Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing; 340-352.
HALIMI MALLEM, Ismahene Sonia (2021): "Arabic legal phraseology in positive law and jurisprudence: the historical influence of translation", en *Comparative Legilinguistics,* 46(1); 37-64, https://doi.org/10.2478/cl-2021-0007.
HANKS, Patrick e DE SCHRYVER, Gilles-Maurice (2021): *International Handbook of Modern Lexis and Lexicography.* Nova Iorque: Springer.
HIDALGO-TERNERO, Carlos Manuel (2021): "El algoritmo ReGap para la mejora de la traducción automática neuronal de expresiones pluriverbales discontinuas (FR>EN/ES)", en CORPAS PASTOR, Gloria; BAUTISTA ZAMBRANA, María Rosario e HIDALGO TERNERO, Carlos Manuel (eds.), *Sistemas fraseológicos en contraste: enfoques computacionales y de corpus*. Granada: Comares; 253-270.
HIDALGO-TERNERO, Carlos Manuel e CORPAS PASTOR, Gloria (2020): "Herramientas y recursos electrónicos para la traducción de la manipulación fraseológica: un estudio de caso centrado en el estudiante", en *CLINA – Revista interdisciplinaria de traducción, interpretación y comunicación intercultural,* 6 (2); 71-94; https://doi.org/10.14201/clina2020627194.
(2021): "La variación fraseológica: análisis del rendimiento de los corpus monolingües como recursos de traducción", en *Études romanes de Brno,* 42(1); 359-379, https://doi.org/10.5817/ERB2021-1-19.
HOLGADO LAGE, Anais (2021): "*Ni* as the introductory particle for expressions of negation in three dialectal variants of Spanish", en *Yearbook of Phraseology,* 12(1); 147-166.
HORDII, Oksana (2021): "Kommunikative und expressive Formeln des Deutschen in Internettexten: ein diskursorientierter Ansatz", en *Yearbook of Phraseology,* 12(1); 167-196.
IVANYAN, Elena e KLYUSHINA, Alena (2021): "The Use of the Phraseological Units with the Semantics of Extreme in Russian Discourse", en ARSENTEVA, Elena (ed.), *The Discoursal Use of Phraseological Units.* Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing; 123-145.
IVORRA ORDINES, Pedro e MELLADO BLANCO, Carmen (2021): "*Más tontos que el novio de la Chelo.* La intensificación de la estulticia en foros y chats por medio de comparaciones

creativas: una aproximación desde la Gramática de construcciones", en *Estudios Románicos,* vol. 30; 39-58, https://doi.org/10.6018/ER.471241.

JAIME RUIZ, Pilar de e JAIME LORÉN, José María de (2021): "La salud mental en los refranes judeo-sefardíes", en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship,* 38; 125-146.

JARILLA BRAVO, Salud María (2021): "La 'traducción' de las paremias: teorías y estrategias en la revista Paremia", en CASES BERBEL, Elke e SCHWANDTNER, Kerstin (eds.), *Pasado, presente y futuro de la paremiología a través de la revista Paremia.* Bari: Les Flâneurs Edizioni; 77-87.

